# Informe de avaliación intermedia do II Plan Director da Cooperación Galega para o Desenvolvemento (2010-2013)

## *Análise do bienio 2010-2011*

**Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea**
**Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**
**Xunta de Galicia**

XUNTA DE GALICIA

cooperacióngalega

Informe elaborado por José Luis Pastoriza Rozas e Laura Doval Lodeiro
a pedimento da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE.
Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.
Xunta de Galicia.
Decembro 2012

## Índice

**Listaxe de acrónimos e siglas ..........5**

**1. Introdución..........7**

**2. A avaliación intermedia do II Plan Director da Cooperación Galega para o Desenvolvemento. Análise do bienio 2010-2011..........8**

*2.1. Antecedentes e obxectivo da avaliación .......... 8*

*2.2. Metodoloxía empregada.......... 10*

*2.3. Condicionantes e límites do estudo realizado.......... 12*

*2.4. Presentación do equipo avaliador.......... 14*

**3. Descrición do II Plan Director da Cooperación Galega para o Desenvolvemento..........15**

**4. A Axuda Oficial ao Desenvolvemento da Xunta de Galicia no bienio 2010-2011..........19**

*4.1. Evolución da AOD autonómica en España .......... 19*

*4.2. Evolución agregada da AOD da Xunta de Galicia .......... 23*

*4.3. Distribución xeográfica da AOD da Xunta de Galicia.......... 28*

*4.4. Distribución sectorial da AOD da Xunta de Galicia .......... 37*

*4.5. Instrumentos de canalización da AOD da Xunta de Galicia .......... 43*

*4.6. Entidades canalizadoras da AOD da Xunta de Galicia .......... 49*

**5. Resultados da avaliación..........56**

*5.1. Proceso principal 1: Contribuír á redución da pobreza colaborando na consecución dos ODM e promovendo o desenvolvemento dos países do Sur. .......... 56*

5.1.1. Arquitectura e capacidade institucional .......... 56

5.1.2. Marco estratéxico .......... 57

5.1.3. Marco instrumental.......... 58

*5.2. Proceso principal 2: Mellora da calidade da axuda incorporando de forma máis efectiva os principios da Axenda de París.......... 59*

5.2.1. Arquitectura e capacidade institucional .......... 59

5.2.2. Marco estratéxico .......... 69

5.2.3. Marco instrumental.......... 71

*5.3. Proceso principal 3: Promoción na sociedade galega da conciencia solidaria respecto á realidade do Sur e da súa participación efectiva na promoción do desenvolvemento. .......... 73*

5.3.1. Arquitectura e capacidade institucional .......... 73

5.3.2. Marco estratéxico .......... 77

5.3.3. Marco instrumental.......... 79

**6. Conclusións..........81**

*6.1. Principais datos da AOD da Xunta de Galicia no bienio 2010-2011.......... 81*

*6.2. Conclusións xerais .......... 83*

*6.3. Conclusións específicas.......... 86*

*6.3.1. Arquitectura e capacidade institucional* .................................................................... *86*

*6.3.2. Marco estratéxico* .................................................................................................. *88*

*6.3.3. Marco instrumental* ................................................................................................ *91*

**7. Recomendacións** ........................................................................................................ **93**

*7.1. Arquitectura e capacidade institucional* .......................................................................... *93*

*7.2. Marco estratéxico* ........................................................................................................ *95*

*7.3. Marco instrumental* ...................................................................................................... *98*

**8. Estudos de caso** ......................................................................................................... **100**

*8.1. Coordinación e complementariedade na cooperación galega: a participación no proceso de elaboración do Marco de Asociación País de Bolivia (2011-2015) da cooperación española.* ............................................................................................................ *100*

*8.2. O valor engadido da cooperación galega en materia de pesca* .................................... *103*

*8.3. A cooperación galega e as alianzas territoriais de desenvolvemento: a experiencia das Iniciativas de Desenvolvemento Integral en Guatemala e República Dominicana* ............. *107*

*8.4. As vantaxes comparativas da cooperación galega.* ...................................................... *110*

**9. Estado de progreso do marco de resultados do II Plan Director da Cooperación Galega** ...... **112**

**10. Anexos** ...................................................................................................................... **119**

*10.1. Termos de referencia* ................................................................................................ *119*

*10.2. Matriz de avaliación* ................................................................................................... *120*

*10.3. Matriz de documentación* ........................................................................................... *121*

*10.4. Guía de traballo de campo* ......................................................................................... *127*

*10.5. Anexo metodolóxico* .................................................................................................. *128*

*10.6. Listaxe de mapas, figuras, cadros e gráficos* ................................................................ *136*

## Listaxe de acrónimos e siglas

| | |
|---|---|
| **ACNUR** | Axencia das Nacións Unidas para os Refuxiados/as |
| **AECID** | Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento |
| **AH** | Acción Humanitaria |
| **AXE** | Administración Xeral do Estado |
| **CAD** | Comité de Axuda ao Desenvolvemento da OCDE |
| **CAEX** | Consello de Acción Exterior de Galicia |
| **CCAA** | Comunidades Autónomas |
| **CGONGD** | Coordinadora Galega de ONG para o Desenvolvemento |
| **CINCODE** | Comisión Interdepartamental de Cooperación para o Desenvolvemento |
| **CINTERCODE** | Comisión Interterritorial de Cooperación para o Desenvolvemento |
| **CIVEX** | Comisión de Cidadanía, Gobernanza e Asuntos Institucionais do Comité das Rexións da UE |
| **CONGACODE** | Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento |
| **DXRREE e UE** | Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE |
| **EELL** | Entidades Locais |
| **FAHG** | Fundación Axencia Humanitaria de Galicia |
| **FAO** | Organización das Nacións Unidas para a Agricultura e a Alimentación |
| **FEGAMP** | Federación Galega de Municipios e Provincias |
| **FEMP** | Federación Española de Municipios e Provincias |
| **FOGACOSOL** | Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade |
| **GRUS** | Grupo de Socios para o Desenvolvemento |
| **IGADI** | Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional |
| **OCI** | Observatorio da Cooperación Interuniversitaria |
| **ODM** | Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio |
| **OEI** | Organización de Estados Iberoamericanos |
| **ONGD** | Organización Non Gobernamental de Desenvolvemento |
| **OTC** | Oficina Técnica de Cooperación da Cooperación Española |
| **PACI** | Plan Anual da Cooperación Internacional |
| **PAPCA** | Plan de Apoio á Pesca en Centroamérica |
| **POA** | Plan Operativo Anual da AECID |
| **PCRC** | Programa de Cooperación Rexional con América Central |
| **PROFOPAC** | Programa para a Formación da Pesca Artesanal en Centroamérica |
| **SDXCE** | Subdirección Xeral de Cooperación Exterior |
| **SECIPI** | Secretaría de Estado de Cooperación Internacional e para Iberoamérica |
| **SICA** | Sistema de Integración Centroamericana |
| **UDC** | Universidade de A Coruña |
| **UE** | Unión Europea |
| **UNRWA** | Axencia da Nacións Unidas para os Refuxiados de Palestina |
| **USC** | Universidade de Santiago de Compostela |
| **UVIGO** | Universidade de Vigo |
| **XG** | Xunta de Galicia |

## 1. Introdución

Este informe ten por obxectivo presentar os resultados da avaliación intermedia do *II Plan Director da Cooperación Galega para o Desenvolvemento (2010-2013)* realizada a pedimento da *Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE* da Xunta de Galicia e dirixida pola *Subdirección Xeral de Cooperación Exterior*. Esta avaliación intermedia abrangue unha análise das accións correspondentes ao bienio 2010-2011 centrando a súa atención especialmente naquelas iniciativas desenvolvidas ao abeiro do vixente Plan Director.

A *Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación galega para o desenvolvemento* establece un modelo para a planificación e programación da axuda oficial ao desenvolvemento galega baseado na elaboración de plans directores estratéxicos de duración cuadrienal que a súa vez se despregan en cadanseus plans anuais. Estes plans directores conterán os obxectivos e as prioridades xeográficas e sectoriais así como os recursos orzamentarios que orientarán a actuación da cooperación galega para o desenvolvemento durante o seu período de vixencia.

Consonte a este mandato legal, no ano 2006 aprobouse o *I Plan Director da Cooperación Galega para o Desenvolvemento (2006-2009)*, feito que representou a modernización estratéxica e operativa do sistema galego de cooperación. Tras este primeiro ciclo de planificación e os correspondentes exercicios de avaliación intermedia e final do I Plan Director, a finais do ano 2010 iniciouse un novo proceso de planificación estratéxica participativa que deitou coma resultado o *II Plan Director da Cooperación Galega para o Desenvolvemento (2010-2013)*. Este Plan Director ten de vez unha duración cuadrienal, iniciando a súa execución no ano 2010 e rematando a súa vixencia operativa en decembro do 2013. O II Plan Director recibiu o apoio unánime dos tres órganos de coordinación e asesoramento de Galicia en materia de cooperación ao desenvolvemento –*Comisión Interdepartamental, Comisión Interterritorial e Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento*- en cadansúas xuntanzas do 5 de marzo de 2010. Asemade, foi aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia o 16 de xuño dese mesmo ano.

O II Plan Director ten representado un novo compromiso cara ao aproveitamento e ordenamento dos activos, recursos e capacidades que a sociedade galega pon a disposición dos países en desenvolvemento a través das súas administracións públicas e dos restantes actores de cooperación recoñecidos pola Lei 3/2003. Este Plan Director deu continuidade ás liñas estratéxicas do I Plan Director focalizadas en realizar unha achega activa ao cumprimento dos Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio (ODM) mais avanzando en chave de eficacia e aumento da calidade da axuda galega. Xa que logo, integráronse neste ciclo de planificación estratéxica os principios e criterios emanados da axenda de eficacia da axuda e mais do desenvolvemento. De vez, este II Plan Director tamén prolonga a prioridade de fomentar a sensibilización da cidadanía galega en relación aos problemas globais relativos á pobreza, a desigualdade, á crise ecolóxica e á vulneración dos dereitos humanos así como fornecer o seu apoio e compromiso coa política pública de cooperación. A través desta avaliación intermedia preséntanse os principais avances e resultados da aplicación das previsións dos II Plan Director co fin de garantir unha adecuada rendición de contas á cidadanía así como asegurar a transparencia da política pública de solidariedade global da Xunta de Galicia.

# 2. A avaliación intermedia do II Plan Director da Cooperación Galega para o Desenvolvemento. Análise do bienio 2010-2011

## *2.1. Antecedentes e obxectivo da avaliación*

A *Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento* establece a "eficacia na planificación, execución, seguimento e avaliación das políticas e dos proxectos de cooperación" (artigo 4 apartado c) como criterio da cooperación para o desenvolvemento da Comunidade Autónoma de Galicia.

A avaliación, como "elemento esencial da política de cooperación para o desenvolvemento da Comunidade Autónoma de Galicia", rexerase polos criterios básicos de eficacia, eficiencia, impacto, pertinencia e viabilidade, adoptándose a metodoloxía da cooperación oficial do Estado español e da Unión Europea (art. 10).

Así mesmo, corresponde á *Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE (DXRREE e UE)* a través da *Subdirección Xeral de Cooperación Exteriores (SDXCE)* integrada na *Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza*, como centro directivo competente en materia de cooperación ao desenvolvemento da Xunta de Galicia, "a elaboración e o seguimento do plan director e dos plans anuais de cooperación para o desenvolvemento" (art. 19.1.a). Este seguimento do plan director será presentado ante o *Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento*, que ten atribuído coma función o "coñecer os resultados do documento de seguimento do plan anual e da avaliación da cooperación" (art. 22.3.c).

O *II Plan Director da Cooperación Galega ao Desenvolvemento (2010-2013)* recoñece como un dos seus obxectivos incrementar o grao de transparencia e de rendición de contas da Cooperación Galega (Obxectivo Xeral 9), ao que se pretende contribuír mellorando a actividade avaliadora (Obxectivo Específico 9.2). As avaliacións cóidanse necesarias por un dobre motivo:

a) En primeiro lugar, constitúe un elemento imprescindible para que a política de axuda avance progresivamente cara a unha maior calidade e capacidade de impacto.

b) En segundo lugar, porque a política de cooperación lévase a cabo con fondos públicos, sendo esixible, xa que logo, un exercicio de rendición de contas.

Neste senso, consonte ao *Plan Anual 2012 da Cooperación Galega para o Desenvolvemento* e dando cumprimento ao obxectivo específico 9.2 do II Plan Director (indicador I.9.2.3), realizarase un informe de seguimento de medio termo sobre a aplicación do II Plan Director, informe do que se dará conta no *Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento*.

Tras os primeiros exercicios de avaliación operativa e estratéxica desenvolvidos ao abeiro do *I Plan Director da Cooperación Galega (2006-2009)* arestora estanse a canalizar activos e recursos para fortalecer a capacidade avaliadora do sistema galego de cooperación no seu conxunto. O progresivo desenvolvemento dunha cultura de avaliación no sistema

galego de cooperación e, especialmente, na súa unidade autonómica de dirección e xestión presenta un dobre obxectivo de mellora:

a) No eido da xestión dos procesos de aprendizaxe e capacitación institucional favorecendo a retroalimentación do actual exercicio de planificación.

b) Na xestión máis eficiente e eficaz dos instrumentos de cooperación.

A través desta avaliación intermedia externa a DXRREE e UE agarda contar con información que lle permita analizar o grao de cumprimento dos obxectivos xerais e específicos do II Plan Director e a adecuación das actividades desenvolvidas para xerar os resultados previstos. De vez, a avaliación achega recomendacións para mellorar na eficacia e eficiencia dos esforzos institucionais, organizativos e operativos de cara ao cumprimento no maior grao posible dos resultados agardados ao remate do II Plan Director. Por último, a unidade responsable da xestión do Plan Director contará con propostas de mellora útiles, realistas e pragmáticas á fin de orientar o vindeiro ciclo de planificación. Xa que logo, consonte aos **Termos de Referencia (Anexo 10.1)**, esta avaliación inclúe:

a) A avaliación do cumprimento de obxectivos xerais e específicos dos tres ámbitos de actuación establecidos no *II Plan Director da Cooperación Galega para o Desenvolvemento* (**Conclusións**).

b) Propostas de actuación para aqueles obxectivos establecidos e non cumpridos (**Plan de Mellora**).

c) Propostas de mellora para futuras planificacións (**Recomendacións**).

Consonte ás necesidades informativas elaborouse en diálogo coa DXRREE e UE unha matriz de preguntas de avaliación baseada nos criterios establecidos polo CAD (Eficacia, Eficiencia, Pertinencia, Sostenibilidade), pola AECID (Coherencia- Complementariedade, Harmonización, Participación, Rendición de contas) e polo marco de avaliación de políticas públicas (Satisfacción, Transparencia). Para a selección dos criterios de avaliación tamén se seguiron as recomendacións realizadas *en La cooperación descentralizada al desarrollo: una propuesta metodológica para su análisis y evaluación* (Universidad del País Vasco-Hegoa, 2011)

Xa que logo, a **matriz de avaliación** estableceu coma criterios de avaliación os seguintes:

a) **Eficacia e logro de resultados** para comprobar en que medida se están acadando adecuada e suficientemente os obxectivos xerais do II Plan Director así como detectar aquelas dificultades e atrancos para a consecución dos seus obxectivos e resultados.

b) **Eficiencia** para determinar o grao de transformación dos recursos e activos nos resultados do II Plan Director.

c) **Coherencia** co fin de valorar a adecuación das accións programadas para acadar os obxectivos e resultados do II Plan Director.

d) **Complementariedade** para fixar as sinerxías das actuacións desenvolvidas ao abeiro do II Plan Director co marco estratéxico e operativo da cooperación española e europea e mais coa axenda internacional da eficacia do desenvolvemento.

e) **Participación** para valorar a eficacia e operatividade das canles e espazos de participación establecidos no II Plan Director.

f) **Transparencia** para apreciar a adecuación e suficiencia dos instrumentos, ferramentas e mecanismos de rendición de contas á cidadanía galega sobre a política de cooperación.

g) **Satisfacción** co fin de determinar o grao de satisfacción das expectativas dos actores da cooperación galega e dos socios de desenvolvemento respecto do II Plan Director.

h) **Sostenibilidade** para valorar a influencia do II Plan Director sobre a capacidade institucional dos actores da cooperación galega e dos parceiros de desenvolvemento.

i) **Pertinencia** co fin de apreciar a utilidade do sistema de indicadores definido no II Plan Director e para valorar a validez e utilidade dos métodos de colleita e análise de datos establecidos para o seguimento do II Plan Director.

As necesidades informativas plasmáronse a xeito de preguntas na **matriz de avaliación** do II Plan Director vencellándoas con cadanseu criterio de avaliación **(Anexo 10.2)**.

## *2.2. Metodoloxía empregada*

O proceso fixado polo equipo avaliador contemplou catro fases de traballo aliñándose co establecido pola AECID no seu *Manual de xestión de avaliacións da cooperación española (AECID, 2007)* e mais nos **Termos de Referencia**:

***Fase I: Diagnóstico e deseño participativo***

a. Análise de avaliabilidade do II Plan Director da Cooperación Galega para o Desenvolvemento.
b. Constitución da comisión de seguimento da avaliación intermedia.
c. Aprobación do Plan de Traballo e mapa de actores.
d. Aprobación da matriz de avaliación (criterios, preguntas, categorías e instrumentos).
e. Traballo de gabinete e documentación.
f. Deseño dos instrumentos avaliativos.

***Fase II. Traballo de campo***

a. Análise cuantitativa (bases de datos).
b. Traballo de campo cuantitativo: cuestionarios.
c. Traballo de campo cualitativo: entrevistas e grupos focais.

***Fase III: Elaboración de informe***

a. Informes parciais e achegas.
b. Informe definitivo contendo conclusións, recomendacións e plan de mellora.
c. Revisión por expertos externos.

***Fase IV: Comunicación pública de resultados.***

a. Presentación en xuntanza do CONGACODE.
b. Difusión a través da web da cooperación galega e envío a actores da cooperación en Galicia e España.

Trala fase de deseño elaborouse unha ***Guía de Deseño*** que incluíu: plan de traballo e cronograma xeral da avaliación, o esquema da lóxica do II Plan Director, os indicadores e matriz de planificación, o resultado da análise de avaliabilidade, a matriz de avaliación, o mapa de actores e as ferramentas metodolóxicas que se implementaron na fase de traballo de campo e análise dos datos.

**Cadro 1:** Opcións metodolóxicas da avaliación

| Fases | Opcións metodolóxicas | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Análise documental | Base de datos | Estudos de caso | Entrevistas | Grupos focais | Cuestionarios | Xuntanzas de contraste | Revisión externa |
| ***I.Diagnóstico e deseño*** | ☑ | ☑ | | | | | ☑ | |
| ***II. Traballo de Campo*** | ☑ | | ☑ | ☑ | ☑ | ☑ | ☑ | |
| ***III. Elaboración do informe*** | ☑ | | | ☑ | | | ☑ | ☑ |
| ***IV. Comunicación pública de resultados*** | ☑ | | | | | | ☑ | |

Na fase de deseño, asemade, definíronse e seleccionáronse os actores participantes na avaliación nos cales aplicar as diferentes ferramentas de escolma e colleita de datos. Con este fin, elaboráronse tres tipos de recursos:

a) Unha guía de preguntas para as entrevistas e os grupos focais adecuada a cada un dos grupos e persoas participantes.
b) Dous modelos de cuestionarios: socios de desenvolvemento e actores galegos de desenvolvemento.
c) Unha guía de traballo de campo **(Anexo 10.4)**.

A seguir sintetízase o alcance e número de actores participantes:

**Cadro 2:** Actores participantes nos diferentes instrumentos

| | |
|---|---|
| **Cuestionarios** | 32 persoas |
| **Grupo focal** | 8 persoas |
| **Entrevistas** | 4 persoas |
| **Revisión externa** | 2 persoas |

Xuntamente con estas ferramentas, desenvolveuse ao longo de todo o proceso un amplo e continuo traballo de análise documental sobre a base da **matriz de documentación (Anexo 10.3)** relativa ao II Plan Director e que integrou documentación interna e fontes externas.

A fase de diagnóstico e deseño abrangueu os meses de maio e xuño de 2012. O traballo de campo executouse entre os meses de xullo e novembro de 2012. Asemade, a elaboración do informe desenvolveuse entre os meses de xullo e outubro ficando a fase de comunicación pública de resultados para fins do 2012 e comezo do 2013.

## 2.3. Condicionantes e límites da avaliación

O equipo avaliador pon de manifesto as seguintes consideracións co fin de facilitar unha correcta interpretación das conclusións e recomendacións:

a) A **matriz de avaliabilidade** elaborada na fase de diagnose salientaba que o contexto sociopolítico podería motivar un nesgo crítico nas respostas dos actores participantes na avaliación xa que durante o bienio 2010-2011 se teñen desenvolvido campañas reivindicativas fronte ás decisións que trasladaron as medidas de consolidación fiscal da Xunta de Galicia á política de cooperación para o desenvolvemento. As restricións orzamentarias nos anos 2010, 2011 e 2012 motivaron que as ONG de Desenvolvemento se teñan mobilizado denunciando publicamente os axustes e adoptando medidas de presión política e administrativa. Xa que logo, este contexto de mobilización e mais o protagonismo das ONGD na xestión da axuda da Xunta de Galicia teñen demandado ao equipo avaliador unha preocupación pola obtención de respostas fiables e coherentes para alén do contexto crítico actual.

b) A SDXCE achegou uns **Termos de Referencia** que definían dun xeito amplo as necesidades informativas coa excepción da demanda de coñecer o alcance no cumprimento dos obxectivos e indicadores do II Plan Director. Xa que logo, foi preciso consensuar coa comisión de seguimento da avaliación unha matriz de avaliación sobre a base da proposta polo equipo avaliador na súa oferta orixinal.

c) O II Plan Director tiña previsto no seu indicador 9.2.3. que a SDXCE realizase un **informe de seguimento de medio termo** sobre a aplicación do II Plan Director para a súa presentación ao *Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento*. A decisión da SDXCE de demandar unha avaliación intermedia motiva que este informe teña ampliado o seu alcance para integrar unha exposición ampla do grao de avance do conxunto do II Plan Director no bienio 2010-2011 xuntamente coa fidelidade ás necesidades informativas, criterios e preguntas de avaliación.

d) A SDXCE ten realizado un **seguimento activo e fiable do marco de resultados e indicadores do II Plan Director** tal e como se reflicte nas súas memorias anuais de xestión dos anos 2010 e 2011. Non obstante, detectouse a necesidade de establecer un criterio máis preciso á hora de determinar que información resulta pertinente no caso daqueles indicadores ambiguos que permiten unha interpretación aberta. Asemade, detectáronse certos erros na información e datos rexistrados nos informes de seguimento do PACI e que orixinan incoherencias coa información dispoñible nos informe anuais 2010 e 2011 da cooperación galega. No anexo metodolóxico descríbense polo miúdo as decisións que adoptou o equipo avaliador en diálogo coa SDXCE respecto destes erros de rexistro. Asemade, a SDXCE achegou criterios e datos precisos para afinar a análise avaliadora naqueles datos confusos.

e) O marco de resultados e indicadores do II Plan Director **non reflicte a totalidade das propostas de reforma ou medidas correctoras** integradas no narrativo do Plan así como nos *Plans Anuais da Cooperación Galega*. Por este motivo, a análise do grao de alcance dos indicadores e obxectivos do II Plan Director ten engadido asemade unha valoración daquelas iniciativas que non foron reflectidas no sistema de indicadores.

f) **O coñecemento parcial do contido do II Plan Director** por parte dos máis dos actores da cooperación galega ten motivado a necesidade de triangular as respostas dos cuestionarios coa realización de entrevistas presenciais e a celebración de cadanseus grupos focais coa SDXCE e a Coordinadora Galega de ONGD.

g) O equipo avaliador quixo previr unha atención excesiva por parte dos actores participantes na avaliación ao marco instrumental (convocatorias e convenios) do II Plan Director. Emporiso téñense orientado as ferramentas metodolóxicas para incidir na **análise e valoración do aspecto político e estratéxico do II Plan Director** de tal xeito que se obtivese un equilibrio entre os seus diferentes niveis de actuación.

h) A avaliación abrangue o bienio 2010-2011, no entanto, nalgúns indicadores téñense incluído **datos de progreso relativos ao ano 2012** por mor de que as medidas correctoras e de reforma se teñen implementado efectivamente no devandito ano. Este criterio aplicouse fundamentalmente naqueles aspectos relativos ás convocatorias de axudas e subvencións que traducen operativamente os criterios de política e estratexia de cooperación definidos no II Plan Director.

i) Os resultados e recomendacións da avaliación intermedia téñense integrado nunha **exposición tripartita** centrada naqueles elementos que integran a lóxica de articulación da avaliación: arquitectura e capacidade institucional, marco estratéxico e marco operativo.

l) Para afinar a atribución dos efectos correctores do *II Plan Director da Cooperación Galega* sobre as dinámicas de xestión, téñense desagregado os datos de xeito que se realiza unha análise a un triplo nivel nalgúns dos indicadores. Esta análise tripartita divídese en:

   a. Datos da cooperación galega integrando os desembolsos da totalidade da Xunta de Galicia, é dicir, SDXCE e mais o resto de departamentos.

   b. Datos da cooperación galega centrados nos desembolsos da SDXCE e que inclúen os compromisos derivados de convocatorias e convenios de anos anteriores e os compromisos das convocatorias e convenios de 2010 e 2011.

   c. Datos da cooperación galega centrados en exclusiva nos desembolsos realizados ao abeiro das convocatorias resoltas e convenios formalizados nos anos 2010 e 2011 pola SDXCE. No caso dos datos relativos ao promedio de financiamento por proxecto a través de convocatorias en 2010-2011, tomáronse en conta os datos de financiamento por proxecto da resolución e non os desembolsos efectivos xa que estes integran, no caso das convocatorias 2011, desembolsos a efectuar na anualidade 2012.

m) Co fin de fomentar unha ampla participación no desenvolvemento desta avaliación tense promovido a inclusión dunha mostra representativa dos actores galegos de desenvolvemento, dos parceiros de desenvolvemento da cooperación galega nos países socios e mais das técnicas responsables do seguimento e execución das Iniciativas de Desenvolvemento Integral en Guatemala e República Dominicana.

n) Durante o proceso de contraste dos resultados da avaliación e durante a fase de elaboración do informe, enviáronse copias do mesmo tanto ao *Instituto Complutense de Estudios Internacionales (ICEI)*, responsable da elaboración do II Plan Director, como á AECID e a outros departamentos responsables da xestión da cooperación ao desenvolvemento noutras comunidades autónomas.

## 2.4. Presentación do equipo avaliador

O equipo avaliador estivo integrado por persoal especializado en cooperación ao desenvolvemento, análise de políticas públicas de cooperación, educación para o desenvolvemento, desenvolvemento local e xestión de ONGD. Ten experiencia en xestión de proxectos de educación para o desenvolvemento, consolidación e fortalecemento de ONGD, xestión estratéxica e organizativa, políticas públicas e conta cun amplo coñecemento do marco institucional e operativo da cooperación galega. Consonte aos **Termos de Referencia** conformouse un equipo cualificado con coñecemento profundo do obxecto de avaliación. O equipo avaliador participou activamente na avaliación final do *I Plan Director da Cooperación Galega ao Desenvolvemento* e no elaboración do *II Plan Director da Cooperación Galega ao Desenvolvemento*. Asemade, ten realizado achegas activas aos instrumentos da cooperación galega –convocatorias de subvencións- e ten acompañado en Bolivia o proceso de elaboración do *Marco de Asociación País* da cooperación española. Asemade, ten contribuído ao seguimento dos *Plans Anuais da Cooperación Galega* e aos informes anuais de xestión.

***Coordinador:*** **José Luis Pastoriza Rozas** (Vigo, 1977). Licenciado en Filosofía e Máster en Desenvolvemento Local pola *Universidade de Santiago de Compostela*. MSc NGOs and Development pola *London School of Economics & Political Science*. Traballou como técnico de proxectos na *Coordinadora Galega de ONGD* e como técnico de educación para o desenvolvemento na *Fundación Entreculturas*. Arestora traballa como consultor e investigador especializado en educación para a cidadanía global, eficacia do desenvolvemento e cooperación descentralizada. Entre as súas publicacións: *AOD en educación en Galicia: un análisis de la cooperación gallega 2006-2010 (CME, 2012), División del trabajo y complementariedad en la cooperación andaluza al desarrollo: la educación en el periodo 2006-2010 (Entreculturas e Fundación ETEA, 2012), Eficacia da axuda e sociedade civil. Declaración de París sobre Eficacia da Axuda e Axenda de Acción de Accra* (CGONGD, 2011), a serie de documentos de traballo de análise dos proxectos de lei de orzamentos da Xunta de Galicia en cooperación e sobre perspectivas da cooperación galega (CGONGD, 2010, 2011, 2012) e capítulos de libro sobre educación para a cidadanía global.

***Responsable da avaliación cuantitativa e cualitativa:*** **Laura Doval Lodeiro** (Bergondo, 1985). Diplomada en Educación Social pola *Universidade de A Coruña*. Máster Oficial de Cooperación ao Desenvolvemento pola *Universidade Pontificia de Comillas* e experta en inmigración e multiculturalismo pola UNED. Foi bolseira da Xunta de Galicia na *Oficina Técnica de Cooperación* da AECID en Bolivia e na *Subdirección Xeral de Cooperación Exterior*. Conta cunha ampla experiencia de voluntariado e prácticas profesionais en ONGD galegas (*Viraventos, Taller de Solidariedade, Equus Zebra, Asser Teranga*) e italianas (CIDIS) nos eidos de xestión de proxectos, educación para o desenvolvemento e mediación intercultural.

A coordinación recaeu no consultor José Luis Pastoriza Rozas que mantivo a interlocución principal e permanente coa SDXCE. Asemade, foi o responsable do cumprimento das tarefas de avaliación e mirou pola calidade dos informes parciais e final presentados á SDXCE.

## 3. Descrición do II Plan Director da Cooperación Galega para o Desenvolvemento

O *II Plan Director da Cooperación Galega para o Desenvolvemento (2010-2013)* cunha vixencia cuadrienal foi aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia o día 16 de xuño de 2010. Asemade contou previamente co apoio unánime dos tres órganos de coordinación e asesoramento en materia de cooperación para o desenvolvemento: *Comisión Interdepartamental*, a *Comisión Interterritorial* e o *Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento* en cadansúa xuntanza do 5 de marzo de 2010.

Este segundo ciclo de planificación da cooperación galega foi iniciado no derradeiro trimestre do ano 2009 e a dinamización do proceso e a redacción final do documento foi responsabilidade do *Instituto Complutense de Estudos Internacionais (ICEI)* a pedimento da *DXRREE e UE.* O II Plan Director baseouse na avaliación final do I Plan Director realizada pola *Universidade de Santiago de Compostela* así como na diagnose da cooperación galega no período 2006-2009 realizada polo equipo de planificación.

O II Plan Director dá continuidade á misión orixinalmente establecida no I Plan Director e declara que:

> *Mediante a cooperación para o desenvolvemento, a sociedade galega pon a disposición dos pobos máis pobres do planeta a súa experiencia histórica, os seus valores, activos e recursos; súmase aos procesos existentes para combater a pobreza e as súas causas, promovendo activamente o dereito ao desenvolvemento integral, humano e sustentable, con equidade de xénero.*

Co fin de materializar a misión da cooperación galega, o novo exercicio de planificación baseouse en tres premisas:

a) Dar continuidade á achega activa de Galicia á loita contra a pobreza e ao cumprimento efectivo dos Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio.

b) A integración dos criterios e principios da axenda da eficacia da axuda e do desenvolvemento no seo do sistema galego de cooperación.

c) Impulsar a promoción da sensibilización da cidadanía galega e do seu compromiso na superación dos problemas globais que afectan ao desenvolvemento dos países de baixo ingreso así como fortalecer o seu apoio á política pública de cooperación.

Por outra banda, o exercicio de planificación adaptouse prudencialmente nas súas previsións orzamentarias e institucionais ao contexto de crise económica en Galicia e en España e ás incertezas derivadas da actual situación económica e política. Neste senso adoptou un criterio transversal de viabilidade e pertinencia á hora de fixar o ritmo e alcance do despregue instrumental dos criterios que informan o Plan Director ao longo da súa vixencia.

Se o I Plan Director significou a modernización do sistema galego de cooperación, o II Plan Director dá continuidade á traxectoria de racionalización e mellora operativa e institucional do sistema a través dun deseño estratéxico baseado en criterios de política pública de cooperación. O II Plan Director avanza a nivel de planificación e deseño na

harmonización e homologación da cooperación galega co resto de cooperacións autonómicas españolas integrando o marco da axenda de eficacia do desenvolvemento establecido pola *Declaración de París sobre Eficacia da Axuda (2005)* e a *Axenda de Acción de Accra (2008)* mais adecuándoo ao valor engadido, experiencia e capacidades da cooperación galega. Neste senso, o II Plan Director establece unha serie de criterios para a política de cooperación con efectos correctores sobre as inercias e atrancos do sistema galego no seu conxunto e que foron detectados pola análise académica e avaliadora, especialmente durante a vixencia do I Plan Director. Estes criterios son:

1. Eficacia da axuda.
2. Previsibilidade da axuda.
3. Concentración dos recursos da axuda.
4. Transparencia na xestión da axuda.
5. Coherencia da política de cooperación con outras políticas públicas.
6. Participación social en Galicia e nos países socios.
7. Coordinación de actores.

Estes sete criterios xunto cos principios da cooperación galega enunciados no I e II Plan Director actúan como fundamentos doutrinais que inspiran a planificación estratéxica.

| ***Principios da Cooperación Galega*** |
|---|
| *1. O ser humano debe constituír o centro dos esforzos do desenvolvemento.* |
| *2. O desenvolvemento constitúe un proceso multidimensional e non simplemente económico.* |
| *3. O desenvolvemento ten que se concibir como opción de realización dos pobos.* |
| *4. O desenvolvemento constitúe unha responsabilidade compartida.* |
| 5. *A xustificación última do proceso de desenvolvemento descansa na conquista efectiva dos dereitos para as persoas* |

O esquema da planificación estratéxica do II Plan Director desenvolveuse consonte ao proceso seguinte:

**Figura 1:** Esquema da planificación estratéxica do II Plan Director da Cooperación Galega



En síntese, o II Plan Director contempla tres ámbitos de actuación, trece obxectivos xerais, trinta e catro obxectivos específicos e sesenta e oito indicadores para facilitar o seu seguimento e avaliación **(Anexo 4)**.

Dentro da fase de diagnose desta avaliación intermedia analizouse a lóxica de planificación que fundamenta a coherencia interna do Plan Director. A seguir presentamos a devandita lóxica que ten sido elaborada trala análise dos elementos relativos á estrutura, procesos e resultados e tendo en conta os criterios para a política de cooperación galega así como os indicadores do seu marco de resultados.

Desde esta perspectiva, os tres ámbitos de actuación contemplados no II Plan Director téñense coidado como os procesos principais que se desenvolven ao abeiro do mesmo. Por outra banda, a nivel dos subprocesos agrupáronse en tres niveis de análise: arquitectura e capacidade institucional, marco estratéxico, e marco instrumental. Dentro de cada un destes subprocesos identificáronse as áreas comúns asociándolles os correspondentes indicadores da matriz de resultados do Plan Director. Deste xeito, a atención da análise avaliadora céntrase nos fundamentos institucionais e estratéxicos que informan os instrumentos (convocatorias e convenios) da cooperación galega. Malia o seu maior grao de visibilidade pública, estes instrumentos operan como materialización dos criterios globais e como tradución operativa dos procesos de mellora da calidade e da eficacia do sistema no seu conxunto.

Xa que logo, o II Plan Director está deseñado para producir dúas castes de resultados:

a) A mellora da calidade, eficacia e impacto da cooperación galega ao desenvolvemento.

b) A promoción dunha cidadanía global galega concienciada, sensibilizada e participativa que apoie a política pública de cooperación.

**Figura 2:** Lóxica de intervención do II Plan Director da Cooperación Galega



## 4. A Axuda Oficial ao Desenvolvemento da Xunta de Galicia no bienio 2010-2011

A estrutura deste apartado segue a establecida no diagnóstico da cooperación galega no período 2006-2009 que figura no comezo do *II Plan Director da Cooperación Galega* a efectos de facilitar a comparanza entre os resultados do I Plan Director e os resultados do II Plan Director nesta avaliación intermedia, malia que ampliando o alcance da análise nalgúns aspectos relevantes.

Tras cada un dos epígrafes sitúase un cadro cos obxectivos xerais, específicos, o subproceso relacionado e mais os indicadores asociados a cada un dos apartados. Na derradeira columna descríbese o estado do devandito indicador coas seguintes lendas:

- *Indicador superado*
- *Indicador acadado*
- *Indicador en progreso de ser acadado*
- *Indicador cun progreso insuficiente ou pendente*
- *Indicador fóra do ámbito temporal da avaliación intermedia*

### *4.1. Evolución da AOD autonómica en España*

Entre 2010 e 2011 téñense acelerado os efectos regresivos da crise económica sobre os orzamentos das administracións públicas destinados a cooperación ao desenvolvemento. Este retroceso ten sido máis profundo na cooperación das Comunidades Autónomas (CCAA) cá na cooperación da Administración Xeral do Estado (AXE). En termos absolutos, a axuda oficial ao desenvolvemento (AOD) total española e da Administración Xeral do Estado descende a niveis do 2006 mentres que a cooperación autonómica ten retrocedido a niveis de 2002. A AOD española perde 1.720.288.000€ con respecto a 2009, dos cales 1.417.850.000€ corresponden á AXE e 254.180.000€ ás CCAA. En termos relativos, representa un descenso do 36% da AOD total española, do 34% na AOD da AXE e do 57% na AOD autonómica.

**Gráfico 1:** Evolución da AOD total española, AOD da Administración Xeral do Estado e AOD das Comunidades Autónomas por volume de fondos, 2006-2011 (milleiros de euros)




Por mor do peso da AOD da Administración Xeral do Estado, no gráfico 5 non se percibe con claridade o profundo retroceso da cooperación autonómica. No seguinte gráfico podemos comprobar como acontece un "efecto búmerang" sobre a AOD autonómica que

provoca un retroceso dun decenio no orzamento total executado pola cooperación autonómica ao desenvolvemento chegando a niveis de 2002 nos seus desembolsos.

**Gráfico 2:** Evolución da AOD das Comunidades Autónomas por volume de fondos, 2006-2011 (milleiros de euros)




En termos relativos, o promedio de descenso dos orzamentos autonómicos entre 2010 e 2011 ten sido do 42%. Os axustes orzamentarios teñen provocado unha alteración do mapa da cooperación autonómica que se tiña ido consolidando nos últimos anos. Neste senso, un numeroso grupo de Comunidades Autónomas líderes en volume de AOD como Castela-A Mancha (-99%), Cataluña (-42%) ou a Comunidade de Madrid (-70%) teñen superado o promedio de descenso relativo dos orzamentos autonómicos de cooperación. Por outra banda, Andalucía, Baleares, Canarias e a Rexión de Murcia superan o 80% de retroceso. Entre os retrocesos moderados podemos situar ao Principado de Asturias (-6%), Navarra (-11%) e Castela e León (-13%). En canto aos incrementos, tan só o País Vasco aumenta lixeiramente o seu orzamento (+1%) mentres que Cantabria (+93) case o duplica. Galicia (-35%) sitúase no grupo de CCAA como Comunidade Valenciana (-35%), Estremadura (-36%), Aragón (-39%) ou A Rioxa (-25%) cun descenso relevante de entre o 25% e o 39% pero inferior ao promedio autonómico.

**Cadro 3:** Evolución da AOD das Comunidades Autónomas por volume de fondos e posición relativa e global e variación interanual, 2010-2011 (millóns de euros)

| Comunidade Autónoma | 2010 | Posición relativa | 2011 | Posición relativa | Total 2010-2011 | Posición global 2010-2011 | % variación 2010/2011 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Andalucía | 80,66 | 1 | 14,59 | 5 | 95,25 | 1 | -82% |
| Cataluña | 56,73 | 2 | 33,00 | 2 | 89,73 | 2 | -42% |
| País Vasco | 44,35 | 3 | 44,91 | 1 | 89,26 | 3 | +1% |
| Madrid | 35,84 | 5 | 10,65 | 7 | 46,49 | 4 | -70% |
| Castela- A Mancha | 38,13 | 4 | 0,36 | 16 | 38,49 | 5 | -99% |
| Navarra | 20,51 | 7 | 18,26 | 3 | 38,77 | 6 | -11% |
| Comunidade Valenciana | 23,24 | 6 | 15,05 | 4 | 38,29 | 7 | -35% |
| Estremadura | 14,40 | 8 | 9,17 | 8 | 23,57 | 8 | -36% |
| Asturias | 12,15 | 9 | 11,37 | 6 | 23,52 | 9 | -6% |
| Castela e León | 10,51 | 13 | 9,15 | 9 | 19,66 | 10 | -13% |
| Aragón | 11,26 | 11 | 6,90 | 11 | 18,16 | 11 | -39% |
| Galicia | 10,75 | 12 | 7,00 | 10 | 17,75 | 12 | -35% |
| Canarias | 12,05 | 10 | 2,40 | 14 | 14,45 | 13 | -80% |
| Baleares | 9,87 | 13 | 1,66 | 15 | 11,53 | 14 | -83% |
| A Rioxa | 4,22 | 15 | 3,18 | 13 | 7,40 | 15 | -25% |
| Cantabria | 2,04 | 17 | 3,93 | 12 | 5,97 | 16 | +93% |
| Murcia | 2,19 | 16 | 0,25 | 17 | 2,44 | 17 | -89% |
| Melilla | 0,13 | 18 | 0,00 | 18 | 0,13 | 18 | -100% |
| **Promedio** | **21,61** | | **10,66** | | **32,27** | | **-42%** |

No período 2006-2011, Galicia situouse en 13ª posición en relación ao volume total de fondos desembolsados en cooperación ao desenvolvemento. Se nos centramos exclusivamente nos datos do bienio 2010-2011, a Xunta de Galicia avanza até a 12ª posición en global, acadando a 10ª posición no ano 2011.

**Gráfico 3:** Evolución da AOD das Comunidades Autónomas por volume de fondos, 2006-2011 (millóns de euros)




**Gráfico 4:** Evolución da AOD das Comunidades Autónomas por volume de fondos, 2010-2011 (millóns de euros)




Se comparamos a evolución da AOD das principais Comunidades Autónomas en volume de fondos e da Xunta de Galicia, observamos que, coa excepción do País Vasco, os anos 2010 e 2011 teñen representado un freo á cooperación autonómica. Os acusados descensos destes dous anos significaron a práctica desaparición da AOD en Castela-A Mancha así como unha crise de financiamento da AOD no resto de CCAA analizadas.

**Gráfico 5:** Evolución da AOD das principais Comunidades Autónomas e Xunta de Galicia por volume de fondos, 2006-2011 (millóns de euros)




O peso da cooperación autonómica sobre o total da AOD española ten representado unha das características singulares e orixinais da cooperación española no contexto dos países doadores do CAD. Como podemos observar, o decrecemento dos desembolsos ten representado unha contracción do peso relativo da cooperación das CCAA e este fenómeno acontece malia o agudo retroceso da AOD total española no bienio 2010-2011. Por outra banda, este contexto ten implicado que o peso relativo da AOD da Xunta de Galicia sobre o total da AOD autonómica teña aumentado malia que en relación á AOD total española a cooperación galega sigue mantendo un peso cativo.

**Gráfico 6:** Peso relativo en porcentaxe da AOD das CCAA sobre a AOD española e da AOD da Xunta de Galicia sobre a AOD das CCAA e a AOD española, 2010-2011




Como indicabamos, a Xunta de Galicia ocupaba a posición 12ª no volume total de AOD en relación á cooperación autonómica. Se atendemos ao esforzo inversor medido tanto na porcentaxe que a AOD representa sobre o orzamento total consolidado da comunidade autónoma coma na AOD por habitante, a posición da Xunta de Galicia deteriórase deica a posición 16ª en ambos os dous indicadores. A Xunta de Galicia destinou o 0’08% do seu orzamento total consolidado a cooperación ao desenvolvemento o que representa pouco máis de 3€ por galego e galega, unha porcentaxe e unha cantidade afastada do promedio autonómico do bienio 2010 e 2011 do 0,17% do orzamento total consolidado e de 7€ por habitante. No entanto, no bienio 2010-2011, a posición da Xunta de Galicia medra desde a posición 15ª á 11ª por mor da vaga de axustes orzamentarios noutras Comunidades Autónomas.

**Cadro 4:** Esforzo inversor das Comunidades Autónomas, 2010-2011

| | 2010 | | | 2011 | | | 2010-2011 | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | *% AOD/ orzamento total consolidado* | *AOD € por habitante* | *Posición relativa esforzo inversor* | *% AOD/ orzamento total consolidado* | *AOD € por habitante* | *Posición relativa esforzo inversor* | *% AOD/ orzamento total consolidado* | *AOD € por habitante* |
| 1. Navarra | 0,47 | 32,2 | 1 | 0,44 | 28,4 | 1 | 0,45 | 30,3 |
| 2. País Vasco | 0,43 | 20,4 | 2 | 0,42 | 20,6 | 2 | 0,43 | 20,5 |
| 3. A Rioxa | 0,31 | 13,1 | 4 | 0,25 | 9,9 | 4 | 0,28 | 11,5 |
| 4. Asturias | 0,26 | 11,2 | 7 | 0,26 | 10,5 | 3 | 0,26 | 10,9 |
| 5. Estremadura | 0,26 | 13,0 | 6 | 0,18 | 8,3 | 5 | 0,22 | 10,6 |
| 6. Castela-A Mancha | 0,40 | 18,2 | 3 | 0,00 | 0,2 | 17 | 0,20 | 9,2 |
| 7. Aragón | 0,20 | 8,4 | 8 | 0,13 | 5,1 | 7 | 0,17 | 6,7 |
| 8. Baleares | 0,29 | 8,9 | 5 | 0,05 | 1,5 | 14 | 0,17 | 5,2 |
| 9. Andalucía | 0,24 | 9,6 | 9 | 0,05 | 1,7 | 13 | 0,14 | 5,7 |
| 10. Cataluña | 0,17 | 7,6 | 11 | 0,10 | 4,4 | 9 | 0,13 | 6,0 |
| 11. Comunidade Valenciana | 0,16 | 4,6 | 12 | 0,11 | 2,9 | 8 | 0,13 | 3,8 |
| 12. Cantabria | 0,08 | 3,4 | 16 | 0,16 | 6,6 | 6 | 0,12 | 5,0 |
| 13. Madrid | 0,19 | 5,6 | 10 | 0,06 | 1,6 | 12 | 0,12 | 3,6 |
| 14. Castela e León | 0,10 | 4,1 | 14 | 0,09 | 3,6 | 10 | 0,10 | 3,8 |
| 15. Canarias | 0,15 | 5,7 | 13 | 0,03 | 1,1 | 15 | 0,09 | 3,4 |
| 16. Galicia | 0,09 | 3,8 | 15 | 0,07 | 2,5 | 11 | 0,08 | 3,2 |
| 17. Melilla | 0,05 | 1,7 | 17 | 0,00 | 0,0 | 18 | 0,03 | 0,9 |
| 18. Murcia | 0,04 | 1,5 | 18 | 0,01 | 0,2 | 16 | 0,02 | 0,8 |
| **Promedio bienio** | **0,22** | **9,6** | | **0,13** | **6,06** | | **0,17** | **7,8** |

## *4.2. Evolución agregada da AOD da Xunta de Galicia*

| Obxectivos xerais | Obxectivos específicos | Subproceso | Indicadores | Estado |
|---|---|---|---|---|
| O.X. 6 Lograr unha maior previsibilidade a medio prazo dos recursos e marcos de actuación | O.E. 6.1 Seguir unha programación que permita asegurar ao finalizar o período de vixencia do II Plan Director cun incremento dos recursos de entre un 50% e un 100% con respecto aos recursos dedicados en 2009 | **Previsibilidade** | I.6.1.1 Logrouse manter unha tendencia ascendente no volume anual de axuda desembolsada, acadándose en 2013 un desembolso anual de entre 17,5 millóns e 23,2 millóns de euros | **Progreso insuficiente** |

Durante o bienio 2010-2011 a Xunta de Galicia desembolsou recursos en cooperación para o desenvolvemento por un importe de 17.756.330€. Desta cantidade, o 93% foi achegado pola DXRREE e UE a través da SDXCE (16.445.049€) e o restante 7% por outros departamentos e unidades da Xunta de Galicia (1.311.281€). (Vid. Cadro 6)

As medidas de consolidación fiscal da Xunta de Galicia a consecuencia da crise de débeda e financiamento das administracións públicas españolas provocaron que no bienio 2010-2011 teña acontecido un descenso do 47% no volume de recursos desembolsados con respecto do ano 2009 (-5.280.000€), ano no que se acadou o maior investimento da Xunta de Galicia en cooperación desde 1994 en que se inicia a serie histórica. As graves consecuencias da crise actual sobre os ingresos públicos e as incertezas derivadas da crise de financiamento das administracións públicas teñen obrigado a adoptar toda unha serie de decisións que afectan ás garantías dun orzamento adecuado e suficiente para a plena realización da totalidade de medidas contempladas no II Plan Director. Neste senso, a política galega de cooperación para o desenvolvemento ten ficado subordinada ás medidas de consolidación fiscal establecidas pola Xunta de Galicia e polo Goberno de España.

**Cadro 5**: Evolución da AOD da Xunta de Galicia, 2006-2011

| | 2006 | 2007 | 2008 | 2009 | 2010 | 2011 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Volume total desembolsado | 7.022.500 € | 10.703.097 € | 9.873.744 € | 12.289.957 € | 10.748.153 € | 7.008.233 € |
| Evolución respecto do ano anterior en volume | +424.954 € | +3.680.597 € | -829.353 € | +2.416.213 € | -1.541.804 € | -3.739.920 € |
| Evolución respecto do ano anterior en % | +6,44% | +52,41% | -7,75% | +24,47% | -12,55% | -34,80% |

Tanto o *I Plan Director* coma o *II Plan Director da Cooperación Galega* estableceron a previsión dun marco de sostenibilidade financeira co fin de garantir un orzamento adecuado e suficiente para o despregue estratéxico e operativo das medidas contidas en ambos os dous plans directores. Sen embargo, a evolución da axuda oficial ao desenvolvemento da Xunta de Galicia entre 2006 e 2011 describe unha traxectoria de búmerang que ten conducido en termos absolutos a un retorno ao punto de partida inicial do ano 2006, cando entrou en vigor o *I Plan Director da Cooperación Galega (2006-2009)*.

**Gráfico 7:** Evolución da AOD da Xunta de Galicia, 2006-2011




En relación ao esforzo inversor da Xunta de Galicia en AOD, a cooperación ao desenvolvemento en 2010 e 2011 representou respectivamente un 0'09% e un 0'07% do orzamento total consolidado da Xunta de Galicia. Este esforzo implicou destinar cadanseus 4€ e 3€ por habitante en 2010 e 2011 á loita contra a pobreza global.

**Cadro 6:** Esforzo inversor en AOD da Xunta de Galicia, 2010-2011

| Ano | Total AOD Xunta de Galicia | Orzamento total consolidado Xunta de Galicia | % AOD/ Orzamento Xunta de Galicia | % Crecemento anual AOD Xunta de Galicia | % Crecemento anual orzamento Xunta de Galicia | Habitantes Galicia | AOD por habitante |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **2010** | 10.748.153 € | 11.371.002.000 € | 0,09% | -12,55% | -0,41% | 2.738.591 | 4€ |
| **2011** | 7.008.233 € | 9.456.121.000 € | 0,07% | -34,80% | -16,84% | 2.736.636 | 3€ |

Este esforzo inversor da Xunta de Galicia en cooperación ao desenvolvemento pon de manifesto a distancia existente entre as previsións orzamentarias de carácter orientativo establecidas no marco lexislativo e estratéxico da cooperación galega e a dotación orzamentaria efectivamente dispoñible no período 2006-2009 e 2010-2011.

**Cadro 7:** Marco lexislativo, estratéxico e instrumental da cooperación galega para o desenvolvemento: Previsións e indicadores orzamentarios

| Documento | Previsións e indicadores |
|---|---|
| ***2003: Lei 3/2003, de 19 de xuño, de Cooperación para o Desenvolvemento*** | ***Art. 29. Recursos financeiros.***<br>1. A Lei de orzamentos fixará anualmente os créditos destinados á cooperación para o desenvolvemento na Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo coas orientacións contidas no plan anual correspondente, que tenderán progresivamente a acada-lo mínimo do 0,7% dos orzamentos da Xunta de Galicia. |
| ***2006: I Plan Director da Cooperación Galega para o Desenvolvemento (2006-2009)*** | ***Marco orzamentario:***<br>Acadar ao remate do Plan o 0'4 dos orzamentos para a cooperación ao desenvolvemento.<br>Incrementar nun mínimo do 50% anual os orzamentos dedicados pola Xunta de Galicia á cooperación ao desenvolvemento. |
| ***2010: II Plan Director da Cooperación Galega para o Desenvolvemento (2010-2013)*** | ***Obxectivo específico 6.1.*** Seguir unha programación que permita asegurar ao finalizar o período de vixencia do II Plan director cun incremento dos recursos de entre un 50% e un 100% con respecto aos recursos dedicados en 2009.<br>***Indicador I.6.1.1.*** Logrouse manter unha tendencia ascendente no volume anual da axuda desembolsada, acadándose en 2013 un desembolso anual de entre 17,5 millóns e 23,2 millóns de euros. |

Xa que logo, no bienio 2010-2011 profundouse na fenda de financiamento que caracteriza á cooperación galega. Os axustes orzamentarios do ano 2011 implicaron o aumento da distancia con respecto das previsións financeiras máximas (23,2 millóns de euros) e mínimas (17,5 millóns de euros) do II Plan Director ao remate da súa vixencia.

**Gráfico 8:** Fenda de financiamento do II Plan Director da Cooperación Galega, 2010-2011




En relación á liquidación orzamentaria, no bienio 2010-2011 executouse un 97% do orzamento previsto inicialmente. Agora ben, cómpre realizar unha serie de precisións:

a) A DXRREE e UE executou un 99% e un 82% nos anos 2010 e 2011 respectivamente. O promedio de execución do departamento ficou no 92% no bienio 2010-2011. Os axustes orzamentarios no primeiro semestre de execución do *Plan Anual 2011* orixinaron que a desviación con respecto ao orzamento orixinal do ano 2011 fose máis pronunciada.

b) O resto de departamentos da Xunta de Galicia executaron de promedio un 392% sobre o previsto inicialmente no bienio 2010 e 2011. No ano 2010 superouse nun 303% o previsto e no ano 2011 un 1.166%.

**Cadro 8:** Distribución do orzamento previsto e executado en cooperación ao desenvolvemento da Xunta de Galicia, 2010-2011 (euros)

| | 2010 | | | | 2011 | | | | Total 2010-2011 | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Departamento** | **Previsto** | **Executado** | **Diferenza** | **% Execución** | **Previsto** | **Executado** | **Diferenza** | **% Execución** | **Previsto** | **Executado** | **Diferenza** | **% Execución** |
| Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE | 9.906.804 | 9.839.367 | - 67.437 | 99% | 8.032.487 | 6.605.682 | -1.426.805 | 82% | 17.939.291 | 16.445.049 | -1.494.242 | 92% |
| Outros departamentos | 300.000 | 908.730 | +608.730 | 303% | 34.536 | 402.551 | +368.015 | 1.166% | 334.536 | 1.311.281 | +976.745 | 392% |
| **Total** | **10.206.804** | **10.748.097** | **+541.293** | **105%** | **8.067.023** | **7.008.233** | **- 1.058.790** | **87%** | **18.273.827** | **17.756.330** | **- 517.497** | **97%** |

Non obstante, estas desviacións, especialmente no caso do resto de departamentos da Xunta de Galicia e malia a súa natureza positiva, revelan un significativo grao de imprevisibilidade con respecto dos desembolsos asignados a cooperación ao desenvolvemento. Agora ben, os desembolsos do resto de departamentos da Xunta de Galicia tamén tiveron efectos compensadores positivos sobre o descenso global do orzamento da DXRREE e UE. Se no bienio 2010-2011 a Dirección Xeral sofre un decrecemento total de recursos de 1.494.242€ o resto de departamentos desembolsaron 976.745€ de máis sobre o previsto inicialmente nos correspondentes *Plans Anuais da Cooperación Galega*. Xa que logo, os desembolsos do resto de departamentos da Xunta de Galicia amorteceron as consecuencias negativas do axuste orzamentario do ano 2011 na SDXCE da DXRREE e UE.

**Cadro 9:** Distribución do orzamento previsto e executado da Xunta de Galicia, 2010-2011 (euros)

| Capítulo | Concepto | Total 2010-2011 | | |
|---|---|---|---|---|
| | | Inicial | Executado | % Execución |
| **Capítulo I** | **Gastos de persoal** | **878.669** | **878.669** | ***100%*** |
| **Capítulo II** | **Gastos de funcionamento** | **326.330** | **326.330** | ***100%*** |
| **Capítulo IV** | **Transferencias correntes** | **11.300.771** | **10.477.711** | ***93%*** |
| | Fundación Axencia Humanitaria de Galicia[1] | 720.000 | 1.103.089 | *153%* |
| | Transferencias a universidades | 290.000 | 240.000 | *83%* |
| | Transferencias a institucións sen fins de lucro | 1.059.881 | 1.066.369 | *101%* |
| | Actuacións de cooperación no exterior | 8.476.570 | 7.353.933 | *87%* |
| | Bolsas de formación en cooperación | 454.320 | 414.320 | *91%* |
| | Convenio Coordinadora Galega de ONGD | 180.000 | 180.000 | *100%* |
| | Convenio Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade | 120.000 | 120.000 | *100%* |
| **Capítulo VI** | **Investimentos reais** | **555.283** | **455.283** | ***82%*** |
| **Capítulo VII** | **Transferencias de capital** | **4.878.238** | **4.307.056** | ***88%*** |
| ***Subtotal Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE. Área de cooperación para o desenvolvemento SDXCE*** | | ***17.939.291*** | ***16.445.049*** | ***92%*** |
| Presidencia. Secretaría Xeral da Emigración | | - | 53.597 | - |
| Presidencia. Secretaría Xeral da Presidencia | | - | 6.000 | - |
| Consellería de Cultura e Turismo. Centro Superior de Hostalería de Galicia | | - | 36.000 | - |
| Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e Consellería de Cultura e Turismo. Apoio ao Foro Mundial 2010 | | - | 76.000 | - |
| Consellería de Sanidade | | - | 786.908 | - |
| Consellería do Medio Rural e do Mar | | 334.536 | 342.776 | 102% |
| Consellería de Traballo | | - | 10.000 | - |
| ***Subtotal outros departamentos*** | | ***334.536*** | ***1.311.281*** | ***392%*** |
| **Total Xunta de Galicia** | | **18.273.827** | **17.756.330** | **97%** |

En relación á distribución dos desembolsos por tipo de actividade e instrumento, máis do 74% dos recursos destináronse á cooperación ao desenvolvemento nos países e territorios socios da cooperación galega. Sumado ao 5% destinado a Acción Humanitaria, o 79% dos desembolsos contribuíron aos fins da cooperación galega no exterior cun total de 12.789.328€. O resto dos recursos destináronse a educación para o desenvolvemento (5%), fortalecemento de actores de cooperación (4%) e formación (4%). O 9% restante distribúese entre as actividades financiadas a través do capítulo VI e os convenios e convocatorias doutros departamentos da Xunta de Galicia que, vencellados coa cooperación ao desenvolvemento, non encaixan estritamente na distribución de actividades establecida pola DXRREE e coa UE.

Os gastos de persoal e funcionamento ascenderon a 1.513.939€, un 9% do gasto total da cooperación galega ao desenvolvemento. Nesta cantidade compútase os gastos da SDXCE

[1] Os datos relativos á *Fundación Axencia Humanitaria de Galicia* corresponden ao ano 2010. No ano 2011 trala extinción da FAHG, a SDXCE asume a xestión da acción humanitaria da Xunta de Galicia. De feito, a execución dun 53% máis do previsto débese á liquidación da reserva fundacional co fin de proceder á extinción da Fundación.

nos anos 2010 e 2011 e os gastos de funcionamento e persoal da *Fundación Axencia Humanitaria de Galicia (FAHG)* no 2010.

**Cadro 10**: Distribución agregada do gasto por tipo de actividade e instrumento, 2010-2011[2] (euros)

| Actividade | Instrumento | Total por instrumento | % sobre total | Total por tipo de actividade | % sobre total por tipo de actividade |
|---|---|---|---|---|---|
| Cooperación para o desenvolvemento | Proxectos ONGD | 4.876.394 | 30% | **11.952.621** | **74%** |
| | Outros axentes | 1.166.184 | 7% | | |
| | Programas ONGD | 2.275.205 | 14% | | |
| | Microproxectos ONGD | 113.385 | 1% | | |
| | Convenios DXRREE e UE | 3.132.677 | 19% | | |
| | Convenios outros departamentos Xunta de Galicia | 388.776 | 2% | | |
| Acción humanitaria | Convocatoria aberta e permanente | 502.453 | 3% | **836.707** | **5%** |
| | Convenios Acción Humanitaria | 167.426 | 1% | | |
| | Convenios Actuacións de Emerxencia | 166.828 | 1% | | |
| Fortalecemento | Convocatoria | 397.841 | 2% | **577.841** | **4%** |
| | Convenios | 180.000 | 1% | | |
| Educación para o desenvolvemento | Convocatoria | 668.546 | 4% | **896.346** | **5%** |
| | Convenios | 227.800 | 1% | | |
| Formación | Formación Acción Humanitaria | 65.858 | 0% | **612.378** | **4%** |
| | Convocatoria de bolsas de formación | 414.320 | 3% | | |
| | Convenios universidades | 132.200 | 1% | | |
| Outros | DXRREE e UE (Capítulo VI)[3] | 444.050 | 3% | **1.366.555** | **8%** |
| | Convocatorias outros departamentos Xunta de Galicia | 53.597 | 0% | | |
| | Convenios outros departamentos Xunta de Galicia | 868.908 | 5% | | |
| | **Total** | **16.242.448** | **100%** | **16.242.448** | **100%** |

**Gráfico 9**: Distribución agregada do gasto por tipo de actividade e instrumento, 2010-2011




[2] Non se inclúen os gastos de persoal e funcionamento da SDXCE e da FAHG por un importe de 1.513.939€.

[3] A diferenza de 11.233€ respecto do desembolso consignado neste cadro no capítulo VI con respecto do total do capítulo VI no cadro 6 débese a que con cargo ao capítulo VI abonáronse gastos vencellados á formación en Acción Humanitaria no ano 2011. Esta diferenza atópase, logo, computado na actividade de formación no epígrafe de formación en Acción Humanitaria.

## 4.3. Distribución xeográfica da AOD da Xunta de Galicia

| Obxectivos xerais | Obxectivos específicos | Subproceso | Indicadores | Estado |
|---|---|---|---|---|
| O.X. 1 Contribuír á loita contra a pobreza colaborando na consecución dos ODM | O.E. 1.2 Asegurar que unha parte da axuda se destina a países menos adiantados | Concentración xeográfica | I . 1.2.1 Como mínimo, un 25% da axuda desembolsada no exterior destinouse a PMA (países menos adiantados) | Progreso insuficiente |
| O.X. 7 Manter un adecuado grao de concentración dos fondos | O.E. 7.1 Limitar o número de países prioritarios e concentrar neles como mínimo o 80% dos recursos | | I. 7.1.1 Como mínimo, un 80% da axuda desembolsada no exterior destinouse a actividades nos países prioritarios definidos polo II Plan | Superado |
| | | | I.7.1.2 Todos os programas de cooperación que recibiron subvencións leváronse a cabo en países prioritarios ou países menos adiantados, e en todos os casos as actividades estiveron centradas nos sectores prioritarios que define o II Plan director | Acadado |

O *I Plan Director da Cooperación Galega (2006-2009)* establecera como prioridades xeográficas 17 países prioritarios, 3 países preferentes e á poboación saharauí. O *II Plan Director da Cooperación Galega (2010-2013)* operou unha racionalización das devanditas prioridades definindo 12 países prioritarios e á poboación saharauí. De todos os xeitos, tal e como establece o II Plan Director estas prioridades xeográficas actúan como preferencias e non como criterios excluíntes, agás no caso das convocatorias de programas no exterior de ONGD que se deberán executar exclusivamente nos devanditos países prioritarios.

**Mapa 1:** Países prioritarios do II Plan Director da Cooperación Galega 2010-2013




Os países prioritarios concentraron o 85% do total da AOD desembolsada no exterior no bienio 2010-2011. Se á cantidade destinada especificamente aos países prioritarios lle engadimos os 315.000€ desembolsados en Centroamérica dentro do *Programa para a Formación da Pesca Artesanal en Centroamérica (PROFOPAC)* a concentración de recursos en países e áreas xeográficas prioritarias da cooperación galega ascende ao 87%.

O II Plan Director, logo, está tendo un efecto concentrador a nivel xeográfico. Os efectos de dispersión dos países non prioritarios que representan o 12% dos recursos desembolsados no exterior cómpre matizalos xa que:

a) Contempla desembolsos derivados dos programas no exterior de ONGD dos anos 2008 e 2009 en Angola e Mauritania. O primeiro país foi coidado país prioritario no I Plan Director e Mauritania reunía o requisito de ser un país menos adiantado (PMA).

b) En 9 dos países non prioritarios nos que se intervén (Chad, Colombia, Congo R.D., Cuba, Palestina, Paquistán, Kenya, Serra Leoa, Uganda) trátase de intervencións no eido da acción humanitaria, nos cales o criterio de intervención vén sendo a necesidade das poboacións e non o criterio xeográfico tal e como establece explicitamente o II Plan Director.

**Cadro 11**: Distribución da AOD da Xunta de Galicia desembolsada no exterior por grupo de país receptor, 2010-2011

| Grupo de país receptor | Volume desembolsado | % total desembolsado |
|---|---|---|
| Países prioritarios | 10.806.121 € | 85% |
| Países non prioritarios | 1.589.580 € | 12% |
| Sen especificar | 393.626 € | 3% |
| **Total** | **12.789.327 €** | **100%** |

**Gráfico 10**: Distribución da AOD da Xunta de Galicia desembolsada no exterior por grupo de país receptor, 2010-2011




Se analizamos estes datos tendo en conta en exclusiva as convocatorias resoltas e os convenios formalizados no bienio 2010-2011, os recursos concentráronse máis activamente nos países prioritarios acadando o 88% do total dos desembolsos no exterior. Se á cantidade destinada especificamente aos países prioritarios lle engadimos os 315.000€ desembolsados en Centroamérica dentro do PROFOPAC a concentración de recursos en países e áreas xeográficas prioritarias da cooperación galega ascende ao 92%.

**Cadro 12**: Distribución da AOD da Xunta de Galicia desembolsada no exterior por grupo de país receptor, só convocatorias e convenios do bienio 2010-2011

| Grupo de país receptor | Volume desembolsado | % total desembolsado |
|---|---|---|
| Países prioritarios | 6.732.039 € | 88% |
| Países non prioritarios | 642.605 € | 8% |
| Sen especificar | 333.626 € | 4% |
| **Total** | **7.708.270 €** | **100** |

**Gráfico 11**: Distribución da AOD da Xunta de Galicia desembolsada no exterior por grupo de país receptor, só convocatorias e convenios do bienio 2010-2011



Como se pode comprobar no cadro 13 durante o bienio 2010-2011 realizáronse desembolsos en 28 países. Nesta clasificación detéctanse os seguintes elementos salientables:

a) Entre os países receptores, Guatemala representa o 20% do total da axuda desembolsada no exterior e a República Dominicana preto do 10%. Esta concentración débese ao financiamento das *Iniciativas de Desenvolvemento Integral (IDI)* que se están a executar en ambos os dous países

b) Os 18 países con desembolsos superiores a 100.000€ concentran o 98% do total de recursos destinados a actuacións no exterior. Coa excepción de Cabo Verde, os 9 países restantes con desembolsos inferiores a 100.000€ foron obxecto de intervencións de acción humanitaria ou actuacións de emerxencia.

c) Acontece unha fenda entre os 6 primeiros países (Guatemala, República Dominicana, Perú, Bolivia, Ecuador e Nicaragua) que reciben desembolsos superiores aos 900.000€ e concentran o 63% do total e o resto de países.

d) Cabo Verde, país prioritario, recibiu recursos inferiores a 100.000, limitándose aos convenios asinados co Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade no ano 2010. No ano 2011 non se computa ningún desembolso.

e) No caso de Guinea Bissau, este país prioritario non ten sido beneficiario de ningunha convocatoria de proxectos ou programas de cooperación no exterior desde o ano 2008. Os desembolsos computados no bienio 2010-2011 están vencellados á convocatoria de programas de cooperación no exterior do ano 2008 executados polas ONGD Paz e Desenvolvemento e Asemblea de Cooperación pola Paz.

f) A Poboación Saharauí ten sido beneficiaria dun maior desembolso do que figura no cadro 10 que unicamente computa as actuacións no exterior. No bienio 2010-2011 a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia destinou 579.524€ para prestación de asistencia sanitaria a menores participantes no programa “Vacacións en paz” organizado pola Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí. Xa que logo, a poboación saharauí foi destinataria de 684.507€ co cal ascendería á 8ª posición en canto aos países/colectivos receptores de AOD galega.

g) Se atendemos exclusivamente aos datos relativos aos desembolsos froito das convocatorias resoltas e convenios formalizados nos anos 2010 e 2011, tanto Guinea Bissau como Mauritania e Angola non reciben ningún novo desembolso.

h) Centrándonos nos desembolsos das convocatorias e convenios dos anos 2010 e 2011, destaca a mellora na clasificación de Mozambique que ascende á 8ª posición desde a 13ª e o descenso de Cuba, que pasa da posición 16ª á 23ª. Tal e como indicamos no anterior punto, Guinea Bissau, Mauritania e Angola desaparecen desta clasificación.

i) Os recursos desembolsados en América Central corresponden ao PROFOPAC que integra os seguintes países de intervención: Belice, Costa Rica, Guatemala, Honduras, O Salvador, Nicaragua e Panamá.

**Cadro 13**: Clasificación dos países receptores da AOD galega por volume de axuda desembolsada total no bienio 2010-2011 e por volume de axuda desembolsada por convenios e convocatorias dos anos 2010-2011 (euros)

| País | | Total 2010-2011 | | | Convocatorias e convenios 2010-2011 | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | Posto global 2010-2011 | Volume total AOD 2010-2011 | % Total AOD | Posto global 2010-2011 | Volume total AOD 2010-2011 | % Total AOD |
| 1. | Guatemala | 1 | 2.615.165 | 20,45 | 1 | 1.308.076 | 16,97 |
| 2. | Dominicana, República | 2 | 1.227.951 | 9,60 | 4 | 884.116 | 11,47 |
| 3. | Perú | 3 | 1.221.334 | 9,55 | 2 | 978.613 | 12,70 |
| 4. | Bolivia | 4 | 1.105.882 | 8,65 | 5 | 566.443 | 7,35 |
| 5. | Ecuador | 5 | 991.382 | 7,75 | 3 | 930.460 | 12,07 |
| 6. | Nicaragua | 6 | 915.519 | 7,16 | 6 | 392.892 | 5,09 |
| 7. | Honduras | 7 | 687.327 | 5,37 | 7 | 383.586 | 4,98 |
| 8. | O Salvador | 8 | 542.213 | 4,24 | 10 | 361.330 | 4,69 |
| 9. | Guinea Bissau | 9 | 503.501 | 3,94 | -- | 0,00 | 0 |
| 10. | Mauritania | 10 | 459.163 | 3,59 | -- | 0,00 | 0 |
| 11. | Haití | 11 | 435.442 | 3,40 | 9 | 366.119 | 4,75 |
| 12. | América Central, N.E. | 12 | 375.000 | 2,93 | 11 | 315.000 | 4,09 |
| 13. | Mozambique | 13 | 366.714 | 2,87 | 8 | 366.714 | 4,76 |
| 14. | Angola | 14 | 316.235 | 2,47 | -- | 0,00 | 0 |
| 15. | Namibia | 15 | 234.536 | 1,83 | 12 | 234.536 | 3,04 |
| 16. | Cuba | 16 | 173.985 | 1,36 | 23 | 12.243 | 0,16 |
| 17. | Arxentina | 17 | 129.726 | 1,01 | 13 | 129.726 | 1,68 |
| 18. | Poboación Saharauí | 18 | 104.983 | 0,82 | 14 | 104.983 | 1,36 |
| 19. | Cabo Verde | 19 | 88.708 | 0,69 | 15 | 88.708 | 1,15 |
| 20. | Colombia | 20 | 52.099 | 0,41 | 16 | 52.099 | 0,68 |
| 21. | Uganda | 21 | 50.000 | 0,39 | 17 | 50.000 | 0,65 |
| 22. | Palestina | 22 | 45.000 | 0,35 | 18 | 45.000 | 0,58 |
| 23. | Serra Leoa | 23 | 40.000 | 0,31 | 19 | 40.000 | 0,52 |
| 24. | Senegal | 24 | 25.000 | 0,20 | 20 | 25.000 | 0,32 |
| 25. | Chad | 25 | 25.000 | 0,20 | 21 | 25.000 | 0,32 |
| 26. | PVD, N.E. | 26 | 18.626 | 0,15 | 22 | 18.626 | 0,24 |
| 27. | Congo, R.D. | 27 | 10.000 | 0,08 | 24 | 10.000 | 0,13 |
| 28. | Kenya | 28 | 10.000 | 0,08 | 25 | 10.000 | 0,13 |
| 29. | India | 29 | 9.836 | 0,08 | -- | 0,00 | 0,00 |
| 30. | Paquistán | 30 | 9.000 | 0,07 | 26 | 9.000 | 0,12 |
| | **TOTAL** | **28 países** | **12.789.327** | **100,00** | **25 países** | **7.708.270** | **100,00** |

**Cadro 14**: Listaxe de países receptores da AOD da Xunta de Galicia por área xeográfica, nivel de renda, volume de recursos desembolsados, porcentaxe sobre o total de AOD no exterior, número de proxectos por país e promedio de AOD desembolsada por proxecto e país, 2010-2011 (euros)

| Rexión | País | Nivel renda | Total recursos | % país/total | Nº de intervencións | Promedio |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **América Central** | Guatemala | RMB | 2.615.165 | 20,45 | 20 | 130.758 |
| | Nicaragua | RMB | 915.519 | 7,16 | 11 | 83.229 |
| | Honduras | RMB | 687.327 | 5,37 | 5 | 137.465 |
| | O Salvador | RMB | 542.213 | 4,24 | 10 | 54.221 |
| | América Central, N.E. | N.E. | 375.000 | 2,93 | 3 | 125.000 |
| **Caribe** | Dominicana, República | RMB | 1.227.951 | 9,60 | 11 | 111.632 |
| | Haití | PMA | 435.442 | 3,40 | 13 | 33.495 |
| | Cuba | RMA | 173.985 | 1,36 | 4 | 43.496 |
| **América do Sur** | Perú | RMB | 1.221.334 | 9,55 | 14 | 87.238 |
| | Bolivia | RMB | 1.105.882 | 8,65 | 7 | 157.983 |
| | Ecuador | RMB | 991.382 | 7,75 | 7 | 141.626 |
| | Arxentina | RMA | 129.726 | 1,01 | 3 | 43.242 |
| | Colombia | RMB | 52.099 | 0,41 | 1 | 52.099 |
| **Norte de África** | Poboación Saharauí | S.D. | 104.983 | 0,82 | 1 | 104.983 |
| | Mauritania | PMA | 459.163 | 3,59 | 2 | 229.581 |
| **África Subsahariana** | Guinea Bissau | PMA | 503.501 | 3,94 | 2 | 251.750 |
| | Mozambique | PMA | 366.714 | 2,87 | 4 | 91.678 |
| | Angola | PMA | 316.235 | 2,47 | 2 | 158.117 |
| | Namibia | RMB | 234.536 | 1,83 | 2 | 117.268 |
| | Cabo Verde | RMB | 88.708 | 0,69 | 2 | 44.354 |
| | Uganda | PMA | 50.000 | 0,39 | 1 | 50.000 |
| | Serra Leoa | PMA | 40.000 | 0,31 | 1 | 40.000 |
| | Senegal | PMA | 25.000 | 0,20 | 1 | 25.000 |
| | Chad | PMA | 25.000 | 0,20 | 1 | 25.000 |
| | Congo, R.D. | PMA | 10.000 | 0,08 | 1 | 10.000 |
| | Kenya | PMA | 10.000 | 0,08 | 1 | 10.000 |
| **Oriente Medio** | Palestina | RMB | 45.000 | 0,35 | 2 | 22.500 |
| **Asia Sur** | India | RMB | 9.836 | 0,08 | 1 | 9.836 |
| | Paquistán | RMB | 9.000 | 0,07 | 1 | 9.000 |
| **PVD** | Non Especificados | N.E. | 18.626 | 0'15 | 2 | 9.313 |
| | | **Total** | **12.789.327** | **100** | **136** | **94.039** |

Ao longo do bienio 2010-2011 financiáronse 136 intervencións no exterior cun promedio de 94.039€ a través de todos os instrumentos de axuda. Tan só Guatemala, Nicaragua, Bolivia, Ecuador, O Salvador e Perú superaron a decena de intervencións. En 18 países as intervencións foron inferiores a cinco. Nalgúns casos tratouse de intervencións puntuais de acción humanitaria (Chad, Colombia, Congo R.D., Cuba, Palestina, Paquistán, Kenya, Serra Leoa e Uganda) mentres que noutros casos como Angola, Guinea Bissau, Mauritania e Namibia o baixo número de intervencións implica, pola contra, un elevado volume de recursos desembolsados por intervención financiada. En relación aos países prioritarios da cooperación galega, resulta significativo que nos casos de Nicaragua, O Salvador, Haití, Perú e Cabo Verde o promedio por intervención sexa inferior á media de 94.000€. Por outra banda, en Nicaragua, O Salvador, Perú e Haití superáronse a decena de intervencións co que se detecta unha tendencia á fragmentación dos desembolsos nos devanditos países.

**Mapa 2:** Principais países receptores da AOD da Xunta de Galicia por número de intervencións financiadas, 2010-2011




A través das convocatorias resoltas e dos convenios formalizados no bienio 2010-2011 financiáronse 92 intervencións no exterior cun promedio de 83.786€. Tan só Haití e Guatemala superaron a decena de intervencións. En 14 países as intervencións foron inferiores a dúas. Nalgúns casos tratouse de intervencións puntuais de acción humanitaria (Chad, Colombia, Congo R.D., Cuba, Palestina, Paquistán, Kenya, Serra Leoa, Uganda). En relación aos países prioritarios da cooperación galega, resulta significativo que nos casos de Nicaragua, O Salvador, Haití e Cabo Verde o promedio por intervención sexa inferior á media de 83.786€. Por outra banda, en Haití superouse a decena de intervencións cun baixo desembolso medio, por mor de tratarse de actuacións de emerxencia e acción humanitaria derivadas do terremoto que asolou ao país en xaneiro do 2010. En relación ao descenso do promedio por intervención, no bienio 2010-2011 non se realizou a convocatoria de programas de cooperación no exterior

para ONGD, convocatoria cuns claros efectos correctores positivos no incremento do promedio financeiro das intervencións.

**Cadro 15**: Listaxe de países receptores da AOD da Xunta de Galicia por área xeográfica, nivel de renda, volume de recursos desembolsados, porcentaxe sobre o total de AOD no exterior, número de proxectos por país e promedio de AOD desembolsada por proxecto e país, só convenios e convocatorias 2010-2011 (euros)

| Rexión | País | Nivel renda | Volume de recursos desembolsados | % país/total | Nº de intervencións | Promedio |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **América Central** | Guatemala | RMB | 1.308.076 | 16,95 | 11 | 118.916 |
| | Nicaragua | RMB | 392.892 | 5,09 | 6 | 65.482 |
| | Honduras | RMB | 383.586 | 4,97 | 2 | 191.793 |
| | O Salvador | RMB | 361.330 | 4,68 | 6 | 60.221 |
| | América Central, N.E. | N.E. | 315.000 | 4,08 | 2 | 157.500 |
| **Caribe** | Dominicana, República | RMB | 884.116 | 11,46 | 8 | 110.514 |
| | Haití | PMA | 366.119 | 4,74 | 12 | 30.509 |
| | Cuba | RMA | 12.243 | 0,16 | 1 | 12.243 |
| **América do Sur** | Perú | RMB | 978.613 | 12,68 | 9 | 108.735 |
| | Bolivia | RMB | 566.443 | 7,34 | 4 | 141.611 |
| | Ecuador | RMB | 930.460 | 12,06 | 6 | 155.077 |
| | Arxentina | RMA | 129.726 | 1,68 | 3 | 43.242 |
| | Colombia | RMB | 52.099 | 0,68 | 1 | 52.099 |
| **Norte de África** | Poboación Saharauí | S.D. | 0 | 0,00 | 0 | 0,0 |
| | Mauritania | PMA | 104.983 | 1,36 | 2 | 52.491 |
| **África Subsahariana** | Guinea Bissau | PMA | 0 | 0,00 | 0 | 0,0 |
| | Mozambique | PMA | 366.714 | 4,75 | 4 | 91.678 |
| | Angola | PMA | 0 | 0,00 | 0 | 0,0 |
| | Namibia | RMB | 234.536 | 3,04 | 2 | 117.268 |
| | Cabo Verde | RMB | 88.708 | 1,15 | 2 | 44.354 |
| | Uganda | PMA | 50.000 | 0,65 | 1 | 50.000 |
| | Serra Leoa | PMA | 40.000 | 0,52 | 1 | 40.000 |
| | Senegal | PMA | 25.000 | 0,32 | 1 | 25.000 |
| | Chad | PMA | 25.000 | 0,32 | 1 | 25.000 |
| | Congo, R.D. | PMA | 10.000 | 0,13 | 1 | 10.000 |
| | Kenya | PMA | 10.000 | 0,13 | 1 | 10.000 |
| **Oriente Medio** | Palestina | RMB | 45.000 | 0,58 | 2 | 22.500 |
| **Asia Sur** | India | RMB | 0,00 | 0,00 | 0 | 0,0 |
| | Paquistán | RMB | 9.000 | 0,12 | 1 | 9.000 |
| **PVD** | Non Especificados | N.E. | 18.626 | 0,24 | 2 | 9.313 |
| | | **Total** | **7.708.270** | **100%** | **92** | **83.785** |

Se atendemos á área xeográfica, un 82% da axuda desembolsada concéntrase e América Latina mentres que un 13% se destina á África Subsahariana e un 4% ao Norte de África. Seguindo coas tendencias do *I Plan Director da Cooperación Galega*, un 54% destínase a América Central e Caribe, seguido de América do Sur cun 27%.

**Cadro 16**: Distribución da AOD da Xunta de Galicia desembolsada no exterior por área xeográfica, 2010-2011

| Área xeográfica | AOD desembolsada | % sobre total AOD |
|---|---|---|
| América Central | 5.135.224 € | 40,2% |
| América do Sur | 3.500.423 € | 27,4% |
| Caribe | 1.837.378 € | 14,4% |
| África Subsahariana | 1.669.694 € | 13,1% |
| Norte de África | 564.146 € | 4,4% |
| Oriente Medio | 45.000 € | 0,4% |
| Sur de Asia | 18.836 € | 0,1% |
| PVD, N.E. | 18.626 € | 0,1% |
| **Total** | **12.789.327 €** | **100%** |

**Gráfico 12**: Distribución da AOD da Xunta de Galicia desembolsada no exterior por área xeográfica en porcentaxe, 2010-2011




**Mapa 3:** Principais áreas xeográficas receptoras de AOD da Xunta de Galicia, 2010-2011




As convocatorias resoltas e os convenios formalizados no bienio 2010-2011 concentraron en América Latina o 87% dos desembolsos no exterior mentres que descendeu ao 11% a porcentaxe destinada a África Subsahariana.

**Cadro 17**: Distribución da AOD da Xunta de Galicia desembolsada no exterior por área xeográfica, só convocatorias e convenios 2010-2011

| Área xeográfica | AOD desembolsada | % sobre total AOD |
|---|---|---|
| América Central | 2.760.884 € | 35,8% |
| América do Sur | 2.657.341 € | 34,5% |
| Caribe | 1.262.478 € | 16,4% |
| África Subsahariana | 849.958 € | 11,0% |
| Norte de África | 104.983 € | 1,4% |
| Oriente Medio | 45.000 € | 0,6% |
| Sur de Asia | 9.000 € | 0,1% |
| PVD, N.E. | 18.626 € | 0,2% |
| **Total** | **7.708.270 €** | **100** |

**Gráfico 13**: Distribución da AOD da Xunta de Galicia desembolsada no exterior por área xeográfica en porcentaxe, convocatorias e convenios 2010-2011




En relación ao nivel de renda dos países destino da cooperación galega, o 77% da mesma destinouse a países de renda media baixa (PRMB) mentres que os países menos adiantados (PMA) recibiron un 18% da mesma.

**Cadro 18**: Evolución da AOD da Xunta de Galicia desembolsada no exterior por nivel de renda do país, 2010-2011

| Nivel renda país | 2010 | | 2011 | | Total | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Importe | % | Importe | % | Importe | % |
| Países Menos Adiantados, PMA | 1.546.443 € | 20% | 694.611 € | 15% | 2.241.054 € | 18% |
| Países Renda Media Baixa, PRMB | 5.912.020 € | 74% | 3.789.398 € | 81% | 9.701.418 € | 77% |
| Países Renda Media Alta, PRMA | 248.100 € | 3% | 55.612 € | 1% | 303.712 € | 2% |
| Sen especificar | 247.800 € | 3% | 167.183 € | 3% | 414.983 € | 3% |
| **Total** | **7.954.363 €** | **100%** | **4.706.804 €** | **100%** | **12.661.167 €** | **100%** |

**Gráfico 14**: Distribución da AOD da Xunta de Galicia desembolsada no exterior por nivel de renda, 2010-2011




Se centramos a análise nos datos das convocatorias e convenios do 2010-2011, os PRMB ascenden ao 81% do total mentres que os PMA descenden ao 12%.

**Cadro 19** Evolución da AOD da Xunta de Galicia desembolsada no exterior por nivel de renda do país, só convocatorias e convenios 2010-2011

| Nivel renda país | Total | |
|---|---|---|
| | Importe | % |
| Países Menos Adiantados, PMA | 892.833 € | 11% |
| Países Renda Media Baixa, PRMB | 6.234.859 € | 81% |
| Países Renda Media Alta, PRMA | 141.969 € | 2% |
| Sen especificar | 438.609 € | 6% |
| **Total** | **7.708.270 €** | **100%** |

**Gráfico 15**: Distribución da AOD da Xunta de Galicia desembolsada no exterior por nivel de renda, só convocatorias e convenios 2010-2011



**Mapa 4:** Países receptores da AOD da Xunta de Galicia por nivel de renda, 2010-2011



## 4.4. Distribución sectorial da AOD da Xunta de Galicia

| Obxectivos xerais | Obxectivos específicos | Subproceso | Indicadores | Estado |
|---|---|---|---|---|
| O.X. 1 Contribuír á loita contra a pobreza colaborando na consecución dos ODM | O.E. 1.1 Priorizar as actividades destinadas á satisfacción de necesidades sociais básicas | Concentración sectorial | I.1.1.1 Como mínimo, un 30% da axuda desembolsada no exterior destinouse á satisfacción das necesidades sociais básicas | Superado |
| O.X. 2 Potenciar o desenvolvemento económico de base local e ambientalmente sustentable | O.E. 2.2 Fortalecer un tecido produtivo diversificado con especial atención tanto aos sectores en que Galicia achega un recoñecido valor agregado como ás formas de organización baseadas no cooperativismo | | I. 2.2.1 Como mínimo, un 25% da axuda desembolsada dedicada ao sector de actuación *infraestrutura e promoción do tecido económico* destinouse a proxectos de economía social e cooperativa | Superado |
| | O.E. 2.3 Fomentar os proxectos en que se considere o desenvolvemento rural, pesqueiro e acuícola de base social e ambientalmente sustentable | | I. 2.3.1 Como mínimo, un 40% da axuda desembolsada dedicada ao sector de actuación *infraestrutura e promoción do tecido económico* dedicouse aos sectores pesqueiro ou acuícola e agrícola | Superado |
| O.X. 5 Realizar unha acción humanitaria integral de calidade | O.E. 5.1 Contribuír á redución de riscos fortalecendo a capacidade local para diminuír a vulnerabilidade de poboacións ante posibles catástrofes | | I.5.1.1 Como mínimo, un 25% do total da axuda desembolsada dedicada a acción humanitaria destinouse á redución de riscos ante posibles catástrofes | Progreso insuficiente |
| O.X. 7 Manter un adecuado grao de concentración dos fondos | O.E. 7.2 Lograr un nivel de concentración dos recursos nos diferentes sectores de acordo co establecido nas prioridades sectoriais | Previsibilidade | I. 7.2.1 Non existiu unha desviación relevante na distribución sectorial da axuda desembolsada con respecto á orientación proposta no II Plan director, nin en canto á ordenación dos sectores por orde de prioridade nin en canto ao volume relativo de fondos que se destinou a cada un deles | Acadado |

No bienio 2010-2011 a distribución sectorial da AOD da Xunta de Galicia axustouse nun alto grao á porcentaxe prevista na distribución indicativa das prioridades sectoriais do *II Plan Director da Cooperación Galega*. Co fin de garantir a continuidade, previsibilidade e a consolidación a medio prazo dos contidos especializados da cooperación galega, deuse continuidade á distribución sectorial prevista no I Plan Director malia que co cambio de denominación de tres prioridades: ao sector de participación social, desenvolvemento instucional e bo goberno engádese *construción da paz,* defensa do medio ambiente pasa a denominarse *xestión ambiental sustentable e hábitat* e sensibilización social e educación para o desenvolvemento fica reducida a *educación para o desenvolvemento*.

No sector de cobertura de necesidades sociais básicas a porcentaxe prevista superouse nun 1% mentres que en infraestrutura e promoción do tecido económico e mais en investimento no ser humano superouse nun 2% e 3% respectivamente. Pola contra, no sector de participación social, desenvolvemento institucional, bo goberno e construción da paz a AOD desembolsada non chegou á terceira parte do previsto no Plan Director. Pola contra, en acción humanitaria (-3%), xestión ambiental sustentable e hábitat (-2%) e educación para o desenvolvemento (-1%) estase preto do cumprimento do obxectivo sectorial. Por último, en consolidación e fortalecemento de axentes acadouse a porcentaxe prevista do 4%.

**Cadro 20**: Distribución sectorial da AOD da Xunta de Galicia, 2010-2011

| | Sector | Total | % sobre a AOD desembolsada 2010-2011 | % Obxectivo II Plan Director | % obxectivo | Estado |
|---|---|---|---|---|---|---|
| A | Cobertura de necesidades sociais básicas | 5.165.135 € | 31% | 30% | +1% | Superado |
| B | Infraestrutura e promoción do tecido económico | 4.487.165 € | 27% | 25% | +2% | Superado |
| C | Participación social, desenvolvemento institucional, bo goberno e construción da paz | 643.651 € | 4% | 14% | -10% | Progreso insuficiente |
| D | Acción humanitaria | 761.500 € | 5% | 8% | -3% | En progreso |
| E | Educación para o desenvolvemento | 1.094.404 € | 7% | 8% | -1% | En progreso |
| F | Investimento no ser humano | 1.440.074 € | 9% | 6% | +3% | Superado |
| G | Xestión ambiental sustentable e hábitat | 291.038 € | 2% | 4% | -2% | En progreso |
| H | Consolidación e fortalecemento de axentes | 568.641 € | 4% | 4% | 0% | Acadado |
| I | Sectores CAD non adscritos aos sectores anteriores | 1.751.145 € | 11% | 1% | +10% | Superado |
| | **TOTAL** | **16.202.753 €** | **100%** | **100%** | | |

**Gráfico 16**: Distribución sectorial da AOD da Xunta de Galicia en porcentaxe, 2010-2011




En total, un 40% da axuda desembolsada no exterior destinouse á satisfacción das necesidades sociais básicas, é dicir, 5.165.135€ dun total de 12.789.327€.

En relación á distribución intrasectorial, a axuda desembolsada no exterior no sector *Infraestrutura e promoción do tecido económico* acada 4.487.165€, dos que 1.232.837€ se destinan a proxectos de economía social e cooperativa, o que supón un 27,5%. Por outra banda, no mesmo sector, destináronse 2.814.472€ a proxectos do subsector acuícola, pesqueiro e agrícola, o que supón un 63% do total desembolsado nese sector. O total de axuda desembolsada para o desenvolvemento de actuacións de acción humanitaria durante o 2010-2011 foi de 836.707€, dos que 95.464 € foron destinados á prevención de riscos de desastres, o que representa un 11%, un 14% inferior ao previsto no indicador correspondente.

Se nos centramos en exclusiva nos desembolsos da DXRREE e UE a través das convocatorias resoltas e convenios formalizados no bienio 2010-2011 observamos un grao semellante de cumprimento cos obxectivos do II Plan Director. Outra volta no sector de participación social, desenvolvemento institucional, bo goberno e construción da paz tan só se desembolsou preto dun terzo da porcentaxe prevista. Nos sectores de cobertura de necesidades sociais básicas e mais en xestión ambiental sustentable e hábitat estase a un 1% de acadar cadanseu obxectivo sectorial. En canto aos indicadores superados, sinalar que se sobrepasou nun 2% no sector de infraestrutura e promoción do tecido económico, en educación para o desenvolvemento, en investimento no ser humano. Por último, o sector de consolidación e fortalecemento de axentes recibiu unha porcentaxe superior nun 1%.

**Cadro 21**: Distribución sectorial da AOD da DXRREE e UE, só convocatorias e convenios 2010-2011

| Sector | | Total | % sobre a AOD desembolsada 2010-2011 | % Obxectivo II Plan Director | % obxectivo | Estado |
|---|---|---|---|---|---|---|
| A | Cobertura de necesidades sociais básicas | 2.680.107 € | 29% | 30% | -1% | En progreso |
| B | Infraestrutura e promoción do tecido económico | 2.460.056 € | 27% | 25% | +2% | Superado |
| C | Participación social, desenvolvemento institucional, bo goberno e construción da paz | 473.001 € | 5% | 14% | -9% | Progreso insuficiente |
| D | Acción humanitaria | 761.464 € | 8% | 8% | 0% | Acadado |
| E | Educación para o desenvolvemento | 936.591 € | 10% | 8% | +2% | Superado |
| F | Investimento no ser humano | 707.421 € | 8% | 6% | +2% | Superado |
| G | Xestión ambiental sustentable e hábitat | 237.445 € | 3% | 4% | -1% | En progreso |
| H | Consolidación e fortalecemento de axentes | 471.929 € | 5% | 4% | +1% | Superado |
| I | Sectores CAD non adscritos aos sectores anteriores | 414.320 € | 5% | 1% | +4% | Superado |
| | TOTAL | 9.142.334 € | 100% | 100% | | |

**Gráfico 17**: Distribución sectorial da AOD da DXRREE e UE en porcentaxe, só convocatorias e convenios 2010-2011




Se analizamos a AOD da Xunta de Galicia distribuíble sectorialmente no bienio 2010-2011 tendo en conta os sectores do CAD, detéctase unha concentración de recursos no sector das infraestruturas e servizos sociais (42%) e nos sectores produtivos (18%) así como unha porcentaxe relevante no sector multisectorial (8%) e no sector sen especificar no que se inclúe a sensibilización e educación para o desenvolvemento (9%). Dentro do primeiro sector destaca o peso do sector educación, que recibe un 15% do total da AOD da Xunta de Galicia.

**Cadro 22**: Distribución sectorial da AOD da Xunta de Galicia por sectores CAD e peso relativo, 2010-2011 (euros)

| Código sector | Descrición sector | 2010 | | 2011 | | Total | | % Total AOD |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | Importe | % | Importe | % | Importe | % | |
| **I. Achegas distribuíbles sectorialmente** | | **7.329.667,69** | **100%** | **4.612.064,81** | **100%** | **11.941.732,50** | **100%** | **67%** |
| **100. Infraestruturas e servizos sociais** | | **4.534.186,66** | **62%** | **2.887.674,67** | **63%** | **7.421.861,33** | **62%** | **42%** |
| *110. Educación* | | *1.562.335,49* | *21%* | *1.074.940,92* | *23%* | *2.637.276,41* | *22%* | *15%* |
| *120. Saúde* | | *624.435,00* | *9%* | *326.405,00* | *7%* | *950.840,00* | *8%* | *5%* |
| *130. Programas/políticas sobre poboación e saúde reprodutiva* | | *482.502,86* | *7%* | *387.962,86* | *8%* | *870.465,72* | *7%* | *5%* |
| *140. Abastecemento de auga e saneamento* | | *693.379,25* | *9%* | *386.184,39* | *8%* | *1.079.563,64* | *9%* | *6%* |
| *150. Goberno e sociedade civil* | | *358.150,00* | *5%* | *285.501,00* | *6%* | *643.651,00* | *5%* | *4%* |
| *160. Outros servizos e infraestruturas sociais* | | *813.384,06* | *11%* | *426.680,50* | *9%* | *1.240.064,56* | *10%* | *7%* |
| **300. Sectores produtivos** | | **1.814.645,00** | **25%** | **1.311.368,00** | **28%** | **3.126.013,00** | **26%** | **18%** |
| **400. Multisectorial** | | **980.836,03** | **13%** | **413.022,14** | **9%** | **1.393.858,17** | **12%** | **8%** |
| **II. Achegas non distribuíbles sectorialmente** | | **3.418.521,61** | **100%** | **2.396.168,06** | **100%** | **5.814.689,67** | **100%** | **33%** |
| **500. Subministro de bens e axuda xeral a programas** | | **20.000,00** | **1%** | **65.330,50** | **3%** | **85.330,50** | **1%** | **0%** |
| **700. Axuda de emerxencia** | | **689.317,03** | **20%** | **72.183,00** | **3%** | **761.500,03** | **13%** | **4%** |
| **910. Custes administrativos doador** | | **1.176.358,47** | **34%** | **791.631,00** | **33%** | **1.967.989,47** | **34%** | **11%** |
| **920. Apoio a organizacións non gobernamentais** | | **287.298,43** | **8%** | **281.342,65** | **12%** | **568.641,08** | **10%** | **3%** |
| **930. Axuda a refuxiados no país doador** | | **458.133,00** | **13%** | **349.775,00** | **15 %** | **807.908,00** | **14%** | **5%** |
| **998. Sen especificar/non clasificados** | | **787.414,68** | **23%** | **835.905,91** | **35%** | **1.623.320,59** | **28%** | **9%** |
| **Total AOD bilateral bruta (=I+II)** | | **10.748.189,30** | **100 %** | **7.008.232,87** | **100 %** | **17.756.422,17** | **100 %** | **100%** |

A análise máis polo miúdo dos sectores CAD e dos códigos CRS revelan unha xerarquización das prioridades sectoriais da Xunta de Galicia. Xa que logo, a cooperación galega realiza un alto investimento sectorial nos sectores produtivos (18% do total), onde destacan a agricultura (9%) e a pesca (7%). Ademais, o desenvolvemento rural recibe un 7% do total de AOD. Estes tres sectores foron sinalados polo II Plan Director como fonte de especialización e vantaxe comparativa sectorial da cooperación galega tal e como xa establecera o I Plan Director. En relación ao resto de sectores, a educación co 15% revélase como o outro sector cun alto investimento sectorial. Por último, tamén resulta relevante o peso relativo do sector de abastecemento de auga e saneamento (6%) así como a sensibilización (6%).

**Gráfico 18:** Clasificación dos principais sectores CAD da AOD da Xunta de Galicia en porcentaxe, 2010-2011




Atendendo aos desembolsos da DXRREE e UE no bienio 2010-2011, detectamos un incremento nas porcentaxes destinadas a agricultura (14%), sensibilización (10%), educación básica (8%), goberno e sociedade civil (5%), apoio a ONG nacionais (5%) e educación universitaria (5%). As porcentaxes mantéñense estables ou semellantes en pesca (7%) e abastecemento de auga (7%). Pola contra, detéctase un retroceso nas porcentaxes destinadas a desenvolvemento rural (5%), a saúde básica (3%), programas/políticas sobre poboación e saúde reprodutiva (2%) e vivendas de baixo custo (2%).

**Gráfico 19:** Clasificación dos principais sectores CAD da AOD da DXRREE e UE en porcentaxe, só convocatorias e convenios 2010-2011



**Cadro 23**: Distribución sectorial da AOD da Xunta de Galicia por sectores CAD e códigos CRS e peso relativo, 2010-2011 (euros)

| Código sector | Descrición sector | 2010 Importe | 2010 % | 2011 Importe | 2011 % | Total Importe | Total % |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **111** | **Educación, nivel non especifico** | **458.917,79** | **4,3** | **197.423,00** | **2,8** | **656.340,79** | **3,7** |
| 11110 | Política educativa e xestión administrativa | 402.023,79 | 3,7 | 197.423,00 | 2,8 | 599.446,79 | 3,4 |
| 11130 | Formación de profesores | 56.894,00 | 0,5 | - | 0,0 | 56.894,00 | 0,3 |
| **112** | **Educación básica** | **509.499,26** | **4,7** | **429.371,26** | **6,1** | **938.870,52** | **5,3** |
| 11220 | Educación primaria | 361.127,96 | 3,3 | 341.921,96 | 4,9 | 703.049,92 | 4,0 |
| 11230 | Capacitación básica de mozos e adultos | 148.372,00 | 1,4 | 87.450,00 | 1,2 | 235.822,00 | 1,3 |
| **113** | **Educación secundaria** | **327.376,34** | **3,0** | **231.604,56** | **3,3** | **558.980,90** | **3,1** |
| 11330 | Formación profesional | 327.376,34 | 3,0 | 231.604,56 | 3,3 | 558.980,90 | 3,1 |
| **114** | **Educación post-secundaria** | **266.542,10** | **2,5** | **216.542,10** | **3,1** | **483.084,20** | **2,7** |
| 11420 | Educación universitaria | 266.542,10 | 2,5 | 216.542,10 | 3,1 | 483.084,20 | 2,7 |
| **121** | **Saúde, xeral** | **57.879,00** | **0,5** | **180.113,00** | **2,6** | **237.992,00** | **1,3** |
| 12110 | Política sanitaria e xestión administrativa. | 9.200,00 | 0,1 | 113.365,00 | 1,6 | 122.565,00 | 0,7 |
| 12191 | Servizos médicos | 48.679,00 | 0,4 | 66.748,00 | 1,0 | 115.427,00 | 0,7 |
| **122** | **Saúde básica** | **566.556,00** | **5,3** | **146.292,00** | **2,1** | **712.848,00** | **4,0** |
| 12220 | Atención sanitaria básica | 383.787,00 | 3,6 | 84.956,00 | 1,2 | 468.743,00 | 2,6 |
| 12230 | Infraestrutura sanitaria básica | 87.800,00 | 0,8 | - | 0,0 | 87.800,00 | 0,5 |
| 12261 | Educación sanitaria | 94.969,00 | 0,9 | 61.336,00 | 0,9 | 156.305,00 | 0,9 |
| **130** | **Programas/políticas sobre poboación e saúde reprodutiva** | **382.502,86** | **4,5** | **387.962,86** | **5,5** | **870.465,72** | **4,9** |
| 13020 | Atención saúde reprodutiva | 129.581,49 | 2,1 | 229.581,49 | 3,3 | 459.162,98 | 2,6 |
| 13040 | Loita contra enfermidades de transmisión sexual, incluída a VIH/SIDA | 133.770,00 | 1,2 | 87.681,00 | 1,3 | 221.451,00 | 1,2 |
| 13081 | Formación de persoal para poboación e saúde reprodutiva | 119.151,37 | 1,1 | 70.700,37 | 1,0 | 189.851,74 | 1,1 |
| **140** | **Abastecemento de auga e saneamento** | **693.379,25** | **6,5** | **386.184,39** | **5,5** | **1.079.563,64** | **6,1** |
| 14010 | Política de recursos hídricos e xestión administrativa | 104.912,58 | 1,0 | 69.941,72 | 1,0 | 174.854,30 | 1,0 |
| 14030 | Abastecemento de auga potable e saneamento básico – sistemas menores | 443.279,00 | 4,1 | 171.055,00 | 2,4 | 614.334,00 | 3,5 |
| 14050 | Eliminación / tratamento residuos sólidos | 145.187,67 | 1,4 | 145.187,67 | 2,1 | 290.375,34 | 1,6 |
| **151** | **Goberno e Sociedade Civil sen especificar** | **358.150,00** | **3,3** | **285.501,00** | **4,1** | **643.651,00** | **3,6** |
| 15150 | Fortalecemento sociedade civil | 172.646,00 | 1,6 | 198.001,00 | 2,8 | 370.647,00 | 2,1 |
| 15160 | Dereitos humanos | 40.976,00 | 0,4 | - | 0,0 | 40.976,00 | 0,2 |
| 15170 | Organizacións e institucións da igualdade das mulleres | 144.528,00 | 1,3 | 87.500,00 | 1,2 | 232.028,00 | 1,3 |
| **160** | **Outros servizos e infraestruturas sociais** | **813.384,06** | **7,6** | **426.680,50** | **6,1** | **1.240.064,56** | **7,0** |
| 16010 | Servizos sociais | 33.611,56 | 0,3 | - | 0,0 | 33.611,56 | 0,2 |
| 16020 | Política de emprego e xestión administrativa | 68.540,00 | 0,6 | - | 0,0 | 68.540,00 | 0,4 |
| 16040 | Vivendas de baixo custo | 423.289,00 | 3,9 | 221.624,00 | 3,2 | 644.913,00 | 3,6 |
| 16050 | Axuda multisectorial para servizos sociais básicos | 287.943,50 | 2,7 | 205.056,50 | 2,9 | 493.000,00 | 2,8 |
| **311** | **Agricultura** | **917.437,69** | **8,5** | **733.201,19** | **10,5** | **1.650.638,88** | **9,3** |
| 31120 | Desenvolvemento agrario | 326.976,19 | 3,0 | 422.291,69 | 6,0 | 749.267,88 | 4,2 |
| 31161 | Produción alimentos agrícolas | 379.496,00 | 3,5 | 193.017,00 | 2,8 | 572.513,00 | 3,2 |
| 31162 | Cultivos industriais para a exportación | 69.323,00 | 0,6 | - | 0,0 | 69.323,00 | 0,4 |
| 31163 | Gandaría | 117.892,50 | 1,1 | 117.892,50 | 1,7 | 235.785,00 | 1,3 |
| 31166 | Extensión agraria | 23.750,00 | 0,2 | - | 0,0 | 23.750,00 | 0,1 |
| **312** | **Silvicultura** | **87.472,96** | **0,8** | **87.472,96** | **1,2** | **174.945,92** | **1,0** |
| 31210 | Política forestal e xestión administrativa | 87.472,96 | 0,8 | 87.472,96 | 1,2 | 174.945,92 | 1,0 |
| **313** | **Pesca** | **673.139,35** | **6,3** | **490.693,85** | **7,0** | **1.163.833,20** | **6,6** |
| 31310 | Política pesqueira e xestión administrativa | 300.000,00 | 2,8 | 123.801,00 | 1,8 | 423.801,00 | 2,4 |
| 31320 | Desenvolvemento pesqueiro | 373.139,35 | 3,5 | 366.892,85 | 5,2 | 740.032,20 | 4,2 |
| **321** | **Industria** | **100.595,00** | **0,9** | **-** | **0,0** | **100.595,00** | **0,6** |
| 32161 | Agroindustrias | 100.595,00 | 0,9 | - | 0,0 | 100.595,00 | 0,6 |
| **332** | **Turismo** | **36.000,00** | **0,3** | **-** | **0,0** | **36.000,00** | **0,2** |
| 33210 | Política turística e xestión administrativa | 36.000,00 | 0,3 | - | 0,0 | 36.000,00 | 0,2 |
| **410** | **Protección xeral do medio ambiente** | **116.092,00** | **1,1** | **-** | **0,0** | **116.092,00** | **0,7** |
| 41010 | Política medioambiental e xestión administrativa | 62.499,00 | 0,6 | - | 0,0 | 62.499,00 | 0,4 |
| 41081 | Educación / formación ambiental | 53.593,00 | 0,5 | - | 0,0 | 53.593,00 | 0,3 |
| **430** | **Outros multisectorial** | **864.744,03** | **8,0** | **413.022,14** | **5,9** | **1.277.766,17** | **7,2** |
| 43010 | Axuda multisectorial | - | 0,0 | 55.611,50 | 0,8 | 55.611,50 | 0,3 |
| 43040 | Desenvolvemento rural | 864.744,03 | 8,0 | 357.410,64 | 5,1 | 1.222.154,67 | 6,9 |
| **520** | **Axuda alimentaria para o desenvolvemento/ Axuda á seguridade alimentaria** | **20.000,00** | **0,2** | **65.330,50** | **0,9** | **85.330,50** | **0,5** |
| 52010 | Axuda alimentaria / Programas de seguridade alimentaria | 20.000,00 | 0,2 | 65.330,50 | 0,9 | 85.330,50 | 0,5 |
| **720** | **Axudas de emerxencia** | **310.979,52** | **2,9** | **47.183,00** | **0,7** | **358.162,52** | **2,0** |
| 72010 | Axuda e servizos materiais de emerxencia | 310.979,52 | 2,9 | 30.000,00 | 0,4 | 340.979,52 | 1,9 |
| 72040 | Axuda alimentaria de emerxencia | 0,00 | 0,0 | 17.183,00 | 0,2 | 17.183,00 | 0,1 |
| **730** | **Axuda á reconstrución e rehabilitación** | **300.873,76** | **2,8** | **25.000,00** | **0,4** | **325.873,76** | **1,8** |
| 73010 | Axuda á reconstrución e rehabilitación | 300.873,76 | 2,8 | 25.000,00 | 0,4 | 325.873,76 | 1,8 |
| **740** | **Prevención de desastres** | **77.463,75** | **0,7** | **-** | **0,0** | **77.463,75** | **0,4** |
| 74010 | Prevención de desastres | 77.463,75 | 0,7 | - | 0,0 | 77.463,75 | 0,4 |
| **910** | **Custes administrativos doadores** | **1.363.518,47** | **12,7** | **1.018.791,00** | **14,5** | **2.382.309,47** | **13,4** |
| 91010 | Custes administrativos | 1.363.518,47 | 12,7 | 1.018.791,00 | 14,5 | 2.382.309,47 | 13,4 |
| **920** | **Apoio a organizacións non gobernamentais** | **287.298,43** | **2,7** | **281.342,65** | **4,0** | **568.641,08** | **3,2** |
| 92010 | Apoio a ONG nacionais | 287.298,43 | 2,7 | 281.342,65 | 4,0 | 568.641,08 | 3,2 |
| **930** | **Axuda a refuxiados no país doador** | **458.133,00** | **4,3** | **349.775,00** | **5,0** | **807.908,00** | **4,5** |
| 93010 | Axuda a refuxiados no país doador | 458.133,00 | 4,3 | 349.775,00 | 5,0 | 807.908,00 | 4,5 |
| **998** | **Sen asinar/sen especificar** | **600.254,68** | **5,6** | **608.745,91** | **8,7** | **1.209.000,59** | **6,8** |
| 99810 | Sectores non identificados | 114.597,00 | 1,1 | - | 0,0 | 114.597,00 | 0,6 |
| 99820 | Sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento | 485.657,68 | 4,5 | 608.745,91 | 8,7 | 1.094.403,59 | 6,2 |
| | **Total** | **10.748.189,30** | **100,0** | **7.008.232,87** | **100,0** | **17.756.422,17** | **100,0** |

Consonte aos criterios establecidos polo CAD para medir o grao de cumprimento do Compromiso 20/20 establecido no *Cumio Mundial sobre Desenvolvemento Social* celebrado en Copenhague no ano 1995, a cooperación galega destinou un 30% da súa AOD distribuíble sectorialmente a servizos sociais básicos no bienio 2010-2011.

**Cadro 24**: Distribución sectorial da AOD bruta distribuíble da Xunta de Galicia cara á cobertura de servizos sociais básicos por volume e peso relativo, 2010-2011 (euros)

| Código sector | Descrición sector | 2010 | | 2011 | | Total | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | Importe | % | Importe | % | Importe | % |
| **I. Achegas distribuíbles sectorialmente** | | **7.329.668** | **100** | **4.612.065** | **100** | **11.941.733** | **100** |
| **112** | **Educación básica** | **509.499** | **7,0** | **429.371** | **9,3** | **938.871** | **7,9** |
| 11220 | Educación primaria | 361.128 | 4,9 | 341.922 | 7,4 | 703.050 | 5,9 |
| 11230 | Capacitación básica de mozos e adultos | 148.372 | 2,0 | 87.450 | 1,9 | 235.822 | 2,0 |
| **122** | **Saúde básica** | **566.556** | **7,7** | **146.292** | **3,2** | **712.848** | **6,0** |
| 12220 | Atención sanitaria básica | 383.787 | 5,2 | 84.956 | 1,8 | 468.743 | 3,9 |
| 12230 | Infraestrutura sanitaria básica | 87.800 | 1,2 | - | 0,0 | 87.800 | 0,7 |
| 12261 | Educación sanitaria | 94.969 | 1,3 | 61.336 | 1,3 | 156.305 | 1,3 |
| **130** | **Programas/políticas sobre poboación e saúde reprodutiva** | **482.503** | **6,6** | **387.963** | **8,4** | **870.466** | **7,3** |
| 13020 | Atención saúde reprodutiva | 129.581 | 1,8 | 229.581 | 5,0 | 359.163 | 3,0 |
| 13040 | Loita contra enfermidades de transmisión sexual, incluída a VIH/SIDA | 133.770 | 1,8 | 87.681 | 1,9 | 221.451 | 1,9 |
| 13081 | Formación de persoal para poboación e saúde reprodutiva | 119.151 | 1,6 | 70.700 | 1,5 | 189.852 | 1,6 |
| **14030** | **Abastecemento de auga potable e saneamento básico – sistemas menores** | **443.279** | **6,0** | **171.055** | **3,7** | **614.334** | **5,1** |
| **16050** | **Axuda multisectorial para servizos sociais básicos** | **287.944** | **3,9** | **205.057** | **4,4** | **493.000** | **4,1** |
| | **Total** | **2.289.781** | **31,2** | **1.339.738** | **29,0** | **3.629.518** | **30,4** |

Esta distribución achegouse ao 28% se coidamos en exclusiva os desembolsos derivados das convocatorias resoltas e convenios formalizados nese bienio.

**Cadro 25**: Distribución sectorial da AOD bruta distribuíble da DXRREE e UE cara á cobertura de servizos sociais básicos por volume e peso relativo, só convocatorias e convenios 2010-2011 (euros)

| Código sector | Descrición sector | 2010 | | 2011 | | Total | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | Importe | % | Importe | % | Importe | % |
| **I. Achegas distribuíbles sectorialmente** | | **2.755.611** | **100** | **3.717.086** | **100** | **6.472.697** | **100** |
| **112** | **Educación básica** | **342.248** | **12,4** | **429.371** | **11,6** | **771.619** | **11,9** |
| 11220 | Educación primaria | 254.798 | 9,2 | 341.922 | 9,2 | 596.720 | 9,2 |
| 11230 | Capacitación básica de mozos e adultos | 87.450 | 3,2 | 87.450 | 2,4 | 174.900 | 2,7 |
| **122** | **Saúde básica** | **112.266** | **4,1** | **146.292** | **3,9** | **258.558** | **4,0** |
| 12220 | Atención sanitaria básica | - | 0,0 | 84.956 | 2,3 | 84.956 | 1,3 |
| 12230 | Infraestrutura sanitaria básica | 87.800 | 3,2 | - | 0,0 | 87.800 | 1,4 |
| 12261 | Educación sanitaria | 24.466 | 0,9 | 61.336 | 1,7 | 85.802 | 1,3 |
| **130** | **Programas/políticas sobre poboación e saúde reprodutiva** | **70.700** | **2,6** | **70.700** | **1,9** | **141.401** | **2,2** |
| 13081 | Formación de persoal para poboación e saúde reprodutiva | 70.700 | 2,6 | 70.700 | 1,9 | 141.401 | 2,2 |
| **14030** | **Abastecemento de auga potable e saneamento básico – sistemas menores** | **166.625** | **6,0** | **171.055** | **4,6** | **337.680** | **5,2** |
| **16050** | **Axuda multisectorial para servizos sociais básicos** | **87.258** | **3,2** | **205.057** | **5,5** | **292.315** | **4,5** |
| | **Total** | **779.097** | **28,3** | **1.022.475** | **27,5** | **1.801.573** | **27,8** |

## 4.5. Instrumentos de canalización da AOD da Xunta de Galicia

| Obxectivos xerais | Obxectivos específicos | Subproceso | Indicadores | Estado |
|---|---|---|---|---|
| O.X. 6 Lograr unha maior previsibilidade a medio prazo dos recursos e marcos de actuación | O.E. 6.2 Incrementar os fondos dirixidos a accións con marcos de planificación plurianuais | **Previsibilidade Concentración xeográfica** | I.6.2.1 Como mínimo, un 20% da axuda desembolsada canalizouse mediante subvencións a programas de cooperación, incluíndo no cómputo de axuda desembolsada todo o canalizado mediante convocatorias, convenios, AH e capítulo VI | **Superado** |
| | | **Concentración** | I.6.2.2 Incrementouse como mínimo nun 25% o desembolso medio por proxecto respecto ao período 2006-2009, considerando de forma agregada todos os proxectos subvencionados mediante convocatorias a todos os axentes | **En progreso** |
| O.X. 8 Mellorar a planificación e a xestión das intervencións | O.E. 8.2 Mellorar a capacidade da Subdirección Xeral de Cooperación Exterior para liderar de forma efectiva unha acción humanitaria galega de calidade | **Concentración** | I. 8.2.3 Como mínimo, o 30% da axuda desembolsada dedicada a acción humanitaria canalizouse por medio de convocatoria pública | **Superado** |
| | O.E. 8.3 Mellorar a funcionalidade dos instrumentos de canalización da axuda e a súa adecuación aos tipos de actuación a que van destinados | | I. 8.3.1 Como máximo, o 25% da axuda desembolsada no exterior canalizouse a través de convenios, incluíndo no cómputo de axuda desembolsada todo o canalizado mediante convocatorias, convenios,AH e capítulo VI, e a utilización deste instrumento axustouse ao establecido. | **En progreso** |

O II Plan Director contempla os mesmos instrumentos de canalización da axuda có I Plan Director, baseados nos convenios e nas convocatorias públicas. A única novidade a nivel de instrumentos consistiu na convocatoria aberta e permanente de Acción Humanitaria, creada no ano 2010. Dentro das convocatorias públicas, na seguinte figura podemos observar como se vai despregando no tempo o músculo operativo da cooperación galega nun proceso paralelo á súa maduración como política pública plasmada na xestión de maiores orzamentos e na dotación dun marco estratéxico e operativo máis ambicioso e complexo.

**Figura 3:** Evolución das convocatorias públicas da cooperación da Xunta de Galicia por ano de creación do instrumento, 1994-2010




En relación ás convocatorias de axudas e subvencións da Xunta de Galicia no bienio 2010-2011 convocáronse as seguintes.

**Cadro 26:** Convocatorias públicas de subvencións e axudas a cooperación ao desenvolvemento da Xunta de Galicia, 2010

| 2010 | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Instrumento** | **Convocatoria** | **Resolución** | **Orzamento previsto** | **Orzamento concedido** | **% concedido/ previsto** | **Proxectos presentados** | **Proxectos financiados** | **% presentados/ financiados** |
| **Programas ONGD** | Non se convoca | -- | -- | -- | -- | -- | -- | |
| **Proxectos ONGD** | Orde do 11 de marzo de 2010 (DOG, 22 de marzo) | 15/07/2010 | 3.350.000,00 | 3.095.916,33 | 92% | 66 | 16 | 24% |
| **Proxectos outros axentes** | Orde do 11 de marzo de 2010 (DOG, 22 de marzo) | 15/07/2010 | 1.000.000,00 | 873.293,54 | 87% | 19 | 4 | 21% |
| **Microproxectos ONGD** | Orde do 19 de maio de 2010 (DOG, 25 de maio) | 02/08/2010 | 175.000,00 | 113.385,06 | 65% | 12 | 5 | 42% |
| **CAP axuda humanitaria** | Resolución do 21 de xaneiro de 2010 (DOG, 22 de xaneiro) | Aberta: xaneiro/xullo | 510.000,00 | 510.000 | 100% | 10 | 10 | 100% |
| **Educación para o desenvolvemento** | Orde do 11 de marzo de 2010 (DOG, 22 de marzo) | 15/07/2010 | 400.000,00 | 380.579,60 | 95% | 42 | 13 | 31% |
| **Fortalecemento de ONGD** | Orde do 11 de marzo de 2010 (DOG, 22 de marzo) | 15/07/2010 | 250.000,00 | 228.966,08 | 92% | 24 | 10 | 42% |
| | | | **5.685.000,00** | **5.202.140,61** | **89%** | **173** | **58** | **34%** |

**Cadro 27:** Convocatorias públicas de subvencións e axudas a cooperación ao desenvolvemento da Xunta de Galicia, 2011

| 2011 | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Instrumento** | **Convocatoria** | **Resolución** | **Orzamento previsto** | **Orzamento concedido** | **% concedido/ previsto** | **Proxectos presentados** | **Proxectos financiados** | **% presentados/ financiados** |
| **Programas ONGD** | Non se convoca | -- | -- | -- | | | -- | |
| **Proxectos ONGD** | Orde do 21 de decembro de 2010 (DOG, 30 de decembro). Modificada por Orde do 24 de maio de 2011 (DOG, 3 de xuño) | 14/06/2011 | Inicial: 3.350.000 Modificado: 1.812.269 | 1.812.269 | 100% | 68 | 10 | 15% |
| **Proxectos outros axentes** | Orde do 21 de decembro de 2010 (DOG, 30 de decembro). Modificada por Orde do 24 de maio de 2011 (DOG, 3 de xuño) | 14/06/2011 | Inicial: 1.000.000 Modificado: 562.830 | 562.830 | 100% | 11 | 4 | 36% |
| **Microproxectos ONGD** | Orde do 23 de febreiro de 2011 (DOG, 1 de marzo) | -- | 175.000 | 0 | 0% | 21 | 0 | 0% |
| **CAP axuda humanitaria** | Orde do 3 de marzo de 2011 (DOG, 10 de marzo) | Sen efecto por Orde do 24 de maio de 2011 (DOG, 3 de xuño) | 300.000 | 0 | 0% | 10 | 0 | 0% |
| **Educación para o desenvolvemento** | Orde do 21 de decembro de 2010 (DOG, 30 de decembro) | 14/06/2011 | 400.000 | 405.882 | 101% | 39 | 15 | 38% |
| **Fortalecemento de ONGD** | Orde do 21 de decembro de 2010 (DOG, 30 de decembro) | 14/06/2011 | 249.999 | 121.910 | 49% | 19 | 6 | 32% |
| | | | **3.500.098** | **2.902.891** | **83%** | **168** | **35** | **21%** |

Entre 2010 e 2011 resolvéronse convocatorias por importe de 8.105.031,61€ dos cales un 64% (5.202.140€) se concedeu no 2010 e un 36% (2.902.891€) no 2011. Esta diferenza débese á redución nun 44% da cantidade concedida en 2010 con respecto a 2011 por mor da aplicación de axustes orzamentarios que afectaron á dotación inicial das convocatorias no mes de maio de 2011. Xa que logo, no 2010 concedeuse un 89% do previsto e o 83% no 2011. Isto representa unha media de asignación do 86% do orzamento previsto. Non obstante, se temos en conta a previsión orixinal das convocatorias en 2011, unicamente se tería concedido o 53% do previsto o que rebaixaría a un 71% o promedio total do bienio.

Unha análise xeral das convocatorias revela unha alta demanda por parte dos actores destinatarios das mesmas. De feito, en 2010 presentáronse 173 solicitudes e no 2011 unha cantidade lixeiramente inferior, 168. Pola dotación orzamentaria dispoñible tan só se financiaron 58 e 35 proxectos respectivamente. Esta cantidade de proxectos representa que se financiaron un 34% do total das solicitudes no 2010 e un 21% no 2011, situándose o promedio do bienio nun 28%.

As medidas de consolidación fiscal e loita contra o déficit público da Xunta de Galicia motivaron que en 2011 algunhas convocatorias visen reducida a súa dotación orzamentaria inicial e que a convocatoria aberta e permanente de acción humanitaria fose deixada sen efecto. A dotación da convocatoria de proxectos no exterior de ONGD minguou en 1.537.731€ e de proxectos no exterior para outros axentes reduciuse en 437.170€. Por outra banda, no 2011 a convocatoria de microproxectos quedou deserta ao non acadar os proxectos presentados a puntuación mínima esixida na convocatoria.

A convocatoria de programas recibe unha atención especial no II Plan Director como instrumento central das medidas destinadas á mellora da previsibilidade, da concentración sectorial e xeográfica e de redución da fragmentación das intervencións financiadas. Sen embargo, por mor das restricións orzamentarias, a convocatoria de programas no exterior para ONGD non se convocou nos anos 2010, 2011 e 2012.

Durante o bienio 2010-2011, un 65% da AOD da Xunta de Galicia canalizouse a través de convocatorias e un 33% a través de convenios. A DXRREE e UE desembolsou un 70% a través de convocatorias e un 27% a través de convenios. De todos os xeitos, entre 2010 e 2011

os recursos desembolsados a través de convocatorias medraron un 6%, pasando do 62% ao 68% e descendo os convenios de vez un 3%.

**Cadro 28:** Instrumentos de canalización da AOD da Xunta de Galicia, 2010-2011 (euros)

| Tipo de instrumento | | Actividade | 2010 | | | 2011 | | | Total | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | Total por actividade | Total | % | Total por actividade | Importe | % | Total por actividade | Total | % |
| Convocatorias | *Subtotal convocatorias* | | | *6.112.894* | *63%* | | *4.355.030* | *68%* | | *10.467.924* | *65%* |
| | DXRREE e UE | Proxectos ONGD | 2.858.218 | *6.074.296* | *62%* | 2.018.175 | *4.340.030* | *68%* | 4.876.393 | *10.414.326* | *64%* |
| | | Outros Axentes | 532.547 | | | 633.637 | | | 1.166.184 | | |
| | | Programas | 1.423.002 | | | 852.202 | | | 2.275.204 | | |
| | | Microproxectos | 113.385 | | | 0 | | | 113.385 | | |
| | | Acción humanitaria | 502.453 | | | 0 | | | 502.453 | | |
| | | Educación desenvolvemento | 251.033 | | | 417.513 | | | 668.546 | | |
| | | Bolsas de formación | 187.160 | | | 227.160 | | | 414.320 | | |
| | | Fortalecemento | 206.498 | | | 191.343 | | | 397.841 | | |
| | **Outros XG** | Outros departamentos | 38.597,53 | *38.597,53* | *0%* | 15.000 | *15.000* | *0%* | 53.598 | *53.598* | *0%* |
| Convenios | *Subtotal convenios* | | | *3.404.276* | *35%* | | *1.860.338* | *29%* | | *5.264.584* | *33%* |
| | DXRREE e UE | Acción humanitaria | 237.070 | *2.534.143* | *26%* | 97.183 | *1.472.787* | *23%* | 334.253 | *4.006.930,24* | *25%* |
| | | Educación desenvolvemento | 180.000 | | | 180.000 | | | 360.000 | | |
| | | Fortalecemento | 90.000 | | | 90.000 | | | 180.000 | | |
| | | IDI Guatemala | 1.201.536 | | | 613.857 | | | 1.815.393 | | |
| | | IDI Dominicana | 343.835 | | | 274.999 | | | 618.834 | | |
| | | Proxectos exterior | 481.702 | | | 216.748 | | | 698.450 | | |
| | **Outros XG** | Outros departamentos | 870.133 | *870.133* | *9%* | 387.551 | *387.551* | *6%* | 1.257.684 | *1.257.684* | *8%* |
| **Capítulo VI** | **DXRREE e UE** | Capítulo VI | 255.283 | *255.283* | *3%* | 200.000 | *200.000* | *3%* | 455.283 | *455.283* | *3%* |
| **Total** | | | **9.772.453** | **9.772.453** | **100%** | **6.415.368** | **6.415.368** | **100%** | **16.187.821** | **16.187.821** | **100%** |

Se unicamente tomamos en consideración a axuda desembolsada pola DXRREE e UE, un 70% do total dos recursos desembolsables vía convocatoria, convenios e capítulo VI canalizouse a través de convocatoria, medrando un 3% a porcentaxe canalizada vía convocatorias entre 2010 e 2011. De vez, un 27% do total de recursos desembolsables canalizáronse a través de convenios, descendo un 5% entre 2010 e 2011.

**Cadro 29:** Instrumentos de canalización da AOD da DXRREE e coa UE, 2010-2011 (euros)

| Tipo de instrumento | Actividade | 2010 | | | 2011 | | | Total | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | Total por actividade | Total | % | Total por actividade | Importe | % | Total por actividade | Total | % |
| Convocatorias | Proxectos ONGD | 2.858.218 | **6.074.296** | **69%** | 2.018.175 | **4.340.030** | **72%** | 4.876.393 | **10.414.326** | **70%** |
| | Outros Axentes | 532.547 | | | 633.637 | | | 1.166.184 | | |
| | Programas | 1.423.002 | | | 852.202 | | | 2.275.204 | | |
| | Microproxectos | 113.385 | | | 0 | | | 113.385 | | |
| | Acción humanitaria | 502.453 | | | 0 | | | 502.453 | | |
| | Educación para o desenvolvemento | 251.033 | | | 417.513 | | | 668.546 | | |
| | Bolsas de formación | 187.160 | | | 227.160 | | | 414.320 | | |
| | Fortalecemento | 206.498 | | | 191.343 | | | 397.841 | | |
| Convenios | Acción humanitaria | 237.070 | **2.534.143** | **29%** | 97.183 | **1.472.787** | **24%** | 334.253 | **4.006.930** | **27%** |
| | Educación para o desenvolvemento | 180.000 | | | 180.000 | | | 360.000 | | |
| | Fortalecemento | 90.000 | | | 90.000 | | | 180.000 | | |
| | IDI Guatemala | 1.201.536 | | | 613.857 | | | 1.815.393 | | |
| | IDI Dominicana | 343.835 | | | 274.999 | | | 618.834 | | |
| | Proxectos exterior | 481.702 | | | 216.748 | | | 698.450 | | |
| **Capítulo VI** | | 255.283 | **255.283** | **3%** | 200.000 | **200.000** | **3%** | 455.283 | **455.283** | **3%** |
| **Total** | | **8.863.722** | **8.863.722** | **100%** | **6.012.817** | **6.012.817** | **100%** | **14.876.539** | **14.876.539** | **100%** |

Por último, se temos en conta en exclusiva os datos das convocatorias resoltas e convenios formalizados nos anos 2010 e 2011, a DXRREE e UE destinou un 70% a través de convocatorias e un 25% a través de convenios, malia que se detecta un descenso nas convocatorias do 4% e un aumento dos convenios do 7% entre 2010 e 2011.

**Cadro 30:** Instrumentos de canalización da AOD da DXRREE e UE, só convocatoria e convenios 2010-2011 (euros)

| Tipo de instrumento | Actividade | 2010 | | | 2011 | | | Total | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | Total por actividade | Total | % | Total por actividade | Importe | % | Total por actividade | Total | % |
| Convocatorias | Proxectos ONGD | 1.712.035 | 3.211.344 | 72% | 2.018.176 | 3.487.829 | 68% | 3.730.211 | 6.699.173 | 70% |
| | Outros Axentes | 436.647 | | | 633.637 | | | 1.070.284 | | |
| | Programas | 0 | | | 0 | | | 0 | | |
| | Microproxectos | 113.385 | | | 0 | | | 113.385 | | |
| | Acción humanitaria | 502.453 | | | 0 | | | 502.453 | | |
| | Educación para o desenvolvemento | 159.078 | | | 417.513 | | | 576.591 | | |
| | Bolsas de formación | 187.160 | | | 227.160 | | | 414.320 | | |
| | Fortalecemento | 100.586 | | | 191.343 | | | 291.929 | | |
| Convenios | Acción humanitaria | 237.070 | 970.372 | 22% | 97.183 | 1.472.787 | 29% | 334.253 | 2.443.159 | 25% |
| | Educación para o desenvolvemento | 180.000 | | | 180.000 | | | 360.000 | | |
| | Fortalecemento | 90.000 | | | 90.000 | | | 180.000 | | |
| | IDI Guatemala | 100.000 | | | 613.857 | | | 713.857 | | |
| | IDI Dominicana | 0 | | | 274.999 | | | 274.999 | | |
| | Proxectos exterior | 363.302 | | | 216.748 | | | 580.050 | | |
| **Capítulo VI** | Capítulo VI | 255.283 | **255.283** | **6%** | 200.000 | **200.000** | **4%** | 455.283 | **455.283** | **5%** |
| **Total** | | **4.436.999** | **4.436.999** | **100%** | **5.160.616** | **5.160.616** | **100%** | **9.597.615** | **9.597.615** | **100%** |

En relación á acción humanitaria, un 60% da axuda canalizouse a través de convocatoria pública e un 40% a través de convenio.

O total da axuda desembolsada mediante convocatorias, convenios, acción humanitaria e capítulo VI ascende a 16.187.821€, dos cales se dirixen a accións con marcos de planificación plurianuais (programas, IDI e PROFOPAC) 5.019.427€ o que representa o 31%. Se unicamente tomamos en consideración a AOD da DXRREE e UE, esta porcentaxe medra até o 34%. Por outra banda, dentro do financiamento plurianual, no bienio 2010-2011 financiáronse 10 proxectos no exterior por un importe de 658.420€ e que corresponden a diferentes fases dunha mesma intervención.

**Cadro 31:** Instrumentos de canalización da AOD da Xunta de Galicia por número de proxectos e promedio de desembolso anual por instrumento, 2010-2011 (euros)

| Tipo de instrumento | Departamento | Actividade | Total | Nº Proxectos | Promedio por instrumento |
|---|---|---|---|---|---|
| Convocatoria | DXRREE e UE | Proxectos ONGD | 4.876.393 | 47 | 103.753,04 |
| | | Outros Axentes | 1.166.184 | 11 | 106.016,73 |
| | | Programas | 2.275.204 | 9 | 252.800,44 |
| | | Microproxectos | 113.385 | 5 | 22.677,00 |
| | | Acción humanitaria | 502.453 | 10 | 50.245,30 |
| | | Educación para o desenvolvemento | 668.546 | 41 | 16.306,00 |
| | | Fortalecemento | 397.841 | 29 | 13.718,66 |
| | *Subtotal DXRREE e UE* | | ***10.000.006*** | ***152*** | ***65.789,51*** |
| | Outros departamentos | Outros departamentos | 53.598 | 2 | 26.798,77 |
| | *Subtotal convocatorias* | | ***10.053.604*** | ***154*** | ***65.283,14*** |
| Convenios | DXRREE e UE | Acción humanitaria | 334.253 | 20 | 16.712,66 |
| | | Educación para o desenvolvemento | 360.000 | 6 | 60.000,00 |
| | | Fortalecemento | 180.000 | 2 | 90.000,00 |
| | | IDI Guatemala | 1.815.393 | 11 | 165.035,73 |
| | | IDI Dominicana | 618.834 | 6 | 103.139,00 |
| | | Proxectos exterior | 698.450 | 9 | 77.605,56 |
| | *Subtotal DXRREE e UE* | | ***4.006.930*** | ***54*** | ***74.202,41*** |
| | Outros departamentos | Outros departamentos | 1.257.684 | 16 | 78.605,25 |
| | *Subtotal convenios* | | ***5.264.614*** | ***70*** | ***75.208,77*** |
| **Total** | | | **15.318.218** | **224** | **68.384,90** |

No bienio 2010-2011 financiáronse 224 intervencións, 154 vía convocatorias e 70 vía convenios, dos cales 152 e 54 respectivamente corresponden á DXRREE e UE. Coidando de forma agregada todos os proxectos subvencionados mediante convocatorias a todos os axentes, realizáronse desembolsos destinados a 154 proxectos cunha media de 65.283€ por proxecto.

Se nos coutamos ás convocatorias resoltas no bienio 2010-2011, concedéronse 93 proxectos por un importe total de 8.105.032€, o que representa unha media de 87.151€ por proxecto. Durante a vixencia do anterior Plan Director financiáronse 300 proxectos vía

convocatoria por un importe total de 23.353.373€, cunha media de financiamento de 77.845€. Xa que logo, no bienio 2010-2011 incrementouse o promedio un 12%.

**Cadro 32:** Instrumentos de canalización da AOD da DXRREE e UE por número de proxectos e promedio de desembolso anual por instrumento, só convocatorias e convenios 2010-2011 (euros)

| Tipo de instrumento | Departamento | Actividade | Total | Nº Proxectos | Promedio por instrumento |
|---|---|---|---|---|---|
| Convocatoria | DXRREE e UE | Proxectos ONGD | 4.908.185 | 26 | 188.776,36 |
| | | Outros Axentes | 1.436.124 | 8 | 179.515,44 |
| | | Programas | 0 | 0 | 0,00 |
| | | Microproxectos | 113.385 | 5 | 22.677,00 |
| | | Acción humanitaria | 510.000 | 10 | 51.000,00 |
| | | Educación para o desenvolvemento | 786.462 | 28 | 28.087,91 |
| | | Fortalecemento | 350.876 | 16 | 21.929,76 |
| | | ***Subtotal convocatorias*** | ***8.105.032*** | ***93*** | ***87.150,88*** |
| Convenios | DXRREE e UE | Acción humanitaria | 334.253 | 20 | 16.712,66 |
| | | Educación para o desenvolvemento | 360.000 | 6 | 60.000,00 |
| | | Fortalecemento | 180.000 | 2 | 90.000,00 |
| | | IDI Guatemala | 713.857 | 6 | 118.976,17 |
| | | IDI Dominicana | 274.999 | 3 | 91.666,33 |
| | | Proxectos exterior | 580.050 | 6 | 96.675,00 |
| | | ***Subtotal convenios*** | ***2.443.159*** | ***43*** | ***56.817,66*** |
| | | **Total** | ***10.548.191*** | ***136*** | ***77.560,23*** |

Atendendo ao promedio de desembolso no bienio 2010-2011 observamos un comportamento desigual con respecto do promedio do anterior Plan Director. Tendo en conta o total da AOD da DXRREE e UE canalizada vía convocatorias detéctase un decrecemento do desembolso medio tanto nos proxectos no exterior de ONGD (-18%) e mais en consolidación e fortalecemento de ONGD (-27%). Non obstante, o incremento resulta notorio no caso de proxectos no exterior doutros axentes (+37%) e máis modesto no caso de microproxectos (+4%) e educación para o desenvolvemento (+8%).

Se nos centramos en exclusiva nas convocatorias resoltas no bienio 2010-2011, observamos un esforzo por incrementar o promedio de financiamento dos proxectos. Na convocatoria de proxectos no exterior para outros axentes o aumento acada o 131% mentres que en educación para o desenvolvemento o promedio medra un 86%. Nos proxectos no exterior de ONGD o crecemento alcanza o 49% mentres que en fortalecemento auméntase o promedio de financiamento por proxecto até o 17%. Este incremento resulta menor no caso dos microproxectos que se benefician dun crecemento do 4% no seu promedio.

**Cadro 33:** Promedio de desembolso anual por convocatoria da DXRREE e UE, 2010-2011

| | Promedio total 2006-2009 | Promedio global desembolsos 2010-2011 | % Variación | Promedio convocatorias 2010-2011 | % Variación |
|---|---|---|---|---|---|
| Proxectos ONGD | 127.090 € | 103.753 € | -18% | 188.776 € | +49% |
| Outros Axentes | 77.657 € | 106.017 € | +37% | 179.515€ | +131% |
| Microproxectos | 21.838 € | 22.677 € | +4% | 22.677€ | +4% |
| Educación para o desenvolvemento | 15.136 € | 16.306 € | +8% | 28.088€ | +86% |
| Fortalecemento | 18.693 € | 13.719 € | -27% | 21.930€ | +17% |

Por último, a progresiva contracción orzamentaria da AOD da Xunta de Galicia está tendo efectos sobre os máximos subvencionables dos proxectos financiados a través de convocatorias, especialmente no casos das intervencións plurianuais e dos proxectos en agrupación, como podemos observar no seguinte cadro.

No caso dos proxectos no exterior de carácter plurianual as anualidades das axudas teñen retrocedido do desembolso do 50% na primeira anualidade e do 50% na segunda anualidade no 2010 ao desembolso dun 35% e 65% respectivamente no 2012. Nas

convocatorias de educación para o desenvolvemento e fortalecemento e consolidación de ONGD este axuste nas anualidades tense materializado no paso do desembolso do 40% e 60% ao libramento do 35% e 65% respectivamente.

Estes axustes nas porcentaxes dos desembolsos teñen garantido a solvencia da cooperación galega mais ao tempo están a xerar un efecto de arrastre de compromisos de desembolsos para o ano seguinte ao de resolución das convocatorias que integran proxectos plurianuais. Esta circunstancia mingua de vagar, nun contexto de contracción orzamentaria, as marxes de manobra financeira da DXRREE e UE en cada exercicio orzamentario ao incrementarse progresivamente os devanditos compromisos de desembolso.

**Cadro 34:** Cantidade máxima subvencionable, porcentaxe máxima sobre total do proxecto e porcentaxes das anualidades das axudas nos proxectos plurianuais, 2010-2012

| | **2010** | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Instrumento** | **Cantidade máxima subvencionable/ porcentaxe máxima sobre total proxecto** | | **Proxectos plurianuais** | |
| | **Individual** | **Consorcio** | **1ª anualidade** | **2ª anualidade** |
| **Proxectos ONGD e outros axentes** | 175.000/ 95% | 350.000/95% | 50% | 50% |
| **Educación para o desenvolvemento** | 25.000/ 90% | 50.000/ 95% | 40% | 60% |
| **Fortalecemento de ONGD** | 30.000 galegas/ 90%<br>20.000 non galegas/ 90% | 60.000/ 90% | 40% | 60% |
| | **2011** | | | |
| **Instrumento** | **Cantidade máxima subvencionable / porcentaxe máxima sobre total proxecto** | | **Proxectos plurianuais** | |
| | **Individual** | **Consorcio** | **1ª anualidade** | **2ª anualidade** |
| **Proxectos ONGD e outros axentes** | 175.000/ 95% | 350.000/ 95% | 35% | 65% |
| **Educación para o desenvolvemento** | 25.000/ 90% | 50.000/ 95% | 40% | 60% |
| **Fortalecemento de ONGD** | 30.000 galegas/ 90%<br>20.000 non galegas/ 90% | 60.000/ 90% | 40% | 60% |
| | **2012** | | | |
| **Instrumento** | **Cantidade máxima subvencionable/ porcentaxe máxima sobre total proxecto** | | **Proxectos plurianuais** | |
| | **Individual** | **Consorcio** | **1ª anualidade** | **2ª anualidade** |
| **Proxectos ONGD e outros axentes** | 175.000 plurianual/ 95%<br>60.000 anual/ 95% | 225.000/ 95% | 30% | 70% |
| **Educación para o desenvolvemento** | 25.000/ 90% | 35.000/ 90% | 35% | 65% |
| **Fortalecemento de ONGD** | 25.000/ 90% | 35.000/ 90% | 35% | 65% |

## 4.6. Entidades canalizadoras da AOD da Xunta de Galicia

| Obxectivos xerais | Obxectivos específicos | Subproceso | Indicadores | Estado |
|---|---|---|---|---|
| O.X. 3 Promover a gobernanza democrática e o fortalecemento da participación da sociedade civil | O.E. 3.1 Potenciar desenvolvemento institucional e o bo goberno nos ámbitos locais e rexionais | **Apropiación dos socios de desenvolvemento** | I. 3.1.1 Como mínimo, o 10% da axuda canalizada mediante convenios destinouse a actividades encadradas en acordos con institucións locais e rexionais dos países socios | **Superado** |
| O.X. 11 Mellorar a capacidade técnica e organizativa do tecido galego de cooperación para realizar unha contribución efectiva á cooperación para o desenvolvemento | O.E. 11.2 Incrementar a coordinación entre os actores da Cooperación Galega | **Complementariedade** | I. 11.2.4 Como mínimo, un 6% da AOD desembolsada canalizouse a través de propostas conxuntas subvencionadas aos axentes de cooperación, que cumpren co espírito da complementariedade de actores que se expresa no II Plan director | **Superado** |

Durante o bienio 2010-2011, o 62% da AOD desembolsable da Xunta de Galicia foi canalizada de xeito indirecto e un 38% de forma directa. As ONGD xestionaron vía convocatorias e convenios un 71% da AOD galega, mentres que as Universidades canalizaron un 6%. O resto de actores da cooperación galega xestionaron unha baixa porcentaxe como vén sendo o caso das empresas (3%), axencias e organizacións internacionais de desenvolvemento (1%) ou as comunidades galegas no exterior (0,3%). Salientable tamén é a cantidade canalizada a través doutros actores (CETMAR e Fundación Galicia Innova) que chega ao 5% do total. Por outra banda, os sindicatos como tales non xestionaron ningunha cantidade facéndoo a través das ONGD vencelladas aos mesmos, coma no caso do Instituto Sindical de Cooperación ao Desenvolvemento (ISCOD) promovida pola Unión Xeral de Traballadores (UXT).

**Cadro 35:** Vía de canalización da AOD desembolsada da Xunta de Galicia, 2010-2011[4] (milleiros de euros)

| Tipo | Modo de canalización | 2010 | % | 2011 | % | Total | % 2010-2011 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Indirecta** | ONGD | 5.294.765 | 54% | 3.392.309 | 53% | 8.687.074 | 54% |
| | Universidades | 339.178 | 3% | 345.655 | 5% | 684.833 | 4% |
| | Empresas | 194.703 | 2% | 209.587 | 3% | 404.290 | 2% |
| | Comunidades galegas no exterior | 0 | 0% | 55.612 | 1% | 55.612 | 0% |
| | Outros actores | 97.088 | 1% | 124.709 | 2% | 221.797 | 1% |
| | *Subtotal indirecta* | *5.925.734* | *61%* | *4.127.872* | *64%* | *10.053.606* | *62%* |
| **Directa** | ONGD | 1.808.476 | 19% | 960.426 | 15% | 2.768.902 | 17% |
| | Universidades | 170.000 | 2% | 120.000 | 2% | 290.000 | 2% |
| | Empresas | 18.000 | 0% | | 0% | 18.000 | 0% |
| | CGONGD | 90.000 | 1% | 90.000 | 1% | 180.000 | 1% |
| | FOGACOSOL | 148.708 | 2% | 60.000 | 1% | 208.708 | 1% |
| | AECID | 100.500 | 1% | 0 | 0% | 100.500 | 1% |
| | CETMAR | 460.000 | 5% | 158.240 | 2% | 618.240 | 4% |
| | OMUDES | 108.115 | 1% | 50.000 | 1% | 158.115 | 1% |
| | EELL Sur | 8.400 | 0% | 0 | 0% | 8.400 | 0% |
| | OSC Sur | 492.078 | 5% | 377.136 | 6% | 869.214 | 5% |
| | Xunta de Galicia | 442.433 | 5% | 471.696 | 7% | 914.129 | 6% |
| *Subtotal directa* | | *3.846.710* | *39%* | *2.287.498* | *36%* | *6.134.208* | *38%* |
| | **Total** | **9.772.444** | **100%** | **6.415.370** | **100%** | **16.187.814** | **100%** |

En relación á xestión directa, as entidades locais e as organizacións sociais dos países socios de desenvolvemento da cooperación galega xestionaron o 5% do total da axuda desembolsada (877.214€), e que representa o 22% do total canalizado mediante convenios. Desta axuda, o 71% (618.834€) corresponde a entidades sociais da República Dominicana, como consecuencia da *Iniciativa de Desenvolvemento Integral* que se está a executar en Santiago de los Caballeros.

[4] Consonte ao criterio establecido nos *Encontros de Comunidades Autónomas e Cooperación ao Desenvolvemento* enténdese por cooperación directa aquelas actuacións nas que o departamento ou entidade pública de xestión da cooperación ten levado a iniciativa da proposta malia que a execución teña sido realizada por terceiros. Xa que logo, na cooperación indirecta compútanse os desembolsos vía convocatoria e na cooperación directa os desembolsos financiados a través de convenios. Na xestión directa tamén se incluíu o capítulo VI e mais as convocatorias de bolsas de formación de expertos

No bienio 2010-2011 xestionaron desembolsos da cooperación galega 82 entidades, 76 delas a través da DXRREE e UE. As 31 primeiras entidades que canalizaron axuda por un valor superior ao promedio de 186.000€ concentran o 81% dos desembolsos. As restantes 52 entidades repártense o 19% da axuda. Se nos centramos nos desembolsos da DXRREE e UE, 31 entidades xestionaron recursos cunha concentración do 83% do total, de xeito que as 45 entidades restantes se distribuíron o 17% do total.

6 entidades (Terra de Homes, Ledicia Cativa, Asociación Senegalesa de Pontevedra, Asociación de Inmigrantes Senegaleses de Ourense, Ecos do Sur e Fundación Ojos del Mundo) recibiron desembolsos en exclusiva doutros departamentos da Xunta de Galicia, mentres que 3 entidades xestionaron recursos da SDXCE e doutros departamentos, como son: Solidariedade Galega co Pobo Saharauí, CETMAR e Seminario Galego de Educación para a Paz.

**Cadro 36:** Clasificación de entidades canalizadoras da AOD da Xunta de Galicia e da DXRREE e UE por volume e porcentaxe, 2010-2011 (euros)[5]

| Entidade | | Xunta de Galicia | | DXRREE e UE | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | Total 2010-2011 | % sobre Total 2010-2011 | Total 2010-2011 | % sobre Total 2010-2011 | Posición |
| 1. | Arquitectos sen Fronteiras | 858.948,50 | 5,62 | 858.948,50 | 6,12 | 1 |
| 2. | Fundación Cume para o Desenvolvemento dos Pobos | 751.394,60 | 4,92 | 751.394,60 | 5,35 | 2 |
| 3. | Solidariedade Galega co Pobo Saharauí | 684.507,00 | 4,48 | 104.983,00 | 0,75 | 39 |
| 4. | Entreculturas | 622.332,68 | 4,07 | 622.332,68 | 4,43 | 3 |
| 5. | CETMAR/Ospesca | 618.240,00 | 4,05 | 310.000,00 | 2,21 | 15 |
| 6. | Educación sen Fronteiras | 613.882,28 | 4,02 | 613.882,28 | 4,37 | 4 |
| 7. | Asemblea de Cooperación pola Paz | 599.260,13 | 3,92 | 599.260,13 | 4,27 | 5 |
| 8. | Acsur Las Segovias | 589.256,40 | 3,86 | 589.256,40 | 4,20 | 6 |
| 9. | Farmacéuticos Mundi | 585.698,92 | 3,83 | 585.698,92 | 4,17 | 7 |
| 10. | Solidariedade Internacional de Galicia | 580.179,18 | 3,80 | 580.179,18 | 4,13 | 8 |
| 11. | Enxeñería sen Fronteiras | 514.199,55 | 3,37 | 514.199,55 | 3,66 | 9 |
| 12. | Médicos do Mundo | 459.162,98 | 3,01 | 459.162,98 | 3,27 | 10 |
| 13. | Paz e Desenvolvemento | 457.050,00 | 2,99 | 457.050,00 | 3,25 | 11 |
| 14. | Universidade Santiago de Compostela | 397.335,67 | 2,60 | 397.335,67 | 2,83 | 12 |
| 15. | Universidade de A Coruña | 375.557,10 | 2,46 | 375.557,10 | 2,67 | 13 |
| 16. | Cámara de Comercio y Producción de Santiago de los Caballeros (República Dominicana) | 318.485,00 | 2,09 | 318.485,00 | 2,27 | 14 |
| 17. | Axuda en Acción | 287.996,01 | 1,89 | 287.996,01 | 2,05 | 16 |
| 18. | InteRed | 278.914,78 | 1,83 | 278.914,78 | 1,99 | 17 |
| 19. | Jóvenes del Tercer Mundo (Jóvenes y Desarrollo) | 262.128,78 | 1,72 | 262.128,78 | 1,87 | 18 |
| 20. | Amigos da Terra Galicia Xuventude | 258.128,50 | 1,69 | 258.128,50 | 1,84 | 19 |
| 21. | Fundación para el Desarrollo de la Enfermería- FUDEN | 243.400,52 | 1,59 | 243.400,52 | 1,73 | 20 |
| 22. | Asociación Amigos de Doñana-Natura Hispánica | 235.785,00 | 1,54 | 235.785,00 | 1,68 | 21 |
| 23. | Fundación Galicia Innova | 215.396,67 | 1,41 | 215.396,67 | 1,53 | 22 |
| 24. | AGARESO | 212.184,37 | 1,39 | 212.184,37 | 1,51 | 23 |
| 25. | FOGACOSOL | 208.708,00 | 1,37 | 208.708,00 | 1,49 | 24 |
| 26. | Intermón Oxfam | 204.280,80 | 1,34 | 204.280,80 | 1,45 | 25 |
| 27. | Fundación Iniciativa Civil para la Democracia (República Dominicana) | 202.137,00 | 1,32 | 202.137,00 | 1,44 | 26 |
| 28. | Mans Unidas | 197.655,00 | 1,29 | 197.655,00 | 1,41 | 27 |
| 29. | Amigos Escaes Perú | 192.693,00 | 1,26 | 192.693,00 | 1,37 | 28 |
| 30. | Serviguide S.L. | 192.379,67 | 1,26 | 192.379,67 | 1,37 | 29 |
| 31. | Amarante para o Ecodesenvolvemento | 187.676,88 | 1,23 | 187.676,88 | 1,34 | 30 |
| 32. | Adantia S.L. | 184.722,00 | 1,21 | 184.722,00 | 1,32 | 31 |
| 33. | Coordinadora Galega de ONGD | 180.000,00 | 1,18 | 180.000,00 | 1,28 | 32 |
| 34. | Fundación Universidade da Coruña | 174.752,00 | 1,14 | 174.752,00 | 1,24 | 33 |
| 35. | Fundación Dominicana para la Solidaridad Inc. (República Dominicana) | 168.510,00 | 1,10 | 168.510,00 | 1,20 | 34 |
| 36. | Madreselva ONGD | 163.991,52 | 1,07 | 163.991,52 | 1,17 | 35 |
| 37. | Fundación de Desarrollo Loma y Saluc, Inc. (República Dominicana) | 131.839,00 | 0,86 | 131.839,00 | 0,94 | 36 |
| 38. | Fundación Internacional de Solidaridad Compañía de María-FISC | 131.175,00 | 0,86 | 131.175,00 | 0,93 | 37 |
| 39. | Asociación Hospital 1º de Maio | 115.427,00 | 0,76 | 115.427,00 | 0,82 | 38 |
| 40. | Seminario Galego de Educación para a Paz | 109.300,06 | 0,72 | 33.300,06 | 0,24 | 55 |
| 41. | AECID | 100.500,00 | 0,66 | 100.500,00 | 0,72 | 40 |
| 42. | Asociación Ledicia Cativa | 100.247,00 | 0,66 | 0,00 | 0,00 | - |
| 43. | Terra de Homes | 90.101,00 | 0,59 | 0,00 | 0,00 | - |
| 44. | Taller de Solidariedade | 81.906,00 | 0,54 | 81.906,00 | 0,58 | 41 |
| 45. | Acción contra a Fame | 75.687,00 | 0,50 | 75.687,00 | 0,54 | 42 |
| 46. | ACNUR | 75.000,00 | 0,49 | 75.000,00 | 0,53 | 43 |
| 47. | Veterinarios sen Fronteiras | 74.973,50 | 0,49 | 74.973,50 | 0,53 | 44 |
| 48. | Humanismo e Democracia | 61.250,00 | 0,40 | 61.250,00 | 0,44 | 45 |
| 49. | Sociedad Parroquial de Vedra de Mutualidad y Cultura (Arxentina) | 55.611,50 | 0,36 | 55.611,50 | 0,40 | 46 |
| 50. | Implicadas no Desenvolvemento | 55.474,00 | 0,36 | 55.474,00 | 0,40 | 47 |
| 51. | Cruz Vermella | 52.987,00 | 0,35 | 52.987,00 | 0,38 | 48 |

[5] Para o cálculo dos desembolsos canalizados a través das diferentes entidades tense adoptado o criterio de distribuír en partes proporcionais entre as entidades consorciadas aquelas achegas provenientes de proxectos en agrupación.

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 52. | Instituto Sindical de Cooperación al Desarrollo- ISCOD | 49.740,00 | 0,33 | 49.740,00 | 0,35 | 49 |
| 53. | UNRWA | 45.000,00 | 0,29 | 45.000,00 | 0,32 | 50 |
| 54. | Equus Zebra | 43.642,00 | 0,29 | 43.642,00 | 0,31 | 51 |
| 55. | Asociación Senegalesa de Pontevedra | 38.597,00 | 0,25 | 0,00 | 0,00 | - |
| 56. | Organización de Estados Iberoamericanos- OEI | 38.114,79 | 0,25 | 38.114,79 | 0,27 | 52 |
| 57. | Fundación Amigos de Galicia | 36.833,24 | 0,24 | 36.833,24 | 0,26 | 53 |
| 58. | Centro Galicia de Bos Aires | 36.000,00 | 0,24 | 36.000,00 | 0,26 | 54 |
| 59. | Asociación Galega de Hemofilia | 30.569,00 | 0,20 | 30.569,00 | 0,22 | 56 |
| 60. | Panxea | 30.007,25 | 0,20 | 30.007,25 | 0,21 | 57 |
| 61. | Universidade de Vigo | 27.188,00 | 0,18 | 27.188,00 | 0,19 | 58 |
| 62. | ANFACO | 27.188,00 | 0,18 | 27.188,00 | 0,19 | 59 |
| 63. | A Cova da Terra | 25.836,50 | 0,17 | 25.836,50 | 0,18 | 60 |
| 64. | Asociación Mundo Cooperante | 25.134,50 | 0,16 | 25.134,50 | 0,18 | 61 |
| 65. | Fundación Balms para a Infancia | 25.000,00 | 0,16 | 25.000,00 | 0,18 | 62 |
| 66. | ONG Coopera- Jóvenes para la Cooperación Internacional | 23.750,00 | 0,16 | 23.750,00 | 0,17 | 63 |
| 67. | SODEPAZ | 20.165,25 | 0,13 | 20.165,25 | 0,14 | 64 |
| 68. | Cuco Galicia | 18.800,00 | 0,12 | 18.800,00 | 0,13 | 65 |
| 69. | Amphos XXI Consulting | 18.000,00 | 0,12 | 18.000,00 | 0,13 | 66 |
| 70. | Asociación de Inmigrantes Senegaleses de Ourense | 17.036,00 | 0,11 | 0,00 | 0,00 | - |
| 71. | Federación Mundo Cooperante | 15.142,50 | 0,10 | 15.142,50 | 0,11 | 67 |
| 72. | Ecos do Sur | 15.000,00 | 0,10 | 0,00 | 0,00 | - |
| 73. | Labañou Solidaria | 12.495,00 | 0,08 | 12.495,00 | 0,09 | 68 |
| 74. | Parroquia del Espíritu Santo de la Habana (Cuba) | 12.242,50 | 0,08 | 12.242,50 | 0,09 | 69 |
| 75. | ONG Viraventos | 11.170,00 | 0,07 | 11.170,00 | 0,08 | 70 |
| 76. | Bicis pola Paz | 10.900,00 | 0,07 | 10.900,00 | 0,08 | 71 |
| 77. | Honorable Gobierno Municipal Samaipata (Bolivia) | 8.400,00 | 0,05 | 8.400,00 | 0,06 | 72 |
| 78. | Municipalistas pola Solidariedade-MUSOL | 7.400,00 | 0,05 | 7.400,00 | 0,05 | 73 |
| 79. | Instituto Galego de Xestión para o Terceiro Sector | 6.400,00 | 0,04 | 6.400,00 | 0,05 | 74 |
| 80. | Fundacion Ojos del Mundo | 6.000,00 | 0,04 | 0,00 | 0,00 | - |
| 81. | Emaús Fundación Social | 3.194,50 | 0,02 | 3.194,50 | 0,02 | 75 |
| 82. | Asociación de Bombeiros de Galicia | 327,74 | 0,00 | 327,74 | 0,00 | 76 |
| | **Total** | **15.273.682,32** | **100,00** | **14.042.937,32** | **100,00** | - |

En relación ás ONGD, o 74% das entidades canalizadoras son ONGD, cun total de 61 entidades sociais que xestionaron en conxunto máis de 12 millóns de euros en total no bienio 2010-2011. Por outra banda, das 10 entidades con maior volume de financiamento, 9 son ONGD.

Se analizamos as 30 principais ONGD que recibiron financiamento da DXRREE e UE, estas concentran o 93% dos recursos canalizados a través de ONGD. Se atendemos á clasificación consonte ao seu tamaño,[6] 3 son ONGD grandes (Médicos do Mundo, Axuda en Acción e Intermón-Oxfam), 5 son medianas grandes (Enxeñería sen Fronteiras, Entreculturas, Asemblea de Cooperación pola Paz, Mans Unidas e Acción contra a Fame), 11 medianas (ACSUR-Las Segovias, Amigos da Terra, Arquitectos sen Fronteiras, Educación sen Fronteiras, Farmacéuticos Mundi, FISC, FUDEN, InteRed, Jóvenes y Desarrollo, Paz e Desenvolvemento, Solidariedade Internacional de Galicia) e 11 pequenas (AGARESO, Amarante para o Ecodesenvolvemento, Amigos Escaes Perú, Asociación Amigos de Doñana-Natura Hispánica, Asociación Hospital 1º de Maio, Coordinadora Galega de ONGD, FOGACOSOL, Fundación Cume, Madreselva ONGD, Solidariedade Galega co Pobo Saharauí, Taller de Solidariedade).

En relación á localización da súa sede central, 12 entidades téñena en Galicia (ACSUR Galiza, AGARESO, Amarante para o Ecodesenvolvemento, Amigos da Terra Xuventude, Amigos Escaes Perú, Asociación Amigos de Doñana-Natura Hispánica, Asociación Hospital 1º de Maio, Coordinadora Galega de ONGD, FOGACOSOL, Fundación Cume, Solidariedade Galega co Pobo Saharauí, Solidariedade Internacional de Galicia) das cales 4 (ACSUR Galiza, Amigos da Terra

[6] Consonte ao criterio da Coordinadora de ONGD de España (CONGDE, 2012b), esta clasificación resposta aos seguintes criterios a semellanza da clasificación das empresas: a. Grandes: organizacións que teñen contratadas máis de 250 persoas ou que contan cun volume anual de ingresos superior a 50 millóns de euros. b. Medianas-grandes: organizacións que ocupan a menos de 250 persoas e cun volume de ingresos anual que non supera os 50 millóns de euros. c. Medianas: organizacións que ocupan a menos de 50 persoas e cuns ingresos anuais que non exceden de 10 millóns de euros. d. Pequenas: organizacións que ocupan a menos de 10 persoas e cunha cifra de ingresos anual que non excede de 2 millóns de euros.

Xuventude, Enxeñería sen Fronteiras e Solidariedade Internacional de Galicia) están integradas en estruturas federais a nivel español.

Por outra banda, 15 das entidades con maior canalización de fondos (Entreculturas, Educación sen Fronteiras, ACSUR-Las Segovias, Farmacéuticos Mundi, Solidariedade Internacional de Galicia, Enxeñería sen Fronteiras, Médicos do Mundo, Paz e Desenvolvemento, Axuda en Acción, InteRed, Jóvenes y Desarrollo, FUDEN, Intermón Oxfam, Mans Unidas, Acción contra a Fame) tamén figuran entre as 30 entidades máis financiadas a nivel estatal. Non obstante, tres das entidades con mellor posicionamento a nivel estatal (Intermón-Oxfam, Mans Unidas e Acción contra a Fame) acadan unha posición máis discreta a nivel galego.

En relación á sostenibilidade financeira das ONGD, consonte aos datos dispoñibles,[7] o promedio de financiamento público das mesmas acada o 70% mentres que o privado fica no 30%. Por outra banda, hai un grupo cunha alta dependencia de fondos públicos superior ao 75% do seu orzamento en 2010 (Acción contra a Fame, Acsur-Las Segovias, Amigos da Terra, Arquitectos sen Fronteiras, Asemblea de Cooperación pola Paz, Coordinadora Galega de ONGD, Educación sen Fronteiras, Enxeñería sen Fronteiras, FISC, Jóvenes y Desarrollo, InteRed, Paz e Desenvolvemento e Solidariedade Internacional de Galicia). Asemade, as máis destas entidades dependen de promedio nun 40% dos fondos da cooperación descentralizada.

Durante o bienio 2010-2011, financiáronse 20 proxectos en agrupación de entidades, ben da mesma natureza ou mixtas. En concreto, 2.368.445€ foron desembolsados aos consorcios entre entidades, un 24% do total distribuído a través de convocatorias. Por outra banda, non se financiaron propostas en agrupación a través de convenios malia que cómpre precisar en relación as *Iniciativas de Desenvolvemento Integral* que se estableceron acordos marco de colaboración nos que participaron diversas entidades.

**Cadro 37:** Agrupacións de entidades por volume, instrumento e convocatoria, 2010-2011

| Agrupacións | | 2010 | 2011 | Total | Instrumento | Actividade |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Agrupacións entre ONGD** | | | | | | |
| 1. | Educación Sen Fronteiras agrupada con Fundación Axuda en Acción, Fundación Entreculturas, Fundación Intered, Fundación Jóvenes y Desarrollo, Seminario Galego de Educación para a Paz | 17.003,47 | 25.505,21 | 42.508,68 | Convocatoria | Educación para o Desenvolvemento |
| 2. | Arquitectos Sen Fronteiras agrupada con ACSUR Las Segovias, Farmacéuticos Mundi, Solidariedade Internacional de Galicia | 20.000 | 30.000,00 | 50.000,00 | Convocatoria | Educación para o Desenvolvemento |
| 3. | Asoc. Cultural de Cooperación e Desenvolvemento "A Cova da Terra" agrupada con Panxea, Fundación Taller de Solidaridad, Amigos da Terra Galicia-Xuventude, Fundación Intermón Oxfam | 19.684,00 | 29.526,00 | 49.210,00 | Convocatoria | Educación para o Desenvolvemento |
| 4. | Asemblea de Cooperación pola Paz agrupada con AGARESO | 17.763,44 | 26.645,16 | 44.408,60 | Convocatoria | Educación para o Desenvolvemento |
| 5. | Asociación Mundo Cooperante agrupada con Federación Mundo Cooperante | 12.114,00 | 18.171,00 | 30.285,00 | Convocatoria | Educación para o Desenvolvemento |
| 6. | Enxeñería Sen Fronteiras Galicia agrupada con Arquitectos Sen Fronteiras | - | 33.442,00 | 33.442,00 | Convocatoria | Educación para o Desenvolvemento |
| 7. | Fundación Entreculturas Fe y Alegría agrupada con Educación Sen Fronteiras, Fundación Intered e Seminario Galego de Educación para a Paz | - | 11.400,00 | 11.400,00 | Convocatoria | Educación para o Desenvolvemento |
| 8. | Asemblea de Cooperación por la Paz agrupada con AGARESO | - | 19.824,00 | 19.824,00 | Convocatoria | Educación para o Desenvolvemento |
| 9. | Amigos Da terra Galicia-Xuventude agrupada con AGARESO | 24.000,00 | 36.000,00 | 60.000,00 | Convocatoria | Fortalecemento |
| 10. | Fundación Axuda en Acción agrupada con Escaes Perú | 265.655,07 | - | 265.655,07 | Convocatoria | Proxectos ONGD |
| 11. | Arquitectos Sen Fronteiras agrupada con Educación Sen Fronteiras | 172.802,50 | 172.802,50 | 345.605,00 | Convocatoria | Proxectos ONGD |
| 12. | Asemblea de Cooperación pola Paz agrupada con AGARESO | - | 81.025,00 | 81.025,00 | Convocatoria | Proxectos ONGD |
| 13. | SODEPAZ agrupada PANXEA | - | 40.330,50 | 40.330,50 | Convocatoria | Proxectos ONGD |
| 14. | Fundación Axuda en Acción agrupada con Amigos Escaes Perú | - | 119.731,00 | 119.731,00 | Convocatoria | Proxectos ONGD |
| **Agrupacións ONGD e Universidades** | | | | | | |
| 15. | Asemblea de Cooperación pola Paz agrupada con AGARESO e Universidade de Santiago de Compostela | 101.333,35 | 101.333,35 | 202.666,70 | Convocatoria | Proxectos ONGD |
| 16. | Amigos da Terra Galicia-Xuventude agrupada con Enxeñería sen Fronteiras e Universidade da Coruña | 174.732,00 | 174.732,00 | 349.464,00 | Convocatoria | Proxectos ONGD |
| 17. | Fundación Axuda en Acción agrupada con Universidade da Coruña | - | 19.806,00 | 19.806,00 | Convocatoria | Educación para o Desenvolvemento |

[7] Os datos extraéronse do *Informe da CONGDE sobre o sector das ONGD 2011* (CONGDE, 2012b) e das memorias económico-financeiras das ONGD accesibles nas súas páxinas web. Trátase de datos aproximados xa que non todas as ONGD teñen estes datos dispoñibles nas súas web.

| Agrupación entre Universidades | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| 18. Universidade de Santiago de Compostela agrupada coa Universidade da Coruña | 129.166,10 | 129.166,10 | 258.332,20 | Convocatoria | Outros axentes |
| **Outras agrupacións** | | | | | |
| 19. Fundación Galicia Innova agrupada con SERVIGUIDE | 145.187,67 | 145.187,67 | 290.375,34 | Convocatoria | Outros axentes |
| 20. Universidade de Vigo agrupada con ANFACO | - | 54.376,00 | 54.376,00 | Convocatoria | Outros axentes |
| **Total** | **1.217.334,10** | **1.386.895,99** | **2.368.445** | | |

As convocatorias de proxectos de ONGD no exterior e de educación para o desenvolvemento incentivaron as agrupacións con 8 e 9 proxectos respectivamente. En concreto, un 59% do total dos recursos dos proxectos en agrupación canalizáronse a través da convocatoria de proxectos de ONGD, un 25% a través de proxectos doutros axentes e un 13% a través da convocatoria de educación para o desenvolvemento. Por outra banda, as ONGD foron os actores máis activos á hora de promover as iniciativas conxuntas, con 14 agrupacións.

**Cadro 38:** Agrupacións de entidades por convocatoria, proxectos, volume e porcentaxe, 2010-2011

| Convocatoria | Proxectos agrupados | % | Importe | % sobre total proxectos agrupados | % sobre total convocatorias 2010-2011 |
|---|---|---|---|---|---|
| Proxectos ONGD | 7 | 35% | 1.404.477,27 € | 59% | 38% |
| Proxectos outros axentes | 3 | 15% | 603.083,54 € | 25% | 56% |
| Educación para o desenvolvemento | 9 | 45% | 300.884,28 € | 13% | 52% |
| Fortalecemento | 1 | 5% | 60.000,00 € | 3% | 21% |
| **Total** | **20** | **100%** | **2.368.445 €** | **100%** | **Promedio 42%** |

Se analizamos o peso relativo do volume total dos proxectos agrupados en función da convocatoria, os incentivos para as agrupacións están actuando cun maior impacto nas convocatorias de proxectos doutros axentes e educación para o desenvolvemento, onde o 56% e o 52% respectivamente do total desembolsado correspóndese con propostas conxuntas. Por outra banda, este efecto incentivador diminúe no caso dos proxectos de ONGD no exterior até o 38%, mentres que na convocatoria de fortalecemento unicamente un 21% do volume total correspóndese a unha proposta conxunta.

**Figura 4:** Concentración dos proxectos en agrupación por desembolso por entidade e número de proxectos, 2010-2011




Un total de 27 entidades participaron nos proxectos en consorcio, das cales 13 lideraron algún dos proxectos agrupados. En canto ás entidades máis activas, AGARESO agrupouse en 5 ocasións, malia que non liderou ningún das propostas. Pola outra banda,

Asemblea de Cooperación pola Paz liderou a totalidade dos 4 proxectos en consorcio nos que participou.

**Cadro 39:** Proxectos en agrupación por volume total, entidade, número de proxectos e convocatoria e liderado, 2010-2011

| Total | Entidade | Nº de proxectos e convocatoria | Liderado |
|---|---|---|---|
| 255.557 € | 1. Universidade da Coruña | 3 (1 proxectos ONGD, 1 ED e 1 Outros axentes) | Non |
| 209.681 € | 2. Axuda en Acción | 4 ( 2 ED, 2 proxectos ONGD) | Si (3: 2 proxectos ONGD, 1 ED) |
| 202.023 € | 3. Arquitectos Sen Fronteiras | 3 (1 proxectos ONGD e 2 ED) | Si (2: 1 ED e 1 proxectos ONGD) |
| 196.721 € | 4. Universidade de Santiago de Compostela | 2 (1 proxectos ONGD e 1 outros axentes) | Si (1 outros axentes) |
| 192.693 € | 5. Amigos Escaes Perú | 2 (2 proxectos ONGD) | Non |
| 182.737 € | 6. Educación sen Fronteiras | 3 (1 proxectos ONGD, 1 ED e 1 fortalecemento) | Si (1 ED) |
| 170.184 € | 7. AGARESO | 5 (3 proxectos ONGD e 2 ED) | Non |
| 156.330 € | 8. Amigos da Terra-Xuventude | 3 (1 proxectos ONGD, 1 ED e 1 fortalecemento) | Si (2: 1 fortalecemento e 1 proxectos ONGD) |
| 168.783 € | 9. Fundación Galicia Innova | 1 (outros axentes) | Si |
| 168.783 € | 10. Serviguide | 1 (outros axentes) | Non |
| 140.184 € | 11. Asemblea de Cooperación pola Paz | 4 (2 proxectos ONGD, 2 ED) | Si (4) |
| 133.209 € | 12. Enxeñeiría sen Fronteiras | 2 (1 proxectos ONGD e 1 ED) | Si (1 ED) |
| 30.007 € | 13. PANXEA | 2 (1 proxectos ONGD e 1 ED) | Non |
| 27.188 € | 14. Universidade de Vigo | 1 (Outros axentes) | Si |
| 27.188 € | 15. ANFACO | 1 (Outros axentes) | Non |
| 20.165 € | 16. SODEPAZ | 1 (proxectos ONGD) | Si |
| 15.142 € | 17. Asociación Mundo Cooperante | 1 (ED) | Si |
| 15.142 € | 18. Federación Mundo Cooperante | 1 (ED) | Non |
| 12.500 € | 19. ACSUR Las Segovias<br>20. Farmacéuticos Mundi<br>21. Solidariedade Internacional de Galicia | 1 (ED) | Non |
| 9.934 € | 22. InteRed<br>23. Seminario Galego de Educación para a Paz | 2 (ED) | Non |
| 9.934 € | 24. Entreculturas | 2 (ED) | Si (1 ED) |
| 9.842 € | 25. Taller de Solidariedade | 1 (ED) | Non (ED) |
| 9.842 € | 26. A Cova da Terra | 1 (ED) | Si (ED) |
| 7.085 € | 27. Jóvenes y Desarrollo | 1 (ED) | Non |

Dende o punto de vista da capacidade para relacionarse con outras entidades, Amigos da Terra mantivo relacións de traballo con outras 7 entidades, Educación sen Fronteiras con 6, Arquitectos Sen Fronteiras con 5 e a Universidade da Coruña con 4. Con menor intensidade, Axuda en Acción, Enxeñeirías Sen Fronteiras, a Universidade de Santiago de Compostela e AGARESO colaboraron con outras 3 entidades. Por outra banda, a relación bilateral máis intensa aconteceu entre Asemblea de Cooperación pola Paz e AGARESO con tres propostas conxuntas nas que colaboran. Salientamos tamén a relación entre Axuda en Acción e Amigos Escaes Perú con dúas propostas en agrupación e entre Educación Sen Fronteiras, Entreculturas, InteRed e Seminario Galego de Educación para a Paz con outras dúas propostas conxuntas. No entanto, en ambos os dous casos trátase do mesmo proxecto, no primeiro caso dun proxecto na fronteira peruano-ecuatoriana, e no segundo caso, correspóndese coa Campaña Mundial pola Educación no que en 2010 tamén colaborou Jóvenes y Desarrollo.

Tal e como reflicte a figura 5 e os datos anteriores, o II Plan Director ten mellorado os incentivos para o traballo conxunto entre as entidades, aspecto recoñecido polo 71% dos actores galegos enquisados. De feito, estes actores sinalaron como os principais incentivos ou motivación para a presentación de proposta conxuntas os seguintes: a experiencia de traballo previa con outras entidades; o maior financiamento nas convocatorias para as propostas conxuntas; os intereses compartidos pola súa coincidencia sectorial, xeográfica ou de persoas

ou colectivos beneficiarios; a aprendizaxe mutua grazas ao traballo conxunto e mais a consecución dun maior impacto cos proxectos.

**Figura 5:** Mapa de relacións entre as entidades agrupadas, 2010-2011




- *Entidade con 7 relacións*
- *Entidade con 6 relacións*
- *Entidade con 4 relacións*
- *Entidade con 3 relacións*
- *Entidade con 2 relacións*
- *3 proxectos*
- *2 proxectos*
- *1 proxecto*

# 5. Resultados da avaliación

A seguir analizamos os resultados da avaliación en cada un dos procesos principais que dinamizan a execución do II Plan Director. O desenvolvemento da exposición abrangue os tres niveis de análise nos cales se agrupan os subprocesos: arquitectura e capacidade institucional, marco estratéxico e marco operativo. A cada un destes subprocesos se lle asocia un indicador dos establecidos no marco de resultados do II Plan Director así como o estado de execución do mesmo coas seguintes lendas:

- *Indicador superado*
- *Indicador acadado*
- *Indicador en progreso de ser acadado*
- *Indicador cun progreso insuficiente ou pendente*
- *Indicador fóra do ámbito temporal da avaliación intermedia*

## *5.1. Proceso principal 1: Contribuír á redución da pobreza colaborando na consecución dos ODM e promovendo o desenvolvemento dos países do Sur.*

| Resultado | Estado |
|---|---|
| Mellorar a calidade, eficacia e impacto da cooperación galega ao desenvolvemento | **En progreso** |

### 5.1.1. Arquitectura e capacidade institucional

| Obxectivos xerais | Obxectivos específicos | Subproceso | Indicadores | Estado |
|---|---|---|---|---|
| O.X. 3 Promover a gobernanza democrática e o fortalecemento da participación da sociedade civil | O.E. 3.2 Promover o respecto aos dereitos humanos fortalecendo o tecido social nos países en desenvolvemento | **Formación e capacitación** | I.3.2.2 Promovéronse as accións de capacitación dos axentes da cooperación dirixidas ao coñecemento do enfoque baseado en dereitos humanos para a cooperación ao desenvolvemento | **Acadado** |
| O.X. 4 Mellorar a cohesión social, contribuíndo a unha redución das desigualdades e a un incremento da equidade de xénero | O.E. 4.2 Apoiar as políticas públicas que favorezan igualdade e a mobilidade social | **Aliñamento** | I.4.2.1 As propostas financiadas incluíron un apartado para unha previsión do impacto que a acción terá en relación coa igualdade e coas políticas públicas do país socio que as promova | **Acadado** |

No capítulo 4 dedicado á evolución da AOD da Xunta de Galicia no bienio 2010-2011 analizáronse a práctica totalidade dos subprocesos que representan o miolo da achega da cooperación galega á loita contra a pobreza e á consecución dos ODM. Neste subapartado centrarémonos nos subprocesos de formación e capacitación e aliñamento.

O II Plan Director centra a súa atención na capacitación e formación neste eido da arquitectura e capacidade institucional á promoción do enfoque baseado nos dereitos humanos. Un dos principios da cooperación galega establece que o proceso de desenvolvemento descansa na conquista efectiva de dereitos para as persoas. Asemade, a transformación da eficacia da axuda na eficacia do desenvolvemento baséase efectivamente na incorporación máis activa do enfoque de dereitos humanos na mellora da eficacia da axuda. Consonte aos principios de subsidariedade e oportunidade, desde a Xunta de Galicia non se organizou directamente ningunha actividade de formación neste eido xa que a Coordinadora Galega de ONGD en colaboración coa *Red en Derechos* celebrou un curso sobre "O enfoque baseado nos dereitos humanos na cooperación internacional ao desenvolvemento". Este curso celebrouse en Santiago de Compostela os días 26 e 27 de setembro de 2011 cunha duración de 12 horas e a asistencia de 23 persoas, persoal técnico e voluntario das ONGD. De todos os

xeitos, entre os actores de cooperación detéctase unha insatisfacción en relación á formación neste eido por canto coidan que se desenvolveron insuficientes accións formativas neste eido.[8]

En relación ao aliñamento coas políticas públicas dos países socios, tanto a cooperación directa como indirecta da Xunta de Galicia integra este principio da Declaración de París. Nas convocatorias de subvencións de proxectos no exterior inclúese un apartado para valorar a complementariedade e sinerxías das intervencións coas políticas públicas dos países nos que se desenvolve. Asemade, nos criterios de valoración das propostas inclúese un valor específico relativo á inserción do proxecto en estratexias integrais de desenvolvemento de carácter público e/ou existencia de sinerxías con outros axentes no terreo. Por outra banda, a correcta promoción e esixencia de aliñamento ás intervencións da cooperación galega facilita a valoración da pertinencia, coherencia e sostenibilidade da actuación financiada.

Desde o punto dos parceiros de desenvolvemento e dos actores galegos de desenvolvemento existe a percepción dun elevado aliñamento da cooperación galega coas políticas públicas dos países socios nos que traballa.[9]

### 5.1.2. Marco estratéxico

| Obxectivos xerais | Obxectivos específicos | Subproceso | Indicadores | Estado |
|---|---|---|---|---|
| O.X. 4 Mellorar a cohesión social, contribuíndo a unha redución das desigualdades e a un incremento da equidade de xénero | O.E. 4.3 Defender a interculturalidade | **Concentración sectorial**<br><br>**Selectividade beneficiarios/as** | I.4.3.2 Como mínimo, o 15% da axuda desembolsada no exterior destinouse a comunidades beneficiarias con alta presenza de poboación indíxena, afrodescendente, ou de calquera outra minoría étnica ou cultural | **Superado** |
| O.X.5 Realizar unha acción humanitaria integral de calidade | O.E. 5.2 Mellorar a axilidade e eficacia da resposta humanitaria galega nas fases de emerxencia e reconstrución | **Concentración sectorial** | I.5.2.1 Os fondos dedicados a emerxencia e reconstrución focalizáronse de forma efectiva nas actividades que son consideradas dentro deste ámbito, de acordo co exposto no II Plan director e en consonancia co acordo internacional en materia de acción humanitaria | **Acadado** |

A integración da prioridade transversal de defensa da interculturalidade tense plasmado no destino de máis dun 29% da axuda desembolsada no exterior a comunidades cunha alta presenza de poboación indíxena (3.758.976€). No ano 2010 destináronse 2.197.491€ (30% do total) e no 2011 un total de 1.561.485€ (o 33% do total). Por outra banda, nas convocatorias de axudas a proxectos no exterior promóvese esta selectividade de beneficiarios/as e a concentración sectorial neste eido a través de coidar como prioritarias as intervencións con estas poboacións.

En relación á acción humanitaria, os fondos dedicados a emerxencia e reconstrución focalizáronse de forma efectiva nas actividades coidadas dentro deste eido de acordo co exposto no II Plan Director e en consonancia co acordo internacional en materia de acción humanitaria de xeito que se aliñaron as iniciativas financiadas, tanto nos convenios coma nas convocatorias públicas de axudas, coa iniciativa de Boa Doazón Humanitaria así como cos principios da acción humanitaria.

[8] Un 50% dos actores galegos enquisados coidan como poucas as accións formativas desenvolvidas neste eido.

[9] Un 53% dos actores galegos enquisados valoran como positivo o actual grao de aliñamento. No caso dos parceiros de desenvolvemento, un 100% dos enquisados afirmaron que este aliñamento resulta adecuado e suficiente.

### 5.1.3. Marco instrumental

| Obxectivos xerais | Obxectivos específicos | Subproceso | Indicadores | Estado |
|---|---|---|---|---|
| O.X. 2 Potenciar o desenvolvemento económico de base local e ambientalmente sustentable | O.E. 2.1 Fortalecer as capacidades institucionais en xestión ambiental e os procesos de participación social para reducir a vulnerabilidade ante a deterioración ambiental do hábitat como consecuencia da acción do ser humano, do cambio climático ou outras causas | **Transversalidade** | I. 2.1.1 As propostas financiadas incluíron un apartado para unha previsión do impacto que a acción terá en relación coa sustentabilidade ambiental e coas políticas públicas do país socio que as promova | **Acadado** |
| O.X. 3 Promover a gobernanza democrática e o fortalecemento da participación da sociedade civil | O.E. 3.2 Promover o respecto aos dereitos humanos fortalecendo o tecido social nos países en desenvolvemento | | I.3.2.1 Entre os criterios de valoración das propostas incorporouse un referido a como contribúe a intervención á defensa dos dereitos humanos | **Acadado** |
| O.X. 4 Mellorar a cohesión social, contribuíndo a unha redución das desigualdades e a un incremento da equidade de xénero | O.E. 4.1 Promover o empoderamento das mulleres e incorporar o enfoque de *xénero no desenvolvemento* a todas as propostas de actuación | | I.4.1.1 Foi obrigatoria a incorporación do enfoque xénero e desenvolvemento en todas as propostas e valorouse a calidade e profundidade deste | **Acadado** |
| | O.E. 4.2 Apoiar as políticas públicas que favorezan igualdade e a mobilidade social | | I.4.2.1 As propostas financiadas incluíron un apartado para unha previsión do impacto que a acción terá en relación coa igualdade e coas políticas públicas do país socio que as promova | **Acadado** |
| | O.E. 4.3 Defender a interculturalidade | | I.4.3.1 Foi obrigatoria a incorporación do enfoque intercultural en todas as propostas e valorouse a calidade e profundidade deste | **Acadado** |

As prioridades transversais da cooperación galega trasladáronse ás convocatorias de subvencións e axudas así como aos formularios normalizados de presentación de propostas. En relación á valoración das devanditas prioridades nas convocatorias, non se ten incorporado un criterio específico de valoración da achega da intervención á defensa dos dereitos humanos ou á defensa da interculturalidade.

Por outra banda, por mor do proceso de alegacións e achegas ás bases das convocatorias, especialmente por parte da Coordinadora Galega de ONGD, o peso outorgado a cada un dos criterios de valoración vencellados aos principios transversais ten variado entre 2010 e 2012.[10]

**Cadro 40:** Os principios transversais da cooperación galega nas convocatorias de proxectos no exterior e formularios, 2010-2012

| Principio transversal | Ano | Bases da convocatoria valoración | Apartado específico no formulario |
|---|---|---|---|
| **Sustentabilidade ambiental** | **2010** | Proxectos: 2 puntos<br>Microproxectos: 3 puntos | ☑ |
| | **2011** | Proxectos: 4 puntos<br>Microproxectos: 3 puntos | ☑ |
| | **2012** | Proxectos: 2 puntos<br>Microproxectos: 2 puntos | ☑ |
| **Dereitos humanos** | **2010** | Sen criterio específico de valoración | ☑ |
| | **2011** | Sen criterio específico de valoración | ☑ |
| | **2012** | Sen criterio específico de valoración | ☑ |
| **Equidade de Xénero** | **2010** | Proxectos: 5 puntos<br>Microproxectos: 6 puntos | ☑ |
| | **2011** | Proxectos: 6 puntos<br>Microproxectos: 6 puntos | ☑ |
| | **2012** | Proxectos: 4 puntos<br>Microproxectos: 4 puntos | ☑ |
| **Interculturalidade** | **2010** | Sen criterio específico de valoración | ☑ |
| | **2011** | Sen criterio específico de valoración | ☑ |
| | **2012** | Sen criterio específico de valoración | ☑ |

[10] Previamente á publicación das convocatorias de axudas no Diario Oficial de Galicia, a DXRREEE e UE remite á Coordinadora Galega de ONGD e ao resto de actores da cooperación galega un borrador das convocatorias abrindo un prazo de alegacións so mesmo. A través das Comisións de Traballo da CGONGD realízanse un amplo abano de alegacións que o órgano xestor da cooperación galega valora para a súa integración no narrativo das convocatorias en función da súa pertinencia e idoneidade. Moitas das alegacións céntranse no valor outorgado aos criterios de valoración, de aí, que se axusten os mesmos en función das demandas do sector das ONGD, singularmente.

## 5.2. Proceso principal 2: Mellora da calidade da axuda incorporando de forma máis efectiva os principios da Axenda de París

| Resultado | Estado |
|---|---|
| Mellorar a calidade, eficacia e impacto da cooperación galega ao desenvolvemento | En progreso |

### 5.2.1. Arquitectura e capacidade institucional

| Obxectivos xerais | Obxectivos específicos | Subproceso | Indicadores | Estado |
|---|---|---|---|---|
| O.X. 8 Mellorar a planificación e a xestión das intervencións | O.E. 8.2 Mellorar a capacidade da Subdirección Xeral de Cooperación Exterior para liderar de forma efectiva unha acción humanitaria galega | Liderado | I. 8.2.1 Toda a axuda desembolsada dedicada a acción humanitaria foi canalizada a través da Subdirección Xeral de Cooperación Exterior | Acadado |
| O.X. 10 Mellorar os niveis de coordinación coa cooperación española e co resto das cooperacións autonómicas e iniciar unha gradual presenza da Cooperación Galega na acción multilateral | O.E. 10.1 Aproveitar as oportunidades que ofrece a Conferencia Sectorial de Cooperación para o Desenvolvemento para lograr maior aliñamento e coordinación | | I. 10.1.1 A Xunta asumiu un papel activo nas reunións da Conferencia Sectorial de Cooperación para o Desenvolvemento dando a coñecer a súa política de cooperación | Acadado |

En relación ao liderado da Xunta de Galicia, o II Plan Director proxecta esta dimensión en dous eidos: en primeiro lugar, no nivel da acción humanitaria e mais no nivel da proxección e traballo conxunto da cooperación galega coa cooperación española nos espazos de coordinación política; e, en segundo lugar, na dinamización efectiva dos procesos de coordinación vencellados á harmonización de actores que integra os procesos de división do traballo e complementariedade. Antes de avanzar cómpre indicar que un 39% dos actores galegos enquisados valoran o liderado da DXRREE e UE na cooperación galega como normal e un 31% como alto, mentres que un 27% o coidan baixo. Asemade, un 54% coidan insuficiente o seu actual grao de liderado.

En canto ao liderado no eido da acción humanitaria, ao comezo da vixencia do II Plan Director aínda estaba operativa a *Fundación Axencia Humanitaria de Galicia (FAHG).* Por orde do 28 de outubro de 2010 (D.O.G. do 22 de novembro) ratifícase o acordo de extinción da devandita Fundación con efectos a partir do 31 de decembro de 2010. A partir de xaneiro de 2011 a DXRREE e UE asume na súa totalidade a xestión e financiamento da acción humanitaria.

A *Conferencia Sectorial de Cooperación para o Desenvolvemento* foi constituída no mes de outubro do ano 2009 ao abeiro do *III Plan Director da Cooperación Española (2009-2012)* como un espazo para o impulso da coordinación das principais liñas da política pública de cooperación e da coherencia de políticas das diferentes administracións públicas. A Conferencia Sectorial reúne á Administración Xeral do Estado e aos conselleiros/as autonómicos responsables do eido da cooperación ao desenvolvemento así como representantes da *Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP)*, estando presidida polo Ministro de Asuntos Exteriores e Cooperación. No ano 2010 celebráronse dúas xuntanzas o 4 de febreiro e o 8 de setembro ás que asistiron representantes da Xunta de Galicia, aprobándose nas mesmas o seu regulamento de organización e funcionamento. No ano 2011 non se celebrou ningunha xuntanza da devandita conferencia. Por outra banda, a Xunta de Galicia participou nas xuntanzas da *Comisión Interterritorial de Cooperación para o Desenvolvemento* celebradas o 22 de xaneiro de 2010 e o 17 de xaneiro de 2011 e nos que se aprobaron os *Planos Anuais da Cooperación Española 2010 e 2011* respectivamente. A devandita comisión constitúe un órgano consultivo e de coordinación, concertación e colaboración entres as administracións públicas españolas que levan a cabo accións de cooperación para o desenvolvemento.

Malia que non figura explicitamente na matriz de resultados do II Plan Director, os *Encontros de Comunidades Autónomas e Cooperación ao Desenvolvemento* constitúen o espazo activo para mellorar as canles de comunicación e crear hábitos de traballo conxunto entre as administracións públicas autonómicas. Neste senso, a DXRREE e UE ten participado activamente no III Encontro celebrado nas Illas Baleares o 6 e 7 de maio de 2010 e no IV Encontro celebrado en Pamplona o 14 e 15 de abril de 2011. No Encontro de Baleares participou activamente nos talleres de educación para o desenvolvemento e cooperación directa descentralizada. O Encontro en Navarra foi coorganizado por Galicia xuntamente con Navarra e Cantabria. A Xunta de Galicia dinamizou o taller "análise da cooperación descentralizada directa e concertada en Centroamérica e posibilidades dunha planificación conxunta da cooperación descentralizada española".

Non obstante, o grao de coñecemento dos resultados da participación da DXRREE e UE nestes espazos de coordinación da cooperación española é moi baixo, non superando o 21% no caso da Conferencia Sectorial e o 29% nos Encontros de Comunidades Autónomas.

Xuntamente con estes espazos, a Xunta de Galicia tamén participa activamente na súa acción exterior no *Comité das Rexións*, órgano consultivo da Unión Europea que representa aos entes locais e rexionais da Unión. Unha das funcións do devandito Comité vén sendo emitir informes sobre as propostas da Comisión Europea. Desde a DXRREE e UE elaborouse un ditame sobre o *Libro verde da Comisión Europea sobre o futuro da política de desenvolvemento da UE.* A través do ditame salientouse o valor engadido e experiencia da cooperación descentralizada na cooperación ao desenvolvemento, singularmente, na xestión de servizos públicos así como, no caso de Galicia, para poñer ao servizo dos países en vías do desenvolvemento as súas vantaxes comparativas nos sectores da pesca e da acuicultura en relación á soberanía alimentaria. O devandito ditame aprobouse na *Comisión de Cidadanía, Gobernanza e Asuntos Institucionais (CIVEX)* na súa xuntanza do 8 de abril de 2011. Nesta liña de traballo de achegas á política europea do desenvolvemento, o Director Xeral de Relacións Exteriores foi nomeado relator do ditame do *Comité de Rexións* sobre a comunicación da *Comisión Europea* sobre o *Incremento do impacto da política de desenvolvemento da UE: un programa para o cambio,* e que foi aprobado na xuntanza do CIVEX do 18 de outubro de 2011. Ao igual que no anterior ditame, saliéntase o valor engadido da cooperación descentralizada nos eidos da xestión de competencias froito de procesos de descentralización, no fortalecemento institucional ou gobernanza local. Asemade, sublíñase o seu valor para os países socios de desenvolvemento en sectores estratéxicos como educación, servizos sociais, enerxía, agricultura e pesca e acuicultura.

| Obxectivos xerais | Obxectivos específicos | Subproceso | Indicadores | Estado |
|---|---|---|---|---|
| O.X. 8 Mellorar a planificación e a xestión das intervencións | O.E. 8.4 Fortalecer a capacidade da Xunta para exercer un papel de liderado e dinamización na articulación dunha cooperación galega de calidade | Coordinación | I. 8.4.2 Mellorouse a coordinación entre os diferentes departamentos da Xunta en materia de cooperación, especialmente coas consellerías do Mar, Educación e Ordenación Universitaria, Sanidade, e Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas | **Acadado** |
| | | | I. 8.4.3 Mellorouse a coordinación entre a Xunta e as Entidades da Administración Local de Galicia en materia de cooperación | **En progreso** |
| O.X. 9 Incrementar o grao de trans-parencia e de rendición de contas da Cooperación Galega | O.E. 9.1 Facilitar o acceso público a toda a información sobre as actividades de cooperación | | I.9.1.6 Todas as consellerías informan de forma ordinaria á Subdirección Xeral de Cooperación Exterior das actividades que levan a cabo en materia de cooperación | **Acadado** |
| O.X. 10 Mellorar os niveis de coor-dinación coa cooperación española e co resto das cooperacións autonómicas e iniciar unha gradual presenza da Cooperación Galega na acción multilateral | O.E. 10.2 Promover iniciativas de coordinación con outros sistemas de cooperación, con especial referencia ás cooperacións autonómicas | | I. 10.2.1 A Xunta realizou actividades de cooperación en coordinación coa cooperación española ou con outras cooperacións autonómicas | **En progreso** |

A coordinación representa un dos procesos centrais á hora de mellorar o valor agregado dos esforzos de cooperación da Xunta de Galicia. O II Plan Director centra a súa atención nun dobre proceso de mellora: en primeiro lugar, da coordinación horizontal interna entre os departamentos da Xunta de Galicia e da coordinación externa horizontal da Xunta de Galicia con outras comunidades autónomas; e, en segundo lugar, da coordinación vertical, ben cara á administración local, ben cara á cooperación española e europea.

**Figura 6:** Procesos de coordinación horizontal e vertical da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE




En relación á coordinación horizontal, a *Comisión Interdepartamental de Cooperación ao Desenvolvemento (CINCODE)* actuou como espazo de intercambio de información, coordinación e rendición de contas entre os departamentos da Xunta de Galicia. Por outra banda, celebráronse xuntanzas bilaterais con aqueles departamentos que realizan achegas nos seus orzamentos a cooperación ao desenvolvemento. En 2010 establecéronse accións coordinadas coa *Consellería de Sanidade* e o *Centro Superior de Hostalaría de Galicia* e no 2011, senlleiramente, con *Augas de Galicia*. Neste último caso trátase dun proxecto de abastecemento de auga de tres anos de duración financiado pola Unión Europea en Mozambique, e que comezará a súa execución neste ano 2012 e que leva por título “Creación e reforzo de capacidades do Ara-Norte para a planificación e xestión dos recursos hídricos nas

concas internas de Cabo Delgado, Mozambique". Por outra banda, no *Plan Anual 2010 da Cooperación Galega* contemplouse a posibilidade de crear un grupo de traballo específico para a coordinación das accións de cooperación para o desenvolvemento dos departamentos da Xunta de Galicia. Por último, os *Planos Anuais da Cooperación Galega* salientan a necesidade de avanzar na coordinación coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para acadar a complementariedade entre as actuacións que propoñan as ONGD no eido da educación para o desenvolvemento e os contidos dos currículos oficiais, sen que teñan acontecido avances relevantes nesta liña de traballo.

Outro eido de asesoramento, coordinación e reflexión sobre a acción exterior de Galicia represéntao o *Consello de Acción Exterior (CAEX)*. Constituído o 16 de abril de 2010, na súa xuntanza do 29 de novembro, aprobou o documento *A acción exterior de Galicia. Prioridades de actuación* onde se inclúe á cooperación ao desenvolvemento entre as súas prioridades. No CAEX están representados a Coordinadora Galega de ONGD e o Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional (IGADI).

En relación á coordinación horizontal con outras comunidades autónomas, esta desenvolveuse activamente nos *Encontros de Comunidades Autónomas e Cooperación para o Desenvolvemento* para alén da *Comisión Interterritorial de Cooperación ao Desenvolvemento* da cooperación española.

A coordinación vertical coa administración local galega materialízase tanto nas xuntanzas do *Consello Galego de Cooperación ao Desenvolvemento (CONGACODE)* e da *Comisión Interterritorial de Cooperación ao Desenvolvemento (CINTERCODE)*, onde participan representantes das entidades locais e provinciais, da FEGAMP e mais do FOGACOSOL. Por outra banda, a nivel operativo finánciase a través de convenios o traballo do FOGACOSOL en Cabo Verde e participase naquelas iniciativas do FOGACOSOL a nivel galego, como son os *Encontros de Cooperación Local*. Non obstante, tense detectado certa insatisfacción das entidades locais galegas con partidas orzamentarias relevantes en cooperación para o desenvolvemento en relación aos espazos de coordinación por mor da súa rixidez e da complexidade da súa composición actual.

Por último, na coordinación vertical coa cooperación española, o II Plan Director aliña a súa planificación co *III Plan Director da Cooperación Española (2009-2012)*.[11] A nivel formal participase nos espazos de coordinación dispoñibles: conferencia sectorial e comisión interterritorial. A nivel operativo, as actividades conxuntas desenvolvidas coa cooperación española no bienio 2010-2011 foron:

a) Participación nos procesos de coordinación no eido de acción humanitaria en situacións de emerxencia (Haití, Paquistán) xunto coa tramitación da sinatura dun acordo marco coa AECID para a atención de emerxencias que substitúa ao convenio marco de colaboración da AECID celebrado coa extinta *Fundación Axencia Humanitaria de Galicia*.

[11] O 21 de decembro de 2012 aprobouse no Consello de Ministros/as do Goberno de España o *IV Plan Director da Cooperación Española (2013-2016)*.

b) Participación na fase de diagnóstico do proceso de elaboración do *Marco de Asociación País (MAP)* de Bolivia, O Salvador e Ecuador. Por outra banda, ten achegado información aos MAP actualmente en proceso de elaboración en Cabo Verde, Perú, Guatemala e Mozambique.

c) Achegar información para os informes de seguimento do *Plan Anual de Cooperación Internacional (PACI)* da Cooperación Española.

d) Colaboración institucional coa AECID e mais co *Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela* na convocatoria do *Premio de Cooperación Urbana* 2010 e 2011.

e) Prácticas de formación de expertos en cooperación para o desenvolvemento nas *Oficinas Técnicas de Cooperación (OTC)* da Cooperación Española en Bolivia, Ecuador, Guatemala, O Salvador, Mozambique, Nicaragua e Perú.

| Obxectivos xerais | Obxectivos específicos | Subproceso | Indicadores | Estado |
|---|---|---|---|---|
| O.X. 8 Mellorar a planificación e a xestión das intervencións | O.E. 8.2 Mellorar a capacidade da Subdirección Xeral de Cooperación Exterior para liderar de forma efectiva unha acción humanitaria galega | Capacidade institucional e recursos humanos | I.8.2.2 Incrementáronse os recursos humanos e técnicos da no eido da AH durante o período 2010-2013 | **Progreso insuficiente** |
| | O.E. 8.4 Fortalecer a capacidade da Xunta para exercer un papel de liderado e dinamización na articulación dunha cooperación galega de calidade | | I. 8.4.1 Creouse a Axencia Galega de Cooperación | **En progreso** |
| | | | I. 8.4.4 Reforzáronse as capacidades técnicas e de xestión da Xunta, incorporando persoal experto como mínimo nas áreas de xénero e avaliación | **Progreso insuficiente** |

O II Plan Director da Cooperación Galega subliña a necesidade de mellorar a calidade da axuda incorporando de forma máis efectiva os principios da Axenda de París. Neste senso, existe consenso en sinalar que para avanzar na eficacia da axuda cómpre mellorar a planificación e xestións das intervencións por parte dos doadores. No caso da cooperación galega, o II Plan Director prevé a creación durante o período 2010-2013 da *Axencia Galega de Cooperación*. Ao igual que outras axencias análogas na cooperación descentralizada española (*Agencia Extremeña de Cooperación Internacional para el Desarrollo, Agencia Asturiana de Cooperación al Desarrollo, Agencia Vasca de Cooperación al Desarrollo, Agencia Catalana de Cooperación al Desarrollo, Agencia Regional para la Inmigración y la Cooperación de Madrid*…), a *Axencia Galega de Cooperación* ten como obxectivo o fortalecemento da capacidade da Xunta de Galicia para exercer un papel de liderado e dinamización na articulación dunha cooperación de calidade a través dunha maior eficacia e flexibilidade na xestión da axuda.

As vantaxes de contar cunha estrutura institucional que complemente as capacidades da unidade xestora da política de axuda na Xunta de Galicia cífranse en:

a) Fortalecemento da estrutura de xestión e deseño da política de cooperación.

b) Unha maior flexibilidade operativa.

c) Unha maior especialización profesional.

d) Unha maior adecuación dos recursos técnicos e humanos as esixencias de calidade e eficacia na xestión da axuda.

Durante o bienio 2010-2011 a Xunta de Galicia comprometeuse a elaborar unha proposta debidamente fundamentada e motivada conducente á creación da *Axencia Galega de Cooperación*. O *Plan Anual 2011 da Cooperación Galega* contemplou a elaboración dun informe sobre a viabilidade da creación dunha *Axencia Galega de Cooperación para o*

*Desenvolvemento*. O devandito informe, por outra banda, desenvolveu o modelo organizativo e funcional da Axencia. Os criterios de viabilidade, oportunidade e pertinencia establecidos previamente no II Plan Director para o impulso da creación da Axencia informarán as decisións estratéxicas e operativas precisas para acomodar o proceso ao actual contexto de crise económica e ás medidas de consolidación fiscal do Goberno da Xunta de Galicia e do Goberno de España. Non obstante, existe unha valoración negativa da actual situación cun 62% dos actores galegos enquisados coidando como pouco pertinente a decisión de paralizar o proceso de creación da Axencia Galega de Cooperación.

Ao tempo, a fasquía institucional da cooperación galega sufriu unha profunda transformación no ano 2010 coa extinción da FAHG dentro do plano de racionalización da Xunta de Galicia fundamentado na eliminación de duplicidades, na redución do gasto público e na mellora da eficiencia da administración pública galega. Por orde do 28 de outubro de 2010 (D.O.G. do 22 de novembro) ratifícase o acordo de extinción da devandita Fundación con efectos a partir do 31 de decembro de 2010. A partir de xaneiro de 2011, a SDXCE asume na súa totalidade a xestión e financiamento da acción humanitaria. Esta desaparición acontece tralo "salto cualitativo" que representou o ano 2010 para a FAHG e que incluíu a primeira convocatoria aberta e permanente de acción humanitaria.

O II Plan Director sinala que a outra vía para o reforzamento da capacidade institucional e de xestión da unidade responsable da cooperación galega vén sendo o aumento do persoal experto nos eidos de acción humanitaria, avaliación e xénero por mor da súa complexidade e grao de especialización técnica.

**Cadro 41:** Recursos humanos da cooperación galega (Subdirección Xeral de Cooperación Exterior e Fundación Axencia Humanitaria de Galicia, 2010-2011

| Categoría de persoal/entidade | 2010 | 2011 |
|---|---|---|
| Persoal funcionario | 8 | 8 |
| Persoal laboral | 0 | 1 |
| Asistencias técnicas | 2 | 4 |
| Fundación Axencia Humanitaria de Galicia | 5 | 0 |
| **Total** | **15** | **13** |

No bienio 2010-2011 non aumentaron os recursos humanos dispoñibles da cooperación galega. A extinción da FAHG a finais do 2010 por mor do plan de racionalización da Xunta de Galicia representou unha transferencias de recursos humanos desde a mesma cara á SDXCE. Nese período a Subdirección Xeral contou con oito persoas funcionarias, un administrativo laboral e con dúas asistencias técnicas en terreo para o seguimento das *Iniciativas de Desenvolvemento Integral* de Guatemala e República Dominicana así como con dúas asistencias técnicas para o seguimento das actuacións en cooperación e acción humanitaria. Xa que logo, non se aumentaron as capacidades técnicas no eido da avaliación e xénero para alén da formación especializada en cooperación e a experiencia en xestión das asistencias técnicas que prestan servizos para a SDXCE. No eido da acción humanitaria cóntase cun servizo encargado da coordinación e seguimento neste eido a través dun contrato negociado. Neste senso, un 65% dos actores galegos enquisados concordan en sinalar como insuficiente a actual dotación de recursos humanos da SDXCE.

O dobre recurso empregado para complementar a capacidade institucional da SDXCE consistiu en:

a) A convocatoria de bolsas de formación de expertos/as en cooperación internacional para o desenvolvemento.

b) A contratación de profesionais expertos e empresas de consultoría.

No primeiro caso, a finais do ano 2009 abriuse nunha nova convocatoria de catorce bolsas de formación de expertos/as en cooperación internacional para o desenvolvemento para a anualidade 2010. As bases reguladoras prevían a posibilidade de prórroga das bolsas de formación previo informe favorable da SDXCE, de xeito que no ano 2012 alongouse a permanencia de 12 bolseiros/as por un período de 12 meses.

**Cadro 42:** Destinos das persoas beneficiarias das bolsas de formación de expertos/as, 2010-2011

| Ano | País | Entidade |
|---|---|---|
| **2010** | Nicaragua | Oficina Rexional da FAO<br>OTC da Cooperación Española |
| | Ecuador | Oficina de UNIFEM-Rexión Andina<br>OTC da Cooperación Española |
| | República Dominicana | Concello de Santiago de los Caballeros |
| | Guatemala | OTC da Cooperación Española |
| | O Salvador | OTC da Cooperación Española |
| | Perú | OTC da Cooperación Española |
| | Bolivia | OTC da Cooperación Española |
| | Mozambique | OTC da Cooperación Española |
| | España | Subdirección Xeral de Cooperación Exterior (4 bolseiros/as) |
| **2011** | Nicaragua | Oficina Rexional da FAO<br>OTC da Cooperación Española |
| | Ecuador | Oficina de UNIFEM-Rexión Andina<br>OTC da Cooperación Española |
| | República Dominicana | Concello de Santiago de los Caballeros |
| | Guatemala | OTC da Cooperación Española |
| | O Salvador | OTC da Cooperación Española |
| | Perú | OTC da Cooperación Española |
| | Mozambique | OTC da Cooperación Española |
| | España | Subdirección Xeral de Cooperación Exterior (3 bolseiros/as) |

Co fin de adecuar o espírito da convocatoria de bolsas ao perfil das persoas aspirantes ás mesmas, no ano 2010 aumentouse a idade das posibles persoas beneficiarias (nados a partir do 1 de xaneiro de 1978) e reformulouse o baremo de méritos primando a valoración da formación sobre a experiencia previa.

Por outra banda, a SDXCE recorreu a contratos menores de servizo con profesionais expertos e empresas de consultoría para a execución do *Plan Anual de Avaliacións da Cooperación Galega*, para a execución do *Plan de Formación en Acción Humanitaria*, para a cobertura informativa de actuacións da cooperación galega en Centroamérica, para o desenvolvemento de investigacións específicas así como para a avaliación das solicitudes ás convocatorias de axudas de proxectos no exterior promovidos polos axentes de cooperación, para actividades de educación para o desenvolvemento e para a consolidación e fortalecemento de organizacións non gobernamentais de desenvolvemento.

**Cadro 43:** Contratos menores de servizo da SDXCE, 2010-2011

| Ano | Descrición | Axudicatorio |
|---|---|---|
| **2010** | Servizo para a realización da avaliación das solicitudes da Orde do 11 de marzo de 2010 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de cooperación ao desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación, para actividades de educación para o desenvolvemento e para a consolidación e fortalecemento de organizacións non gobernamentais de desenvolvemento. | Análisis y Desarrollo Social Consultores SL. |

| | | |
|---|---|---|
| | Servizo para a realización da avaliación final do Programa de formación de pescadores artesanais en Centroamérica (PROFOPAC) e outros proxectos de cooperación en materia pesqueira na rexión. | Proxectos Consultaría e Formación SL, CIF |
| | Servizo para a realización dun censo de cooperantes galegos no exterior | Instituto de Estudos Sociais e Internacionais |
| | Servizo para a realización dun informe sobre a percepción da sociedade galega da cooperación ao desenvolvemento | Universidade de Santiago de Compostela e Enquisa S.L |
| | Servizo para a realización da cobertura periodística de actuacións da cooperación galega en Centroamérica | Asociación Galega de Reporteiros Solidarios |
| **2011** | Servizo para a realización da avaliación das solicitudes presentadas ao abeiro da Orde de 21 de decembro de 2010 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación, para actividades de educación para o desenvolvemento e para a consolidación e fortalecemento de organizacións non gobernamentais de desenvolvemento | Virginia Romero Sobral e Rosa Villaronga Tarrío |
| | Servizo para a realización da avaliación intermedia do Programa de Desenvolvemento Integral Oxlajuj Tz,kin e da avaliación final doutras intervencións financiadas pola cooperación galega en Guatemala. | Análisis y Desarrollo Social Consultores SL. |
| | Servizo para a realización do Plan de Formación en Acción Humanitaria 2011. | Ofelia García (IYE) |

| Obxectivos xerais | Obxectivos específicos | Subproceso | Indicadores | Estado |
|---|---|---|---|---|
| O.X. 9 Incrementar o grao de transparencia e de rendición de contas da Cooperación Galega | O.E. 9.1 Facilitar o acceso público a toda a información sobre as actividades de cooperación | **Rendición de contas e transparencia** | I.9.1.1 Os informes anuais da Cooperación Galega elaborados pola Xunta melloraron a súa calidade e ofrecen unha información completa das actividades | **Acadado** |
| | | | I.9.1.2 Os datos estatísticos referentes á cooperación galega están presentes na información pública do Instituto Galego de Estatística | **En progreso** |
| | | | I.9.1.3 A páxina web da Cooperación Galega mellorou a súa funcionalidade, incorporando máis información respecto a todas as actividades de cooperación, así como documentos de avaliación, estratéxicos e de debate no seo do Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento | **Acadado** |
| | | | I.9.1.4 Fíxose pública a información referente a todos os convenios de cooperación asinados pola Xunta, así como a contía destes | **Acadado** |
| | | | I.9.1.5 O Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento revisouse para garantir que contén información actualizada de todos os axentes de cooperación inscritos | **Acadado** |

A cooperación ao desenvolvemento da Xunta de Galicia como política pública está sometida á obriga de render contas e fomentar a transparencia das súas actuacións tal e como establece a *Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega.* Os principais instrumentos de rendición de contas e transparencia son:

a) Os informes anuais da cooperación galega.

b) A páxina web da cooperación galega.

c) O Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento.

Os informes anuais, aprobados no CONGACODE, son publicados anualmente e atópanse dispoñibles na páxina web da cooperación galega. Os informes ofrecen información polo miúdo das actividades realizadas sobre a base da matriz de resultados do II Plan Director. Cun contido similar, o informe 2011 modificou a organización interna da información co fin de facilitar o seguimento das actuacións.

Para avanzar na transparencia dos datos da cooperación galega, no ano 2011 o *Instituto Galego de Estatística (IGE)* comunicou á SDXCE o procedemento para que integren e difundan consonte aos seus criterios os datos da cooperación galega. Por outra banda, a

páxina web da cooperación galega (www.cooperaciongalega.org) conta con información actualizada e polo miúdo das actividades da cooperación galega.

En relación aos convenios, a SDXCE publica a información sobre os mesmos tanto a través da súa páxina web coma dos informes anuais da cooperación galega. Neste segundo caso remiten ao buscador de proxectos da cooperación galega para ampliar a información sobre os mesmos.

En relación á rendición de contas e transparencia existe unha valoración positiva da mesma entre os actores galegos enquisados de xeito que un 46% a valora como boa e un 12% como moi boa. Ao tempo, os informes anuais da cooperación galega acadan unha alta valoración tanto en calidade da información e utilidade así como na súa accesibilidade a través da páxina web da cooperación galega. De feito, a páxina web acada un 54% de satisfacción, mentres que un 42% a valoran como regular. Neste eido detéctanse dous puntos de fractura en relación á rendición de contas e transparencia, en primeiro lugar, na información relativa ao CONGACODE, que un 69% califica de mala ou regular; e, en segundo lugar, na información e transparencia relativa aos convenios, que un 61% valora como regular ou mala. Por último, un 61% coida como boa ou moi boa a facilidade de acceso á información da SDXCE relativa ás súas actividades.

Unha das actuacións salientables no bienio 2010-2012 consistiu na reforma do *Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento.* O 5 de maio de 2011 publicouse o *Decreto 90/2011 que modifica o Decreto 326/2004, do 29 de decembro, polo que se regulan os órganos de coordinación e asesoramento en materia de cooperación para o desenvolvemento e polo que se crea o Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento*. A través desta modificación normativa, demandada polo sector, preténdese mellorar a operatividade do Rexistro e actualizar a súa información de xeito que se garantise a súa fiabilidade e se evitasen os problemas de obsolescencia informativa e disfuncionalidade. A finalidade do Rexistro consiste en contar con datos actualizados dos axentes de cooperación xa que a inscrición representa unha condición previa para acceder ás axudas e subvencións públicas. A modificación consistiu en:

a) Redución do número de seccións do Rexistro de cinco a catro.[12]

b) Desaparición da necesidade de inscrición das comunidades galegas no exterior ao contaren co seu propio rexistro (Rexistro de Centros e Comunidades Galegas), dependente da Secretaría Xeral de Emigración.

c) Adecuar a inscrición na sección correspondente á natureza dos actores de cooperación.

[12] As actuais seccións do Rexistro son: a) Organizacións non gobernamentais para o desenvolvemento; b) Empresas e organizacións empresariais; c) Sindicatos; d) Outros axentes sociais ou entidades que teñan entre os seus fins a realización de actividades de cooperación para o desenvolvemento.

| Obxectivos xerais | Obxectivos específicos | Subproceso | Indicadores | Estado |
|---|---|---|---|---|
| O.X. 8 Mellorar a planificación e a xestión das intervencións | O.E. 8.1 Avanzar na priorización de rexións xeográficas e sectores de actuación dentro de cada país | Xestión do coñecemento e avaliación | I. 8.1.1 Como mínimo, en catro dos países prioritarios realizouse un diagnóstico para priorizar rexións xeográficas e sectores de actuación | Acadado |
| | O.E. 8.3 Mellorar a funcionalidade dos instrumentos de canalización da axuda e a súa adecuación aos tipos de actuación a que van destinados | | I. 8.3.5 Estableceuse un sistema de avaliación por pares para valorar as propostas de programas de cooperación | Acadado |
| O.X. 9 Incrementar o grao de transparencia e de rendición de contas da Cooperación Galega | O.E. 9.2 Mellorar a actividade avaliadora | | I. 9.2.1 Elaborouse un Plan de Avaliación que permite planificar a actividade avaliadora, dotándoa de continuidade e previsibilidade | Acadado |
| | | | I.9.2.2 Realizouse polo menos unha avaliación externa, profesional e pública da cooperación anual que se realiza en, polo menos, cinco dos países prioritarios | Acadado |
| | | | I. 9.2.3 A Subdirección Xeral de Cooperación Exterior realizou un informe de seguimento de medio termo sobre a aplicación do II Plan director, que foi presentado ao Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento | Acadado |
| | | | I. 9.2.4 Realizouse unha avaliación externa e independente do cumprimento do II Plan director durante o último semestre de 2013, cuxos resultados son públicos | Fóra do período avaliado |

O II Plan Director establece a necesidade de avanzar na priorización de rexións xeográficas e sectores de actuación de cada país e para iso contemplaba a realización dun diagnóstico en catro dos países prioritarios para priorizar rexións xeográficas e sectores de actuación. Dentro do principio de coordinación, complementariedade e subsidariedade, a SDXCE ten subordinado este indicador ao desenvolvemento do proceso de elaboración dos MAP da Cooperación Española. Dos MAP actualmente vixentes, a cooperación galega ten contribuído no proceso de diagnóstico aos de Bolivia, O Salvador e Ecuador. Por outra banda, ten achegado información aos actualmente en proceso de elaboración en Cabo Verde, Perú, Guatemala e Mozambique.

Malia que o II Plan Director prevé o establecemento dun sistema de avaliación de pares para valorar as propostas de programas de cooperación, a SDXCE estendeu esta medida á convocatoria de proxectos de cooperación no exterior, de educación para o desenvolvemento e consolidación e fortalecemento do ano 2010. Con este fin contratáronse dúas entidades externas para realizar un proceso de dobre valoración independente das propostas. No ano 2011 non se recorreu ao mesmo sistema tanto por mor das distorsións nas medias e disparidades nas valoracións das propostas que aconteceron no ano anterior como pola ralentización sufrida no proceso de resolución das convocatorias.

En relación á avaliación, o II Plan Director dá un impulso ás prácticas de avaliación na cooperación galega e establece un Plan de Avaliación que permita planificar e dar continuidade á actividade avaliadora. No bienio 2010-2011, desenvolvéronse as seguintes actividades de avaliación:

**Cadro 44:** Avaliacións da cooperación galega, 2010-2011

| Ano | País/Área xeográfica | Avaliacións |
|---|---|---|
| **2010** | **República Dominicana** | Avaliación intermedia da Iniciativa de desenvolvemento integral para a mellora do Barrio Santa Lucía/ La Mosca. Santiago de los Caballeros na República Dominicana. No marco do convenio de colaboración asinado coa entidade Fundación de Desarrollo Loma y Salud (Fundelosa) realizouse unha avaliación intermedia da intervención que foi adxudicada a unha consultora local (Rosa Arlene María) |
| | **Centroamérica** | Avaliación do Programa de formación de pescadores artesanais en Centroamérica (Profopac). |
| | | Avaliación final dos proxectos de desenvolvemento pesqueiro no Golfo de Fonseca da ONGD Amigos da Terra Galicia que recibiron financiamento da Xunta de Galicia os anos 2005 a 2009. |
| | **O Salvador** | Avaliación final dos proxectos en materia pesqueira no Salvador da ONGD Asemblea de Cooperación pola Paz "Fase I, II e III. Promoción do tecido asociativo de 4 iniciativas de economía solidaria en materia pesqueira no Salvador", subvencionados a esta entidade nas convocatorias públicas de subvencións a proxectos de ONGD dos anos 2007 a 2009. |
| **2011** | **Guatemala** | Avaliación intermedia da Iniciativa de Desenvolvemento Integral Oxlajuj Tz´ikin Champerico-Retalhuleu. Departamento de Retalhuleu. Guatemala. |
| | | Avaliación final do resto das intervencións financiadas en Guatemala dende o ano 2007. |
| | **Galicia** | Avaliación da convocatoria de axudas para o fortalecemento e consolidación das ONGD |

## 5.2.2. Marco estratéxico

| Obxectivos xerais | Obxectivos específicos | Subproceso | Indicadores | Estado |
|---|---|---|---|---|
| O.X. 8 Mellorar a planificación e a xestión das intervencións | O.E. 8.3 Mellorar a funcionalidade dos instrumentos de canalización da axuda e a súa adecuación aos tipos de actuación a que van destinados | **Selectividade de actores** | I. 8.3.2 As axudas para microproxectos foron destinadas a ONG novas que tiñan como máximo cinco anos de existencia | **Progreso insuficiente** |
| | | **Especialización de actores** | I. 8.3.6 Logrouse unha especialización dos actores da cooperación naqueles sectores en que a súa achega ofrece a contribución máis eficaz aos fins da cooperación, dentro do ámbito da axuda canalizada mediante convocatoria, utilizando para iso o deseño da ditas convocatorias | **Acadado** |
| O.X. 10 Mellorar os niveis de coordinación coa cooperación española e co resto das cooperacións autonómicas e iniciar unha gradual presenza da Cooperación Galega na acción multilateral | O.E. 10.3 Promover de forma gradual a presenza da Cooperación Galega na acción multilateral | **Multilateralismo** | I.10.3.1 Establecéronse acordos de actuación nalgún dos países prioritarios con algún organismo multilateral | **Acadado** |

Xuntamente cos subprocesos de concentración xeográfica, sectorial e previsibilidade analizados no apartado 4, o marco estratéxico do ámbito 2 do II Plan Director integra tamén procesos destinados a:

a) Mellorar a selectividade dos actores que reúnen os requisitos para se postularen a financiamento público a través de convocatorias.

b) Favorecer a especialización dos actores nas convocatorias de axudas e subvencións en base á súa vantaxe comparativa e eficacia.

c) Promover a proxección da cooperación galega no eido multilateral a través de acordos de colaboración con organismos multilaterais.

No caso da selectividade de actores na convocatoria de microproxectos, os requisitos establecidos nas bases das axudas non teñen establecido como entidades beneficiarias exclusivas ás ONGD novas cun máximo de 5 anos de antigüidade. O criterio excluínte que figura nas bases unicamente fai mención a se teñen xestionado ou non subvencións e axudas da Xunta de Galicia de programas ou proxectos no exterior.

**Cadro 45:** Requisitos das ONGD solicitantes na convocatoria de microproxectos, 2010-2012

| ***Ano*** | ***Requisitos das entidades solicitantes*** |
|---|---|
| ***2010*** | *c) Non ter recibido subvención nas convocatorias para programas e para proxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior que desenvolverán os axentes de cooperación ao desenvolvemento (exceptuadas as axudas recibidas con cargo á convocatoria de microproxectos dos anos 2008 e 2009).* |
| ***2011*** | *c) Non ter recibido ningunha subvención nas convocatorias para programas e para proxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior para desenvolver polos axentes de cooperación ao desenvolvemento dos anos 2008, 2009 e 2010 (exceptuadas as axudas recibidas con cargo á convocatoria de microproxectos de anos anteriores).* |
| ***2012*** | *c) Que non recibiran ningunha subvención nas convocatorias para programas e para proxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior que desenvolven os axentes de cooperación ao desenvolvemento dos anos 2008, 2009 e 2010 e 2011 (exceptuadas as axudas recibidas con cargo á convocatoria de microproxectos de anos anteriores).* |

Na convocatoria do ano 2010 concedéronse cinco proxectos ás ONGD: CUCO Galicia, Fundación Balms para a Infancia, Equus Zebra, Asociación Galega de Hemofilia, ONGD Coopera-Jóvenes para la Cooperación Internacional. Destas cinco entidades, tan só CUCO Galicia cumpriría co criterio establecido no indicador do II Plan Director. Ademais, das sete propostas denegadas, tan só 2 cumprían con este requisito. No ano 2011 a convocatoria quedou deserta ao non acadar ningunha das entidades solicitantes a puntuación mínima esixida tralo proceso de valoración.

En relación á especialización de actores a través do aproveitamento das súas vantaxes comparativas, o repertorio de convocatorias da Xunta de Galicia abrangueu os seguintes destinatarios establecendo criterios específicos para a especialización técnica dos axentes de cooperación, singularmente, universidades, empresas, sindicatos e comunidades galegas no

exterior. Esta especificación materialízase no establecemento de límites ao tipo de actuacións e actividades subvencionables.

**Cadro 46:** Entidades solicitantes das convocatorias de axudas e subvencións e requisitos específicos temáticos, 2010-2012

| | | **2010-2011** | **2012** |
|---|---|---|---|
| **Entidade** | **Instrumento** | **Especialización** | |
| **ONGD** | **Proxectos ONGD** | **Sen requisitos específicos** | **Sen requisitos específicos** |
| | **Microproxectos ONGD** | | |
| | **CAP axuda humanitaria** | | |
| | **Educación para o desenvolvemento** | | |
| | **Fortalecemento de ONGD** | | |
| **Outros axentes** | **Educación para o Desenvolvemento en agrupación con ONGD** | **Sen requisitos específicos** | **Sen requisitos específicos** |
| | **Proxectos ONGD en agrupación con ONGD** | **Sen requisitos específicos** | **Sen requisitos específicos** |
| | **Proxectos outros axentes** | **Universidades:**<br>a) Actividades de cooperación interuniversitaria, como fortalecemento institucional das universidades dos países en desenvolvemento, asistencia para o deseño de títulos e currículos académicos, apoio á mobilidade de persoal investigador e docente e realización de investigacións conxuntas, organización de pasantías de alumnado en prácticas, formación de redes para o traballo en común e outras.<br>b) Actividades de identificación, apoio e asistencia ao resto dos actores da cooperación tanto administracións públicas como entidades privadas (ONGD) e de desenvolvemento científico e transferencia de tecnoloxía.<br>**Empresas:**<br>a) Dotación de bens e servizos -materiais, obras e asistencia técnica- que os procesos de desenvolvemento demandan así como achega libre de recursos humanos, materiais, técnicos ou financeiros a proxectos ou institucións de desenvolvemento.<br>b) Actividades de fortalecemento do sector privado dos países en desenvolvemento, apoiando a súa participación no diálogo social a través da transferencia da súa experiencia e recursos a institucións homólogas dos países en desenvolvemento, tales como tarefas de formación do empresariado e de asistencia técnica en áreas profesionais definidas e no apoio á consolidación das organizacións empresariais.<br>c) Promoción dos contactos previos e os estudos de identificación ou prefactibilidade que alenten a creación de oportunidades para a posta en marcha de iniciativas empresariais conxuntas, que permitan xerar renda e emprego no país en desenvolvemento, fortalecendo o tecido produtivo do país. Estas iniciativas deberán incluír unha especial atención ao respecto e defensa dos dereitos laborais.<br>d) Actividades encamiñadas á promoción de prácticas de responsabilidade social corporativa.<br>e) Desenvolvemento de proxectos de economía social e fortalecemento do tecido produtivo que favorezan o crecemento económico de base aproveitando o coñecemento do país, a implantación e a rede de relacións que as empresas creasen.<br>**Sindicatos:**<br>a) Actividades de apoio a través dos seus recursos e capacidades humanas e técnicas ás intervencións directas dos actores de cooperación.<br>b) Actividades de apoio á organización sindical nos países en desenvolvemento, potenciando a capacidade técnica e organizativa destas institucións e apoiando a súa participación no diálogo social nos seus respectivos países co obxectivo de contribuír a unha maior articulación e fortaleza da sociedade civil.<br>c) Actividades de promoción da organización da produción a través da transferencia da experiencia dos sindicatos agrarios.<br>d) Actividades encamiñadas á promoción de prácticas de defensa de dereitos laborais cunha especial atención aos dereitos laborais da muller.<br>**Comunidades galegas no exterior:**<br>a) Desenvolvemento de proxectos de economía social e fortalecemento do tecido produtivo que favorezan o crecemento económico de base aproveitando o coñecemento do país, a implantación e a rede de relacións que as comunidades galegas creasen.<br>b) Promoción da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e a defensa dos grupos de poboación máis vulnerables, con especial incidencia na infancia, terceira idade, persoas refuxiadas, desprazadas, inmigrantes, retornadas, minorías étnicas e comunidades indíxenas. | **Universidades:**<br>b) Actividades de identificación **con perspectiva de xénero**, apoio e asistencia ao resto dos actores da cooperación tanto administracións públicas como entidades privadas (ONGD) e de desenvolvemento científico e transferencia de tecnoloxía.<br><br>**Empresas:**<br>c) Promoción dos contactos previos e os estudos de identificación ou prefactibilidade que alenten a creación de oportunidades para a posta en marcha de iniciativas empresariais, que permitan xerar renda e emprego no país en desenvolvemento, fortalecendo o tecido produtivo do país. Estas iniciativas deberán incluír unha especial atención ao respecto e defensa dos dereitos laborais, **humanos, dereito ao territorio, e atenderán ao impacto na loita pola equidade de xénero.** |

Por último, en relación ao multilateralismo, no bienio 2010-2011 a Xunta de Galicia desenvolveu as seguintes actividades neste eido:

a) No 2010 asinou un novo acordo de colaboración coa *Organización das Nacións Unidas para a Agricultura e Alimentación (FAO)* para a realización de actividades de sensibilización e actividades formativas nas oficinas rexionais da organización das persoas beneficiarias do programa de formación de expertos en cooperación internacional. En 2010 e 2011 as estadías de prácticas realizáronse nas oficinas rexionais de Angola e Nicaragua.

b) Na mesma liña de traballo de facilitar a adquisición de formación e experiencia das persoas beneficiarias do devandito programa de bolsas, a Xunta de Galicia vén colaborando coa UNIFEM en Ecuador.

c) En relación ás actividades de cooperación e acción humanitaria, executáronse convenios coa *Organización de Estados Iberoamericanos (OEI)* en Arxentina, con ACNUR no Chad e Uganda e coa UNRWA en Palestina.

### 5.2.3. Marco instrumental

| Obxectivos xerais | Obxectivos específicos | Subproceso | Indicadores | Estado |
|---|---|---|---|---|
| O.X. 8 Mellorar a planificación e a xestión das intervencións | O.E. 8.3 Mellorar a funcionalidade dos instrumentos de canalización da axuda e a súa adecuación aos tipos de actuación a que van destinados | Especialización | I.8.3.3 Adaptáronse os formularios das convocatorias aos diferentes axentes da cooperación | Acadado |
| | | | I.8.3.4 Estableceuse unha convocatoria específica para *educación para o desenvolvemento* e elaboráronse formularios de solicitude adaptados a cada un dos seus catro ámbitos | En progreso |
| | | Fortalecemento de capacidade | I. 8.3.7 As convocatorias de axuda non estableceron un importe máximo subvencionable en concepto de recursos humanos para as propostas centradas na capacitación e a transmisión de coñecemento, senón que se valorou en cada caso a pertinencia orzamentaria neste ámbito | Acadado |

O marco instrumental do ámbito 2 do II Plan Director contempla medidas relativas á mellora e normalización dos formularios das convocatorias co fin de que estes formularios reflictan as orientacións estratéxicas da cooperación galega. Por outra banda, as bases das convocatorias sufriron diversas modificacións co fin de adecuar o seu contido ás disposicións do II Plan Director, ás alegacións dos actores da cooperación galega e mais ás necesidades prácticas e operativas da propia SDXCE.

**Cadro 47:** Modificacións das bases das convocatorias de axudas e subvencións, 2010-2011

| Ano | Convocatoria | Modificación |
|---|---|---|
| 2010 | **Proxectos ONGD e outros axentes** | Integración nas bases das convocatorias das prioridades xeográficas e sectoriais do II Plan Director.<br>Priorización daquelas actividades destinadas á satisfacción de necesidades sociais básicas.<br>Integración das cinco prioridades transversais do II Plan Director. |
| | **Microproxectos ONGD** | |
| | **Educación para o desenvolvemento** | Inclúese como gasto subvencionable o persoal da entidade vinculado á actividade de educación para o desenvolvemento.<br>Potenciación de accións no eido da investigación sobre desenvolvemento e equidade de xénero. |
| | **Fortalecemento de ONGD** | Redución do requisito de antigüidade de inscrición no Rexistro de Axentes de Cooperación a 6 meses.<br>Limitación a 4 ocasións a recepción de axudas desta convocatoria pola mesma entidade.<br>Introdución da perspectiva de xénero dentro dos gastos subvencionables.<br>Aumento dos máximos subvencionables. |
| 2011 | **Proxectos ONGD e outros axentes** | Defínese de forma máis precisa que se entende por agrupación de entidades para os efectos da súa valoración no marco das convocatorias publicas de subvencións. |
| | **Educación para o desenvolvemento** | |
| | **Fortalecemento de ONGD** | |

Xa fóra do ámbito temporal desta avaliación intermedia, debemos salientar que no ano 2012 aconteceu un amplo proceso de mellora das convocatorias en diálogo coas ONGD e que ten permitido mellorar a súa coherencia global coas disposicións estratéxicas do II Plan Director.

No bienio 2010-2011 melloráronse os formularios das convocatorias pero sen realizar unha adaptación aos diferentes axentes de cooperación. No caso específico de educación para o desenvolvemento, a natureza semellante de tres dos ámbitos (sensibilización, mobilización e formación) permite que exista un formulario único. Sen embargo, non se ten avanzado no pleno desenvolvemento das especificidades do eido de investigación para o desenvolvemento que debería de contar cun formulario específico e criterios de valoración homologables ao resto de convocatorias de axudas á investigación da Xunta de Galicia. Malia todo, os actores galegos enquisados seguen amosando unha valoración desigual dos formularios das convocatorias, con excepción da convocatoria de proxectos no exterior de ONGD que acada unha valoración positiva do 49% dos actores. De vez, os formularios da convocatoria de microproxectos e consolidación e fortalecemento de ONGD reciben unha predominante valoración negativa, máis aguzada no caso de microproxectos.

Consonte ao establecido no II Plan Director, a anterior convocatoria para actividades formativas e de sensibilización e de ONGD pasa a denominarse de educación para o desenvolvemento, integrando os catro ámbitos da mesma (sensibilización, formación sobre o desenvolvemento, investigación sobre o desenvolvemento e mobilización social) tal e como recolle a *Estratexia de Educación para o Desenvolvemento* da Cooperación Española.

En relación aos máximos subvencionables en concepto de recursos humanos, as convocatorias previron as seguintes:

**Cadro 48:** Gastos subvencionables en recursos humanos, 2010-2012

| | 2010 | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **Instrumento** | **Cantidade máxima subvencionable/ porcentaxe máxima sobre total proxecto** | | **Proxectos plurianuais** | | **Recursos humanos** |
| | **Individual** | **Consorcio** | **1ª anualidade** | **2ª anualidade** | |
| **Proxectos ONGD e outros axentes** | 175.000/ 95% | 350.000/95% | 50% | 50% | 70% total proxecto |
| **Microproxectos ONGD** | 25.000/ 95% | | | | 70% total proxecto |
| **CAP axuda humanitaria** | 90.000/ 95% | | | | 30% total proxecto<br>40% total proxecto se contido inmaterial |
| **Educación para o desenvolvemento** | 25.000/ 90% | 50.000/ 95% | 40% | 60% | 50% total proxecto |
| **Fortalecemento de ONGD** | 30.000 galegas<br>20.000 non galegas<br>90% | 60.000/ 90% | 40% | 60% | 70% subvención solicitada |
| | **2011** | | | | |
| **Instrumento** | **Cantidade máxima subvencionable / porcentaxe máxima sobre total proxecto** | | **Proxectos plurianuais** | | **Recursos humanos** |
| | **Individual** | **Consorcio** | **1ª anualidade** | **2ª anualidade** | |
| **Proxectos ONGD e outros axentes** | 175.000/ 95% | 350.000/ 95% | 35% | 65% | 70% total proxecto |
| **Microproxectos ONGD** | 25.000/ 95% | | | | 70% total proxecto |
| **CAP axuda humanitaria** | 90.000/ 95% | | | | 30% total proxecto<br>40% total proxecto se contido inmaterial |
| **Educación para o desenvolvemento** | 25.000/ 90% | 50.000/95% | 40% | 60% | 50% total proxecto |
| **Fortalecemento de ONGD** | 30.000 galegas/ 90%<br>20.000 non galegas/ 90% | 60.000/ 90% | 40% | 60% | 70% subvención solicitada |
| | **2012** | | | | |
| **Instrumento** | **Cantidade máxima subvencionable/ porcentaxe máxima sobre total proxecto** | | **Proxectos plurianuais** | | **Recursos humanos** |
| | **Individual** | **Consorcio** | **1ª anualidade** | **2ª anualidade** | |
| **Proxectos ONGD e outros axentes** | 175.000 plurianual/ 95%<br>60.000 anual/ 95% | 225.000/ 95% | 30% | 70% | 70% total proxecto |
| **Microproxectos ONGD** | 25.000/ 95% | | | | 70% total proxecto |
| **CAP axuda humanitaria** | 70.000/ 95% | | | | 70% total proxecto |
| **Educación para o desenvolvemento** | 25.000/ 90% | 35.000/ 90% | 35% | 65% | 70% total proxecto |
| **Fortalecemento de ONGD** | 25.000/ 90% | 35.000/ 90% | 35% | 65% | 70% total proxecto |

A traxectoria da cooperación galega neste eido ten ido evoluíndo cara a establecer como máximo de gasto en persoal o 70% do orzamento total do proxecto na totalidade das convocatorias, un aspecto que ten sido acollido moi positivamente entre os actores galegos de cooperación, cunha valoración de boa ou moi boa do 96%. Esta harmonización do criterio facilita unha maior flexibilidade ás entidades á hora de determinar o grao de investimento en recursos humanos dos seus proxectos para alén da natureza das actividades que se desenvolvan ao abeiro dos mesmos. Os actores galegos enquisados clasificaron do seguinte xeito os aspectos positivos que provoca este aumento do máximo subvencionable: permite abordar accións intensivas en recursos humanos, dota de maior estabilidade ao persoal técnico, mellora a xestión técnica do proxecto e, por último, garante a continuidade do proxecto.

Por último, desde a SDXCE tense impulsado o proceso para o traslado normativo do *Real Decreto 794/2010, de 16 de xuño, polo que se regulan as subvencións e axudas no eido da cooperación internacional*. Por mor do obxecto da actividade como pola natureza dos destinatarios dos fondos públicos, a cooperación internacional demanda unha regulación específica que se adecúe ás devanditas particularidades tal e como se reflectiu na xornada organizada na EGAP pola SDXCE en xuño de 2011 sobre a normativa das axudas de cooperación internacional.

## 5.3. Proceso principal 3: Promoción na sociedade galega da conciencia solidaria respecto á realidade do Sur e da súa participación efectiva na promoción do desenvolvemento.

| Resultado | Estado |
|---|---|
| Promover unha cidadanía global galega, concienciada, sensibilizada e participativa que apoie a política pública de cooperación | **En progreso** |

### 5.3.1. Arquitectura e capacidade institucional

| Obxectivos xerais | Obxectivos específicos | Subproceso | Indicadores | Estado |
|---|---|---|---|---|
| O.X. 11 Mellorar a capacidade técnica e organizativa do tecido galego de cooperación para realizar unha contribución efectiva á cooperación para o desenvolvemento | O.E. 11.2 Incrementar a coordinación entre os actores da Cooperación Galega | **Coordinación** | I.11.2.1 Estableceuse un calendario de reunións para o Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento e creáronse grupos de traballo temáticos para facer o consello máis operativo e funcional | **Acadado** |
| O.X. 12 Realizar unha política activa e integral de educación para o desenvolvemento da sociedade galega | O.E. 12.1 Estender a educación para o desenvolvemento aos diferentes ámbitos da sociedade fomentando a coordinación entre os actores implicados | | I.12.1.5 Leváronse a cabo actividades de sensibilización coa participación coordinada de diferentes departamentos da Xunta de Galicia | **Acadado** |

Co fin de promover a conciencia solidaria na cidadanía galega, o II Plan Director prevé un conxunto de medidas para facilitar a coordinación.

En primeiro lugar, o *Consello Galego de Cooperación ao Desenvolvemento (CONGACODE)* como espazo central de coordinación e participación dos actores galegos de cooperación ten establecida unha reunión anual no mes de decembro co fin de aprobar tanto o Plan Anual de Cooperación do ano seguinte como o informe de xestión do ano correspondente. Para alén desta xuntanza periódica, o Consello reuniuse no 2010 en marzo e no 2011 en xullo. Por outra banda, no 2010 aprobouse o *Regulamento de organización e funcionamento do CONGACODE* e en decembro de 2010 aprobouse a constitución da Comisión Permanente do CONGACODE integrada polo presidente do Consello, a secretaria do Consello, dous representantes das ONGD, un/unha representante do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade e un/unha experto/a independente. Esta Comisión reunirase ao menos dúas veces ao ano e o seu obxectivo é dotar ao CONGACODE de maior axilidade no exercicio das súas funcións. De todos os xeitos, entre a diversidade de actores galegos de cooperación, o CONGACODE cóidase un espazo de coordinación e participación insuficiente e inadecuado, cunha valoración negativa do seu traballo e da súa utilidade e operatividade.[13]

En segundo lugar, levaronse a cabo actividades de sensibilización coa participación coordinada de diferentes departamentos da Xunta de Galicia. No bienio 2010-2011 desenvolvéronse as seguintes actividades:

**Cadro 48:** Actividades de sensibilización con outros departamentos da Xunta de Galicia, 2010-2011

| Ano | Actividades |
|---|---|
| **2010** | 1. Difusión da Campaña do Milenio "Sen Escusas 2015" das Nacións Unidas.<br>2. Acto central da Campaña Mundial pola Educación 2010 co Presidente da Xunta de Galicia no mes de maio.<br>3. Conmemoración do Día do Cooperante en setembro.<br>4. Conmemoración do 65 aniversario das Nacións Unidas en outubro.<br>5. Conmemoración do Día dos Dereitos Humanos a través do apoio á celebración do Foro Mundial da Educación 2010 celebrado en Santiago de Compostela en decembro. |
| **2011** | 6. Acto central da Campaña Mundial pola Educación 2011 no Parlamento de Galicia no mes de abril.<br>7. Conmemoración do Día do Cooperante en setembro.<br>8. Conmemoración do 66 aniversario das Nacións Unidas en outubro. |

[13] Un 50% dos actores galegos enquisados valoran como mal ou regular o seu traballo e un 57% coída como mala ou regular a súa utilidade e operatividade.

| Obxectivos xerais | Obxectivos específicos | Subproceso | Indicadores | Estado |
|---|---|---|---|---|
| O.X. 11 Mellorar a capacidade técnica e organizativa do tecido galego de cooperación para realizar unha contribución efectiva á cooperación para o desenvolvemento | O.E. 11.1 Fortalecer os axentes da Cooperación Galega para mellorar a súa capacidade de contribuír eficazmente ao esforzo galego en materia de cooperación | **Formación e capacitación** | I.11.1.2 Promovéronse cursos de capacitación en cooperación para todos os actores dos ámbitos do desenvolvemento e a Cooperación Galega | **Acadado** |
| | O.E. 11.2 Incrementar a coordinación entre os actores da Cooperación Galega | | I. 11.2.5 As comunidades galegas no exterior, representadas polo Consello de Comunidades Galegas, recibiron capacitación nos ámbitos do desenvolvemento e a cooperación, participando como axentes activos nos seus respectivos países, de forma coordinada con a Xunta, en actividades de cooperación non exclusivamente asistenciais | **Acadado** |
| O.X. 12 Realizar unha política activa e integral de educación para o desenvolvemento da sociedade galega | O.E. 12.2 Fomentar o comercio xusto e o consumo responsable | | I.12.2.1. Realizouse polo menos un programa de formación de axentes de consumo e funcionarios públicos sobre compra pública | **Pendente** |
| | | | I. 12.2.3 Realizouse polo menos un programa de capacitación sobre comercio xusto e consumo responsable | **Pendente** |

Unha das vías previstas para mellorar a capacidade técnica e organizativa do tecido galego de cooperación céntrase na promoción da formación e capacitación dos seus actores. Ao tempo, a formación e capacitación tamén se coida o medio para fomentar o comercio xusto e o consumo responsable entre a propia administración autonómica como entre o resto de actores e a sociedade galega. Neste último punto, están pendentes de ser desenvolvidas as accións previstas.

No bienio 2010-2011 leváronse a cabo as seguintes actividades formativas e de capacitación, ben organizadas directamente pola SDXCE, ben financiadas pola mesma.

**Cadro 50:** Actividades de formación e capacitación, 2010-2011

| Ano | Actividades |
|---|---|
| **2010** | 1. 14 bolsas de formación para expertos en cooperación para o desenvolvemento<br>2. Apoio á realización da XII edición do Máster en xestión da cooperación internacional e das ONGD da Universidade de Santiago de Compostela.<br>3. Apoio á realización da VIII edición do Curso de formación específica de posgrao sobre cooperación internacional ao desenvolvemento e xestión de ONG da Universidade de A Coruña.<br>4. Curso de formación “A Cooperación Galega. O II Plan Director da Cooperación Galega” para empregados públicos no mes de novembro.<br>5. Curso de formación “A Cooperación Galega. Metodoloxías de traballo” para persoal dos centros galegos da Arxentina no mes de outubro.<br>6. Curso de verán “Retos e enfoques na preparación e resposta a epidemias en acción humanitaria. Stage Cólera” no mes de xullo na Universidade de A Coruña en colaboración con Intermón-Oxfam, a Universidade de a Coruña e Innova y Evalúa (IYE).<br>7. Plan Anual 2010 de Formación en Acción Humanitaria<br>a. *Introdución á acción humanitaria e novas tendencias*. Duración: 7,5 horas.<br>b. *Disaster Risk Reduction- prevención de desastres, mitigación e redución de riscos*. Duración: 15 horas.<br>c. *Principais doantes en acción humanitaria, requisitos de acceso a financiamento e tipoloxías orzamentarias.* Duración: 7,5 horas<br>d. *Resposta e atención en emerxencias ante desastres naturais*. Duración: 15 horas.<br>e. *Ferramentas e estándares da resposta en acción humanitaria: proxecto Sphere.* Duración: : 7,5h. |
| **2011** | 8. Prórroga de 12 bolsas de formación para expertos en cooperación para o desenvolvemento<br>9. Apoio á realización da XI edición do *Máster en xestión da cooperación internacional e das ONGD* da Universidade de Santiago de Compostela.<br>10. Apoio á realización da IX edición do *Curso de formación específica de posgrao sobre cooperación internacional ao desenvolvemento e xestión de ONG* da Universidade de A Coruña.<br>11. *Xornadas sobre normativa das axudas de cooperación internacional* na Escola Galega de Administración Pública (EGAP) no mes de xuño.<br>12. *Encontro sobre a cooperación ao desenvolvemento en Galicia* organizado pola CGONGD e o FOGACOSOL en Santiago de Compostela no mes de marzo.<br>13. Plan Anual 2011 de Formación en Acción Humanitaria<br>*a. Metodoloxía Compass. Aseguramento da Calidade e Avaliación en AH.* Duración: 7,5 horas.<br>b. *Dirección e xestión de persoas en emerxencias – contextos humanitarios.* Duración: 7,5 horas.<br>c. *PHP Best Practices.* Duración: 7,5 horas. |

Un 53% dos actores galegos enquisados valoran como alta a súa satisfacción en relación aos cursos de capacitación e formación organizados ou financiados pola SDXCE. Neste senso teñen sido valorados moi positivamente as formacións desenvolvidas ao abeiro dos Planos Anuais de Formación en Acción Humanitaria así como as xornadas sobre normativa das axudas de cooperación internacional.

A formación ofrecida ten permitido participar aos actores galegos de cooperación como axentes activos de cooperación, aspecto valorado neste senso por un 57% dos actores. O impacto máis relevante da formación aconteceu nos eidos de xestión do ciclo do proxecto, na formulación de proxectos e mais no coñecemento da normativa de subvencións.

| Obxectivos xerais | Obxectivos específicos | Subproceso | Indicadores | Estado |
|---|---|---|---|---|
| O.X. 11 Mellorar a capacidade técnica e organizativa do tecido galego de cooperación para realizar unha contribución efectiva á cooperación para o desenvolvemento | O.E. 11.1 Fortalecer os axentes da Cooperación Galega para mellorar a súa capacidade de contribuír eficazmente ao esforzo galego en materia de cooperación | **Avaliación e xestión do coñecemento** | I. 11.1.1 Realizouse unha avaliación da convocatoria de fortalecemento que mostrou a consolidación institucional das ONGD | **Acadado** |
| O.X. 12 Realizar unha política activa e integral de educación para o desenvolvemento da sociedade galega | O.E. 12.1 Estender a educación para o desenvolvemento aos diferentes ámbitos da sociedade fomentando a coordinación entre os actores implicados | | I. 12.1.1 Realizouse unha avaliación das actividades de educación para o desenvolvemento que observa unha mellora na adecuación de materiais e metodoloxías aos contidos transmitidos e aos colectivos destinatarios | **Pendente** |

No ano 2010 realizouse a avaliación da convocatoria de fortalecemento e consolidación institucional das ONGD. A avaliación amosou os efectos positivos da convocatoria sobre a consolidación e fortalecemento institucional das ONGD beneficiarias das axudas ao tempo que sinalou propostas de reforma e mellora das bases da convocatoria co fin de adaptalas ás demandas das ONGD. Neste senso a avaliación resultou de utilidade para retroalimentar os obxectivos estratéxicos da devandita convocatoria tal e como se materializaron nas bases da convocatoria do ano 2012. De todos os xeitos, as modificacións introducidas na convocatoria seguen a contar cunha valoración contraditoria por parte das ONGD que, agás no aspecto mellora da coherencia da convocatoria cos obxectivos de fortalecemento das ONGD, semellan afastadas dun consenso respecto da mellor articulación funcional e operativa da mesma.

Nesta liña de mellora das convocatorias, está pendente de realizarse a avaliación das actividades de educación para o desenvolvemento actualizando o breve informe de avaliación sobre os proxectos de sensibilización realizado no ano 2008.

Fóra do marco de resultados do II Plan Director, entre 2010 e 2011 promoveuse o deseño e/ou realización dos seguintes estudos e investigacións:

a) O *Censo de cooperantes galegos no exterior* presentado publicamente en setembro de 2010 co gallo do Día do Cooperante, que tivo por obxectivo facilitar un mellor coñecemento da realidade das persoas cooperantes galegas así como promover a creación dunha rede de profesionais galegos a través da cal compartir experiencias e información.

b) Un estudo sobre a aplicación da *Lei 9/2007 de subvencións* de Galicia e mais da *Lei 3/2003 de cooperación ao desenvolvemento* conducente ao establecemento dun réxime especial de xustificación e control de gasto adaptado á singularidade dos fondos públicos destinados á cooperación ao desenvolvemento.

c) Un estudo sobre a percepción da sociedade galega da cooperación ao desenvolvemento onde se puxo de manifesto o amplo apoio da cidadanía ás políticas e actividades de loita contra a pobreza global e de promoción do desenvolvemento, malia o descoñecemento da actuación específica do sector galego de cooperación.

| Obxectivos xerais | Obxectivos específicos | Subproceso | Indicadores | Estado |
|---|---|---|---|---|
| O.X. 11 Mellorar a capacidade técnica e organizativa do tecido galego de cooperación para realizar unha contribución efectiva á cooperación para o desenvolvemento | O.E. 11.1 Fortalecer os axentes da Cooperación Galega para mellorar a súa capacidade de contribuír eficazmente ao esforzo galego en materia de cooperación | **Capacidade institucional Fortalecemento de actores** | I. 11.1.1 Realizouse unha avaliación da convocatoria de fortalecemento que mostrou a consolidación institucional das ONGD | **Acadado** |
| | O.E. 11.2 Incrementar a coordinación entre os actores da Cooperación Galega | | I. 11.2.2 Fortaleceuse a Coordinadora Galega de ONGD mediante a dotación de convenios | **Acadado** |
| | | | I.11.2.3 Fortaleceuse o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade mediante a dotación de convenios | **Acadado** |

Co fin de mellorar a capacidade técnica e organizativa dos actores da cooperación galega e así como promover o fortalecemento da súa capacidade institucional a SDXCE desenvolve dúas liñas de traballo fundamentais:

a) A convocatoria anual de axudas para o fortalecemento e consolidación de ONGD.

b) A sinatura de convenios coas dúas entidades que agrupan aos principais actores de desenvolvemento: a *Coordinadora Galega de ONGD* e o *Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade*.

No primeiro caso recibiron financiamento 13 ONGD diferentes nas convocatorias dos anos 2010 e 2011.

**Cadro 51:** ONGD receptoras de fondos da convocatoria de fortalecemento e consolidación de ONGD, 2010-2011

| Ano | ONGD | Cantidade concedida | Total |
|---|---|---|---|
| **2010** | 1. Amigos da Terra Galicia Xuventude en agrupación con AGARESO<br>2. Entreculturas<br>3. Implicadas no Desenvolvemento<br>4. Arquitectos sen Fronteiras<br>5. Asemblea de Cooperación pola Paz<br>6. ACSUR-Las Segovias<br>7. Fundación Cume para el Desarrollo de la Cultura y los Pueblos<br>8. Seminario Galego de Educación para a Paz<br>9. Equus Zebra<br>10. Taller de Solidariedade | 1. 60.000,00 €<br>2. 20.000,00 €<br>3. 24.728,00 €<br>4. 12.012,30 €<br>5. 12.895,50 €<br>6. 18.600,00 €<br>7. 29.931,00 €<br>8. 15.799,28 €<br>9. 15.000,00 €<br>10. 20.000,00 € | **228.966,08 €** |
| **2011** | 1. Implicadas no Desenvolvemento<br>2. ACSUR-Las Segovias<br>3. AGARESO<br>4. Viraventos ONG<br>5. Labañou Solidaria<br>6. Municipalistas por la Solidaridad y el Fortalecimiento Institucional-MUSOL | 1. 29.745,00 €<br>2. 20.000,00 €<br>3. 30.000,00 €<br>4. 11.170,00 €<br>5. 12.495,00 €<br>6. 18.500,00 € | **121.910,00 €** |

Como podemos observar, existe unha natureza mixta nas ONGD beneficiarias da convocatoria que oscilan entre ONGD medianas-grandes con delegación en Galicia (Asemblea de Cooperación pola Paz, Entreculturas) e medianas pequenas (ACSUR-Las Segovias, Amigos da Terra, Arquitectos sen Fronteiras). Non obstante, o miolo da convocatoria tense destinado a ONGD pequenas con sede central en Galicia (AGARESO, Implicadas no Desenvolvemento, Fundación Cume, Seminario Galego de Educación para a Paz, Equus Zebra, Viraventos ONG e Labañou Solidaria).

No segundo caso asináronse cadanseu convenio anual coa CGONGD e o FOGACOSOL por importe de 90.000€ e 60.000€ respectivamente en cada anualidade. Nese senso cómpre matizar que mentres que o convenio da CGONGD ten unha natureza de fortalecemento institucional, no caso do FOGACOSOL trátase de convenios para a realización de actividades de educación para o desenvolvemento. Ademais co FOGACOSOL formalizáronse convenios para a realización de actividades de cooperación en Cabo Verde.

## 5.3.2. Marco estratéxico

| Obxectivos xerais | Obxectivos específicos | Subproceso | Indicadores | Estado |
|---|---|---|---|---|
| O.X. 11 Mellorar a capacidade técnica e organizativa do tecido galego de cooperación para realizar unha contribución efectiva á cooperación para o desenvolvemento | O.E. 11.1 Fortalecer os axentes da Cooperación Galega para mellorar a súa capacidade de contribuír eficazmente ao esforzo galego en materia de cooperación | Concentración | I. 11.1.3 Adecuáronse os máximos subvencionables para os proxectos de fortalecemento e consolidación, permitindo financiar accións de maior envergadura | Acadado |
| O.X. 12 Realizar unha política activa e integral de educación para o desenvolvemento da sociedade galega | O.E. 12.1 Estender a educación para o desenvolvemento aos diferentes ámbitos da sociedade fomentando a coordinación entre os actores implicados | | I.12.1.4 Adecuáronse os máximos subvencionables para as convocatorias de educación para o desenvolvemento permitindo financiar accións de maior envergadura | Progreso insuficiente |
| | O.E. 12.1 Estender a educación para o desenvolvemento aos diferentes ámbitos da sociedade fomentando a coordinación entre os actores implicados | | I. 12.1.2 Polo menos un 30% dos fondos para actividades de formación destináronse a accións focalizadas fóra do ámbito da educación formal | Superado |

Co fin de facilitar o desenvolvemento de accións de maior envergadura e impacto e superar a fragmentación financeira dos proxectos, o II Plan Director inclúe medidas destinadas a aumentar os máximos subvencionables nas convocatorias de fortalecemento e consolidación de ONGD e nas de educación para o desenvolvemento. No primeiro caso, no ano 2010 aumentáronse os máximos subvencionables, pasando de 25.000€ a 30.000€ no caso das ONGD con domicilio social en Galicia e de 18.000€ a 20.000€ para aquelas con delegación permanente en Galicia. No caso das agrupacións de entidades, o financiamento pasa de 40.000€ a 60.000€. Na convocatoria de axudas do ano 2012 esta situación mudou como consecuencia da aplicación dos resultados da avaliación da convocatoria, harmonizándose a contía máxima subvencionable coa convocatoria de educación para o desenvolvemento e eliminando a distinción entre ONGD con domicilio social ou delegación permanente en Galicia. A contía fica por tanto en 25.000€ para os proxectos individuais e reducíndose o financiamento para agrupacións a 35.000€. No segundo caso, as convocatorias de axudas para actividades de educación para o desenvolvemento contemplaron unha contía máxima subvencionable de 25.000€ para proxectos individuais e de 50.000€ para agrupacións. No 2012 a contía dos proxectos en agrupación reduciuse a 35.000€. Neste caso, máis dun 50% dos actores galegos enquisados coidaron insuficiente o actual máximo subvencionable da convocatoria de educación para o desenvolvemento tanto para proxectos individuais como en agrupación.

En relación á concentración de fondos que faciliten o desenvolvemento de actividades formativas no eido da educación non formal, o 69% dos proxectos financiados nas convocatorias de fortalecemento e educación para o desenvolvemento nos anos 2010 e 2011 incluíron accións formativas, en concreto, 60 actividades formativas, 39 delas leváronse a cabo en espazos educativos non formais e 21 en espazos formais. De feito, un 80% dos recursos desembolsados para accións formativas integraron accións no eido non formal.

**Cadro 52:** Actividades de formación financiadas na convocatoria de educación para o desenvolvemento e fortalecemento, 2010-2011

| Total proxectos ED e fortalecemento | Nº proxectos financiados | Total proxectos de formación | Nº proxectos de formación | % Total actividades ED/Fortalecemento |
|---|---|---|---|---|
| 886.520 € | 45 | 611.865 € | 24 | 69 |

Por outra banda, no bienio 2010-2011 a Xunta de Galicia destinou un total de 612.378€ á promoción de actividades de formación que incluíron as accións descritas no cadro 49 (p.69). Un 78% dos fondos (477.655€)destinados a actividades de formación desenvolvéronse fóra do ámbito da educación formal. O restante 22% (134.723€) financiou a realización do *Máster de Xestión da Cooperación Internacional e das ONGD* na USC e do *Curso de formación específica de posgrao sobre cooperación internacional ao desenvolvemento e xestión de ONGD* da UDC.

| Obxectivos xerais | Obxectivos específicos | Subproceso | Indicadores | Estado |
|---|---|---|---|---|
| O.X. 12 Realizar unha política activa e integral de educación para o desenvolvemento da sociedade galega | O.E. 12.1 Estender a educación para o desenvolvemento aos diferentes ámbitos da sociedade fomentando a coordinación entre os actores implicados | Innovación | I. 12.1.2 Polo menos un 30% dos fondos para actividades de formación destinásronse a accións focalizadas fóra do ámbito da educación formal | Superado |
| O.X. 13 Incrementar o apoio á investigación e formación no sector da cooperación | O.E. 13.1 Promover a transferencia de coñecemento cara aos países do Sur | | I. 13.1.1 Continuouse co apoio aos programas de formación superior en colaboración cos países do Sur | Acadado |
| | O.E. 13.2 Fomentar a investigación e a formación nos ámbitos do desenvolvemento e a cooperación | | I.13.2.1 As universidades e outros centros de estudos levaron a cabo accións de investigación e formación en desenvolvemento e cooperación a través das convocatorias de Educación para o Desenvolvemento | En progreso |

O II Plan Director tamén promove medidas de cara á innovación na forma de corrección das inercias do sistema nun tripe nivel:

a) No eido da educación para o desenvolvemento.

b) Na promoción da transferencia de coñecemento cara as países do Sur mediante o apoio aos programas de formación superior en colaboración cos países do Sur.

c) Na xeración de incentivos para a investigación e formación sobre desenvolvemento das universidades e centros de estudos.

No primeiro caso, como temos visto, os criterios de valoración das convocatorias de educación para o desenvolvemento e a natureza das accións formativas financiadas pola convocatoria de fortalecemento teñen incentivado unha expansión das actividades formativas no eido da educación non formal. No segundo caso, no ano 2010 remataron os convenios coa Universidade da Habana (Cuba) para o financiamento do doutoramento en economía en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela e coa OEI para o financiamento do plan de actuación do *Instituto para el Desarrollo e Investigación Educativa (IDIE)* en Arxentina. A través da convocatoria de proxectos no exterior para outros axentes do ano 2010, financiouse un proxecto conxunto da UDC e a USC coa *Universidad Nacional de Loja* en Ecuador así como un proxecto da Fundación da Universidade da Coruña coa *Pontificia Universidad Católica Madre y Maestra* da República Dominicana.

Por último, as universidades galegas tan só presentaron no 2011 unha proposta de formación dentro da convocatoria de educación para o desenvolvemento. En concreto,trátase do proxecto en agrupación de Axuda en Acción coa Oficina para a Igualdade de Xénero da Universidade de A Coruña. Polo momento, o deseño da convocatoria non permite acoller a presentación de propostas de investigación xa que non contempla nin apartados, nin requisitos nin criterios de valoración adecuados á especificidade dos proxectos que integran a realización de investigacións.

| Obxectivos xerais | Obxectivos específicos | Subproceso | Indicadores | Estado |
|---|---|---|---|---|
| O.X. 11 Mellorar a capacidade técnica e organizativa do tecido galego de cooperación para realizar unha contribución efectiva á cooperación para o desenvolvemento | O.E. 11.2 Incrementar a coordinación entre os actores da Cooperación Galega | Complementariedade | I. 11.2.4 Como mínimo, un 6% da AOD desembolsada canalizouse a través de propostas conxuntas subvencionadas aos axentes de cooperación, que cumpren co espírito da complementariedade de actores que se expresa no II Plan director | Superado |
| O.X. 13 Incrementar o apoio á investigación e formación no sector da cooperación | O.E. 13.3 Promover as complementariedades entre os centros de investigación nos ámbitos do desenvolvemento e a cooperación | | I. 13.3.1 Como mínimo, o 50% dos fondos destinados a investigación dirixíronse a proxectos con participación de departamentos de dúas ou máis universidades galegas | Progreso insuficiente |

Como xa indicamos no apartado 4.5, o 24% da AOD desembolsada en convocatorias no bienio 2010-2011 (2.368.445€) canalizouse a través de propostas conxuntas subvencionadas aos axentes de cooperación. Mentres que os incentivos para esta colaboración foron positivos

no caso dos proxectos no exterior ou educación para o desenvolvemento, no caso da investigación non se artellou aínda un sistema de incentivos para incrementar a actividade investigadora das Universidades no eido do desenvolvemento.

Por outra banda, no *Plan Anual 2010 da Cooperación Galega* contemplouse o apoio á creación dun *Observatorio da Cooperación Interuniversitaria (OCI)* no que estarían integradas as tres universidades galegas. Este observatorio tería por obxectivo mellorar a coordinación entre as universidades galegas neste eido, mellorar a visibilización do seu traballo a prol do desenvolvemento e fomentar procesos de complementariedade entre as súas actuacións. Sen embargo, este proxecto atopou con atrancos para a súa efectiva implementación ficando adiada a súa constitución.

| Obxectivos xerais | Obxectivos específicos | Subproceso | Indicadores | Estado |
|---|---|---|---|---|
| O.X. 12 Realizar unha política activa e integral de educación para o desenvolvemento da sociedade galega | O.E. 12.2 Fomentar o comercio xusto e o consumo responsable | **Coherencia** | I.12.2.2. Incrementouse o número de departamentos e unidades da Xunta que cumpren os criterios de compra pública ética e consumo responsable | **Pendente** |

Nestes intres carecemos de datos e evidencias para realizar un adecuado seguimento do devandito indicador que, de vez, está vencellado á realización dun curso de formación sobre comercio xusto e compra pública ética destinado a axentes de consumo e funcionarios públicos.

### 5.3.3. Marco instrumental

| Obxectivos xerais | Obxectivos específicos | Subproceso | Indicadores | Estado |
|---|---|---|---|---|
| O.X. 12 Realizar unha política activa e integral de educación para o desenvolvemento da sociedade galega | O.E. 12.1 Estender a educación para o desenvolvemento aos diferentes ámbitos da sociedade fomentando a coordinación entre os actores implicados | **Selectividade temática** | I. 12.1.2 Polo menos un 30% dos fondos para actividades de formación destinaronse a accións focalizadas fóra do ámbito da educación formal | **Superado** |
| | | | I. 12.1.3 Fomentouse unha utilización equilibrada dos fondos destinados a educación para o desenvolvemento en cada unha das catro dimensións que a conforman | **Progreso insuficiente** |

En relación á selectividade temática, o II Plan Director impulsa a concentración de recursos nas actividades formativas como vieiro de sensibilización, concienciación e capacitación da cidadanía galega.

**Cadro 53:** Actividades de formación financiadas na convocatoria de educación para o desenvolvemento e fortalecemento, 2010-2011

| Nº Proxectos Formal | % | Nº Proxectos Non formal | % | Nº proxectos mixtos | % | Total proxectos formal | % | Total proxectos non formal | % | Total proxectos mixtos | % |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 3 | 13% | 18 | 74% | 3 | 13% | 58.535€ | 10% | 489.980€ | 80% | 63.350 € | 10% |

No primeiro caso, un 53% dos proxectos e un 69% dos recursos desembolsados nas convocatorias de educación para o desenvolvemento e fortalecemento incluíron accións formativas. Deles, un 80% dos fondos destinados a actividades formativas centráronse na educación non formal e un 10% na non formal, mentres que o 10% restante correspondeuse con proxectos con mestura de actividades no eido formal e non formal.

No segundo caso, como xa indicamos, a convocatoria de educación para o desenvolvemento precisa mellorar o seu deseño para facilitar o impulso dunha utilización equilibrada dos fondos. De todos os xeitos, cómpre sinalar que a natureza mixta de moitos dos proxectos dificulta unha determinación da dimensión específica na que poden ser clasificados. Como observamos no seguinte cadro, tanto os proxectos como a axuda desembolsada concéntranse nun 70% e un 86% respectivamente na dimensión de sensibilización, mentres que tan só un 11% dos proxectos e dos recursos se destinan a proxectos de formación para o desenvolvemento. No caso da mobilización social, esta canaliza o 19% dos proxectos e o 3%

dos desembolsos no bienio 2010-2011. Como xa indicamos, a dimensión de investigación permanece inédita.

**Cadro 54:** Distribución de proxectos de educación para o desenvolvemento por dimensións e número de proxectos, convocatorias 2010-2011

| Dimensión | Proxectos | % proxectos | AOD desembolsada | % AOD desembolsada |
|---|---|---|---|---|
| Formación | 3 | 11 | 69.602 € | 11 |
| Sensibilización | 19 | 70 | 549.473 € | 86 |
| Mobilización Social | 5 | 19 | 16.387 € | 3 |
| Investigación | 0 | 0 | 0,00 € | 0 |
| **Total** | **27** | **100** | **635.462 €** | **100** |

Neste senso, un 60% dos actores galegos enquisados coida que o II Plan Director non está a ter un impacto positivo nos incentivos para a presentación de proxectos nos eidos de mobilización social e investigación sobre desenvolvemento. Nesta segunda dimensión, a insatisfacción aumenta deica o 70%.

# 6. Conclusións

## 6.1. Principais datos da AOD da Xunta de Galicia no bienio 2010-2011

1. A cooperación galega executou un total de 17.756.000€, o que lle permitiu situarse na posición 12ª dentro da cooperación autonómica española, posición que mellora até a 10ª posición no ano 2011. En relación ao esforzo inversor, o promedio do bienio acada o 0,08% do orzamento total consolidado da Xunta de Galicia, que a situou no 16º lugar entre as Comunidades Autónomas, aínda que en 2011 ascende até a 11ª posición. Xa que logo, 2011 ten representado o mellor posicionamento relativo da cooperación galega na súa historia dentro do conxunto da cooperación autonómica española.
2. A cooperación galega sufriu un decrecemento de recursos do 35%, un 7% por embaixo do promedio de recorte dos orzamentos autonómicos de cooperación. Malia as restricións orzamentarias, a cooperación galega mellora no seu posicionamento global dentro da cooperación autonómica.
3. O efecto búmerang provocado polas restricións orzamentarias teñen situado no 2011 á cooperación galega en niveis de investimento semellantes aos do ano 2006 cun desembolso lixeiramente superior aos 7.000.000€ .
4. O 93% da AOD da Xunta de Galicia foi desembolsada pola SDXCE da DXRREEE (16.455.049€) e o 7% restante por outros departamentos da Xunta de Galicia (1.311.281€).
5. A execución do orzamento de cooperación ao desenvolvemento da SDXCE situouse no 99% en 2010 e no 82% durante 2011, cun promedio de execución do 92%. Os axustes orzamentarios no primeiro trimestre de execución do Plan Anual 2011 da cooperación galega orixinaron que a desviación con respecto ao orzamento orixinal do 2011 fose máis pronunciada.
6. Un 74% dos recursos desembolsables da Xunta de Galicia destinároinse a cooperación ao desenvolvemento nos países e territorios socios da cooperación galega (11.952.000€), un 5% a acción humanitaria (836.000€), un 6% a educación para o desenvolvemento (896.000€), un 4% a fortalecemento dos actores de cooperación (577.000€) e un 4% a formación (612.000€).
7. Os gastos de persoal e funcionamento ascenderon a un 9% do total do orzamento da Xunta de Galicia en cooperación para o desenvolvemento (1.513.939€).
8. Os países prioritarios definidos no II Plan Director da Cooperación Galega concentraron o 85% do total de AOD desembolsada no exterior, cun total de 10.806.000€.
9. Guatemala e República Dominicana concentraron o 30% do total da axuda desembolsada no exterior por mor da execución de cadansúa Iniciativa de Desenvolvemento Integral.
10. 6 países (Guatemala, República Dominicana, Perú, Bolivia, Ecuador e Nicaragua) concentran o 63% do total da axuda desembolsada no exterior.
11. Financiáronse 136 intervencións no exterior en 28 países, cun promedio de 94.000€ por proxecto a través de todos os instrumentos de axuda.

12. En relación ao número de intervencións, tan so 6 países superan a decena de proxectos: Guatemala con 20, Perú con 14, Haití con 13, República Dominicana con 11, Nicaragua con 11 e O Salvador con 10.

13. Un 82% da axuda desembolsada no exterior concéntrase en América Latina, un 13% en África Subsahariana e un 4% no Norte de África. Dentro de América Latina, un 54% destínase a América Central e Caribe e un 27% a América do Sur.

14. En relación ao nivel de renda, os países de renda media baixa recibiron un 77% da axuda desembolsada no exterior (9.701.000€) e os países menos adiantados un 18% (2.241.000€).

15. Respectouse a distribución sectorial indicativa do II Plan Director superando lixeiramente o previsto no sector de cobertura de necesidades sociais básicas, infraestrutura e promoción do tecido económico e investimento no ser humano. A maior fenda de financiamento detéctase no sector de participación social, desenvolvemento institucional, bo goberno e construción da paz, que se atopa un 10% por embaixo do previsto.

16. En canto á clasificación dos principais sectores receptores de AOD galega, a cooperación galega realiza un alto investimento sectorial nos sectores produtivos (18% do total), onde destacan a agricultura (9%) e a pesca (7%). Ademais, o desenvolvemento rural canalizou un 7% dos recursos. Estes tres sectores foron sinalados no II Plan Director coma fonte de especialización e vantaxe comparativa da cooperación galega. En relación ao resto de sectores, a educación cun 15%, a educación para o desenvolvemento e o abastecemento de auga cun 6% respectivamente revélanse coma outros sectores cun elevado investimento sectorial.

17. Non se realizou a convocatoria de programas de cooperación de ONGD e implementouse unha nova convocatoria aberta e permanente de acción humanitaria. Esta última convocouse e resolveuse no ano 2010 pero no ano 2011 a súa convocatoria quedou sen efecto por mor dos axustes orzamentarios do mes de maio. Por outra banda, no ano 2011 a totalidade das propostas presentadas á convocatoria de microproxectos foron denegadas por non acadaren a puntuación mínima esixible ao proxecto.

18. Resolvéronse convocatorias por importe de 8.105.000€, dos cales un 64% se concedeu no 2010 (5.202.000€) e un 36% no 2011 (2.902.000€). Financiáronse 93 proxectos cun importe medio de 87.151€, o que representa un incremento do 12% con respecto do anterior Plan Director. Por convocatorias, na convocatoria de proxectos no exterior para outros axentes o aumento acada o 131% mentres que en educación para o desenvolvemento o promedio medra un 86%. Nos proxectos no exterior de ONGD o crecemento acada o 49% mentres que en fortalecemento auméntase o promedio de financiamento por proxecto até o 17%. Este incremento resulta menor no caso dos microproxectos que se benefician dun crecemento do 4% no seu promedio.

19. Un 65% da AOD da Xunta de Galicia canalizouse a través de convocatorias e un 33% a través de convenios. No caso da DXRREE e UE un 68% desembolsouse a través de convocatorias e un 23% mediante convenios. A DXRREE e UE financiou 152 proxectos a través de convocatorias e 54 a través de convenios, cunha media de 65.283€ por intervención.

*20.* Un 62% da AOD da Xunta de Galicia foi canalizada de xeito indirecto e un 38% por vía directa. As ONGD xestionaron o 71% da AOD galega, as Universidades galegas canalizaron o 6% e as entidades locais e organizacións sociais dos países socios xestionaron o 5% do total da axuda.

*21.* 82 entidades e organizacións xestionaron desembolsos da Xunta de Galicia, das cales 31 concentraron o 81% do total.

*22.* Financiáronse 20 proxectos en agrupación de entidades por un importe total de 2.368.000€ coa participación de 27 organizacións, sendo as convocatorias de proxectos no exterior de ONGD e de educación para o desenvolvemento as que fomentaron cadanseus 7 e 9 proxectos en consorcio. En total, un 24% do total de recursos desembolsados a través de convocatorias canalizouse a través de propostas en agrupación de entidades.

## *6.2. Conclusións xerais*

***23. Un II Plan Director da Cooperación Galega (2010-2013) cun deseño coherente e adecuado á dimensión institucional e financeira da cooperación galega e que está a satisfacer as expectativas dos actores galegos de cooperación para alén das restricións acontecidas no seu marco orzamentario.***

O *II Plan Director da Cooperación Galega (2010-2013)* tense revelado como un instrumento de planificación coherente e cun deseño adecuado ás particularidades e dimensións da cooperación galega de xeito que, para alén dos axustes orzamentarios que teñen condicionado o pleno despregamento dos seus efectos correctores sobre o sistema galego de cooperación no seu conxunto, está a satisfacer as expectativas dos actores de cooperación. Por outra banda, a existencia dun marco de resultados asociado ao Plan Director ten facilitado tanto a xestión da cooperación galega por parte da SDXCE como o seguimento dos progresos realizados no cumprimento efectivo das súas previsións.

***24. Durante o bienio 2010-2011 a Xunta de Galicia a través da SDXCE da DXRREE e UE ten promovido a eficacia e a eficiencia do II Plan Director a través dun alto grao de cumprimento do 68% dos 68 indicadores definidos no seu marco de resultados.***

A Xunta de Galicia a través da SDXCE da DXRREE e UE ten liderado e dinamizado un amplo proceso de traballo co fin de garantir o adecuado cumprimento do II Plan Director como marco estratéxico común do sistema galego de cooperación. Como resultado deste compromiso político e técnico co logro dos resultados do Plan Director durante o bienio 2010-2011, salientamos a eficacia e alto grao de cumprimento dos seus 68 indicadores. En total, 36 foron plenamente acadados e outros 10 superados. Arestora, 12 indicadores encóntranse en progreso de seren satisfeitos, entrementres tan só 9 teñen sido cualificados en situación pendente ou cun progreso insuficiente. Xa que logo, un 68% dos indicadores atópanse realizados, un 12% en progreso e tan só un 19% amosan dificultades específicas que poden atrancar a súa efectiva realización ou ben están pendentes de executar no bienio 2012-2013.

**Gráfico 20:** Estado de execución dos indicadores do II Plan Director da Cooperación Galega por ámbitos de actuación, 2010-2011




**Gráfico 21:** Grao de execución total en porcentaxe dos indicadores do II Plan Director da Cooperación Galega por ámbitos de actuación, 2010-2011




***25. As limitacións orzamentarias durante o bienio 2010-2011 teñen provocado a existencia dun conxunto de indicadores cun progreso insuficiente de execución que atrancan o pleno alcance dos efectos correctores do Plan Director sobre as inercias da cooperación galega especialmente no eido do desenvolvemento dun músculo institucional e operativo coherente co programa reformista do actual ciclo de planificación.***

En relación aos indicadores cun progreso insuficiente ou cun estado pendente de execución, podémolos agrupar en cinco categorías: financiamento e previsibilidade do II Plan Director, distribución xeográfica e sectorial da axuda, capacidade institucional da Xunta de Galicia, instrumentos da cooperación galega, e investigación sobre o desenvolvemento. En relación a estes indicadores diferenciamos entre os que representan un punto de fractura nos efectos correctores do II Plan Director e afectan á súa propia arquitectónica, viabilidade e sostenibilidade e aqueles outros que poden ser obxecto das oportunas medidas correctoras que aseguren o seu cumprimento ao remate da vixencia do Plan. Neste segundo grupo podemos situar os indicadores relativos aos instrumentos da cooperación galega (8.3.2; 12.1.3; 12.1.4), á distribución xeográfica e sectorial da axuda (1.2.1; 5.1.1) e á investigación sobre desenvolvemento (13.3.1). En relación aos indicadores críticos podemos falar dun efecto cascada xa que o incumprimento das previsións de financiamento do Plan Director (6.1.1) teñen afectado consecuentemente á previsibilidade e a unha corrección menor da fragmentación da axuda galega (6.2.2) e, senlleiramente, á mellora da capacidade institucional

da Xunta de Galicia no eido da cooperación ao desenvolvemento (8.2.2; 8.4.1; 8.4.4). Xa que logo, as limitacións orzamentarias derivadas da crise económica teñen limitado o alcance dos efectos do Plan Director especialmente no desenvolvemento dun músculo institucional e operativo máis coherente coas correccións das inercias da cooperación galega que integrou o narrativo do Plan en chave de fortalecemento da capacidade do conxunto do sistema galego de cooperación.

26. ***O contexto de incerteza económica está a afectar á previsibilidade da AOD da Xunta de Galicia de xeito que se limita a consecución efectiva da plena totalidade dos resultados previstos no II Plan Director.***

Existe consenso entre os actores galegos de cooperación en sinalar o baixo nivel de previsibilidade da axuda como o principal atranco que empece a consecución efectiva da totalidade dos resultados do II Plan Director. O profundamento da brecha de financiamento ten afectado singularmente á parcial corrección da fragmentación da axuda galega así como ao fortalecemento da capacidade institucional da unidade de xestión da cooperación galega. Por outra banda, o contexto de incerteza financeira combinouse cun proceso paralelo de cuestionamento político e social da cooperación ao desenvolvemento, aspectos que teñen limitado a flexibilidade operativa e refreado o profundamento na reflexión estratéxica da cooperación galega. Xa que logo, o II Plan Director ten contado no bienio 2010-2011 cunha base de financiamento insuficiente para o seu armazón institucional e o despregue operativo pleno das medidas correctoras previstas para a superación das inercias do sistema galego de cooperación (visión xeralista da cooperación galega, incumprimento do marco orzamentario, falta de fortalecemento da unidade de xestión, escasa coordinación horizontal e vertical, a ritualización da participación e os problemas de dispersión, fragmentación e proliferación).

27. ***A cooperación galega tense caracterizado durante o bienio 2010-2011 pola súa solvencia financeira e por un alto grao de execución orzamentaria que acada o 92% de promedio no devandito bienio.***

Malia a crise de financiamento das administracións públicas, a Xunta de Galicia ten adoptado as medidas oportunas para garantir a solvencia financeira da cooperación galega. Este feito, xunto co alto grao de execución orzamentaria, ten paliado as consecuencias negativas da insuficiente previsibilidade da axuda, aspecto dependente de niveis xerárquicos superiores de decisión política.

28. ***O segundo ciclo de planificación da cooperación galega caracterízase no bienio 2010-2011 por un avance na consecución dun sistema máis eficaz e articulado de cooperación ao desenvolvemento con fidelidade aos principios da cooperación galega e aos criterios de eficacia do desenvolvemento que informan a política pública galega de cooperación reflectida no II Plan Director.***

O II Plan Director está a favorecer unha maior eficacia da cooperación galega a través da eficiente transformación duns recursos escasos en resultados nun marco de coherencia na execución das accións desenvolvidas por parte da SDXCE para garantir o cumprimento dos seus obxectivos, resultados e indicadores. Conxuntamente, estase a profundar na xeración de complementariedades coa cooperación española e europea dentro da consolidación dun modelo singular de cooperación coherente coas súas propias vantaxes comparativas. Por outra

banda, a cooperación galega está a promover activamente a participación dos actores galegos de cooperación e dos socios de desenvolvemento, retroalimentando esta participación a través de instrumentos, mecanismos e ferramentas de rendición de contas que aseguran un alto grao de transparencia na xestión dos recursos públicos investidos en cooperación. Malia ás debilidades sinaladas e ao impacto da crise de financiamento na totalidade dos actores galegos de cooperación, o II Plan Director ten influído positivamente sobre a capacidade institucional dos actores galegos de cooperación e dos parceiros de desenvolvemento, avanzando na garantía de sostenibilidade institucional do sistema a medio prazo.

## 6.3. Conclusións específicas

### 6.3.1. Arquitectura e capacidade institucional

**29. *Unha cooperación coherente co principio de asociación mediante o favorecemento da apropiación inclusiva do proceso de desenvolvemento por parte dos seus socios de desenvolvemento na cooperación directa.***

A cooperación galega para o desenvolvemento está favorecendo a apropiación dos socios de desenvolvemento a través dos convenios asinados con administracións locais e entidades locais dos países socios. Neste senso, as *Iniciativas de Desenvolvemento Integral* representan unha vía adecuada para materializar a devandita apropiación en marcos plurianuais de financiamento.

**30. *Unha cooperación respectuosa co principio de aliñamento coas políticas públicas dos países socios.***

As propostas financiadas pola Xunta de Galicia incluíron apartados para valorar o seu grao de aliñamento coas políticas públicas do país socio. A canalización indirecta maioritaria dos desembolsos a través de ONGD mingua o grao de respecto á natureza e esixencias do principio de aliñamento. Non obstante, tanto desde a perspectiva dos parceiros do desenvolvemento como dos actores de cooperación galegos o actual grao de aliñamento cóidase adecuado e satisfactorio.

**31. *A cooperación galega continúa a promover o fortalecemento da capacidade institucional dos actores galegos de cooperación a través dun amplo abano de accións formativas e de capacitación.***

As accións de formación e capacitación impulsadas e/ou financiadas pola DXRREE e UE están abranguendo á práctica totalidade dos actores da cooperación galega fortalecendo a súa capacidade institucional nos eidos de xestión de ciclo do proxecto, formulación de proxectos e normativa de subvencións. De vez, esta formación está a permitirlles a súa participación activa como axentes de cooperación. De todos os xeitos, ficou sen desenvolver a formación relativa a compra pública e comercio xusto. Sobrancea entre as actividades de formación o amplo impulso da formación en acción humanitaria a través dos planos anuais de formación neste eido así como a satisfacción dos actores de cooperación coa mesma.

***32. A extinción da Fundación Axencia Humanitaria de Galicia facilitou o liderado efectivo da acción humanitaria galega por parte da SDXCE.***

A extinción da FAHG representou unha oportunidade para mellorar a coherencia e unidade de acción da Xunta de Galicia en acción humanitaria ao xestionar desde o ano 2011 a SDXCE a totalidade dos recursos e activos neste eido. Malia todo, a extinción da FAHG ten suscitado dúbidas no sector galego de cooperación respecto da capacidade institucional do sistema no seu conxunto por mor das limitacións de recursos humanos existentes na SDXCE.

***33. Durante o bienio 2010-2011 non se deron pasos decisivos no fortalecemento da capacidade da SDXCE e ralentizouse o proceso e creación da Axencia Galega de Cooperación.***

A capacidade institucional e recursos humanos da cooperación galega non sufriu un incremento durante o bienio 2010-2011. As capacidades de xestión instaladas semellan adecuadas para o volume de recursos xestionados. De todos os xeitos, o contexto de crise de financiamento ten motivado a ralentización do proceso de creación da *Axencia Galega de Cooperación* xa que non se garante a súa viabilidade nin pertinencia nas actuais circunstancias, decisión que non conta cun apoio unánime entre os actores galegos de cooperación.

***34. A DXRREE e UE ten exercido un papel activo de liderado e dinamización na articulación dunha cooperación galega de calidade integrada no sistema español e europeo de cooperación malia a lene apropiación do seu marco estratéxico por parte da cooperación local ao desenvolvemento.***

A SDXCE ten exercido un activo liderado da cooperación galega no bienio 2010-2011. Xunto co seu protagonismo financiador, o marco estratéxico e operativo ten permitido proxectar o devandito liderado sobre a totalidade dos actores da cooperación galega. Por outra banda, este liderado tamén se estendeu á colaboración coa coordinación autonómica e, singularmente, ao eido da cooperación descentralizada europea. De todos os xeitos, detéctanse limitacións na materialización do devandito liderado nunha integración activa do seu marco estratéxico sobre o resto de administracións públicas, especialmente, no eido local.

***35. Durante o bienio 2010-2011 tense avanzado na mellora dos procesos de información e concertación co resto de departamentos da Xunta de Galicia e na dinamización operativa do CONGACODE como espazo de participación e coordinación do conxunto de actores galegos de desenvolvemento. Non obstante, o CONGACODE segue suscitando dúbidas respecto da súa utilidade e operatividade.***

A nivel de coordinación tense mellorado nos procesos de información e concertación de accións co resto de departamentos da Xunta de Galicia. Asemade, tense impulsado a dinamización dos espazos de coordinación, especialmente o CONGACODE, dotándoo dunha comisión permanente que dote de maior flexibilidade e axilidade os procesos de información, debate e consulta. Non obstante, a actual composición e funcionamento do CONGACODE suscita dúbidas nos actores galegos de cooperación respecto da súa utilidade e operatividade como órgano de coordinación e participación.

**36. *O II Plan Director está a fornecer o desenvolvemento dunha cultura de avaliación na cooperación galega, a mellora na xestión do coñecemento na SDXCE así como a xeración de aprendizaxes institucionais que retroalimentan os procesos de mellora do seu marco operativo e instrumental.***

Durante o bienio 2010-2011 tense desenvolvido un amplo plan de avaliacións que está a retroalimentar os procesos de aprendizaxe institucional así como a mellora do marco instrumental e das prácticas de cooperación. Os efectos da avaliación da convocatoria de fortalecemento e consolidación de ONGD sobre a reforma do instrumento poñen de manifesto as consecuencias dunha adecuada xestión e incorporación dos resultados dos esforzos avaliadores. Xa que logo, os procesos de avaliación están fornecendo o desenvolvemento dunha cultura de avaliación así como de mellora da xestión do coñecemento na SDXCE.

**37. *A SDXCE está a participar nos procesos de harmonización de doadores no seo do sistema español de cooperación a través da súa participación nos procesos de elaboración dos Marcos de Asociación País da cooperación española que deben facilitar a priorización xeográfica e sectorial do vindeiro ciclo de planificación.***

A SDXCE ten participado na elaboración dos Marcos de Asociación País da Cooperación Española en diversos países latinoamericanos e africanos dentro dos procesos de harmonización interna de doadores no seo da cooperación española. Xa que logo, a xestión do coñecemento relativo aos países socios nos que se intervén está a aproveitar os procesos xa desenvolvidos polos niveis superiores da Administración Xeral do Estado.

**38. *A SDXCE ten incrementado o grao de transparencia e rendición de contas da cooperación galega.***

A SDXCE está desenvolvendo prácticas correctas de rendición de contas e transparencia da cooperación galega. Malia as limitacións da páxina web na accesibilidade máis directa da información relativa a este eido (informe anual de xestión, avaliacións, acordos do CONGACODE, etc.), as melloras na organización da información dos informes anuais grazas ao marco de resultados do II Plan Director están a facilitar un mellor seguimento das actividades e resultados da cooperación galega. Nestes intres estase a desenvolver o proceso para incorporar a devandita información no *Instituto Galego de Estatística*. A reforma do *Rexistro Galego de Axentes de Cooperación* respostou a unha demanda do sector dunha reorganización da súa estrutura así como dunha mellora da súa xestión co fin de ofrecer unha información actualizada. Por último, a publicidade a posteriori dos convenios asinados pola SDXCE matiza o grao de discrecionalidade do devandito instrumento.

### 6.3.2. Marco estratéxico

**39. *O contexto financeiro actual está a impedir unha maior previsibilidade a medio prazo dos recursos financeiros dispoñibles para cooperación ao desenvolvemento. Por outra banda, esta baixa previsibilidade afecta singularmente aos departamentos da Xunta de Galicia con accións de cooperación internacional para alén da SDXCE.***

A redución do orzamento da Xunta de Galicia en cooperación ao desenvolvemento está a afectar á previsibilidade do sistema no seu conxunto. Como principal limitación do anterior

ciclo de planificación, o traslado das medidas de consolidación fiscal da Xunta de Galicia ás dispoñibilidades orzamentarias da SDXCE está a profundar na fenda de financiamento existente con respecto das previsións establecidas no marco de resultados do II Plan Director. Singularmente, a baixa previsibilidade afecta especialmente ao resto de departamentos da Xunta de Galicia con accións de cooperación internacional.

40. ***Tense avanzado de vagar na corrección da fragmentación da axuda galega por mor da decisión de non realizar a convocatoria de programas de cooperación no exterior de ONGD malia que se ten apostado por alternativas que garanten o financiamento de intervencións con marcos de planificación plurianuais dentro do marco instrumental existente.***

O orzamento dispoñible no bienio 2010-2011 ten motivado a toma de decisións estratéxicas en relación ao marco instrumental que teñen limitado a efectividade das medidas establecidas no II Plan Director para corrixir a baixa previsibilidade da axuda e a variabilidade dos seus desembolsos. Neste senso a suspensión da convocatoria de programas, coidado no II Plan Director como o instrumento idóneo para mellorar o desempeño da cooperación galega no seu conxunto, está xerando a perpetuación das inercias da cooperación galega neste eido. Ademais, a baixa previsibilidade da cooperación galega está a xerar unha profunda incerteza e mais está a rachar as cadeas de confianza cos socios e parceiros de desenvolvemento, afectando tamén á capacidade dos actores da cooperación galega para establecer os seus propios marcos plurianuais de actuación. Non obstante, a implementación de marcos de financiamento previsibles para intervencións a medio prazo tense artellado a través do financiamento de proxectos no exterior nas convocatorias actualmente existentes e que son continuidade de intervencións xa financiadas con anterioridade.

41. ***A cooperación galega está a favorecer no bienio 2010-2011 procesos de concentración e especialización sectorial singularmente naqueles sectores estratéxicos onde se conta con vantaxes comparativas (pesca e acuicultura, abastecemento de auga, educación, agricultura e educación para o desenvolvemento) e de xeito máis xeral no sector de servizos sociais básicos, ao que destina o 30% do total da axuda distribuíble sectorialmente.***

As medidas establecidas no II Plan Director para favorecer a concentración sectorial das intervencións están a ser implementadas nun alto grao a través do marco instrumental da cooperación galega. Nesta distribución sectorial podemos salientar o esforzo da SDXCE por financiar aqueles sectores estratéxicos da cooperación galega nos cales esta está desenvolvendo vantaxes comparativas, especialmente no sector da pesca e acuicultura, abastecemento de auga, educación, agricultura e educación para o desenvolvemento. Cómpre salientar o alto compromiso da cooperación galega co sector de servizos sociais básicos, acadando o 30% do total da axuda distribuíble sectorialmente.

42. ***O II Plan Director ten facilitado a concentración xeográfica do 85% da axuda galega desembolsada no exterior nos seus países prioritarios. De todos os xeitos, a axuda desembolsada nos PMA non acada a previsión do 25% establecida no Plan Director.***

No bienio 2010-2011 o 85% dos desembolsos no exterior destináronse aos países prioritarios establecidos no II Plan Director. Sen embargo, detéctase unha baixa porcentaxe no

caso de Cabo Verde e Poboación Saharauí. Asemade, os PMA recibiron un 17% do total da axuda, un 8% menos do establecido no II Plan Director. Xa que logo, o II Plan Director está a favorecer a concentración xeográfica da axuda galega.

**43. *O marco instrumental da cooperación galega está a favorecer a progresiva superación da fragmentación das intervencións e o incremento do tamaño medio financeiro das actuacións. Durante o bienio 2010-2011 financiáronse 137 novas actuacións a través dos seus diferentes instrumentos***

En relación á fragmentación das intervencións, estanse executando nun alto grao as medidas destinadas a favorecer un incremento do tamaño medio financeiro das actuacións, especialmente, a través das convocatorias de outros axentes e educación para o desenvolvemento. Sen embargo, as limitacións orzamentarias motivaron a suspensión da convocatoria de programas e, polo tanto, do despregamento dos seus efectos correctores neste eido. Non obstante, no caso das novas intervencións financiadas a través de convocatorias no bienio 2010-2011 tense aumentado significativamente o tamaño medio financeiro das mesmas.

**44. *A cooperación galega segue a promover a priorización e selectividade das persoas e colectivos vulnerables como beneficiarios das súas intervencións no exterior.***

As intervencións da cooperación galega en 2010-2011 están promovendo unha priorización e selectividade das persoas e colectivos beneficiarios da cooperación galega, cunha especial atención aos grupos especialmente vulnerables, ás institucións locais e organizacións sociais dos países socio e comunidades con alta presenza de poboación indíxena, afrodescendente ou de minoría étnica ou cultural.

**45. *Durante o bienio 2010-2011 deuse continuidade á especialización dos actores galegos de desenvolvemento a través das convocatorias de axudas, malia que a convocatoria de microproxectos presentou dificultades específicas que limitaron a adecuación da convocatoria aos requisitos establecidos no II Plan Director.***

O marco estratéxico da cooperación galega está impulsando unha maior selectividade dos actores beneficiarios dos seus instrumentos así como unha maior especialización co fin de, no primeiro caso, adecuar o espírito das convocatorias ás entidades beneficiarias e, no segundo caso, para o pleno aproveitamento das vantaxes comparativas e experiencia dos actores da cooperación galega. De todos os xeitos, os efectos correctores sobre o primeiro caso aínda non foron plenamente integrados na convocatoria de microproxectos.

**46. *A cooperación galega ten establecido liñas de colaboración con organizacións multilaterais de desenvolvemento adecuadas ás súas necesidades e á dimensión institucional e financeira da mesma.***

Polo seu peso político e financeiro, os esforzos da cooperación galega no eido do multilateralismo semellan adecuados á súa capacidade institucional e despregamento operativo. As liñas de colaboración e cooperación establecidas están permitindo, especialmente, un reforzamento da cualificación dos recursos humanos dispoñibles no sector galego de cooperación.

***47. O II Plan Director corrixiu a concentración de actividades no sector educativo formal dentro dos proxectos de educación para o desenvolvemento, malia que non espreguizou os avances na dimensión de investigación sobre desenvolvemento.***

En relación á apertura de liñas de innovación na cooperación galega, no eido da educación para o desenvolvemento corrixiuse activamente a concentración de esforzos e recursos no sector educativo formal. Sen embargo, está aínda sen desenvolver o despregamento das potencialidades dos actores da cooperación galega, especialmente as universidades, no ámbito da investigación sobre o desenvolvemento.

***48. O II Plan Director ten xerado incentivos suficientes para a xeración de complementariedades e a actuación concertada dos actores galegos de cooperación.***

As medidas do II Plan Director teñen xerado un sistema efectivo de incentivos para a xeración de complementariedades entre os actores de cooperación. Un 25% da AOD desembolsada canalizouse a través de propostas conxuntas, sendo as ONGD os actores máis activos neste eido.

***49. Detéctase certa lentitude na SDXCE na promoción directa do comercio xusto e consumo responsable así como da coherencia de políticas a través da difusión dos criterios e procesos de compra pública ética.***

Dentro da promoción do comercio xusto e consumo responsable, aínda non se teñen desenvolto as medidas relativas á coherencia entre políticas da Xunta de Galicia no eido da compra pública que reflicte o marco de resultados do II Plan Director.

### *6.3.3. Marco instrumental*

***50. O marco instrumental da cooperación galega está a materializar adecuada e convenientemente os criterios de eficacia da axuda así como as orientacións estratéxicas do II Plan Director.***

Desde unha perspectiva xeral, o marco instrumental e operativo da cooperación galega está a traducir convenientemente os criterios e orientacións estratéxicas e institucionais da cooperación galega. Malia a inestabilidade e imprevisibilidade na convocatoria e resolución dalgúns dos seus instrumentos, as bases das convocatorias están xerando un sistema de incentivos para o cumprimento efectivo do conxunto dos indicadores da matriz de resultados do II Plan Director. A decisión de non realizar unha convocatoria de programas no exterior para ONGD representa o principal hándicap en relación a plena operatividade dos efectos correctores do II Plan Director.

***51. A cooperación galega ten avanzado cara a un modelo inducido pola demanda das ONGD por mor da alta canalización de fondos a través das convocatorias públicas de axudas que acadan o 65% do total da AOD da Xunta de Galicia.***

En relación aos desembolsos vía convocatorias e convenios, estase avanzando efectivamente cara ás porcentaxes previstas no II Plan Director. O 65% do total da axuda da Xunta de Galicia canalizouse a través de convocatorias e o 33% a través de convenios, superando neste último caso nun 8% o establecido como máximo no indicador

correspondente. Non obstante, se nos centramos en exclusiva nos datos da SDXCE o seu desempeño mellora até destinar o 64% vía convocatorias e un 25% a través de convenios, tal e como establece o indicador pertinente.

52. ***Os principios transversais da cooperación galega están a informar efectivamente o conxunto do marco instrumental tanto nas bases das convocatorias coma nos formularios normalizados de presentación das propostas.***

As bases das convocatorias así como os formularios normalizados de presentación de propostas teñen favorecido a integración dos principios transversais da cooperación galega. No caso dos criterios de valoración, estes non teñen incluído valores para os principios de defensa da interculturalidade e respecto polos dereitos humanos.

53. ***O II Plan Director ten favorecido un proceso amplo de mellora das bases das convocatorias e formularios que facilitan un marco común de formulación das intervencións así como a xeración de incentivos para a especialización dos actores da cooperación galega.***

Por outra banda, estase avanzando cara a unha mellora da adaptación dos formularios aos diferentes axentes de cooperación sobre a base dun marco común de planificación baseado na aplicación do Enfoque do Marco Lóxico así como de adaptación dos contidos esixidos ás especificidades dos actores. Ao tempo, os requisitos das convocatorias limitan tematicamente as propostas dos actores de xeito que se favorece a especialización dos mesmos.

54. ***As convocatorias de axudas están a facilitar o fortalecemento da capacidade das entidades beneficiarias ao permitir un alto investimento en recursos humanos.***

As convocatorias de axudas a través das porcentaxes de gastos subvencionables en recursos humanos están favorecendo o fortalecemento da capacidade das entidades beneficiarias, outorgando unha maior flexibilidade na determinación do investimento en procesos materiais ou inmateriais de desenvolvemento. No período 2010-2011 avanzouse na harmonización de todas as convocatorias, permitindo no 2012 que se destine o 70% do total do orzamento do proxecto ao devandito gasto en persoal.

55. ***O II Plan Director ten xerado incentivos a través do marco instrumental para unha maior concentración e especialización temática e sectorial que corrixe inercias na actuación dos actores de cooperación, especialmente no eido da educación para o desenvolvemento.***

Dentro do marco de prioridades temáticas e sectoriais, as bases das convocatorias están incentivando actuacións en espazos cun deficiente comportamento no anterior ciclo de planificación. Neste senso, no eido da educación para o desenvolvemento, ampliouse o peso das intervencións no sector educativo non formal, malia que non se acadou equilibrar os desembolsos nas catro dimensións que a integran. O predominio da dimensión de sensibilización mingua os esforzos nas outras dimensións, especialmente no eido da investigación, que está aínda sen desenvolver.

# 7. Recomendacións

## *7.1. Arquitectura e capacidade institucional*

1. ***A DXRREE e UE debe liderar e impulsar o proceso de actualización normativa da cooperación galega co fin de consolidar a súa modernización estratéxica e operativa.***

A nova axenda de desenvolvemento así como a actual consolidación do tecido social e institucional da cooperación galega motivan a necesidade de proceder a unha actualización normativa que facilite a consolidación dos actuais procesos de modernización estratéxica e operativa. Con este fin débese impulsar a reflexión dos actores galegos de cooperación e dos partidos políticos con representación parlamentaria para valorar a oportunidade de proceder a elaborar unha nova lei galega de cooperación ou ben modificar a actualmente existente, cunha atención especial á renovación do deseño dos espazos de participación (CONGACODE, CINCODE e CINTERCODE) que faciliten unha maior funcionalidade, operatividade e unha composición equilibrada, de xeito que se aumenten as oportunidades para unha maior concertación, coordinación e complementariedade entre os actores galegos de desenvolvemento.

2. ***Profundamento no liderado activo da DXRREE e UE no eido da cooperación autonómica a través da súa participación activa nos espazos de coordinación e nos procesos de reflexión estratéxica e operativa da cooperación española.***

A DXRREE e UE debe de seguir promovendo activamente o seu liderado no eido da cooperación autonómica, proxectando o mesmo na participación activa no novo ciclo de planificación da cooperación española e no desenvolvemento dos seus instrumentos operativos e de planificación. De vez, ten que facilitar a xeración de prácticas innovadoras de colaboración institucional coma a posta en marcha de avaliacións entre pares, de experiencias de cooperación delegada entre cooperacións autonómicas e de intervencións conxuntas baseadas nas vantaxes comparativas e no aproveitamento das súas complementariedades.

3. ***Xeración dun sistema de incentivos que promova o principio de asociación e de apropiación a través da constitución de alianzas territoriais de desenvolvemento como modelo de concertación e complementariedade entre os actores galegos e os socios de desenvolvemento.***

Débese de seguir impulsando a apropiación dos socios de desenvolvemento a través da xeración dun sistema de incentivos favorable á devandita apropiación, á integración efectiva da Visión Sur na planificación da cooperación galega e ao establecemento de dinámicas e prácticas de cooperación directa que promovan a constitución de alianzas territoriais de desenvolvemento sobre a base da experiencia e aprendizaxes xerados na xestión das *Iniciativas de Desenvolvemento Integral* en Guatemala e República Dominicana. Estas alianzas territoriais de desenvolvemento débense basear nas vantaxes comparativas da cooperación galega de tal xeito que representen a cerna dun modelo galego de cooperación singular con fidelidade ás fortalezas da cooperación descentralizada española.

4. ***Seguir profundando na integración efectiva do principio de aliñamento na cooperación galega en diálogo cos socios de desenvolvemento e en coherencia cos Marcos de Asociación País da Cooperación Española.***

Débese de fornecer o aliñamento das intervencións da cooperación galega coas políticas dos países socios de desenvolvemento tomando como referencia os Marcos de Asociación País da Cooperación Española. Xa que logo, débense promover incentivos para a integración activa destas políticas no deseño estratéxico e planificación das intervencións.

5. ***Visibilizar no informe anual de xestión as accións de formación e capacitación impulsadas ou financiadas pola DXRREE e UE así como promover a realización dunha avaliación dos resultados das accións formativas financiadas.***

Cómpre visibilizar no informe anual de xestión da cooperación galega o conxunto de accións de formación e capacitación lideradas ou financiadas pola DXRREE e UE con fin de contar cunha visión ampla dos esforzos de fortalecemento da capacidade do conxunto de actores galegos de cooperación. Ao tempo, cómpre avaliar e analizar os resultados da ampla acción formativa do sector de cooperación financiada a través das convocatorias de educación para o desenvolvemento e fortalecemento de ONGD para determinar o grao de mellora das capacidades dos actores para a súa participación activa no sistema galego de cooperación así como o grao de retroalimentación da capacitación na calidade das propostas presentadas ao financiamento da Xunta de Galicia.

6. ***Mellorar a capacidade institucional da SDXCE mediante a optimización das asistencias técnicas e a definición de perfís competenciais para as persoas beneficiarias das bolsas de formación de expertos/as.***

Cómpre analizar vías alternativas para a mellora da capacidade institucional da SDXCE. Malia os efectos correctores das asistencias técnicas e das persoas beneficiarias das bolsas de formación de expertos/as débese profundar na xeración de complementariedades con outros actores de cooperación, especialmente as universidades galegas, para compensar o déficit actualmente existente así como definir perfís competenciais das persoas bolseiras en función das necesidades da SDXCE. Estes perfís competenciais deben favorecer a integración de persoas na SDXCE con coñecementos de avaliación, perspectiva de xénero, educación para o desenvolvemento e comunicación para o desenvolvemento. De todos os xeitos, débese de seguir prestando atención ao desenvolvemento do proceso de creación da *Axencia Galega de Cooperación* consonte aos criterios de pertinencia, viabilidade e sostenibilidade.

7. ***Avaliar o impacto, coherencia e eficacia da convocatoria de bolsas de formación de expertos/as en cooperación internacional no fortalecemento da capacidade do sistema galego de cooperación.***

Débese mellorar o coñecemento sobre a achega específica das bolsas de formación de expertos/as en cooperación internacional ao fortalecemento da capacidade institucional do sistema galego de cooperación analizando a súa capacidade de retroalimentación dos actores galegos, a posible xeración e articulación de redes de traballo a nivel nacional e internacional así como a inserción laboral e traxectoria profesional das persoas beneficiarias das bolsas.

8. ***Xeración de alternativas de financiamento da cooperación galega a través da definición de oportunidades para a constitución de alianzas público-privadas en Galicia xunto coa creación de novos espazos de traballo técnico e aprendizaxe institucional coa cooperación local.***

Cómpre xerar dinámicas de coordinación máis efectivas coa cooperación local así como analizar as posibilidades de xeración de alianzas público-privadas de desenvolvemento de xeito que se concerten os esforzos dos actores públicos e privados a prol do desenvolvemento dos países socios. No caso da cooperación local, resulta necesaria a articulación de novos espazos de traballo técnico e aprendizaxe institucional que superen as rixideces e inoperatividade dos actuais espazos de coordinación. A teor do limitado número de entidades locais cun protagonismo na cooperación local ao desenvolvemento débese de explorar a pertinencia da creación dunha mesa sectorial específica que integre á SDXCE, ao FOGACOSOL, e aos Concellos de Lugo e Coruña e á Deputación de A Coruña.

9. ***Mellora da páxina web co fin de garantir a transparencia e facilitar o acceso directo aos principais instrumentos de rendición de contas da cooperación galega.***

Cómpre mellorar a funcionalidade, accesibilidade e visibilidade da páxina web da cooperación galega co fin de favorecer un mellor coñecemento por parte da cidadanía das actuacións da cooperación galega e dos resultados de xestión dos recursos públicos investidos na loita contra a pobreza e na solidariedade global. Ao tempo, debe garantirse un espazo propio dedicado ao impacto da cooperación galega en persoas e comunidades beneficiarias da solidariedade dos contribuíntes galegos.

10. ***Completar o ciclo de avaliacións previstas no II Plan Director e favorecer a socialización dos resultados así como a construción compartida de aprendizaxes e coñecementos entre os actores galegos de cooperación e os socios de desenvolvemento.***

Cómpre impulsar o pleno desenvolvemento das avaliacións previstas no II Plan Director así como xerar espazos de debate e reflexión que faciliten o coñecemento e retroalimentación da capacidade dos actores en base aos resultados das avaliacións xa dispoñibles.

## *7.2. Marco estratéxico*

11. ***Seguir profundando na xeración de alternativas aos problemas de previsibilidade e volatilidade da cooperación galega.***

Como inercia caracterizadora da cooperación galega, a baixa previsibilidade da axuda e a súa alta volatilidade deben ser afrontadas a través da xeración de mecanismos alternativos de financiamento ou ben do pleno aproveitamento dos actualmente existentes co fin de consolidar a xestión directa ou indirecta de iniciativas de cooperación con marcos de planificación plurianuais e que favorezan a acción concertada dos actores galegos cos socios de desenvolvemento.

**12. *Desenvolver un estudo específico sobre as vantaxes comparativas e valor engadido da cooperación galega en colaboración cos socios de desenvolvemento e outras cooperacións autonómicas.***

Co fin de dotar ao vindeiro ciclo de planificación dun marco estratéxico baseado efectivamente nas vantaxes comparativas e valor engadido da cooperación galega, débese de promover un estudo específico sobre as mesmas en colaboración cos socios de desenvolvemento e outras cooperacións autonómicas. Esta análise debe de servir de punto e partida para unha reforma pragmática da cooperación galega a medio prazo e que garanta un proceso de racionalización estratéxica, operativa e instrumental sobre a base dos seus nichos de fortalezas e valor engadido.

**13. *Iniciar un proceso participativo e inclusivo de reflexión sobre as prioridades xeográficas e sectoriais da cooperación galega de cara ao vindeiro ciclo de planificación tomando como referencia o IV Plan Director da Cooperación Española e os Marcos de Asociación País vixentes.***

Débese seguir profundando na reflexión sobre as prioridades xeográficas e sectoriais da cooperación galega co fin de profundar nos procesos de selectividade postos e marcha actualmente e de adaptar o alcance xeográfico e sectorial da cooperación galega tanto ao financiamento actualmente existente como á axenda de división de traballo dos doadores españois e europeos. Nese senso, débense aliñar co novo ciclo da planificación española e cos Marcos de Asociación País vixentes de xeito que se harmonice efectivamente a cooperación galega coa española.

**14. *Reducir a fragmentación da axuda galega a través do aumento do tamaño financeiro das intervencións financiadas vía convocatorias e convenios favorecendo aquelas que se integran en marcos plurianuais de actuación.***

Débense aumentar os esforzos para aumentar o tamaño medio das intervencións financiadas e abrir canles para unha ampliación dos marcos temporais dos proxectos de xeito que se combinen as virtudes dos programas de cooperación coas dispoñibilidades orzamentarias existentes.

**15. *Incentivar a innovación no eido da educación para o desenvolvemento e establecer unha coordinación máis activa coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.***

Débese seguir a impulsar os procesos de innovación no eido da educación para o desenvolvemento ao nivel dos espazos educativos nos que esta se desenvolve. De vez, débese de promover unha coordinación máis activa coa *Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria* co obxectivo de visibilizar os actuais esforzos neste eido e xerar espazos de intercambio de experiencias e aprendizaxe técnico e institucional que facilite un maior impacto das accións financiadas pola DXRREE e UE.

### 16. *Impulsar a investigación sobre desenvolvemento desde as ONGD en colaboración coas universidades galegas.*

Cómpre fomentar a investigación sobre o desenvolvemento mediante a adaptación das bases da convocatoria de educación para o desenvolvemento así como dos seus formularios, tendendo a unha homologación dos criterios de valoración, requisitos e esixencias documentais aos doutras convocatorias públicas de investigación da Xunta de Galicia. Asemade, débese facer unha reserva do crédito orzamentario na devandita convocatoria para o financiamento de propostas de investigación, ben impulsadas por ONGD, ben en agrupación con Universidades.

### 17. *Mellorar a coordinación coas universidades galegas e establecer novos marcos de colaboración en base a unha avaliación independente dos resultados das actuacións financiadas até o momento.*

Cómpre continuar a definir liñas de colaboración e coordinación co sistema universitario de Galicia co fin de promover unha participación activa das universidades galegas nas accións de cooperación artellando novos espazos e mecanismos regulares de diálogo. Por outra banda, débense continuar cos esforzos para a configuración de estruturas institucionais que faciliten a coordinación, a xeración de complementariedades, a visibilización e a posta en valor da investigación das universidades galegas en relación á loita contra a pobreza, o desenvolvemento humano sostible e a promoción da solidariedade global.

### 18. *Dar continuidade aos incentivos para a complementariedade e traballo conxunto dos actores da cooperación galega.*

Débese seguir mantendo o actual sistema de incentivos para a complementariedade de actores e a presentación e desenvolvemento de propostas conxuntas.

### 19. *Fomentar a coherencia de políticas mediante a formación e difusión dos criterios e procedementos de compra pública ética entre outros departamentos da Xunta de Galicia.*

Débese impulsar a través das actuacións de formación previstas a coherencia de políticas na Xunta de Galicia no eido da compra pública con criterios de comercio xusto e consumo responsable.

### 20. *Profundar no desenvolvemento dunha estratexia galega de educación para o desenvolvemento.*

A educación para o desenvolvemento estase a configurar coma un sector de especialización da cooperación galega ao que a SDXCE destinou durante o bienio 2010-2011 un 6% do total da súa axuda desembolsable, porcentaxe que medra até o 10% se nos coutamos ás convocatorias resoltas e convenios formalizados no mesmo período. Xa que logo, cómpre dar os pasos precisos para dotar de solidez teórica e estratéxica á educación para o desenvolvemento en Galicia completando un ciclo propio de reflexión estratéxica integrado polas achegas derivadas da realización dun diagnóstico da educación para o desenvolvemento financiado pola SDXCE e dos resultados da avaliación das actividades de educación para o desenvolvemento prevista no marco de resultados do II Plan Director (I.12.1.1). Tanto este

diagnóstico como a avaliación deben retroalimentar a elaboración dunha estratexia galega de educación para o desenvolvemento cunha metodoloxía participativa e inclusiva.

### 7.3. Marco instrumental

**21. Impulsar o proceso para a translación normativa do Decreto 749/2010 co fin de facilitar unha maior axilidade e flexibilidade no ciclo de xestión do proxecto da cooperación galega.**

Desde a SDXCE, co apoio do resto de actores de cooperación galega, débese de seguir impulsando o proceso para o traslado normativo do *Real Decreto 794/2010, de 16 de xuño, polo que se regulan as subvencións e axudas no eido da cooperación internacional*. Por mor do obxecto da actividade como pola natureza dos destinatarios dos fondos públicos, a cooperación internacional demanda unha regulación específica que se adecúe ás devanditas particularidades.

**22. Establecer criterios de valoración específicos nas bases das convocatorias para o conxunto dos principios transversais da cooperación galega.**

Débense integrar criterios de valoración nas bases das convocatorias de proxectos no exterior relativos ao respecto polos dereitos humanos e á defensa da interculturalidade.

**23. Profundar na especialización dos actores galegos de cooperación en diálogo co sector e cos socios de desenvolvemento.**

Os criterios de valoración e requisitos das propostas que favorecen a especialización de actores débense seguir mantendo. De todos os xeitos, débese iniciar un proceso de reflexión participativa e inclusiva sobre a adecuación e pertinencia das áreas de especialización actualmente contempladas.

**24. Manter o criterio de destinar o 70% do total do proxecto ao financiamento dos recursos humanos nas convocatorias de axudas.**

A actual porcentaxe destinada a recursos humanos nas convocatorias semella adecuada para unha maior flexibilidade operativa así como para o reforzamento da capacidade dos actores de desenvolvemento.

**25. Seguir favorecendo a participación activa dos actores galegos de cooperación no deseño das convocatorias e formularios.**

Débense de revisar en diálogo cos actores de cooperación os formularios de presentación de propostas ás convocatorias e de xustificación das axudas, especialmente naqueles casos onde se detectan puntos de fractura, como veñen sendo microproxectos e consolidación e fortalecemento de ONGD.

**26. Equilibrar o financiamento das catro dimensións da educación para o desenvolvemento cunha especial atención á investigación sobre desenvolvemento e á mobilización social.**

As bases da convocatoria de educación para o desenvolvemento deben seguir fornecendo o equilibrio entre as súas dimensións cunha especial atención á mobilización social e á

investigación sobre o desenvolvemento. Co fin de corrixir a fenda de financiamento da investigación sobre desenvolvemento débense de explorar novas alternativas en diálogo coas universidades galegas como son: a creación e dotación dun fondo específico para o financiamento de proxectos de investigación de interese para o sistema galego de cooperación no seu conxunto e a procura de vías de integración da cooperación ao desenvolvemento nas liñas de actuación do *Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento 2011-2015.*

### 27. Fomentar o crecemento do investimento da cooperación galega en educación para o desenvolvemento.

Débese de analizar a pertinencia de promover unha ampliación dos máximos subvencionables na convocatoria de educación para o desenvolvemento tanto para os proxectos individuais como en consorcio e iniciar os pasos para establecer marcos plurianuais de financiamento para aquelas intervencións sostibles e de calidade. Asemade, débese avanzar cara a un investimento global en educación para o desenvolvemento superior ao actualmente existente co fin de poñer en valor as tendencias de especialización detectadas e aumentar o impacto das actuacións neste eido.

## 8. Estudos de caso

### *8.1. Coordinación e complementariedade na cooperación galega: a participación no proceso de elaboración do Marco de Asociación País de Bolivia (2011-2015) da cooperación española.*

O *III Plan Director da Cooperación Española (2009-2012)* representou a plena incorporación no sistema español de cooperación dos principios e criterios da axenda de eficacia da axuda emanados da *Declaración de París sobre Eficacia da Axuda* (2005) e da *Axenda de Acción de Accra* (2008). O III Plan Director integrou a nova arquitectura da axuda procurando establecer unha estratexia coherente coa devandita axenda e co obxectivo de que os recursos da Axuda Oficial ao Desenvolvemento (AOD) melloren o seu impacto na loita contra a pobreza.

Neste senso, o obxectivo xeral do III Plan Director oriéntase a *"contribuír a un proceso substancial cara ao desenvolvemento humano e sostible, á erradicación da pobreza e ao exercicio pleno dos dereitos"*. De vez, como obxectivo específico salienta a consecución no ano 2012 dunha "*política para o desenvolvemento, máis integral e coherente, sostible a longo prazo, máis eficaz e de maior calidade, baseada no consenso entre os seus actores e o apoio da cidadanía*".

Dentro das novidades de planificación e xestión da Cooperación Española, o III Plan Director contempla a creación dun instrumento específico de planificación a nivel de país e que opera consonte aos principios e criterios da axenda de eficacia da axuda. Este novo instrumento, o ***Marco de Asociación País (MAP),*** procura, por unha banda, aterrar os principios da Declaración de París nas prácticas estratéxicas e operativas da cooperación española, e, por outra, permite detectar aquelas fortalezas e debilidades vencelladas ao pleno despregue operativo da axenda da eficacia da axuda. Por último, o MAP vén substituír aos *Documentos de Estratexia País (DEP)* e aos *Programas Operativos Pais (POPP)* desenvoltos ao abeiro do II Plan Director.

O MAP baséase no principio de asociación (*partnership*) que artella transversalmente a nova arquitectura da axuda. De vez, o MAP procura establecer a nivel de cada país unha ruta común de actuación, adaptada ao seu contexto específico e no que se reflictan as posibilidades reais de asociación tendo en conta as circunstancias políticas, económicas e sociais vixentes nese determinado contexto. Entre outros aspectos, o MAP presenta o valor engadido de fomentar e facilitar a creación de espazos de diálogo entre os doadores presentes nun país específico, o goberno, as ONGD e a sociedade civil. Por outra banda, o MAP recoñece que a consecución de resultados depende da articulación do momento socio-político do país xunto coa xestión dos tempos e a coordinación de espazos.

A metodoloxía de elaboración do MAP en Bolivia baseouse en tres fases:

*I.* ***Fase de análise:*** nesta etapa realízase un diagnóstico da situación do país en catro eidos: desenvolvemento humano, apropiación democrática, aliñamento e harmonización e vantaxe comparativa da Cooperación Española.

*II.* ***Fase de definición da estratexia de asociación para resultados de desenvolvemento:*** nesta fase realízanse as principais decisións estratéxicas e defínense os sectores prioritarios de intervención así como os instrumentos e actores fundamentais en cada un deles.

III. ***Fase de decisións estratéxicas:*** establécese o marco de xestión para resultados de desenvolvemento, incluíndo a asignación de recursos, os compromisos en relación coa eficacia da axuda e a proposta para a rendición mutua de contas e avaliación.

Durante todo o proceso de elaboración do MAP en Bolivia articuláronse diferentes espazos de diálogo e coordinación en tres niveis. En primeiro lugar, a interlocución coa comunidade de doadores estableceuse, dunha banda, a través do *Grupo de Socios para o Desenvolvemento (GRUS)* de Bolivia que agrupa os países doadores, ás axencias de cooperación dos países membro do CAD da OCDE e aos organismos multilaterais presentes no país. O seu obxectivo é facilitar a interlocución e coordinación dos doadores coas institucións do país. Outro nivel de diálogo desenvolveuse a través do *Grupo Estable da Unión Europea* que ten como obxectivo consolidar e avanzar en posicións comúns no seo da cooperación europea presente en Bolivia.

En segundo lugar, a interlocución co goberno boliviano canalizouse a través do Ministerio de Planificación que aglutina todo o traballo relacionado coa cooperación internacional desenvolvida no país. Así mesmo, traballouse con ministerios específicos en función da distribución sectorial definida durante o proceso.

En terceiro lugar, a interlocución cos actores da cooperación española desenvolveuse en paralelo tanto a través da sede central da AECID en Madrid e da Oficina Técnica de Cooperación (OTC) en Bolivia. A diversidade de actores (Administración Xeral do Estado, Comunidades Autónomas, Entidades Locais, ONGD, etc.) que caracteriza á Cooperación Española representou un reto á hora de crear e xestionar dinámicas de traballo en conxunto.

En relación ao traballo coas Comunidades Autónomas estableceuse un dobre nivel de información e participación. En España, creouse desde a AECID un foro específico de traballo con todas as CCAA co fin de compartir información sobre o proceso. En Bolivia, segundo os datos do *Plan Anual de Cooperación Internacional (PACI),* traballan arestora doce CCAA: Andalucía, Aragón, Asturias, Baleares, Cantabria, Castela-A Mancha, Cataluña, Comunidade Valenciana, Estremadura, Galicia, Madrid, Navarra e País Vasco. De todos os xeitos, tan só tres CCAA contan con presenza activa a nivel institucional no país: Cataluña, Galicia e Comunidade Valenciana. Non obstante, esta presenza varía en canto á capacidade de representación e á lexitimidade da mesma. Mentres que Cataluña conta con representantes da Axencia Catalana de Desenvolvemento, no caso de Galicia e a Comunidade Valenciana a devandita representación recae sobre bolseiros/as. Xa que logo, malia que as devanditas CCAA foron as que participaron de xeito activo e dinámico ao longo do proceso de elaboración do MAP nos diferentes espazos (mesas sectoriais, espazos de discusión coa sociedade civil boliviana, coas ONGD españolas, co goberno boliviano, etc.), unicamente Cataluña formou parte do *Grupo Estable de Coordinación en Terreo*. Este grupo ten por obxectivo aglutinar os diferentes actores españois en Bolivia como son as CCAA, Embaixada, Centro Cultural, ONGD, Oficina Comercial, etc. De feito, a inexistencia de presenza institucional en Bolivia do resto de CCAA provocou efectos negativos nun dobre aspecto: en primeiro lugar, na falta de participación directa en todo o proceso; e, en segundo lugar, nas dificultades para obter información e análises sobre as súas actuacións en Bolivia así como sobre as súas previsións para o período de vixencia do MAP.

En relación ás aprendizaxes do proceso de elaboración do MAP en Bolivia destacouse que, co fin de establecer unha coordinación óptima, resulta fundamental definir claramente os obxectivos e os compromisos de todos os axentes implicados. Ademais é imprescindible a utilización axeitada do tempo ao longo de todo o proceso. En concreto, este último aspecto representou a principal debilidade do proceso dende o seu inicio xa que se contou cun tempo escaso para o traballo e a coordinación con todos os axentes involucrados. A razón desta debilidade radica na imposición dun estreito cronograma vencellado á metodoloxía de traballo creada especificamente para o MAP.

En relación á experiencia de participación da cooperación galega no proceso de elaboración do MAP cómpre salientar os seguintes elementos:

a) A presenza dunha bolseira da DXRREE e UE na OTC de Bolivia facilitou unha comunicación fluída entre terreo e sede en relación ao proceso de elaboración do MAP. Ao tempo permitiu a participación activa da DXRREE e UE en case todos os espazos de diálogo e coordinación.

b) A participación da DXRREE e UE no proceso permitiu elaborar unha análise sobre a cooperación galega en Bolivia así como reflexionar sobre o impacto do II Plan Director da Cooperación Galega neste país.

c) A participación dunha persoa en Bolivia en representación da DXRREE e UE retroalimentou á propia Dirección Xeral cunha reflexión activa sobre o papel da cooperación galega en Bolivia e o seu aliñamento a medio e longo prazo co MAP.

Xa que logo, a participación no MAP debería de permitir á cooperación galega manter o espazo de diálogo creado co resto de actores españois así como participar activamente nos espazos de negociación e seguimento do propio MAP. Por outra banda, o mantemento da presenza da cooperación galega na OTC en Bolivia debería de permitir a creación dunha ponte directa de información e traballo entre terreo e sede que mellore os seguintes aspectos:

a) A comunicación entre sede e terreo.

b) A coordinación con outros actores da cooperación española.

c) A xeración de complementariedades con outros actores.

d) Unha mellor xestión da axuda en función dun marco concertado de actuación aliñado coas políticas públicas bolivianas.

e) O seguimento das intervencións da cooperación galega en Bolivia.

De todos os xeitos, deberanse de abordar a curto prazo as cuestións relativas á capacidade de representación das persoas bolseiras nas OTC co fin de superar os atrancos derivados da falta de recoñecemento da súa lexitimidade e profundar nos procesos de refrendamento por parte da unidade xestora da cooperación galega das actuacións das mesmas no proceso de elaboración dos MAP.

## 8.2. O valor engadido da cooperación galega en materia de pesca

Tanto o I coma o II Plan Director da Cooperación Galega salientaron que Galicia contaba con vantaxes comparativas no sector de pesca no eido da cooperación ao desenvolvemento por mor tanto da súa experiencia histórica no proceso de ordenación e xestión do seu propio e complexo sector pesqueiro así como polo peso e relevancia da pesca no seu desenvolvemento e estrutura económica. Xa que logo, Galicia tamén conta cunha dilatada andaina no financiamento e xestión de proxectos de cooperación ao desenvolvemento en pesca.

A cooperación galega leva máis de dez anos apoiando o desenvolvemento do sector pesqueiro e acuícola en países empobrecidos empregando os diferentes instrumentos dispoñibles: asistencias técnicas, convocatorias públicas de proxectos ou os convenios de colaboración. A nivel xeográfico as intervencións abrangueron países coma Perú, Guinea Bissau, Namibia, Cabo Verde, Bolivia ou Mozambique. Entre estas actuacións sobrancea polo seu alcance temporal e territorial o *Programa de Formación en Pesca Artesanal en Centroamérica (PROFOPAC)*.

As orixes do PROFOPAC sitúanse no ano 2000 cando se puxeron en marcha iniciativas de colaboración e apoio ás diferentes institucións de xestión pesqueira e acuícola dos países centroamericanos. Estas iniciativas desenvolvéronse en coordinación financeira coa AECID. Nesta primeira etapa leváronse a cabo, entre outras, actividades de revisión lexislativa, deseño e posta en marcha de centros de acopio, e medidas tendentes á mellora da comercialización dos produtos pesqueiros.

Desde 2003 institucionalizouse o apoio ás administracións pesqueiras centroamericanas en coordinación coa AECID, prestando asistencia técnica e financeira aos programas de desenvolvemento produtivos vinculados á pesca das OTC da cooperación española. A través dos *Plans Operativos Anuais (POA)* da AECID establecéronse alianzas e acordos de recoñecemento mutuo coas administracións pesqueiras centroamericanas, en concreto no Salvador, Honduras, Guatemala e Nicaragua.

Até 2005 desenvolvéronse estas diferentes iniciativas de apoio aos programas de pesca que tiñan en marcha as OTC en Centroamérica. Non obstante, estas iniciativas desenvolvíanse especificamente país por país sen unha visión rexional e a demanda da AECID. No ano 2005 avanzouse na configuración dunha programación máis ambiciosa e integrada. Este avance coincidiu co xurdimento de instrumentos de ámbito rexional na AECID, máis concretamente coa xestación do *Programa de Cooperación Rexional con América Central (PCRC)* e que era financiado a través do *Fondo España-Sistema de Integración Centroamericana (SICA)* da AECID.

Neste contexto elaborouse dende a Xunta de Galicia un diagnóstico participativo sobre as intervencións pesqueiras levadas a cabo até aquel intre en Centroamérica e que contou coa participación activa do sector pesqueiro centroamericano. No mesmo identificáronse unha serie de debilidades fundamentais que atrancaban o desenvolvemento sostible do sector da pesca artesanal naquela rexión e a mellora da comercialización dos produtos pesqueiros: a pouca capacidade e formación do persoal técnico da administración xunto coa escasa profesionalización dos pescadores e persoas adicadas á comercialización do peixe, na súa maioría mulleres.

Como parte do PCRC elabórase o *Plan de Apoio á Pesca en Centroamérica (PAPCA).* Este plan representou a rexionalización do traballo no sector pesqueiro. Deste xeito pasouse a traballar non só directamente coas administracións nacionais de cada país, senón tamén a través de OSPESCA, organismo encargado do sector pesqueiro no SICA. En concreto, o PROFOPAC deséñase no 2006 cunha perspectiva transversal e tendo por obxectivo a formación tanto do persoal técnico das administración como das persoas adicadas ás actividades extractivas e de comercialización.

O PROFOPAC introduce as seguintes novidades:

a) Integra a dimensión rexional nas accións de formación e apoio que até entón se levaran a cabo a nivel nacional.

b) Estende as actuacións á totalidade dos países de Centroamérica (Panamá, Costa Rica, Honduras, O Salvador, Nicaragua, Guatemala e Belice)

c) Impulsa unha tendencia homoxeneizadora nos procesos de formación profesional dos pescadores artesanais e das persoas comercializadoras así como nas normativas pesqueiras e na investigación.

O PROFOPAC ten por obxectivo contribuír ao desenvolvemento social e económico sostible e á seguridade alimentaria en Centroamérica través da profesionalización dos recursos humanos vinculados á pesca de pequena escala. Con este fin actúa de xeito integral en diferentes niveis nas seguintes fases de desenvolvemento do Programa:

***Fase I (2006-2009):*** o PROFOPAC actúa como unha liña transversal do PAPCA encargándose da formación e asistencia técnica ao persoal técnico competente en materia de ordenación e regulación do sector pesqueiro de cada un dos países. Ao tempo asume a formación de formadores a través dos institutos de formación profesional dos diferentes países así como ás comunidades pesqueiras artesanais.

***Fase II (2010- 2011):*** trabállase na consolidación das anteriores accións de formación e asistencia técnicas e deséñase un programa de emprendemento e cultura empresarial.

***Fase III (2012- 2013):*** fortalécese o eixe de sensibilización nas comunidades de pescadores e pescadoras a través do traballo coas escolas e comeza o apoio a proxectos piloto de emprendemento.

Por mor da natureza multinivel e multiactor das intervencións no eido pesqueiro, como exemplifica o caso do PROFOPAC, a Xunta de Galicia promove a coordinación entre os diferentes departamentos e entes públicos participantes. Neste senso, tanto a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, a Consellería do Mar e o CETMAR coordínanse, co apoio de OSPESCA, para o traballo cos socios locais de desenvolvemento: administracións pesqueiras dos países socios, os institutos técnicos públicos de formación e investigación na materia e cando existiu a oportunidade, as asociacións locais de pescadores artesanais.

Este conglomerado de actores implicados -tanto socios locais coma outros doadores- traballan conxuntamente de xeito coordinado, cunha metodoloxía participativa e dando voz ás persoas involucradas no sector pesqueiro dos países con que se traballa. De vez, co fin de facilitar a apropiación dos socios locais, o aliñamento cos seus procesos de planificación e a previsibilidade das actuacións, fomentouse activamente o respecto polos tempos de planificación das institucións socias a través de marcos temporais de apoio plurianual.

A combinación do fortalecemento da capacidade dos socios locais, o alcance rexional do programa e mais a homoxeneización da formación impartida aos pescadores e comercializadoras ao abeiro do PROFOPAC xerou unha serie relevante de sinerxías e complementariedades. En concreto, a ONGD Asemblea de Cooperación pola Paz que traballa no sector pesqueiro artesanal no Salvador emprega tanto os contidos da formación coma aos técnicos de formación profesión da administración salvadoreña beneficiarios do PROFOPAC nas súas intervencións.

Entre os aspectos positivos máis relevantes do PROFOPAC salientamos os seguintes:

- A participación de todos os actores no proceso de identificación así como na execución do programas a través da súa colaboración e o recoñecemento do proceso de avaliación.
- O establecemento de sinerxías de colaboración e coordinación entre OSPESCA, CETMAR e a cooperación galega.
- O traballo activo e continuo na xeración de sinerxías xa que se coidan estas como estratéxicas para a sostenibilidade dos resultados do programa.
- A natureza inclusiva do programa ao integrar no proceso aos actores institucionais, á sociedade civil e ás ONGD.
- O traballo intensivo na configuración dos elementos estruturais que garanten a eficacia e éxito do programa: establecemento de acordos de índole política entre os países da rexión, a xeración de vínculos entre as institucións participantes, a configuración da base lexislativa necesaria, a creación de capacidades de xestión e seguimento adecuadas ao programa, a creación de capacidades técnicas a través de recursos humanos específicos, etc.
- A existencia dun mandato rexional e nacional facilitaron a lexitimidade e recoñecemento das actuacións do programa. En concreto, asináronse acordos de colaboración inter-institucionais, compartiuse documentación e experiencias entre os países, aprobáronse a nivel rexional documentos estratéxicos relacionados co desenvolvemento da formación profesional dirixida ao sector pesqueiro e acuícola artesanal así como ao fomento do emprendemento por parte dos ministros responsables dos sete países participantes.
- A natureza prioritaria dos procesos de diálogo e de xeración de acordos rexionais necesarios para obter a estabilidade e seguridade necesaria política e técnica necesaria no proceso de desenvolvemento no nivel local. A estes procesos de natureza crítica para o programa se lles concedeu unha relevancia e importancia superior ás demandas de planificación e execución do mesmo.
- A formulación do proxecto pretende xerar estruturas sostibles no tempo que faciliten un maior impacto no sector pesqueiro artesanal.
- O aseguramento da visibilidade e credibilidade do programa entre os pescadores e mulleres para garantir a súa participación nos módulos de formación realizouse a través dun achegamento ás comunidades locais e á existencia dunha estrutura de capacitación activa.
- A integración da formación artesanal como unha actividade programada do plan de traballo anual de cada país. Neste senso, nalgúns países como Costa Rica, Panamá ou

Nicaragua, a formación desenvolveuse independentemente da existencia de orzamento específico no PROFOPAC. O resto dos países asumírono igualmente, mais teñen, aparentemente, unha maior dependencia financeira.

- A creación dunha rede de formadores con suficiente dimensión que facilita o acceso ás comunidades.
- O alto nivel de participación e satisfacción por parte das persoas beneficiarias.
- A existencia de comunidades con experiencia positiva en relación á aplicación efectiva da formación a través da súa actividade produtiva e comercializadora.
- A existencia dunha demanda de formación desde as organizacións sectoriais e rexionais cando o programa atópase nun nivel baixo de acción formativa.
- A retroalimentación do proceso de execución e formulación das seguintes fases a partir das conclusións e recomendacións das avaliación internas e externas.
- A xeración dunha imaxe de marca asociada ao PROFOPAC de xeito que o programa se identifica como referencia da formación técnica en pesca e acuicultura artesanal.

En canto ás aprendizaxes adquiridas durante o proceso de xestión do PROFOPAC destacamos:

- Unha identificación adecuada dos parceiros resulta fundamental para asegurar a sustentabilidade da acción prevista.
- A facilitación do apoio técnico necesario a través da transferencia de coñecementos e experiencias constitúe un aspecto fundamental para asegurar a consecución das actividades previstas nos prazos previstos. De feito, recoméndase contar cun actor intermedio de natureza pública e técnica entre ambos os dous Gobernos que facilite e asegure o proceso para ambas partes.
- Os programas rexionais onde se involucran varios países deben de contar cunha estratexia previa de coordinación de modo que se asegure a homoxeneidade do proxecto e se teña en conta as posibles diferenzas que puidesen xurdir da idiosincrasia e peculiaridades de cada país.
- O coñecemento de todos os procesos de lexitimación necesarios, tanto políticos coma lexislativos resulta fundamental ao tratarse de proxectos cun impacto na gobernabilidade e desenvolvemento económico nacional e local. Estes procesos deben de respectarse e promoverse dende o programa con independencia de que poida implicar retrasos na execución xa que cómpre asegurar a apropiación previa dos resultados e da sustentabilidade do propio programa.
- Os procesos de profesionalización deben planificarse a medio- longo prazo para acadar os obxectivos establecidos.
- A formación debe de formularse como un medio para a consecución da profesionalización. Xa que logo, o obxectivo final da formación debe de ser a aplicación dos coñecementos adquiridos co fin de incrementar a rendibilidade da actividade, como por exemplo, o emprendemento, a mellora das canles de distribución, o incremento do valor do produto, etc.

En conclusión, o PROFOPAC cóidase un exemplo de boas prácticas xa que se consolidou en Centroamérica como un programa propio que insta e estrutura a formación profesional e o emprendemento como estratexias de desenvolvemento a través da profesionalización do sector. O programa benefíciase do financiamento e apoio técnico da Xunta de Galicia, aínda que está avanzando na garantía de sostenibilidade futura do programa unha vez mingüe ou se retire o financiamento externo.

## *8.3. A cooperación galega e as alianzas territoriais de desenvolvemento: a experiencia das Iniciativas de Desenvolvemento Integral en Guatemala e República Dominicana*

As *Iniciativas de Desenvolvemento Integral (IDI)* constitúen unha experiencia piloto multiactor e multisectorial da estratexia de cooperación ao desenvolvemento impulsada desde a Xunta de Galicia, que *"aposta por Intervencións de Desenvolvemento Integral que supoñen a canalización de recursos nunha zona xeográfica determinada, onde distintos actores interveñen naqueles ámbitos sectoriais onde contan con consolidada experiencia, empregando para iso os instrumentos de cooperación dispoñibles"*.

As IDI deben de coidarse intervencións de cooperación directa xa que se configuran como actuacións que xorden e parten do departamento responsable da xestión da cooperación ao desenvolvemento. Xa que logo, con independencia da natureza do actor canalizador dos fondos da cooperación galega, o liderado e impulso das iniciativas corresponde ao organismo público correspondente, neste caso a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE.

As IDI representan unha aposta clara polas estratexias de coordinación e complementariedade coas políticas de desenvolvemento dos países socios. Ao tempo procuran a creación de sinerxías positivas entre os actores que traballan no marco da intervención cunha dobre finalidade: alcanzaren unha mellora na eficacia e impacto das intervencións e/ou afondaren na concentración da axuda.

As IDI alíñanse na súa filosofía e marco teórico coa nova arquitectura da axuda e a axenda de eficacia emanada da Declaración de París (2005). O agromar das IDI na cooperación galega coincide, precisamente, cos primeiros chanzos no desenvolvemento operativo dos principios de eficacia da axuda: apropiación, aliñamento, harmonización, xestión para resultados e mais mutua responsabilidade. En concreto, as IDI céntranse especialmente na coordinación e na complementariedade coma eixos que artellan as intervencións e como procesos vencellados á harmonización de actores e á división do traballo.

O financiamento das IDI realizouse a través dos instrumentos da cooperación galega dispoñibles: convocatorias públicas de axudas e convenios. O convenio destaca coma o instrumento a través da cal se canaliza o maior desembolso económico, un 68% do total. As IDI contaron cun financiamento global de 7.335.387€, dos cales, 5.013.531 € se desembolsaron a través de convenios e 1.948.344€ a través de convocatorias. Por outra banda realizáronse accións complementarias a través das convocatorias de Acción Humanitaria e Educación para o Desenvolvemento. Ao tempo, algunhas das intervencións contaron con financiamento específico da Deputación de A Coruña.

O impulso das IDI remóntase ao bienio 2006-2007 trala realización dunha identificación previa en República Dominicana e Guatemala, países prioritarios da cooperación galega. A experiencia previa de traballo nos devanditos países así como nas zonas xeográficas de actuación alentou a creación e desenvolvemento destas intervencións.

A IDI da República Dominicana desenvólvese no barrio de Santa Lucía- La Mosca na cidade de Santiago de los Caballeros. Esta intervención ten como obxectivo a mellora das condicións de vida de 489 familias do devandito barrio e de 466 recicladores/as informais que traballan no vertedoiro de Rafey. Esta IDI presenta unha natureza multisectorial e integral de xeito que se actúa nos seguintes sectores: auga, saneamento e habitabilidade, saúde comunitaria, formación profesional e desenvolvemento produtivo, e fortalecemento das organizacións da sociedade civil. Por outra banda, esta iniciativa multiactor integra a actuación de actores públicos e privados. A nivel público participan a Xunta de Galicia a través da Dirección Xeral de Relacións Exteriores, a Unión Europea, o Concello de Santiago de los Caballeros. A nivel privado e da sociedade civil os axentes implicados son Asemblea de Cooperación pola Paz (ACPP), Asociación de Campesiñas Rafael Fernández Domínguez (JACARAFE), Cámara de Comercio e Produción de Santiago (CJC), Fundación Solidariedade e mais a Fundación de Desenvolvemento Lomba e Saúde (FUNDELOSA).

O éxito do programa radica en dous aspectos: en primeiro lugar, a adopción dun enfoque integral que aborda o aspecto social e non só a intervención en infraestrutura e, en segundo lugar, a promoción de sinerxías de traballo e de complementariedades entre as organizacións e institucións implicadas e que presentan diferenzas en canto aos seus enfoques. Por outra banda, acadouse unha elevada implicación das persoas beneficiarias ao traballarse de xeito pioneiro cun sector produtivo informal que involucra a maioría da poboación. Paralelamente, a intervención obtivo logros na redución de delincuencia; na mellora das condicións de salubridade da poboación; na promoción do empoderamento e mais do liderado e sentimento emprendedor, sobre todo entre a xente nova, a través da creación de microempresas. Así mesmo, produciuse un fortalecemento da sociedade civil e do tecido asociativo local a través da creación de cinco novas organizacións e dunha mesa de diálogo e dunha Axenda de Desenvolvemento do Barrio de Santa Lucía 2010-2015. Por último, tamén melloraron as capacidades técnicas tanto das organizacións sociais como municipais.

A IDI de Guatemala desenvólvese nos municipios de Champerico e Retalhuleu e ten como obxectivo contribuír ao desenvolvemento humano da súa poboación, mellorando a súa infraestrutura de habitabilidade básica, a cobertura sanitaria, a calidade educativa e mais a soberanía alimentaria. Esta selección realizouse sobre a base da planificación estratéxica e da dirección política das autoridades comunitarias e municipais. Para conseguir o devandito obxectivo trabállanse de xeito integral os seguintes sectores: habitabilidade básica (construción e mellora de vivendas, auga e saneamento), servizos básicos (saúde e educación), soberanía alimentaria e produción; fortalecemento comunitario, institucional así como xestión de riscos. Así mesmo, transversalmente trabállase o enfoque de xénero, o enfoque ambiental e o enfoque de dereitos humanos, con énfase na pertinencia cultural. Os axentes involucrados a nivel institucional son a Xunta de Galicia a través da DXRREE e UE e as municipalidades de Champerico e Retalhuelu. A nivel de sociedade civil participan Arquitectos Sen Fronteiras (ASF), ACSUR Las Segovias, Educación Sen Fronteiras (ESF), Farmamundi, Solidariedade Internacional (SE), Fundación Iniciativa Civil para a Democracia (INCIDE), Asociación Maia

Oxib´Noj (AMON), Auga e Pobo, Asociación Indíxena Agropecuaria Pro Desenvolvemento Integral (ASIAPRODI), Asociación de Servizos Comunitarios de Saúde (ASECSA), Proxecto de Desenvolvemento Santiago (PRODESSA), Asociación Colectivo Poder e Desenvolvemento Local (CPDL), Asociación para a Promoción e o Desenvolvemento da Comunidade (CEIVA) e mais o Consello Micro-Rexional.

Os logros do programa radican en dous eidos: en primeiro lugar, a elevada pertinencia do programa na comunidade que se reflicte no alto grao de implicación e satisfacción entre a poboación beneficiaria; en segundo lugar, a xeración de importantes avances en aspectos esenciais, como a coordinación, a xeración de sinerxías e aprendizaxes compartidas entre as entidades executoras. Ademais, contribuíuse a crear tecido económico e o emprendemento socio comunitario. Destacan, así mesmo, os logros obtidos na mellora da calidade educativa e da cobertura e calidade sanitaria, a diminución do risco de contaminación ambiental, e mais a mellora técnica das capacidades institucionais municipais e das organizacións sociais.

Malia as diferenzas concretas entre as IDI, ambas as dúas comparten unha mesma concepción do desenvolvemento, un marco teórico e unha metodoloxía comúns. A pesar das dificultades operativas e de xestión xurdidas durante a execución das IDI, resulta posible salientar unha serie de aprendizaxes relevantes:

a) A necesidade de definir un modelo de orzamento e unha ferramenta de xestión adaptada a natureza singular da IDI.

b) A importancia de desenvolver un proceso de identificación e diagnóstico participativo baseado na aplicación rigorosa do enfoque de marco lóxico con obxectivos e resultados claros e viables, indicadores de resultados e obxectivos que aporten datos medibles tanto en calidade como en cantidade e hipóteses.

c) A relevancia de seleccionar entidades executoras cunha visión compartida de desenvolvemento integral co fin de asegurar a coherencia metodolóxica e a visión integral de todos os compoñentes.

d) A importancia de definir claramente os compromisos por partes das institucións gobernamentais.

e) A relevancia de establecer unha estratexia de comunicación e visibilización clara e consensuada.

Xa que logo, as IDI por mor do seu carácter pioneiro e de experiencia piloto e malia as ineficiencias detectadas constitúen unha oportunidade singular de aprendizaxes tanto para o conxunto da cooperación galega como da cooperación descentralizada española. Estas aprendizaxes deberanse de desenvolver tanto a partir das súas fortalezas coma das súas debilidades. A natureza pioneira de ambas as dúas iniciativas radica na súa visión de desenvolvemento integral que combina esforzos técnicos e económicos focalizados nun ámbito xeográfico determinado a través da intervención en sectores con experiencia contrastada.

En conclusión, ambas as dúas experiencias representan senlleiros exemplos de alianzas territoriais de desenvolvemento endóxeno e local onde se impulsa a creación sinerxías entre diferentes actores que, de vez, xeran pactos e estratexias de xeito participativo co fin de liderar o seu propio desenvolvemento. Por outra banda, as IDI acadaron promover unha

implicación activa da poboación beneficiaria en canto garantía de éxito de calquera iniciativa de desenvolvemento de natureza análoga. Un dos piares das IDI consistiu na promoción e creación de espazos que actúan como matrices de sinerxías de colaboración entre a sociedade civil e as institucións locais. Estas sinerxías permitiron un maior aproveitamento dos recursos, unha concentración nos problemas reais da cidadanía e a súa maior participación e implicación. Xa que logo, podemos sintetizar os logros das IDI nos seguintes aspectos:

a) O empoderamento da cidadanía e do tecido asociativo que xerou emprendemento a través de desenvolvemento económico local e dunha maior capacitación das persoas beneficiarias

b) O fortalecemento da capacidades técnicas e de xestión da administración local que, xunto co seu compromiso por manter a medio prazo o investimento nas iniciativas, xerou un clima de cohesión e traballo en conxunto que favorece o fin último da mellora da calidade de vida da poboación destinataria.

## *8.4. As vantaxes comparativas da cooperación galega.*

Dentro dos principios e criterios da axenda da eficacia da axuda emanados da *Declaración de París sobre a Eficacia da Axuda* (2005) e da *Axenda de Acción de Accra* (2008) estableceuse a necesidade de avanzar na harmonización de doadores co fin de superar os problemas de fragmentación e proliferación derivados da falta de coordinación e complementariedade entre os actores financiadores da axuda e que orixinan ineficiencias na distribución da mesma e a xeración de países e sectores favoritos e orfos da axuda así como un incremento dos custes de transacción que deben afrontar os socios de desenvolvemento.

Xa que logo, a determinación das vantaxes comparativas dos actores de cooperación nace da necesidade de fomentar unha especialización dos mesmos, tomándose estas vantaxes como punto de partida para unha racionalización dos esforzos e a xeración de procesos de coordinación e división de traballo que faciliten a complementariedade entre a pluralidade de actores. Non obstante, consonte ao principio de asociación, todo proceso de definición de vantaxes comparativas debe integrar necesariamente a opinión dos socios de desenvolvemento, de xeito que o proceso de determinación das vantaxes integrar unha dimensión de autorreflexión do doador e mais o diálogo activo cos socios co fin de acadar unha imaxe adecuada e cabal das mesmas.

No caso da cooperación galega, nos cuestionarios realizados ao abeiro desta avaliación intermedia, integráronse preguntas relativas ás vantaxes comparativas xenéricas e sectoriais da cooperación galega. Consonte ás respostas recibidas, podemos definir provisionalmente como vantaxes comparativas da cooperación galega as seguintes: en primeiro e segundo lugar, e coa mesma valoración por parte do 37,5% dos actores, sitúase o mellor desempeño relativo con respecto a outros actores españois así como o aliñamento e respecto das políticas e plans de desenvolvemento do país socio. A experiencia e especialización técnica da cooperación galega constitúe terceira vantaxe segundo afirma o 35,7% das persoas enquisadas. En cuarto lugar estaría a presenza no terreo- cunha porcentaxe do 33,3%- e, por último, a experiencia no país, sector e contexto do que se trate segundo un 29,4%.

Co fin de contrastar estes datos, nos cuestionarios remitidos aos parceiros de desenvolvemento, incluíuse a mesma cuestión, cos seguintes resultados: en primeiro lugar, un 83,3% das persoas enquisadas cre que a primeira vantaxe comparativa vén sendo a participación das entidades socias e/ou persoas beneficiarias nos proxectos/ intervencións; en segundo lugar, e coa mesma porcentaxe sinalouse a presenza en terreo. En terceiro lugar, un 83,3% salientou as boas relacións de traballo coas entidades socias de desenvolvemento. En cuarto, quinto e sexto lugar atópanse coa mesma valoración do 50%- ás seguintes: a confianza das entidades socias de desenvolvemento no país, o compromiso co liderado e a apropiación do país socio e, finalmente, o aliñamento coas políticas e plans de desenvolvemento do país socio.

En relación á especialización sectorial, os actores galegos de desenvolvemento enquisados sinalaron á pesca e acuicultura, ao desenvolvemento rural, á educación, á agricultura e ao abastecemento de auga e saneamento coma os sectores onde se detectaron potencialidades percibidas de especialización sectorial da cooperación galega. Esta percepción, coincide, logo, cos datos de distribución sectorial da cooperación galega no bienio 2010-2011.

# 9. Estado de progreso do marco de resultados do II Plan Director da Cooperación Galega

***Progreso no cumprimento dos indicadores:***

| |
|---|
| **Indicador acadado** |
| **Indicador superado** |
| **Indicador en progreso de ser acadado** |
| **Indicador cun progreso insuficiente ou pendente** |
| **Indicador fóra do ámbito temporal da avaliación intermedia** |

**Ámbitos de actuación:**
**Ámbito 1: Contribución á redución da pobreza colaborando na consecución dos ODM e promovendo o desenvolvemento nos países do Sur**

| Obxectivos xerais | Obxectivos específicos | Indicadores | Seguimento 2010-2011 |
|---|---|---|---|
| O.X. 1 Contribuír á loita contra a pobreza colaborando na consecución dos ODM | O.E. 1.1 Priorizar as actividades destinadas á satisfacción de necesidades sociais básicas | I.1.1.1 Como mínimo, un 30% da axuda desembolsada no exterior destinouse á satisfacción das necesidades sociais básicas | Durante o período 2010- 2011 destináronse 12.789.327€ en total de axuda no exterior, dos cales 5.165.135€ se destinaron á satisfacción de necesidades sociais básicas, o que representa un 40% respecto á axuda desembolsada no exterior. |
| | O.E. 1.2 Asegurar que unha parte da axuda se destina a países menos adiantados | I.1.2.1. Como mínimo, un 25% da axuda desembolsada no exterior destinouse a PMA (países menos adiantados) | O total da axuda destinada ao exterior da Xunta ascende a 12.789.327€ dos cales 2.241.054€ foron destinados a PMA (Guinea Bissau, Mauritania, Mozambique, Haití, Chad, Congo R.D., Kenia, Angola e Uganda) o que representa un 18% |
| | O.E. 1.3 Priorizar as accións dirixidas aos grupos especialmente vulnerables | I. 1.3.1 Favorecéronse estes grupos mediante a inclusión nas convocatorias de criterios específicos de valoración | As convocatorias de proxectos no exterior e acción humanitaria incluíron criterios específicos de valoración. |
| O.X. 2 Potenciar o desenvolvemento económico de base local e ambientalmente sustentable | O.E. 2.1 Fortalecer as capacidades institucionais en xestión ambiental e os procesos de participación social para reducir a vulnerabilidade ante a deterioración ambiental do hábitat como consecuencia da acción do ser humano, do cambio climático ou outras causas | I.2.1.1 As propostas financiadas incluíron un apartado para unha previsión do impacto que a acción terá en relación coa sustentabilidade ambiental e coas políticas públicas do país socio que as promova | Incluíuse un apartado nas convocatorias de proxectos no exterior relativo á sustentabilidade ambiental e ao seu aliñamento coas políticas públicas do país socio. |
| | O.E. 2.2 Fortalecer un tecido produtivo diversificado con especial atención tanto aos sectores en que Galicia achega un recoñecido valor agregado como ás formas de organización baseadas no cooperativismo | I.2.2.1 Como mínimo, un 25% da axuda desembolsada dedicada ao sector de actuación *infraestrutura e promoción do tecido económico* destinouse a proxectos de economía social e cooperativa | A axuda desembolsada no exterior dedicada ao sector *Infraestrutura e promoción do tecido económico* acada 4.487.165€, dos que 1.232.837€ son para proxectos de economía social e cooperativa, o que supón un 27% |
| | O.E. 2.3 Fomentar os proxectos en que se considere o desenvolvemento rural, pesqueiro e acuícola de base social e ambientalmente sustentable | I.2.3.1 Como mínimo, un 40% da axuda desembolsada dedicada ao sector de actuación *infraestrutura e promoción do tecido económico* dedicouse aos sectores pesqueiro ou acuícola e agrícola | A axuda ao exterior dedicada ao sector *Infraestrutura e promoción do tecido económico* acada 4.487.165€, dos que 2.814.472€ son para proxectos do subsector acuícola, pesqueiro ou agrícola, o que supón un 63%. |
| O.X. 3 Promover a gobernanza democrática e o fortalecemento da participación da sociedade civil | O.E. 3.1 Potenciar desenvolvemento institucional e o bo goberno nos ámbitos locais e rexionais | I.3.1.1 Como mínimo, o 10% da axuda canalizada mediante convenios destinouse a actividades encadradas en acordos con institucións locais e rexionais dos países socios | O total de axuda canalizada a través de convenios para actuacións no exterior é de 5.264.614€; deles 877.214€ proveñen de convenios asinados con entidades e institucións dos países socios, o que representa o 17% da axuda canalizada por convenios no exterior. |
| | O.E. 3.2 Promover o respecto aos dereitos humanos fortalecendo o tecido social nos países en desenvolvemento | I.3.2.1 Entre os criterios de valoración das propostas incorporouse un referido a como contribúe a intervención á defensa dos dereitos humanos | Engadiuse un apartado específico nos formularios das convocatorias para a valoración das prioridades transversais. |
| | | I.3.2.2 Promovéronse as accións de capacitación dos axentes da cooperación dirixidas ao coñecemento do enfoque baseado en dereitos humanos para a cooperación ao desenvolvemento | Desde a Xunta de Galicia non se organizou ningunha acción de capacitación neste eido xa que, consonte ao principio de subsidiariedade, a *Coordinadora Galega de ONGD* en colaboración coa *Red en Derechos* celebrou un curso sobre "O enfoque baseado nos dereitos humanos na cooperación internacional ao desenvolvemento. Este curso celebrouse en Santiago de Compostela en setembro de 2011, cunha duración de 12 horas, e coa asistencia de 23 persoas entre persoal técnico e voluntario das ONGD galegas. |

| Obxectivos xerais | Obxectivos específicos | Indicadores | Seguimento 2010-2011 |
|---|---|---|---|
| O.X. 4 Mellorar a cohesión social, contribuíndo a unha redución das desigualdades e a un incremento da equidade de xénero | O.E. 4.1 Promover o empoderamento das mulleres e incorporar o enfoque de *xénero no desenvolvemento* a todas as propostas de actuación | I.4.1.1 Foi obrigatoria a incorporación do enfoque de xénero no desenvolvemento en todas as propostas e valorouse a calidade e profundidade deste | Engadiuse un apartado específico nos formularios das convocatorias para a valoración das prioridades transversais. |
| | O.E. 4.2 Apoiar as políticas públicas que favorezan igualdade e a mobilidade social | I.4.2.1 As propostas financiadas incluíron un apartado para unha previsión do impacto que a acción terá en relación coa igualdade e coas políticas públicas do país socio que as promova | Engadiuse un apartado específico nos formularios das convocatorias para a valoración das prioridades transversais. |
| | O.E. 4.3 Defender a interculturalidade | I.4.3.1 Foi obrigatoria a incorporación do enfoque intercultural en todas as propostas e valorouse a calidade e profundidade deste | Engadiuse un apartado específico nas convocatorias para a valoración das prioridades transversais. |
| | | I.4.3.2 Como mínimo, o 15% da axuda desembolsada no exterior destinouse a comunidades beneficiarias con alta presenza de poboación indíxena, afrodescendente, ou de calquera outra minoría étnica ou cultural | A axuda a proxectos desenvolvidos en comunidades cunha alta presenza de poboación indíxena, acadou os 3.758.976€ o que supón o 29% da axuda desembolsada no exterior (12.789.327€). |
| O.X. 5 Realizar unha acción humanitaria integral de calidade | O.E. 5.1 Contribuír á redución de riscos fortalecendo a capacidade local para diminuír a vulnerabilidade de poboacións ante posibles catástrofes | I.5.1.1 Como mínimo, un 25% do total da axuda desembolsada dedicada a acción humanitaria destinouse á redución de riscos ante posibles catástrofes | O total de axuda desembolsada para o desenvolvemento de actuacións de acción humanitaria durante o 2010-2011 é de 836.707€, dos que 95.464 € foron destinados á prevención de riscos de desastres, o que representa un 11% |
| | O.E. 5.2 Mellorar a axilidade e eficacia da resposta humanitaria galega nas fases de emerxencia e reconstrución | I.5.2.1 Os fondos dedicados a emerxencia e reconstrución focalizáronse de forma efectiva nas actividades que son consideradas dentro deste ámbito, de acordo co exposto no II Plan director e en consonancia co acordo internacional en materia de acción humanitaria | Os fondos dedicados a emerxencia e reconstrución focalizáronse de forma efectiva nas actividades coidadas dentro deste eido de acordo co exposto no II Plan Director e en consonancia co acordo internacional en materia de acción humanitaria de xeito que se aliñaron as iniciativas financiadas neste eido coa iniciativa de Boa Doazón Humanitaria, tanto nos convenios coma nas convocatorias públicas de axudas, así como cos principios da acción humanitaria. |

**Ámbitos de actuación**
**Ámbito 2: Mellora da calidade da axuda incorporando de forma máis efectiva os principios da Axenda de París**

| Obxectivos xerais | Obxectivos específicos | Indicadores | Seguimento 2010-2011 |
|---|---|---|---|
| O.X. 6 Lograr unha maior previsibilidade a medio prazo dos recursos e marcos de actuación | O.E. 6.1 Seguir unha programación que permita asegurar ao finalizar o período de vixencia do II Plan director cun incremento dos recursos de entre un 50% e un 100% con respecto aos recursos dedicados en 2009 | I.6.1.1 Logrouse manter unha tendencia ascendente no volume anual de axuda desembolsada, acadándose en 2013 un desembolso anual de entre 17,5 millóns e 23,2 millóns de euros | No bienio 2010-2011 a Xunta de Galicia desembolsou Axuda Oficial ao Desenvolvemento por un importe total de 17.756.330€. No 2010 executouse un orzamento total de 10.748.153€ e no 2011 un total de 7.008.233€.<br>O 93% (16.455.049€) foi achegado pola *Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE* da *Consellería de Presidencia* e o 7% restante (1.311.281€) por outros departamentos e unidades da Xunta de Galicia. |
| | O.E. 6.2 Incrementar os fondos dirixidos a accións con marcos de planificación plurianuais | I.6.2.1 Como mínimo, un 20% da axuda desembolsada canalizouse mediante subvencións a programas de cooperación, incluíndo no cómputo de axuda desembolsada todo o canalizado mediante convocatorias, convenios, Acción Humanitaria e capítulo VI | O total da axuda desembolsada mediante convocatorias, convenios, Acción Humanitaria e Capítulo VI ascende a 16.187.821€, dos cales se dirixen a accións con marcos de planificación plurianuais (programas, IDI e PROFOPAC) ) 5.019.427 € o que representa o 31% da axuda desembolsada. |
| | | I.6.2.2 Incrementouse como mínimo nun 25% o desembolso medio por proxecto respecto ao período 2006-2009, considerando de forma agregada todos os proxectos subvencionados mediante convocatorias a todos os axentes | No período de vixencia do I Plan Director comprometeuse financiamento a 300 proxectos a través de convocatorias por un total de 23.353.373€ resultando unha dotación media por proxecto de 77.845€.<br>No período 2010-2011 resolvéronse convocatorias en favor de 93 proxectos por un total de 8.105.032€ resultando unha dotación media por proxecto de 87.151€, o que supón un incremento do 12% respecto á media do período 2006-2009. |
| O.X. 7 Manter un adecuado grao de concentración dos fondos | O.E. 7.1 Limitar o número de países prioritarios e concentrar neles como mínimo o 80% dos recursos | I.7.1.1 Como mínimo, un 80% da axuda desembolsada no exterior destinouse a actividades nos países prioritarios definidos polo II Plan | O orzamento destinado a países prioritarios do II Plan Director é de 10.806.121€ que representa o 84% da axuda desembolsada no exterior |
| | | I.7.1.2 Todos os programas de cooperación que recibiron subvencións leváronse a cabo en países prioritarios ou países menos adiantados, e en todos os casos as actividades estiveron centradas nos sectores prioritarios que define o II Plan director | Durante o período 2010-2011 non se realizou a convocatoria de programas no exterior. Entre 2010 e 2011 executáronse as anualidades da convocatoria de programas de 2009 e 2010 e que corresponden a países prioritarios do I Plan Director ou PMA. |
| | O.E. 7.2 Lograr un nivel de concentración dos recursos nos diferentes sectores de acordo co establecido nas prioridades sectoriais | I. 7.2.1 Non existiu unha desviación relevante na distribución sectorial da axuda desembolsada con respecto á orientación proposta no II Plan Director, nin en canto á ordenación dos sectores por orde de prioridade nin en canto ao volume relativo de fondos que se destinou a cada un deles | Vid. Cadros 20 e 21 (páx.116 deste documento) |
| O.X. 8 Mellorar a planificación e a xestión das intervencións | O.E. 8.1 Avanzar na priorización de rexións xeográficas e sectores de actuación dentro de cada país | I.8.1.1 Como mínimo, en catro dos países prioritarios realizouse un diagnóstico para priorizar rexións xeográficas e sectores de actuación | Dentro do principio de coordinación, complementariedade e subsidiariedade, a *Subdirección Xeral de Cooperación Exterior* ten subordinado este indicador ao desenvolvemento do proceso de elaboración dos *Marcos de Asociación País (MAP)* da Cooperación Española. Dos MAP actualmente vixentes, a cooperación galega ten contribuído no proceso de diagnóstico aos de Bolivia, O Salvador e Ecuador. Por outra banda, ten achegado información aos actualmente en proceso de elaboración en Cabo Verde, Perú, Guatemala e Mozambique. |
| | O.E. 8.2 Mellorar a capacidade da Subdirección Xeral de Cooperación Exterior para liderar de forma efectiva unha acción humanitaria galega de calidade | I. 8.2.1 Toda a axuda desembolsada dedicada a acción humanitaria foi canalizada a través da Subdirección Xeral de Cooperación Exterior | Trala extinción da *Fundación Axencia Humanitaria de Galicia* en decembro de 2010, toda a axuda humanitaria está a ser canalizada a través da *Subdirección Xeral de Cooperación Exterior* |
| | | I.8.2.2 Incrementáronse os recursos humanos e técnicos no eido da acción humanitaria durante o período 2010-2013 | No bienio 2010-2011 mantivéronse os recursos humanos técnicos especializados en acción humanitaria. A partir de 2011 este persoal técnico integrouse na *Subdirección Xeral de Cooperación Exterior* como consecuencia da extinción da Fundación *Axencia Humanitaria de Galicia*. |
| | | I.8.2.3 Como mínimo, o 30% da axuda desembolsada dedicada a acción humanitaria canalizouse por medio de convocatoria pública | O 60% da axuda desembolsada dedicada a acción humanitaria canalizouse a través de convocatoria pública. |
| | O.E. 8.3 Mellorar a funcionalidade dos instrumentos de canalización da axuda e a súa adecuación aos tipos de actuación a que van destinados | I.8.3.1 Como máximo, o 25% da axuda desembolsada no exterior canalizouse a través de convenios, incluíndo no cómputo de axuda desembolsada todo o canalizado mediante convocatorias, convenios, acción humanitaria e capítulo VI, e a utilización deste instrumento axustouse ao establecido. | A *Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE* desembolsou un total de 12.855.832€ no exterior, dos cales 3.466.930€ foron desembolsados a través de convenios, un 27% do total.<br>Esta porcentaxe redúcese ao 25% (2.443.159€) se se toman en consideración exclusivamente os recursos desembolsados (9.597.615€) a través das convocatorias resoltas e convenios formalizados no bienio 2010-2011 |

| Obxectivos xerais | Obxectivos específicos | Indicadores | Seguimento 2010-2011 |
|---|---|---|---|
| | | I.8.3.2 As axudas para microproxectos foron destinadas a ONG novas que tiñan como máximo cinco anos de existencia | Das 5 entidades que recibiron subvención en 2010, só Cuco Galicia cumpre este requisito. Estre todas as organizacións solicitantes soamente dúas máis o cumprían. A convocatoria para microproxectos no ano 2011 quedou deserta ao non cumprir ningunha das propostas presentadas os requisitos mínimos para a súa aprobación. |
| | | I.8.3.3 Adaptáronse os formularios das convocatorias aos diferentes axentes da cooperación | No período 2010-2011 e mais no ano 2012 modificáronse os formularios das convocatorias para adaptalos aos diferentes axentes da cooperación galega. |
| | | I.8.3.4 Estableceuse unha convocatoria específica para *educación para o desenvolvemento* e elaboráronse formularios de solicitude adaptados a cada un dos seus catro ámbitos | No ano 2010 estableceuse unha convocatoria específica de educación para o desenvolvemento e o formulario adaptouse a cada un dos seus eidos, coa excepción de investigación para o desenvolvemento. |
| | | I.8.3.5 Estableceuse un sistema de avaliación por pares para valorar as propostas de programas de cooperación | No bienio 2010-2011 non se realizou a convocatoria de programas de cooperación. De todos os xeitos, no ano 2010 realizouse unha avaliación por pares das convocatorias de axudas. A avaliación posterior do proceso determinou a necesidade de prescindir do devandito mecanismo na convocatoria do 2011 por mor das discordancias detectadas na valoración dos proxectos e dos retrasos xerados na resolución das convocatorias. |
| | | I.8.3.6 Logrouse unha especialización dos actores da cooperación naqueles sectores en que a súa achega ofrece a contribución máis eficaz aos fins da cooperación, dentro do ámbito da axuda canalizada mediante convocatoria, utilizando para iso o deseño da ditas convocatorias | As convocatorias de axudas definen con precisión a achega específica de cada un dos actores de cooperación naqueles sectores onde a súa actuación ofrece a achega máis eficaz aos fins da cooperación. |
| | | I.8.3.7 As convocatorias de axuda non estableceron un importe máximo subvencionable en concepto de recursos humanos para as propostas centradas na capacitación e a transmisión de coñecemento, senón que se valorou en cada caso a pertinencia orzamentaria neste ámbito | Na convocatoria de 2012 estableceuse a posibilidade de destinar o 70% do total do custe da intervención a recursos humanos en todas e cada unha das convocatorias de axudas. |
| | O.E. 8.4 Fortalecer a capacidade da Xunta para exercer un papel de liderado e dinamización na articulación dunha cooperación galega de calidade | I.8.4.1 Creouse a Axencia Galega de Cooperación | Consonte aos criterios de viabilidade, pertinencia e oportunidade o proceso de creación da *Axencia Galega de Cooperación* ficou suspenso por mor da actual dispoñibilidade orzamentaria. A *Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE* encargou no 2011 un informe específico sobre a viabilidade, e modelo organizativo e funcional da Axencia. |
| | | I.8.4.2 Mellorouse a coordinación entre os diferentes departamentos da Xunta en materia de cooperación, especialmente coas consellerías do Mar, Educación e Ordenación Universitaria, Sanidade, e Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas | Durante o bienio 2010-2011 mellorouse a coordinación coas Consellerías con actuacións de cooperación exterior, tanto a través das xuntanzas do CINCODE como da formulación conxunta e seguimento de intervencións no exterior e de actuacións de sensibilización. |
| | | I.8.4.3 Mellorouse a coordinación entre a Xunta e as Entidades da Administración Local de Galicia en materia de cooperación | O actual espazo de coordinación do CINTERCODE amosa limitacións para promover unha efectiva coordinación coas entidades da administración local. |
| | | I.8.4.4 Reforzáronse as capacidades técnicas e de xestión da Xunta, incorporando persoal experto como mínimo nas áreas de xénero e avaliación | Non se incorporou persoal experto nas devanditas áreas. |
| O.X. 9 Incrementar o grao de transparencia e de rendición de contas da Cooperación Galega | O.E. 9.1 Facilitar o acceso público a toda a información sobre as actividades de cooperación | I.9.1.1 Os informes anuais da Cooperación Galega elaborados pola Xunta melloraron a súa calidade e ofrecen unha información completa das actividades | O informe do ano 2011 modificou a súa estrutura e contidos con respecto ao do ano 2010 para mellorar a presentación da información e a súa calidade. |
| | | I.9.1.2 Os datos estatísticos referentes á cooperación galega están presentes na información pública do Instituto Galego de Estatística | Iniciouse o proceso para a devandita incorporación. |
| | | I.9.1.3 A páxina web da Cooperación Galega mellorou a súa funcionalidade, incorporando máis información respecto a todas as actividades de cooperación, así como documentos de avaliación, estratéxicos e de debate no seo do Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento | A páxina web actualizou a súa información de xeito regular incorporando os documentos de avaliación, estratéxicos e de debate no seo do CONGACODE. |
| | | I.9.1.4 Fíxose pública a información referente a todos os convenios de cooperación asinados pola Xunta, así como a contía destes | A información relativa aos convenios atópase dispoñible na web da Cooperación Galega. |

| Obxectivos xerais | Obxectivos específicos | Indicadores | Seguimento 2010-2011 |
|---|---|---|---|
| | | I.9.1.5 O Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento revisouse para garantir que contén información actualizada de todos os axentes de cooperación inscritos | En maio de 2011 publicouse un decreto de reforma do decreto 326/2004 que regula, entre outros, o *Rexistro Galego de Axentes de Cooperación ao Desenvolvemento*. A través desta reforma reduciuse o número de seccións e actualizouse a información dispoñible. |
| | | I.9.1.6 Todas as consellerías informan de forma ordinaria á Subdirección Xeral de Cooperación Exterior das actividades que levan a cabo en materia de cooperación | As Consellerías da Xunta de Galicia coa accións de cooperación internacional informan regularmente á *Subdirección Xeral de Cooperación Exterior* sobre as súas actividades. |
| | O.E. 9.2 Mellorar a actividade avaliadora | I.9.2.1 Elaborouse un Plan de Avaliación que permite planificar a actividade avaliadora, dotándoa de continuidade e previsibilidade | Durante o bienio 2010-2011 desenvolvéronse un total de 7 avaliacións consonte ao *Plan Anual de Avaliación* integrado no *Plan Anual da Cooperación Galega* que se aproba no CONGACODE. |
| | | I.9.2.2 Realizouse polo menos unha avaliación externa, profesional e pública da cooperación anual que se realiza en, polo menos, cinco dos países prioritarios | Desenvolveuse unha avaliación externa e profesional de intervencións de cooperación en República Dominicana e Guatemala así como das intervencións de Pesca en Centroamérica (Honduras-Nicaragua, O Salvador e outros países de Centroamérica participantes no PROFOPAC - Costa Rica, Belice, Panamá.) |
| | | I.9.2.3 A Subdirección Xeral de Cooperación Exterior realizou un informe de seguimento de medio termo sobre a aplicación do II Plan director, que foi presentado ao Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento | O informe de seguimento de termo medio presentarase ao CONGACODE no derradeiro trimestre do 2012. |
| | | I.9.2.4 Realizouse unha avaliación externa e independente do cumprimento do II Plan director durante o último semestre de 2013, cuxos resultados son públicos | Fóra do ámbito temporal desta avaliación intermedia. |
| O.X. 10 Mellorar os niveis de coordinación coa cooperación española e co resto das cooperacións autonómicas e iniciar unha gradual presenza da Cooperación Galega na acción multilateral | O.E. 10.1 Aproveitar as oportunidades que ofrece a Conferencia Sectorial de Cooperación para o Desenvolvemento para lograr maior aliñamento e coordinación | I.10.1.1 A Xunta asumiu un papel activo nas reunións da Conferencia Sectorial de Cooperación para o Desenvolvemento dando a coñecer a súa política de cooperación | A Xunta de Galicia participou nas xuntanzas da *Conferencia Sectorial de Cooperación para o Desenvolvemento* convocadas no ano 2010. No ano 2011 non se celebrou ningunha xuntanza. |
| | O.E. 10.2 Promover iniciativas de coordinación con outros sistemas de cooperación, con especial referencia ás cooperacións autonómicas | I.10.2.1 A Xunta realizou actividades de cooperación en coordinación coa cooperación española ou con outras cooperacións autonómicas | As actividades de cooperación con outras Comunidades Autónomas centráronse na organización conxunta dos Encontros de Comunidades Autónomas e Cooperación dos anos 2010-2011. |
| | O.E. 10.3 Promover de forma gradual a presenza da Cooperación Galega na acción multilateral | I.10.3.1 Establecéronse acordos de actuación nalgún dos países prioritarios con algún organismo multilateral | Os acordos de colaboración coa FAO centráronse en Angola e Nicaragua e mais coa UNIFEM en Ecuador para a realización de estadías de formación dos bolseiros/as beneficiarios da convocatoria de Bolsas de Formación de Expertos. Xuntamente con estes acordos, asináronse convenios coa OEI para unha actuación de cooperación educativa en Arxentina, con ACNUR para cadansúa intervención de acción humanitaria en Chad e Uganda, e mais coa UNRWA para acción humanitaria en Palestina. |

**Cadro 20**: Distribución sectorial da AOD da Xunta de Galicia, 2010-2011

| | Sector | Total | % sobre a AOD desembolsada 2010-2011 | % Obxectivo II Plan Director | % obxectivo | Estado |
|---|---|---|---|---|---|---|
| A | Cobertura de necesidades sociais básicas | 5.165.135€ | 31% | 30% | +1% | Superado |
| B | Infraestrutura e promoción do tecido económico | 4.487.165€ | 27% | 25% | +2% | Superado |
| C | Participación social, desenvolvemento institucional, bo goberno e construción da paz | 643.651€ | 45% | 14% | -10% | Progreso insuficiente |
| D | Acción humanitaria | 761.500€ | 5% | 8% | -3% | En progreso |
| E | Educación para o desenvolvemento | 1.094.404€ | 7% | 8% | -1% | En progreso |
| F | Investimento no ser humano | 1.440.074€ | 9% | 6% | +3% | Superado |
| G | Xestión ambiental sustentable e hábitat | 291.038€ | 2% | 4% | -2% | En progreso |
| H | Consolidación e fortalecemento de axentes | 568.641€ | 4% | 4% | 0% | Acadado |
| I | Sectores CAD non adscritos aos sectores anteriores | 1.751.145€ | 11% | 1% | +10% | Superado |
| | TOTAL | 16.202.753€ | 100% | 100% | | |

**Cadro 21**: Distribución sectorial da AOD da DXRREE e UE, só convocatorias e convenios 2010-2011

| | Sector | Total | % sobre a AOD desembolsada 2010-2011 | % Obxectivo II Plan Director | % obxectivo | Estado |
|---|---|---|---|---|---|---|
| A | Cobertura de necesidades sociais básicas | 2.680.107€ | 29% | 30% | -1% | En progreso |
| B | Infraestrutura e promoción do tecido económico | 2.460.056€ | 27% | 25% | +2% | Superado |
| C | Participación social, desenvolvemento institucional, bo goberno e construción da paz | 473.001€ | 5% | 14% | -9% | Progreso insuficiente |
| D | Acción humanitaria | 761.464€ | 8% | 8% | 0% | Acadado |
| E | Educación para o desenvolvemento | 936.591€ | 10% | 8% | +2% | Superado |
| F | Investimento no ser humano | 707.421€ | 8% | 6% | +2% | Superado |
| G | Xestión ambiental sustentable e hábitat | 237.445€ | 3% | 4% | -1% | En progreso |
| H | Consolidación e fortalecemento de axentes | 471.929€ | 5% | 4% | +1% | Superado |
| I | Sectores CAD non adscritos aos sectores anteriores | 414.320€ | 5% | 1% | +4% | Superado |
| | TOTAL | 9.142.334€ | 100% | 100% | | |

**Ámbitos de actuación**
**Ámbito 3: Promoción na sociedade galega da conciencia solidaria respecto á realidade do Sur e da súa participación efectiva na promoción do desenvolvemento**

| Obxectivos xerais | Obxectivos específicos | Indicadores | Seguimento 2010-2011 |
|---|---|---|---|
| O.X. 11 Mellorar a capacidade técnica e organizativa do tecido galego de cooperación para realizar unha contribución efectiva á cooperación para o desenvolvemento | O.E. 11.1 Fortalecer os axentes da Cooperación Galega para mellorar a súa capacidade de contribuír eficazmente ao esforzo galego en materia de cooperación | I.11.1.1 Realizouse unha avaliación da convocatoria de fortalecemento que mostrou a consolidación institucional das ONGD | Realizouse a devandita avaliación no ano 2011 reflectíndose as súas recomendacións na modificación da convocatoria de fortalecemento do ano 2012. |
| | | I.11.1.2 Promovéronse cursos de capacitación en cooperación para todos os actores dos ámbitos do desenvolvemento e a Cooperación Galega | A *Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE* promoveu cursos de capacitación para todos os actores. Estes cursos foron organizados directamente pola DXRREE e UE (Plan de Formación en Acción Humanitaria e cursos de formación para empregados públicos e persoal de centros galegos na Arxentina) ou ben financiáronse estes cursos tanto a través de convenios coas Universidades (Máster da USC e Curso de Formación de Posgrao da UDC), coa Coordinadora Galega de ONGD e co FOGACOSOL, como a través das convocatorias de Educación para o Desenvolvemento e Fortalecemento e Consolidación de ONGD. |
| | | I.11.1.3 Adecuáronse os máximos subvencionables para os proxectos de fortalecemento e consolidación, permitindo financiar accións de maior envergadura | No ano 2010 aumentáronse os máximos subvencionables que se mantiveron na convocatoria do ano 2011. |
| | O.E. 11.2 Incrementar a coordinación entre os actores da Cooperación Galega | I.11.2.1 Estableceuse un calendario de reunións para o Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento e creáronse grupos de traballo temáticos para facer o consello máis operativo e funcional | O CONGACODE reuniuse en dúas ocasións tanto en 2010 e 2011. Ademais aprobouse o seu Regulamento de Funcionamento e a constitución da súa Comisión Permanente. |
| | | I.11.2.2 Fortaleceuse a Coordinadora Galega de ONGD mediante a dotación de convenios | En 2010 e 2011 formalizáronse cadanseus convenios anuais para a execución do Plan Estratéxico da Coordinadora Galega de ONGD. |
| | | I.11.2.3 Fortaleceuse o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade mediante a dotación de convenios | Formalizáronse cadanseus convenios anuais en 2010-2011 para a realización de actividades de sensibilización e difusión da cooperación local galega ao desenvolvemento. |
| | | I.11.2.4 Como mínimo, un 6% da AOD desembolsada canalizouse a través de propostas conxuntas subvencionadas aos axentes de cooperación, que cumpren co espírito da complementariedade de actores que se expresa no II Plan director | Durante o bienio 2010-2011 financiáronse 20 proxectos en agrupación de entidades cun desembolso total de 2.368.445, o que representa un 24% do total distribuído a través de convocatorias. |
| | | I.11.2.5 As comunidades galegas no exterior, representadas polo Consello de Comunidades Galegas, recibiron capacitación nos ámbitos do desenvolvemento e a cooperación, participando como axentes activos nos seus respectivos países, de forma coordinada con a Xunta, en actividades de cooperación non exclusivamente asistenciais | No mes de outubro de 2010 celebrouse unha formación en Bos Aires baixo o título de "A cooperación galega. Metodoloxías de traballo" para o persoal dos centros galegos na Arxentina. Como resultado desta capacitación, no ano 2012 financiouse unha intervención de cooperación no exterior executada pola *Sociedad Parroquial de Vedra de Mutualidad y Cultura* a través da convocatoria de proxectos no exterior para outros axentes. |
| O.X. 12 Realizar unha política activa e integral de educación para o desenvolvemento da sociedade galega | O.E. 12.1 Estender a educación para o desenvolvemento aos diferentes ámbitos da sociedade fomentando a coordinación entre os actores implicados | I.12.1.1 Realizouse unha avaliación das actividades de educación para o desenvolvemento que observa unha mellora na adecuación de materiais e metodoloxías aos contidos transmitidos e aos colectivos destinatarios | Pendente para o bienio 2012-2013 |
| | | I.12.1.2 Polo menos un 30% dos fondos para actividades de formación destinàronse a accións focalizadas fóra do ámbito da educación formal | Un 80% dos fondos para actividades de formación dentro dos proxectos de educación para o desenvolvemento e fortalecemento e consolidación de ONGD financiaron accións focalizadas fóra do ámbito da educación formal. Por outra banda, un 78% dos fondos para actividades de formación xestionados pola Xunta de Galicia (formación acción humanitaria, bolsas de formación de expertos e convenios con universidades para máster e cursos de especialización) focalizáronse fóra do ámbito da educación formal, cun total de 480.178€. |
| | | I.12.1.3 Fomentouse unha utilización equilibrada dos fondos destinados a educación para o desenvolvemento en cada unha das catro dimensións que a conforman | O 86% dos fondos destinados a educación para o desenvolvemento a través de convocatoria de axudas centrouse no eido da sensibilización, un 11% no eido da formación e un 3% no eido da |

| Obxectivos xerais | Obxectivos específicos | Indicadores | Seguimento 2010-2011 |
|---|---|---|---|
| | | | mobilización social. A investigación sobre desenvolvemento non recibiu ningún desembolso. |
| | | I.12.1.4 Adecuáronse os máximos subvencionables para as convocatorias de educación para o desenvolvemento permitindo financiar accións de maior envergadura | No bienio 2010-2011 a contía máxima subvencionable dentro da convocatoria de educación para o desenvolvemento ficou en 25.000€ para os proxectos individuais e 50.000€ para os proxectos en consorcio. No ano 2012 a contía máxima subvencionable para os proxectos en agrupación ficou en 35.000€. |
| | | I.12.1.5 Leváronse a cabo actividades de sensibilización coa participación coordinada de diferentes departamentos da Xunta de Galicia | Entre 2010 e 2011 leváronse a cabo 8 actividades de sensibilización coa participación coordinada de diferentes departamentos da Xunta de Galicia que incluíron a difusión da Campaña do Milenio "Sen Escusas 2015" das Nacións Unidas, a conmemoración do día do cooperante, conmemoración do Día das Nacións Unidas, conmemoración do Día dos Dereitos Humanos e os actos centrais da Campaña Mundial pola Educación en Galicia. |
| | O.E. 12.2 Fomentar o comercio xusto e o consumo responsable | I.12.2.1. Realizouse polo menos un programa de formación de axentes de consumo e funcionarios públicos sobre compra pública ética | Prevista a súa realización no bienio 2012-2013 |
| | | I.12.2.2. Incrementouse o número de departamentos e unidades da Xunta que cumpren os criterios de compra pública ética e consumo responsable | Resultado previsto como consecuencia da realización do programa de formación previsto no bienio 2012-2013. |
| | | I.12.2.3 Realizouse polo menos un programa de capacitación sobre comercio xusto e consumo responsable | Prevista a súa realización no bienio 2012-2013 |
| O.X. 13 Incrementar o apoio á investigación e formación no sector da cooperación | O.E. 13.1 Promover a transferencia de coñecemento cara aos países do Sur | I.13.1.1 Continuouse co apoio aos programas de formación superior en colaboración cos países do Sur | No ano 2010 remataron os convenios coa Universidade da Habana (Cuba) para o financiamento do doutoramento en economía coa colaboración da USC e mais coa OEI para o financiamento do plan de actuación do *Instituto para el Desarrollo e Investigación Educativa* en Arxentina. A través da convocatoria de proxectos no exterior para outros axentes do ano 2010, financiouse un proxecto conxunto da *UDC* e a *USC* coa *Universidad Nacional de Loja* (Ecuador) así como un proxecto da *Fundación da Universidade da Coruña* coa *Pontificia Universidad Católica Madre y Maestra* da República Dominicana. |
| | O.E. 13.2 Fomentar a investigación e a formación nos ámbitos do desenvolvemento e a cooperación | I.13.2.1 As universidades e outros centros de estudos levaron a cabo accións de investigación e formación en desenvolvemento e cooperación a través das convocatorias de Educación para o Desenvolvemento | No bienio 2010-2011 tan só se presentou unha proposta de formación en desenvolvemento e cooperación a través da convocatoria de Educación para o Desenvolvemento. Trátase do proxecto en agrupación de *Axuda en Acción* coa *Oficina para a Igualdade de Xénero* da *Universidade de A Coruña*. Polo momento o deseño da convocatoria presenta limitacións para acoller a especificidade dos proxectos de investigación. Na convocatoria do 2012 avanzouse na adaptación do formulario e dos criterios de valoración. |
| | O.E. 13.3 Promover as complementariedades entre os centros de investigación nos ámbitos do desenvolvemento e a cooperación | I.13.3.1 Como mínimo, o 50% dos fondos destinados a investigación dirixíronse a proxectos con participación de departamentos de dúas ou máis universidades galegas | Non se financiaron proxectos de investigación ao non presentarse propostas específicas á convocatoria de axudas de educación para o desenvolvemento. De todos os xeitos, a través desta convocatoria financiouse a realización do estudo *AOD en educación en Galicia: un análisis de la cooperación gallega 2006-2010,* realizado por un investigador vinculado á USC a través do proxecto agrupado da *Campaña Mundial pola Educación* en Galicia. |

# 10. Anexos

## *10.1. Termos de referencia*

**Termos de referencia que rexerán a contratación por contrato menor dun servizo para a avaliación intermedia do II Plan Director da Cooperación Galega para o Desenvolvemento**

**Entidade adxudicataria**: Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE

**Procedemento de contratación:** Contrato menor de servizos (artigo 122.3 LCSP)

**Antecedentes:** O II Plan Director da Cooperación Galega, aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia o 16 de xuño de 2010, é o instrumento de planificación da política galega de cooperación para o desenvolvemento para os anos 2010 a 2013.

O Plan establece dentro do obxectivo da mellora da actividade avaliadora que a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE realizará un informe de seguimento de medio termo sobre a aplicación do II Plan director, que será presentado ao Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento.

**Obxecto da contratación:** O obxecto do presente contrato é a avaliación intermedia da execución das dúas primeiras anualidades do II Plan director da Cooperación Galega para o Desenvolvemento, que deberá ser un proceso participativo no que deben involucrarse aos distintos axentes galegos de cooperación recollidos na Lei 3/2003.

A avaliación incluirá:

- A avaliación do cumprimento de obxectivos xerais e específicos dos tres ámbitos de actuación establecidos no PD
- Propostas de actuación para aqueles obxectivos establecidos e non cumpridos
- Propostas de mellora para futuras planificacións.

**Prazo de execución:** O prazo de execución do contrato é dun máximo de 6 meses desde a adxudicación.

**Contido das ofertas e prazo de presentación**: As ofertas deberan ter o seguinte contido:

1/Oferta económica

2/Metodoloxía de avaliación proposta

3/Relación do equipo de traballo que vai realizar a avaliación e os seus curriculum vitae

4/Prazo para a entrega do traballo

**Orzamento máximo da licitación:** Non se admitirán ofertas de contía superior a 8.000 euros, IVE excluído.

**Dirección e inspección dos traballos:** A Subdirección Xeral de Cooperación Exterior designará un funcionario do departamento como coordinador dos traballos.

**Pagamento do servizo:** O servizo será aboado tras a realización do mesmo, previa presentación da factura e recepción de conformidade.

## 10.2. Matriz de avaliación

| Pregunta de avaliación | Indicadores de avaliación |
|---|---|
| ***Criterio de avaliación: Logro de resultados-Eficacia*** | |
| R1. Estanse logrando adecuada e suficientemente os obxectivos xerais do II Plan Director? | I.R1.1. Grao de avance no cumprimento dos indicadores do marco de resultados do II PD. |
| R2. Que dificultades e atrancos se están detectando para a consecución dos obxectivos e resultados do II Plan Director? | I.R2.2. Problemas detectados na consecución dos obxectivos e resultados do II Plan Director |
| ***Criterio de avaliación: eficiencia*** | |
| E1. Está sendo eficiente a transformación dos recursos nos resultados? | I.E1.2. Grao de cumprimento do cronograma e das reformas<br>I.E2.2. Grao de cumprimento dos indicadores da matriz de resultados<br>I.E2.3. Grao en que as intervencións avaliadas teñen acadado os resultados |
| ***Criterio de avaliación: coherencia*** | |
| Ch1. Están sendo adecuadas as accións programadas para acadar os obxectivos e resultados do II Plan Director? | I.Ch1.1. Accións desenvolvidas para garantir o cumprimento dos obxectivos e resultados |
| ***Criterio de avaliación: complementariedade*** | |
| Cm1. Está sendo promovida adecuadamente a complementariedade e coherencia do II Plan Director co contexto da cooperación española e europea e mais coa axenda internacional de eficacia? | 1.Cm1.1. Accións que favorecen complementariedade coa cooperación española e europea.<br>1.Cm1.2. Grao de incorporación efectiva dos principios da DP na acción da cooperación galega |
| ***Criterio de avaliación: harmonización*** | |
| H1. Está sendo adecuado e suficiente o liderado e dirección da Xunta de Galicia na harmonización interna e externa da cooperación galega? | 1.H1.1. Grao de liderado da Xunta de Galicia no traballo conxunto dos actores galegos de cooperación.<br>1.H1.2. Grao de complementariedade entre as accións dos actores galegos de cooperación. |
| ***Criterio de avaliación: participación*** | |
| P1. Teñen sido eficaces as canles e espazos de participación establecidos no II Plan Director? | 1.P1.1. Percepción da eficacia e utilidade das canles e espazos de participación.<br>1.P1.2. Grao de retroalimentación do sistema a través da participación dos actores. |
| ***Criterio de avaliación: transparencia*** | |
| T1. Son adecuados e suficientes os instrumentos, ferramentas e mecanismos para render contas á cidadanía galega sobre a política de cooperación? | 1.T1.1. Valoración dos instrumentos, ferramentas e mecanismos de rendición de contas (informes, web, etc) |
| ***Criterio de avaliación: satisfacción*** | |
| S1. Está o II Plan Director satisfacendo adecuadamente as expectativas dos actores da cooperación galega e dos parceiros de desenvolvemento? | 1.S1.1. Grao de satisfacción dos actores da cooperación galega<br>1.S1.2. Grao de satisfacción dos parceiros de desenvolvemento |
| ***Criterio de avaliación: sostenibilidade*** | |
| St1. Está influíndo positivamente o II Plan Director sobre a capacidade institucional dos actores da cooperación galega e dos parceiros de desenvolvemento? | 1.St1.1. Percepción de mellora na capacidade institucional dos actores galegos de cooperación. |
| ***Criterio de avaliación: pertinencia*** | |
| Pt1. Ten sido útil o sistema de indicadores predefinido no II Plan Director? | 1.Pt1.1. Grao de utilidade do sistema de indicadores para a xestión da axuda.<br>1.Pt1.2. Dificultades co sistema de indicadores |
| Pt2. Están sendo apropiados e suficientes os métodos de colleita e análise de datos para o seguimento do II Plan Director? | 1.Pt2.1. Grao de corrección/validez dos métodos de colleita e análise de datos.<br>1.Pt.2. Erros detectados nos métodos de colleita e análise |

## 10.3. Matriz de documentación

### Marco normativo da cooperación galega

- Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento.
- Decreto 326/2004, do 29 de decembro, polo que se regulan os órganos de coordinación e asesoramento en materia de cooperación para o desenvolvemento e polo que se crea o Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento.
- Decreto 90/2011, do 5 de maio, polo que se modifica o Decreto 326/2004, do 29 de decembro, polo que se regulan os órganos de coordinación e asesoramento en materia de cooperación para o desenvolvemento e polo que se crea o Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento.
- Texto unificado Decretos 326/2004 e 90/2011, Decreto 326/2004, do 29 de decembro, polo que se regulan os órganos de coordinación e asesoramento en materia de cooperación para o desenvolvemento e polo que se crea o Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento.

### Marco instrumental da cooperación galega

- Resolución do 18 de xullo de 2008, da Secretaría Xeral de Relacións Exteriores, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de programas de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polas organizacións non gobernamentais de desenvolvemento.
- Orde do 28 de maio de 2009 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de programas de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polas organizacións non gobernamentais de desenvolvemento e pola que se convocan as correspondentes ao ano 2009.
- Orde do 11 de marzo de 2010 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de cooperación ao desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación, para actividades de educación para o desenvolvemento e para a consolidación e fortalecemento de organizacións non gobernamentais de desenvolvemento.
- Orde do 21 de decembro de 2010 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación, para actividades de educación para o desenvolvemento e para a consolidación e fortalecemento de organizacións non gobernamentais de desenvolvemento.
- Orde do 19 de maio de 2010 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de microproxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polas organizacións non gobernamentais de desenvolvemento e pola que se convocan as correspondentes ao ano 2010.
- Orde do 30 de novembro de 2009 pola que se aproban as bases reguladoras para a convocatoria de catorce bolsas de formación de expertos/as en cooperación internacional para o desenvolvemento.
- Resolución do 21 de xaneiro de 2010 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións para a execución de proxectos de axuda humanitaria e se procede a súa convocatoria.
- Orde do 3 de marzo de 2011 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, para a execución de proxectos de acción humanitaria no exterior e se procede á súa convocatoria para o ano 2011.
- Resolución do 18 de xullo de 2008, da Secretaría Xeral de Relacións Exteriores, pola que se aproban as bases reguladoras de concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de programas de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polas organizacións non Gobernamentais de Desenvolvemento.
- Resolución do 29 de outubro de 2009, da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, pola que se fan públicas as axudas concedidas ao amparo da Orde de 28 de maio de 2009 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de programas de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polas organizacións non gobernamentais de desenvolvemento e pola que se convocan as correspondentes ao ano 2009.
- Resolución do 24 de setembro de 2010, da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, pola que se fan públicas as axudas concedidas ao abeiro da Orde do 11 de marzo de 2010, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de cooperación ao desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación, para actividades de educación para o desenvolvemento e para a consolidación e fortalecemento de organizacións non gobernamentais de desenvolvemento.
- Resolución do 27 de setembro de 2011 pola que se fan públicas as axudas concedidas ao abeiro da Orde do 21 de decembro de 2010 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en

réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación, para actividades de educación para o desenvolvemento e para a consolidación e fortalecemento de organizacións non gobernamentais de desenvolvemento.

- Resolución do 24 de setembro de 2010, da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, pola que se fan públicas as axudas concedidas ao abeiro da Orde do 19 de maio de 2010, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de microproxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polas organizacións non gobernamentais de desenvolvemento e pola que se convocan as correspondentes ao ano 2010.
- Orde do 23 de febreiro de 2011 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de microproxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polas organizacións non gobernamentais de desenvolvemento.
- Resolución do 29 de marzo de 2010 pola que se fai pública a concesión de catorce bolsas de formación de expertos/as en cooperación para o desenvolvemento, convocadas pola Orde do 30 de novembro de 2009.
- Resolución de 2 de febreiro de 2011 do Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza pola que se aproba a prórroga das bolsas de formación convocadas pola Orde de 30 de novembro de 2010 pola que se aproban as bases reguladoras para a convocatoria de catorce bolsas de formación de expertos/as en cooperación internacional para o desenvolvemento.
- Orde de 24 de maio de 2011 pola que se modifica a Orde do 21 de decembro de 2010, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, e réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación, para actividades de educación para o desenvolvemento e para a consolidación e fortalecemento de organizacións non gobernamentais de desenvolvemento.
- Orde do 24 de maio de 2011 pola que se deixa sen efecto a Orde do 3 de marzo de 2011 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións para a execución de proxectos de acción humanitaria no exterior e se procede á súa convocatoria para o ano 2011.
- Orde do 30 de decembro de 2011 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos e de microproxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación.
- Orde do 30 de decembro de 2011 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos para actividades de educación para o desenvolvemento e para a consolidación e fortalecemento de organizacións non gobernamentais de desenvolvemento.
- Resolución do 25 de xuño de 2012, da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, pola que se fan públicas as axudas concedidas ao abeiro da Orde do 30 de decembro de 2011, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos para actividades de educación para o desenvolvemento e para a consolidación e fortalecemento de organizacións non gobernamentais de desenvolvemento.
- Resolución do 25 de xuño de 2012, da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, pola que se fan públicas as axudas concedidas ao abeiro da Orde do 30 de decembro de 2011, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos e de microproxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación.
- Orde do 14 de marzo de 2012 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións para a execución de proxectos de acción humanitaria no exterior e se procede á súa convocatoria para o ano 2012.
- Resolución do 4 de xullo de 2012, da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, pola que se fan públicas as axudas concedidas ao abeiro da Orde do 14 de marzo de 2012 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións para a execución de proxectos de acción humanitaria no exterior e se procede á súa convocatoria para o ano 2012
- Relación de convenios 2010 celebrados pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE
- Relación de convenios 2011 celebrados pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE

### *Marco estratéxico e operativo da cooperación galega*

- I Plan director da Cooperación Galega para o Desenvolvemento 2006-2009.
- II Plan Director da Cooperación Galega para o Desenvolvemento 2010-2013.
- Plan Anual da Cooperación Galega para o Desenvolvemento 2010.
- Plan Anual da Cooperación Galega para o Desenvolvemento 2011.
- Plan Anual da Cooperación Galega para o Desenvolvemento 2012.
- Informe 2009 da Cooperación Galega para o Desenvolvemento.
- Informe 2010 da Cooperación Galega para o Desenvolvemento.
- Informe 2011 da Cooperación Galega para o Desenvolvemento.

## Avaliacións da cooperación galega

- Informe de avaliación do I Plan Director da Cooperación Galega 2006-2009.
- Avaliación intermedia da Iniciativa de desenvolvemento integral para a mellora do Barrio Santa Lucía/ La Mosca. Santiago de los Caballeros na República Dominicana.
- Avaliación do Programa de formación de pescadores artesanais en Centroamérica (Profopac).
- Avaliación final dos proxectos de desenvolvemento pesqueiro no Golfo de Fonseca da ONGD Amigos da Terra Galicia que recibiron financiamento da Xunta de Galicia os anos 2005 a 2009.
- Avaliación final dos proxectos en materia pesqueira no Salvador da ONGD Asemblea de Cooperación pola Paz "Fase I, II e III. Promoción do tecido asociativo de 4 iniciativas de economía solidaria en materia pesqueira no Salvador", subvencionados a esta entidade nas convocatorias públicas de subvencións a proxectos de ONGD dos anos 2007 a 2009.
- Avaliación intermedia da Iniciativa de Desenvolvemento Integral Oxlajuj Tz´ikin Champerico-Retalhuleu. Departamento de Retalhuleu. Guatemala.
- Avaliación final das intervencións financiadas en Guatemala dende o ano 2007.
- Avaliación da convocatoria de axudas para o fortalecemento e consolidación das ONGD

## Outros estudos sobre a cooperación galega

- PROXECTOS (2007), *Diagnose estratéxica e participativa do comercio xusto en Galicia*.
- IESI (2010), *Rexistro de cooperantes galegos/as no exterior*.
- USC (2011), *Coñecemento e actitudes dos cidadáns galegos cara á Política de Cooperación e Axuda para o Desenvolvemento*.

## Coordinación con outras comunidades autónomas

- GOVERN DE LES ILLES BALEARS (2011), *Síntesis y conclusiones III Encuentro de Comunidades Autónomas y Cooperación, Palma de Mallorca 6-7 de mayo de 2010.*
- GOBIERNO DE NAVARRA (2012), *Síntesis y conclusiones IV Encuentro de Comunidades Autónomas y Cooperación, Pamplona 14-15 de abril de 2011*.

## Bibliografía


- ALEMÁN ARRASTIO, A. y GOÑI ESPARZA, J., (2010), *En caída libre. El 0,7% de las CCAA en 2010,* Alboan.
- ALONSO, J.A., (2005), 'El debate sobre la eficacia de la ayuda: una consideración introductoria', *Revista Escuela Diplomática,* nº 10, pp. 23-44.
- ALONSO, J.A., (2006), 'Eficacia de la ayuda: un enfoque desde las instituciones', *Revista CIDOB d'Afers Internationals,* núm. 72, diciembre 2005-enero 2006, pp. 17-39.
- ALONSO, J.A. y FRERES, Ch., (2010), 'When Volume is not Enough. The Rise of Spanish Aid' en *The Broker,* issue 20-21, July 2010.
- BANDEIRA, P., (2010), *Informe sobre la calidad de la ayuda del Gobierno de España,* Madrid: DeCiDe.
- CAMPS I VIDAL, N., (2012), "A cooperación descentralizada ante o cambio de ciclo da cooperación" en *Tempo Exterior. Revista de análise e estudos internacionais,* Segunda etapa, volumen XI (II), nº 24, xaneiro-xuño 2012.
- CGLU (2009), *Documento de Posición de CGLU sobre la Eficacia de la Ayuda y los Gobiernos Locales. Entender el enlace entre la gobernanza y el desarrollo,* Barcelona: Ciudades y Gobiernos Locales Unidos.
- CGONGD (2005), *Informe Cero do Sector das ONGD en Galicia,* Santiago de Compostela: Coordinadora Galega de ONGD.
- CGONGD (2010), *Eficacia da axuda e sociedade civil. Declaración de París sobre Eficacia da Axuda. Axenda de Acción de Accra,* Santiago de Compostela: Coordinadora Galega de ONGD.
- CGONGD (2011), *Cooperando. XX anos de traballo solidario en Galicia,* Santiago de Compostela: Coordinadora Galega de ONGD.
- COMISIÓN EUROPEA (2008), *Communication Local Authorities: Actors for Development*, Brussels, 8.10.2008, COM (2008) 626.
- CONGDE (2006), *AOD hoy. Discurso y realidad,* Madrid: Coordinadora de ONG para el Desarrollo-España.
- CONGDE (2008), *Mejor ayuda: una condición necesaria para el desarrollo,* Madrid: Coordinadora de ONG para el Desarrollo-España.
- CONGDE (2009a), *Apropiación, armonización y alineamiento en las organizaciones de la sociedad civil,* Madrid: Coordinadora de ONG para el Desarrollo-España.
- CONGDE (2009b), *La financiación europea del desarrollo. Retos y oportunidades para las ONGD españolas,* Madrid: Coordinadora de ONG para el Desarrollo-España.
- CONGDE (2010), *Sumamos, restamos, multiplicamos. Reflexiones sobre la División del Trabajo en Cooperación para el Desarrollo,* Madrid: Coordinadora de ONG para el Desarrollo-España
- CONGDE (2012a), *Informe sobre a Política de Cooperación ao Desenvolvemento das Comunidades Autónomas,* Madrid: Coordinadora de ONG para el Desarrollo-España.

- CONGDE (2012b), *informe de la Coordinadora sobre el sector de las ONGD 2011,* Madrid: Coordinadora de ONG para el Desarrollo-España.
- EGUIZÁBAL, I., (2010), *La cooperación descentralizada en un contexto de crisis. Un enfoque desde las ONGD,* Alboan.
- FEMP (2011), *Manual de gestión de la cooperación para el desarrollo de los gobiernos locales,* Madrid: Federación Española de Municipios y Provincias.
- FOGACOSOL (2009), *Informe zero sobre a cooperación municipalista en Galicia,* Baiona: Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.
- FOGACOSOL (2012), *15 anos de andaina, a rede solidaria do municipalismo galego,* Santiago de Compostela: Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.
- GOBIERNO DE ESPAÑA (2005), *II Plan Director de la Cooperación Española 2005-2018,* Madrid: Ministerio de Asuntos Exteriores y Cooperación.
- GOBIERNO DE ESPAÑA (2009a), *III Plan Director de la Cooperación Española 2009-2012,* Madrid: Ministerio de Asuntos Exteriores y Cooperación.
- GOBIERNO DE ESPAÑA (2009b), *2009-2012 Plan Director de la Cooperación Española. Documento marco de resultados*, Madrid: Ministerio de Asuntos Exteriores y Cooperación.
- GOBIERNO DE ESPAÑA (2010a), *Metodología para el establecimiento de Marcos de Asociación País. Mayo 2010. Para uso de los países que inicien este ejercicio en 2010,* Madrid: DGPOLDE-Ministerio de Asuntos Exteriores y Cooperación.
- GOBIERNO DE ESPAÑA (2010b), *Cooperación Municipal Directa a través del Instrumento del Hermanamiento,* Madrid: DGPOLDE-Ministerio de Asuntos Exteriores y Cooperación.
- GOBIERNO DE ESPAÑA (2011a), *Seguimiento del PACI 2010,* Madrid- Secretaría de Estado de Cooperación Internacional.
- GOBIERNO DE ESPAÑA (2011b), *Evaluación de la implementación de la Declaración de París por la Cooperación Española,* Madrid: DGPOLDE-Ministerio de Asuntos Exteriores y Cooperación.
- GOBIERNO DE ESPAÑA (2011c), *Borrador del IV Plan Director de la Cooperación Española 2013-2016,* Madrid: Ministerio de Asuntos Exteriores y Cooperación.
- GÓMEZ GIL, C., (2008), *Una visión panorámica de la cooperación descentralizada de las entidades locales,* Cuadernos Bakeaz nº 89, Bilbao: Bakeaz.
- GÓMEZ GIL, C., (2012), “Cambios e mutacións na axuda ao desenvolvemento xerados pola hiper-crise global” en *Tempo Exterior. Revista de análise e estudos internacionais*, Segunda etapa, volume XI (II), nº 24, xaneiro-xuño 2012.
- GONZÁLEZ MARTÍN, M., (2008), *¿Qué dice la agenda de la eficacia de la ayuda a la cooperación descentralizada? Algunas reflexiones desde una ONGD de “provincias”,* FRIDE, Comentario, julio de 2008.
- GONZÁLEZ PALAU, D., (2010), *Os irmandamentos en Galicia: Globalización, redes e goberno local,* Baiona: IGADI.
- GUZMÁN, M.T., (2011), *La cooperación descentralizada que proponemos las ONGD,* Alboan.
- HOMBRADOS MARTOS, A. (2008), *Coordinación entre el Gobierno central y las comunidades autónomas: asignatura pendiente de la cooperación española,* Documento de trabajo 20/2008, Madrid: Fundación Alternativas.
- HOMBRADOS MARTOS, A y HERNÁNDEZ FERREIRO, C (2010), *Coordinación de la cooperación española al desarrollo entre el Gobierno central y las comunidades autónomas en la nueva legislatura: nuevas oportunidades y viejos retos,* Documento de trabajo 53/2010, Madrid: Fundación Alternativas.
- ILLÁN SAILER, C., (2008), ‘La cooperación para el desarrollo autonómica y local: balance y tendencias’ en *Revista española de desarrollo y cooperación*, nº. 21, págs. 27-44.
- LAGARES, N., (coord.) (2011) *Cooperación para el desarrollo de la Administración General del Estado y Cooperación Oficial Descentralizada Autonómica: transparencia para la coordinación,* Serie Avances de Investigación nº 59, Madrid: Fundación Carolina- CeAlci.
- LARRÚ, J.M., (2011a), *Más ¿es mejor? Reflexiones en torno a la calidad de la ayuda al desarrollo español*, Documento de Trabajo del CECOD 12, Madrid: Centro de Estudios de Cooperación al Desarrollo.
- LARRÚ, J.M., (2011b), *Informe II: La AOD española: diagnóstico sobre su calidad y cantidad. Hacia un libro blanco de la política española de desarrollo,* Madrid: CIECODE.
- MARTÍNEZ, I., (2007), *La Cooperación de las ONGD Españolas en Perú: Hacia una Acción más Estratégica,* PP 01/07, Madrid: ICEI.
- MARTÍNEZ, I., (2011), *Por una cooperación descentralizada de calidad: reflexiones para avanzar hacia una mayor eficacia,* Valencia: Universitat Jaume I
- MARTÍNEZ, I., e SANAHUJA, J.A. (2009), *La agenda internacional de eficacia de la ayuda y la cooperación descentralizada en España,* Documento de trabajo nº 38, Madrid: Fundación Carolina-CeALCI.
- MARTÍNEZ, I. e SANAHUJA, J.A. (2010), *La cooperación descentralizada en España y el reto de la eficacia de la ayuda,* ICEI Paper 18, Madrid: Instituto Complutense de Estudios Internacionales.
- MARTÍNEZ, I. e SANAHUJA, J.A., (coords.) (2012), *Eficacia de la ayuda y división del trabajo: Retos para la cooperación descentralizada española*, Madrid: CEIPAZ-Fundación Cultura de Paz.

- MARTÍNEZ-OSÉS, P., e MARTÍNEZ, I., (2012), "Os límites estruturais da cooperación española: expansión, disociación e caída" " en *Tempo Exterior. Revista de análise e estudos internacionais*, Segunda etapa, volume XI (II), nº 24, xaneiro-xuño 2012.
- MARTÍNEZ RIVAS, E., (2009), "Na difícil procura dun sistema galego de cooperación ao desenvolvemento" en *Tempo exterior* nº 19, Vol. X (I), 2009.
- MUSOL (2011), *Análisis, tendencias y orientaciones de la cooperación municipalista en los países de nueva actuación de la cooperación española,* Valencia: Municipalistas por la Solidaridad y el Fortalecimiento Institucional.
- OCDE (2004), *Spain. Peer Review,* Paris: OCDE.
- OCDE (2005), *Aid Extended by Local and State Governments,* Pre-print of the DAC Journal,
- OCDE (2007), *Spain. Peer Review 2007,* Paris: OCDE.
- OCDE (2012), *Spain. Peer Review 2011,* Paris: OCDE.
- OLIVIÉ, I., (coord.) (2011), *Nunca desaproveches una buena crisis: hacia una política pública española de desarrollo internacional,* Informes Elcano nº 13, Madrid: Real Instituto Elcano.
- PASTORIZA ROZAS, J.L., (2010a), *Unha cooperación pobre para os máis pobres. Análise do Proxecto de Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2011,* Santiago de Compostela: Coordinadora Galega de ONGD.
- PASTORIZA ROZAS, J.L., (2010b), "La agenda de la eficacia de la ayuda: el análisis crítico de las organizaciones de la sociedad civil" en CGONGD, *Eficacia de la ayuda y sociedad civil. Declaración de París sobre Eficacia de la Ayuda. Agenda de Acción de Accra,* Santiago de Compostela: Coordinadora Galega de ONGD, pp. 9-38.
- PASTORIZA ROZAS, J.L., (2011a), "Dereitos humanos e cooperación ao desenvolvemento: perspectivas para a análise crítica do rol das ONGD no eido da incidencia" en BAAMONDE FERREIRO, X. (dir.), *Dereitos humanos e países empobrecidos: contradicións nas políticas de cooperación ao desenvolvemento,* A Coruña: Universidade de A Coruña, pp. 17-43.
- PASTORIZA ROZAS, J.L., (2011b), "El humanismo como utopía real: la educación de ciudadanos y ciudadanas globales" en AGÍS VILLAVERDE, M., DOSIL MACEIRA, A., y OREJA AGUIRRE, M., (Eds.), *Las raíces del humanismo europeo y el Camino de Santiago. Actas de los X Encuentros Internacionales de Filosofía en el Camino de Santiago*. Santiago de Compostela: Universidade, pp. 446-467.
- PASTORIZA ROZAS, J.L., (2012a), *AOD en educación en Galicia: la cooperación gallega en el período 2006-2010,* Santiago de Compostela: Campaña Mundial pola Educación.
- PASTORIZA ROZAS, J.L. y TEIJO GARCÍA, C., (2012b), "Crisis en la cooperación descentralizada española: ¿oportunidad o negra sombra?" en *Tiempo de Paz,* nº 105, verano 2012.
- PASTORIZA ROZAS, J.L., (2012c), *Bandeiras, pastillas e océanos azuis. A cooperación galega de cara ás eleccións ao Parlamento de Galicia de outubro de 2012,* Santiago de Compostela: Coordinadora Galega de ONGD.
- PASTORIZA ROZAS, J.L., (2012d), "As ONGD e o sistema galego de cooperación: repensarse desde a experiencia da crise" en *40ºN8W.Revista de la Asociación de Becarios de la Fundación Barrié.* Núm. 15. Junio 2011-Junio 2012. Pág. 75-79.
- PASTORIZA ROZAS, J.L. e GARCÍA VARELA, L., (2009), *A cooperación galega no lusco e fusco da crise. Análise do Proxecto de Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010,* Santiago de Compostela: Coordinadora Galega de ONGD.
- PASTORIZA ROZAS, J.L. et al. (2012), *División del trabajo y complementariedad en la cooperación andaluza al desarrollo: la educación en el periodo 2006-2010, Sevilla: Entreculturas e Fundación ETEA.*
- PÉREZ, A., (2011), *Crisis y debate en la cooperación descentralizada,* ARI 98/2011, Madrid: Real Instituto Elcano.
- RÍOS, X., y TEIJO, C., (eds.), (2009), *Galicia solidaria. O sistema galego de cooperación ao desenvolvemento,* Vigo: Xerais.
- RUIZ SEISDEDOS, S., (2008), *La teoría y praxis de la cooperación descentralizada. Análisis de tres estudios de casos,* Barcelona: Observatorio de la Cooperación Descentralizada Unión Europea-América Latina.
- SANZ CORELLA, B., (2008) *Guía para la acción exterior de los gobiernos locales y la cooperación descentralizada América Latina- Unión Europea. Volumen 2. Elementos para la construcción de una política pública local de cooperación descentralizada.* Diputación de Barcelona: Barcelona.
- SCHULZ, N-S., (2007a), *Hacia una apuesta efectiva por la división del trabajo: la cooperación española en su contexto europeo,* Memorado OPEX 52, Madrid: Fundación Alternativas.
- SCHULZ, N-S., (2007b), *La división del trabajo entre los donantes europeos: ¿Reparto del pastel o compromiso con la eficacia?,* Desarrollo "En Contexto" 09, Madrid: FRIDE.
- SCHULZ, N-S., (2010a), "Pastel para todos, del Norte al Sur", en COORDINADORA DE ONGD-ESPAÑA, *Sumamos, restamos, multiplicamos. Reflexiones sobre la División del Trabajo en Cooperación para el Desarrollo,* Madrid: CONGDE, pp. 19-50.
- SCHULZ, N-S., (2010b), *Las políticas de desarrollo españolas: Obstáculos para el progreso,* Policy Brief nº 29, enero 2010, Madrid: FRIDE.
- TEIJO GARCÍA, C., (2009), 'Caracteres generales y tendencias básicas del sistema internacional de ayuda al desarrollo' en RODRÍGUEZ MANZANO, I. e TEIJO GARCÍA, C., *Ayuda al desarrollo: piezas para un puzzle,* Madrid: Libros de la Catarata, pp. 57-81.
- TORRES BOUZA, X.M., e MARTIN ROCHA, F., (2009), 'A cooperación internacional do bipartito (PSdG-PSOE e BNG): Crónica dun desencanto' en *Tempo exterior* nº 19, Vol. X (I), 2009, pp. 113-137.

- UNCETA, K., (Dir.) (2011), *La cooperación al desarrollo descentralizada: una propuesta metodológica para su análisis y evaluación,* Bilbao: Universidad del País Vasco-Hegoa.
- UNIÓN EUROPEA (2005), *The European Consensus on Development*, Brussels.
- UNIÓN EUROPEA (2007), *EU Code of Conduct on Division of Labour in Development Policy*, Brussels.
- UNIÓN EUROPEA (2007a) *Commission Staff Working Paper: Proposal for a EU Code of Conduct on Division of Labour in Development Policy,* (11.08.2011).
- VV.AA (2006) *Riesgos y oportunidades de la cooperación descentralizada. Superar las inercias y construir espacios nuevos,* PTM-Mundubat: Bilbao.
- ZAPATA GARESCHE, E.D., (2007), *Manual práctico para internacionalizar la ciudad. Guía para la acción exterior de los gobiernos locales y la cooperación descentralizada Unión Europea-América Latina Volumen 1*, Barcelona: Diputación de Barcelona.

## *Webgrafía*

- **cooperaciongalega.org:** páxina web da SDXCE.
- **galiciasolidaria.org:** páxina web da CGONGD.
- **fondogalego.org:** páxina web do FOGACOSOL.
- **igadi.org:** páxina web do IGADI.

## 10.4. Guía de traballo de campo

| Actores da cooperación galega | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Entidade** | **Persoa** | **Cargo** | **Participación** | **Data** |
| ***Xunta de Galicia*** | | | | |
| Subdirección Xeral de Cooperación Exterior | Pilar Romero Rodríguez | Subdirectora Xeral de Cooperación Exterior | Focus Group | 4/10/2012 |
| | Pilar García Quince | Xefa do Servizo de Fomento | | |
| | Guillermo Otero Piñeira-Maseda | Xefe do Servizo de Formación e Coordinación Institucional | | |
| ***Entidades provinciais e locais*** | | | | |
| Deputación de A Coruña | Antonio García Mira | Xefe da Sección de Unión Europea e Acción Exterior | Entrevista | 25/10/2012 |
| Concello de A Coruña | José Luis Quintela Julián | Director de Servizos Sociais | Entrevista | 25/10/2012 |
| Concello de Lugo | María Jesús López Vázquez | Xefa de Servizos Sociais | Entrevista | 5/11/2012 |
| Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade | David González Palau | Secretario | Cuestionario | 25/10/2012 |
| | | | Entrevista | 13/11/2012 |
| ***ONGD*** | | | | |
| Amarante | Fernanda Couñago Otero | Directora | Cuestionario | 28/09/2012 |
| Amigos da Terra | Laura Casal Guillán | Técnica de Cooperación | Cuestionario | 4/10/2012 |
| Arquitectos sen Fronteiras | Emanuele Lini | Director demarcación Galicia | Cuestionario | 23/09/2012 |
| Asemblea de Cooperación pola Paz | Francisco Raigón Jiménez | Técnico de proxectos | Cuestionario | 28/09/2012 |
| Axuda en Acción | Ana María García Fernández | Responsable área de educación para o desenvolvemento | Cuestionario | 5/10/2012 |
| Coordinadora Galega de ONGD | Gema Filgueira Garrido | Presidenta | Focus Group | 24/10/2012 |
| | | | Cuestionario | 10/10/2012 |
| | Helena Capera Cullel | Técnica de comunicación | Focus Group | 24/10/2012 |
| | Sara García Mato | Técnica de proxectos | Cuestionario | 4/10/2012 |
| Educación sen Fronteiras | Miguel Óscar Rodríguez García | Técnico de proxectos | Cuestionario | 4/10/2012 |
| Enxeñería sen Fronteiras | Sergio Fernández Alonso | Técnico de proxectos | Cuestionario | 27/09/2012 |
| Farmacéuticos Mundi | Laura del Río | ExDirectora técnica | Cuestionario | 12/10/2012 |
| Fundación Entreculturas | Pablo Rodríguez Soengas | Coordinador rexional | Cuestionario | 4/10/2012 |
| Fundación InteRed | Amalia Álvarez Vega | Delegada | Cuestionario | 25/09/2012 |
| Implicadas no Desenvolvemento | María Reimóndez Meilán | Presidenta | Cuestionario | 27/09/2012 |
| Intermón Oxfam | Maika Beltrán | Responsable presenza territorial | Cuestionario | 29/09/2012 |
| Solidariedade Galega | Antón X. González Artiaga | Secretario | Cuestionario | 5/10/2012 |
| Solidariedade Internacional de Galicia | María Paz Gutiérrez | Directora | Cuestionario | 23/10/2012 |
| | | Vicepresidenta CGONGD | Focus group | 24/10/2012 |
| Taller de Solidariedade | Rafael Veiga de Diego | Coordinador | Cuestionario | 25/09/2012 |
| ***Universidades*** | | | | |
| Universidade de A Coruña | Vanessa Míguez Martín | Técnica especialista | Cuestionario | 10/10/2012 |
| CETMAR | Yolanda Molares Montero | Coordinadora de cooperación internacional | Cuestionario | 1/10/2012 |
| ***Empresas e organizacións empresariais*** | | | | |
| ANFACO | Gonzalo Ojea Rodríguez | Responsable de Cooperación Exterior | Cuestionario | 7/10/2012 |
| ADANTIA | Jordi Solans Oste | Administrador | Cuestionario | 9/10/2012 |
| ***Comunidades galegas no exterior*** | | | | |
| Sociedad Parroquial de Vedra de Mutualidad y Cultura | Jorge Eduardo Menchaca | Coordinador de proxecto | Cuestionario | 21/09/2012 |
| ***Outros axentes e parceiros de desenvolvemento*** | | | | |
| ESCAES-Perú | María del Carmen Parrado Novoa | Coordinadora xeral | Cuestionario | 20/09/2012 |
| Fundación de Desarrollo Loma y Salud | Lidio Núñez Rodríguez | Presidente do Consello Directivo | Cuestionario | 2/10/2012 |
| Fundación Solidaridad | Juan Castillo | Director executivo | Cuestionario | 21/09/2012 |
| ***Outros informantes*** | | | | |
| Universidade de Vigo | Emilio Martínez Rivas | ExPresidente da CGONGD Vogal CONGACODE | Cuestionario | 23/10/2012 |
| Farmacéuticos Mundi | Xosé María Torres Bouza | ExPresidente da CGONGD Exvogal CONGACODE | Cuestionario | 27/09/2012 |
| | | | Revisión | Novembro 2012 |
| Fundación Entreculturas | José Luis Presedo | ExVicepresidente da CGONGD Exvogal CONGACODE | Cuestionario | 23/10/2012 |
| Universidade de Santiago de Compostela | Carlos Teijo García | Exvogal CONGACODE | Revisión | Novembro 2012 |
| Subdirección Xeral de Cooperación Exterior | Ana Amaro Alonso | Asistencia técnica en Guatemala | Cuestionario | 24/09/2012 |
| | Lorena Peillet Remuñán | Asistencia técnica en República Dominicana | Cuestionario | 9/10/2012 |
| | Carolina Diz Otero | Asistencia técnica da SDXCE | Focus group | 4/10/2012 |

## 10.5. Anexo metodolóxico

Nesta avaliación intermedia, o equipo avaliador empregou tres fontes distintas de información para a análise cuantitativa: a procedente da base de datos da antiga DGPOLDE, os datos da SDXCE que se empregan como base dos informes anuais de xestión e mais o buscador de proxectos da propia SDXCE. Así mesmo, levouse a cabo unha investigación cualitativa baseada en cuestionarios, entrevistas e grupos focais dirixida a coñecer a percepción dos diferentes actores galegos de cooperación e dunha escolma dos socios de desenvolvemento da cooperación galega.

A efectos de facilitar unha homologación e normalización dos datos que, de vez, establezan un marco coherente para os estudos comparativos entre a cooperación autonómica, os datos recollidos para a análise cuantitativa deste informe de avaliación téñense tomado das listaxes de achegas bilaterais da AOD española realizados pola antiga *Dirección General de Planificación y Evaluación de Políticas para el Desarrollo (DGPOLDE)* do *Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación* do Goberno de España. Estas listaxes son de consulta pública e representan a fonte principal para a elaboración dos informes de seguimento dos *Plans Anuais de Cooperación Internacional (PACI)*. En concreto téñense revisado as listaxes correspondentes aos anos comprendidos entre 2010 e 2011. Non obstante, realizouse unha comparanza destes datos cos achegados pola propia SDXCE e que serven de fundamento ás memorias anuais da cooperación galega. Adicionalmente, téñense empregado os datos orzamentarios das Comunidades Autónomas publicados polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

Malia que a literatura académica e as investigacións verbo da cooperación autonómica acostuman salientar as debilidades das fontes de información pola súa escasa solvencia e rigor, cómpre subliñar no caso da cooperación galega que se ten avanzado na normalización dos procesos de recollida de información e na depuración dos datos que a SDXCE desenvolve de oficio, especialmente, no seu envío á DGPOLDE para a súa integración nos informes de seguimento do PACI.

Co fin de dotar de rigor e solvencia aos datos que fundamentan a análise cuantitativa, o equipo avaliador revisou a totalidade dos proxectos financiados co fin de detectar incoherencias e contradicións entre as tres fontes de información salientadas. Esta depuración dos datos ten permitido afinar a análise e mellorar a calidade da información ofrecida pola base de datos da antiga DGPOLDE. Emporiso, coincidimos en salientar a necesidade de avanzar na coordinación metodolóxica para avanzar na superación das incoherencias e falta de coincidencias nas cifras. Xa que logo, a normalización metodolóxica e a coordinación entre as distintas institucións representa unha demanda incuestionable que debe emprenderse ao servizo da xeración de confianza no sector verbo da veracidade e rigor dos datos dispoñibles. Neste senso, os datos achegados neste informe de avaliación melloran os actualmente dispoñibles na base de datos da antiga DGPOLDE amosando unha imaxe máis adecuada e realista do desempeño da cooperación galega.

Por último indicar que todas as figuras cadros, gráficos e mapas son resultado da elaboración propia por parte do equipo avaliador en base aos datos achegados pola SDXCE.

### 10.5.1. Obxecto da investigación cuantitativa e fontes de datos

O obxecto desta avaliación intermedia ten sido a análise da cooperación galega no bienio 2010-2011 tomando como referencia a execución do *II Plan Director da Cooperación Galega (2010-2013),* plan estratéxico da cooperación ao desenvolvemento da Xunta de Galicia que constitúe a nosa unidade de análise.

A orixe dos datos empregados na análise cuantitativa veñen sendo as listaxes de achegas bilaterais da AOD española elaborados anualmente pola DGPOLDE. Nestas listaxes rexístranse cada ano as intervencións financiadas polas diferentes unidades administrativas públicas española no marco da AOD e constitúen a fonte sobre a cal se elaboran os informes de seguimento dos PACI. Neles, cada proxecto ou acción atópase clasificado consonte ao sistema de códigos *CRS (Creditor Reporting System)* establecido polo CAD da OCDE. Cada código determínase en función da área ou sector específico da estrutura social ou económica do país beneficiario que se pretenda potenciar coa intervención. Por outra banda, estas listaxes teñen sido revisadas á luz dos datos achegados pola SDXCE realizando aquelas modificacións que garantisen unha maior coherencia entre ambas as dúas fontes de datos.

Para análise da axuda bilateral da Xunta de Galicia téñense tomado os datos das listaxes de achegas en formato Excel para elaborar unha base de datos coas achegas comprendidas entre os anos 2010 e 2011. Nesta base de datos tan só se tiveron en conta os campos cunha información suficiente para realizar unha análise rigorosa da cooperación galega. Os campos da base de datos empregados na análise cuantitativa son os seguintes:

| Identificación do campo | Observacións |
|---|---|
| 1. Departamento da Xunta de Galicia | Consellería da Xunta de Galicia e/ou departamento |
| 2. Título | Denominación do proxecto ou intervención |
| 3. Descrición | Breve descrición do proxecto |
| 4. Sector CAD | Código de tres díxitos que identifica ao sector do país beneficiario que se pretende potenciar coa intervención |
| 5. Sector CRS | Código de cinco díxitos co que se identifica cada área específica dentro do sector correspondente |
| 6. Sector II Plan Director | Sector do II Plan Director ao que asigna esta intervención |
| 7. País socio | País ao que se dirixe a axuda. |
| 8. Área xeográfica | Área xeográfica ou rexión á que pertence o país receptor da axuda |
| 9. Nivel de renda do país socio | Segundo as directrices do CAD distínguese entre: países menos adiantados (PMA), países de renda baixa (PRB), países de renda media-baixa (PRMB) e países de renda media-alta (PRMA). Tamén figura a denominación nivel non especificado(NE). |
| 10. Ano de concesión | Ano en que foi realizada a concesión da axuda para a execución ou ano de desembolso. |
| 11. Duración | Duración da intervención |
| 12. Total | Total da axuda concedida ou desembolso executado |
| 13. Desembolso | Diferéncianse os desembolsos anuais integrando as anualidades de 2008, 2009, 2010, 2011 e 2012. |
| 14. Instrumento | Instrumento de canalización da axuda: convocatoria ou convenio |
| 15. Convocatoria | Convocatoria de axuda ou convenio a abeiro do cal se financia a intervención: convocatoria (programas, proxectos no exterior ONGD, proxectos no exterior outros axentes, microproxectos, convocatoria aberta e permanente de acción humanitaria, educación para o desenvolvemento, fortalecemento e consolidación de ONGD, bolsas de formación de expertos ), convenios (acción humanitaria, actuacións de emerxencia, atención sanitaria en España, IDI Guatemala, IDI Dominicana), capítulo VI e costes de administración. |
| 16. Identificación da entidade canalizadora | Nome da entidade que canaliza os fondos |
| 17. Tipo de entidade | Clasificación da entidade canalizadora: AECID, AECID/ONGD, entidade local do Sur, empresa, organización multilateral, ONGD, OSC do Sur, outros actores, universidades e Xunta de Galicia. |
| 18. Agrupación | Proxecto presentado ou non en agrupación de entidades |

### 10.5.2. Obxecto da investigación cualitativa e metodoloxía

O deseño desta investigación cualitativa incluíu a realización dunha enquisa de percepción a unha escolma de actores galegos de cooperación así como de socios e parceiros de desenvolvemento da cooperación galega, a realización de entrevistas e a celebración de grupos focais.

#### Poboación e mostra:

**T**entouse definir unha mostra representativa dos actores galegos de cooperación e dos socios e parceiros de desenvolvemento da cooperación galega.

En relación aos cuestionarios, no primeiro caso, en total enviáronse 45 cuestionarios e obtivéronse 27 respostas (60% sobre o total). No segundo caso, enviáronse 9 cuestionarios e obtivéronse 6 respostas (67% sobre o total).

Por mor da identificación dos actores e da dispoñibilidade da información cuantitativa, tense levado a cabo unha mostraxe dirixida que nos permitise contar coa información dos actores potencialmente máis cualificados polo seu protagonismo e experiencia na cooperación galega.

Neste senso, os actores participantes clasificáronse en entidades provinciais e locais, ONGD, Universidades, empresas e organizacións empresariais, comunidades galegas no exterior, outros axentes e parceiros de desenvolvemento e outros informantes de interese (ex-membros do CONGACODE, asistencias técnicas da SDXCE, universidades).

Para o establecemento da mostra seleccionouse de xeito dirixido a aqueles actores cun maior volume de participación en intervencións financiadas pola Xunta de Galicia así como a aqueles actores que xa participaran na avaliación final *do I Plan Director da Cooperación Galega*.

En relación ás entrevistas, celebráronse con aqueles informantes de relevancia pertencentes a entidades provinciais e locais que actúan como institucións financiadoras da cooperación ao desenvolvemento en Galicia. En concreto celebráronse entrevistas con representantes técnicos da Deputación de A Coruña, Concello de A Coruña, Concello de Vigo e FOGACOSOL.

Por outra banda, celebráronse grupos focais coa SDXCE e coa Xunta Directiva e Secretaría Técnica da Coordinadora Galega de ONGD.

#### Instrumentos de obtención de información:

Como ferramenta de recollida de información tense empregado un modelo de enquisa online que ten sido enviada mediante correo electrónico. Para cada conxunto de actores deseñouse cadansúa enquisa.

No caso dos actores galegos de desenvolvemento, o cuestionario incluíu 104 preguntas agrupadas nas seguintes categorías:

1. Apropiación e aliñamento
2. Formación e capacitación
3. Capacidade institucional e de recursos humanos
4. Coordinación, coherencia, liderado e participación
5. Rendición de contas e transparencia
6. Xestión do coñecemento e avaliación
7. Prioridades xeográficas
8. Prioridades sectoriais
9. Acción humanitaria
10. Convocatorias públicas
11. Convenios de cooperación
12. Agrupacións e consorcios de entidades
13. Comercio xusto e compra ética pública
14. Vantaxes comparativas
15. Axenda de Eficacia da Axuda
16. Dificultades e atrancos
17. Satisfacción

O cuestionario dos socios de desenvolvemento estivo integrado por 11 preguntas agrupadas nas seguintes categorías:

1. Apropiación e aliñamento
2. Xestión do coñecemento e avaliación
3. Capacidade institucional
4. Vantaxes comparativas
5. Achega específica da cooperación galega

En canto ás entrevistas**,** tratouse tanto de entrevistas individuais en profundidade semiestruturadas consonte aos criterios e preguntas definidas na matriz de avaliación como de grupos focais de discusión sobre a base do mesmo conxunto de criterios e preguntas.

**Proceso e resultado da investigación**:

O proceso de recollida da información contou cunha ampla colaboración dos actores galegos de cooperación e dos socios de desenvolvemento, permitindo a colleita dun número significativo de achegas.

### *10.5.3. Bases de datos consultadas*

Os datos da AOD de España tomáronse das listaxes de achegas bilaterais publicados anualmente pola DGPOLDE. Estas listaxes poden descargarse no enderezo:

www.maec.es/es/MenuPpal/CooperacionInternacional/EstadisticasAOD/Paginas/estadisticas_ayudaoficialdesarrollo.aspx

O conxunto de intervencións financiadas pola SDXCE poden consultarse no buscador de proxectos da cooperación galega no seguinte enderezo:

http://www.cooperaciongalega.org/proyectos.php?idSeccion=74

Os datos orzamentarios das Comunidades Autónomas téñense tomado da información publicada polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas. Estes datos están dispoñibles no seguinte enderezo:

http://www.minhap.gob.es/es-ES/Areas%20Tematicas/Financiacion%20Autonomica/Paginas/DatosPresupuestarios.aspx

### *10.5.4. Erros detectados no rexistro de información*

Dentro da base de datos da antiga DGPOLDE temos localizado os seguintes erros en relación ao rexistro da información correspondente á Xunta de Galicia:

#### *Ano 2010*

a) Un total de 1.103.089€ figuran co código *91110- Costes administrativos* en concepto de gastos de funcionamento da *Fundación Axencia Humanitaria de Galicia*. En realidade estes gastos ascenderon unicamente a 308.940€ e este erro está vencellado ao rexistro incorrecto da liquidación da reserva fundacional co gallo da extinción da FAHG que se destinou ao financiamento de intervencións de acción humanitaria. A diferenza de 794.149€ rexistrouse na nosa base de datos co desglose de cadanseus proxectos de acción humanitaria e actuacións de emerxencia financiados consonte aos datos achegados pola SDXCE na súa memoria anual de xestión do ano 2010. Este erro de rexistro motiva que no informe de seguimento do PACI 2010 non figure ningún desembolso da Xunta de Galicia correspondente ao sector 700 de axuda humanitaria.

b) Rexistráronse 19 proxectos financiados a través da convocatoria de fortalecemento e consolidación de ONGD nos anos 2009 e 2010 co código *43010 - Axuda multisectorial*, cando deberían de ter sido rexistrados co código *92010- Apoio a ONG nacionais*. Por outra banda, o proxecto de fortalecemento da Asociación Galega de Hemofilia foi rexistrado erroneamente co código *12110 - Política sanitaria e xestión administrativa.* Ademais, asignouse o destino xeográfico destas axudas a países en vías de desenvolvemento, non especificados. Na nosa base de datos rexistráronse co código 92010 e como país de desembolso, España.

c) O proxecto de sensibilización de Amigos da Terra co título "Miradas desde o Golfo de Fonseca" foi rexistrado como América do Norte, Central e Caribe, non especificados. Este erro foi corrixido sinalando como país de execución España.

d) O proxecto de cooperación no exterior titulado "Promoción da educación ambiental comunitaria para o melloramento da calidade de vida da poboación da micro-cunca San Pedro, Altos de Frías-Piura. Perú" e xestionado por Educación Sen Fronteiras figuraba rexistrado como *41081- Educación / formación medioambiental.* Trala análise do proxecto e en coherencia cos códigos asignados no buscador de proxectos da SDXCE, rexistrouse como *11010- Política educativa e xestión administrativa.*

e) O proxecto "Fortalecemento institucional da Universidade Nacional de Loja: dotación de equipamento, formación de recursos humanos e dispoñibilidade de información xeográfica para fomentar a xestión sostible do territorio. Ecuador" executado pola Universidade de A Coruña e mais a Universidade de Santiago de Compostela figuraba rexistrado co código *43040- Desenvolvemento rural* Trala análise do proxecto rexistrouse co código *11420- Educación universitaria.*

f) Os convenios da Consellería de Sanidade coas organizacións Asociación Ledicia Cativa, Solidariedade Galega co Pobo Saharauí, Asociación de Inmigrantes Senegaleses de Ourense e Terra de Homes non se atopan desglosados e figuran rexistrados como

*12110- Política sanitaria e xestión administrativa.* Estes convenios foron rexistrados como *93010- Axuda a refuxiados no país doador.*

### Ano 2011

a) As bolsas de formación de expertos/as foron rexistrados no ano 2010 co código *91110- Custes administrativos* e no ano 2011 co código *43010-Axuda multisectorial*. Mentres que en 2010 se asignou como destino xeográfico países en vías de desenvolvemento, non especificados, no ano 2011 desagregouse cada bolsa en función do país de destino, agás as 3 bolsas correspondentes á SDXCE que se asignaron a países en vías de desenvolvemento, non especificados. No noso caso, decidiuse rexistrar estas bolsas co código *99810- Sectores non especificados* e como país de destino España, xa que a SDXCE no seu informe anual de xestión non integra o cómputo das bolsas executadas nos países socios dentro dos desembolsos no exterior.

b) 3 dos proxectos de fortalecemento e consolidación de ONGD rexistráronse co código *99810- Sectores non especificados* xunto co convenio coa CGONGD. O resto de proxectos de fortalecemento rexistráronse co código *99820- Sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento.* Aos efectos desta avaliación intermedia, asignóuselles aos proxectos e convenios de fortalecemento o código *92010- Apoio a ONG nacionais.*

c) Os convenios da Consellería de Sanidade coas organizacións Asociación Ledicia Cativa, Solidariedade Galega co Pobo Saharauí, Asociación de Inmigrantes Senegaleses de Ourense e Terra de Homes están desglosados e figuran rexistrados como *12250 - Control enfermidades infecciosas, 12220 - Atención sanitaria básica, 12191 - Servizos médicos e 12110 - Política sanitaria e xestión administrativa.* Estes convenios foron rexistrados como *93010- Axuda a refuxiados no país doador.*

d) En relación aos proxectos de acción humanitaria, o proxecto titulado "Axuda humanitaria no Leste do Chad: acceso á auga" executado por España con ACNUR e que figuraba rexistrado como *72010- Axuda e servizos materiais de emerxencia* rexistrouse como *73010- Axuda á reconstrución e rehabilitación*. O acordo de colaboración con Farmacéuticos Mundi para actuacións de acción humanitaria e de emerxencia que non se atopaba desglosado, desagregouse nos proxectos executados en R.D.Congo, Kenya, Nicaragua e O Salvador ao abeiro deste convenio.

e) A cooperación técnica da Consellería de Traballo en colaboración co Ministerio de Traballo e Inmigración que se atopa desagregada en tres intervencións nos sectores de *11330 - Formación profesional, 16010 - Seguridade social / servizos sociais e 16020 - Política de emprego e xestión administrativa* e como destino xeográfico América, non especificados rexistrouse como *91010 - Custes administrativos* e como país de execución O Salvador.

### 10.5.5. Distribución sectorial da AOD da Xunta de Galicia

Nesta avaliación intermedia ofrécese unha panorámica da distribución sectorial da AOD galega consonte aos códigos *CRS (Creditor Reporting System)* do CAD. Ao tempo, realizouse un labor de asignación dos devanditos CRS a cada un dos sectores prioritarios definidos no *II Plan Director da Cooperación Galega*. Aos efectos do cálculo da distribución sectorial, o equipo avaliador realizou a seguinte distribución do conxunto de sectores prioritarios financiados durante o bienio 2010-2011 asignándolles os seguintes CRS:

| Código sector | Descrición sector |
|---|---|
| **Cobertura de necesidades sociais básicas** | |
| 112 | Educación básica |
| 121 | Saúde xeral |
| 122 | Saúde básica |
| 130 | Programas/políticas sobre poboación e saúde reprodutiva |
| 140 | Abastecemento de auga e saneamento |
| 160 | Outros servizos e infraestruturas sociais |
| 16040 | Vivendas de baixo custo |
| 520 | Axuda alimentaria para o desenvolvemento/Axuda á seguridade alimentaria |
| **Infraestrutura e promoción do tecido económico** | |
| 313 | Pesca |
| 311 | Agricultura |
| 321 | Industria |
| 332 | Turismo |
| 43010 | Axuda multisectorial |
| 43040 | Desenvolvemento rural |
| **Participación social, desenvolvemento institucional, bo goberno e construción da paz** | |
| 151 | Goberno e sociedade civil |
| **Acción humanitaria** | |
| 720 | Axuda de emerxencia |
| 730 | Axuda á reconstrución e rehabilitación |
| 740 | Prevención de desastres |
| **Educación para o desenvolvemento** | |
| 99820 | Sensibilización sobre problemas relacionados co desenvolvemento |
| **Investimento no ser humano** | |
| 111 | Educación, nivel non especificado |
| 11420 | Educación universitaria |
| 11330 | Formación profesional |
| **Xestión ambiental sustentable e hábitat** | |
| 312 | Silvicultura |
| 410 | Protección xeral do medio ambiente |
| **Consolidación e fortalecemento de axentes** | |
| 92010 | Apoio a ONG nacionais |
| **Sectores CAD non adscritos aos sectores anteriores** | |
| 99810 | Accións non identificadas (bolsas de formación de expertos) |
| 93010 | Axuda a refuxiados no país doador |

### 10.5.6. Criterios de cálculo e valoración e modificacións na redacción de indicadores da matriz de resultados do II Plan Director.

Aos efectos do cálculo dos indicadores de natureza cuantitativa así como da valoración dos indicadores cualitativos foi preciso suxerir modificacións na redacción dos indicadores co fin de adecualos á realidade de execución do II Plan Director e permitir o establecemento dun criterio preciso á hora da valoración do seu grao de execución. A seguir presentamos o criterio de cálculo e/ou valoración establecido pola SDXCE nos seus informes anuais de xestión así como a nova redacción dos indicadores suxerida polo equipo avaliador.

| Indicador | Criterio de cálculo/valoración | Nova redacción |
|---|---|---|
| *I.6.2.1 Como mínimo, un 20% da axuda desembolsada canalizouse mediante subvencións a programas de cooperación, incluíndo no cómputo de axuda desembolsada todo o canalizado mediante convocatorias, convenios, Acción Humanitaria e capítulo VI* | Integráronse no cálculo os desembolsos a través de intervencións con marcos de planificación plurianual: programas de cooperación no exterior de ONGD, Iniciativas de Desenvolvemento Integral en Guatemala e República Dominicana e mais o PROFOPAC. | I.6.2.1 Como mínimo, un 20% da axuda desembolsada **no exterior** canalizouse mediante subvencións **a intervencións con marcos de planificación plurianual**, incluíndo no cómputo de axuda desembolsada todo o canalizado mediante convocatorias, convenios, Acción Humanitaria e capítulo VI |
| *I.6.2.2 Incrementouse como mínimo nun 25% o desembolso medio por proxecto respecto ao período 2006-2009, considerando de forma agregada todos os proxectos subvencionados mediante convocatorias a todos os axentes* | Para o cálculo do promedio tivéronse en conta as resolucións de convocatorias do bienio 2010-2011 e non os desembolsos efectivos nas anualidades cor-respondentes. | I.6.2.2 Incrementouse como mínimo nun 25% o **financiamento** medio por proxecto respecto ao período 2006-2009, considerando de forma agregada todos os proxectos subvencionados mediante convocatorias a todos os axentes |
| *I.8.3.5 Estableceuse un sistema de avaliación por pares para valorar as propostas de programas de cooperación* | Este indicador entendeuse como un sistema de avaliación por pares para valorar as propostas presentadas a financiamento nas convocatorias de axudas. | I.8.3.5 Estableceuse un sistema de avaliación por pares para valorar as propostas **presentadas ás convocatorias de axudas**. |
| *I.11.2.4 Como mínimo, un 6% da AOD desembolsada canalizouse a través de propostas conxuntas subvencionadas aos axentes de cooperación, que cumpren co espírito da complementariedade de actores que se expresa no II Plan director* | Aos efectos do cálculo deste indicador entendeuse esta porcentaxe relativa á axuda desembolsada a través de convocatorias. | I.11.2.4 Como mínimo, un 6% da axuda desembolsada **a través de convocatorias** canalizouse a través de propostas conxuntas subvencionadas aos axentes de cooperación, que cumpren co espírito da complementariedade de actores que se expresa no II Plan director |
| *I.12.1.2 Polo menos un 30% dos fondos para actividades de formación destinándose a accións focalizadas fóra do ámbito da educación formal* | O cálculo deste indicador realizouse sobre as actividades de formación financiadas a través da convocatoria de educación para o desenvolvemento e fortalecemento e consolidación de axentes. | I.12.1.2 Polo menos un 30% dos fondos para actividades de **formación financiados a través da convocatoria de educación para o desenvolvemento e consolidación e fortalecemento de ONGD** destinándose a accións focalizadas fóra do ámbito da educación formal |
| *I.13.1.1 Continuouse co apoio aos programas de formación superior en colaboración cos países do Sur* | O cálculo deste indicador centrouse nas intervencións clasificadas dentro do código 114 de educación post-secundaria. | I.13.1.1 Continuouse co apoio aos programas de formación **e educación** superior en colaboración cos países do Sur. |

## 10.6. Listaxe de mapas, figuras, cadros e gráficos

### Mapas


**Mapa 1:** Países prioritarios do II Plan Director da Cooperación Galega 2010-201
**Mapa 2:** Principais países receptores da AOD da Xunta de Galicia por número de intervencións financiadas, 2010-2011
**Mapa 3:** Principais áreas xeográficas receptoras de AOD da Xunta de Galicia, 2010-201
**Mapa 4:** Países receptores da AOD da Xunta de Galicia por nivel de renda, 2010-201


### Figuras


**Figura 1***:* Esquema da planificación estratéxica do II Plan Director da Cooperación Galega
**Figura 2***:* Lóxica de intervención do II Plan Director da Cooperación Galega
**Figura 3:** Evolución das convocatorias públicas da cooperación da Xunta de Galicia por ano de creación do instrumento, 1994-2010
**Figura 4:** Concentración dos proxectos en agrupación por desembolso por entidade e por número de proxectos, 2010-2011
**Figura 5:** Mapa de relacións entre as entidades agrupadas, 2010-2011
**Figura 6:** Procesos de coordinación horizontal e vertical da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE


### Cadros


**Cadro 1:** Opcións metodolóxicas da avaliación
**Cadro 2:** Actores participantes nos diferentes instrumentos
**Cadro 3:** Evolución da AOD das Comunidades Autónomas por volume de fondos e posición relativa e global e variación interanual, 2010-2011 (millóns de euros)
**Cadro 4:** Esforzo inversor das Comunidades Autónomas, 2010-2011
**Cadro 5**: Evolución da AOD da Xunta de Galicia, 2006-2011
**Cadro 6:** Esforzo inversor en AOD da Xunta de Galicia, 2010-2011
**Cadro 7:** Marco lexislativo, estratéxico e instrumental da cooperación galega para o desenvolvemento: Previsións e indicadores orzamentarios
**Cadro 8:** Distribución do orzamento previsto e executado en cooperación ao desenvolvemento da Xunta de Galicia, 2010-2011 (euros)
**Cadro 9:** Distribución do orzamento previsto e executado da Xunta de Galicia, 2010-2011 (euros)
**Cadro 10**: Distribución agregada do gasto por tipo de actividade e instrumento, 2010-2011 (euros)
**Cadro 11**: Distribución da AOD da Xunta de Galicia desembolsada no exterior por grupo de país receptor, 2010-2011
**Cadro 12**: Distribución da AOD da Xunta de Galicia desembolsada no exterior por grupo de país receptor, só convocatorias e convenios do bienio 2010-2011
**Cadro 13**: Clasificación dos países receptores da AOD galega por volume de axuda desembolsada total no bienio 2010-2011 e por volume de axuda desembolsada por convenios e convocatorias dos anos 2010-2011 (euros)
**Cadro 14**: Listaxe de países receptores da AOD da Xunta de Galicia por área xeográfica, nivel de renda, volume de recursos desembolsados, porcentaxe sobre o total de AOD no exterior, número de proxectos por país e promedio de AOD desembolsada por proxecto e país, 2010-2011 (euros)
**Cadro 15**: Listaxe de países receptores da AOD da Xunta de Galicia por área xeográfica, nivel de renda, volume de recursos desembolsados, porcentaxe sobre o total de AOD no exterior, número de proxectos por país e promedio de AOD desembolsada por proxecto e país, só convenios e convocatorias 2010-2011 (euros)
**Cadro 16**: Distribución da AOD da Xunta de Galicia desembolsada no exterior por área xeográfica, 2010-2011
**Cadro 17**: Distribución da AOD da Xunta de Galicia desembolsada no exterior por área xeográfica, só convocatorias e convenios 2010-2011
**Cadro 18**: Evolución da AOD da Xunta de Galicia desembolsada no exterior por nivel de renda do país, 2010-2011
**Cadro 19** Evolución da AOD da Xunta de Galicia desembolsada no exterior por nivel de renda do país, só convocatorias e convenios 2010-2011
**Cadro 20**: Distribución sectorial da AOD da Xunta de Galicia, 2010-2011
**Cadro 21**: Distribución sectorial da AOD da DXRREE e UE, só convocatorias e convenios 2010-2011
**Cadro 22**: Distribución sectorial da AOD da Xunta de Galicia por sectores CAD e peso relativo, 2010-2011 (euros)
**Cadro 23**: Distribución sectorial da AOD da Xunta de Galicia por sectores CAD e códigos CRS e peso relativo, 2010-2011 (euros)
**Cadro 24**: Distribución sectorial da AOD bruta distribuíble da Xunta de Galicia cara á cobertura de servizos sociais básicos por volume e peso relativo, 2010-2011 (euros)
**Cadro 25**: Distribución sectorial da AOD bruta distribuíble da DXRREE e UE cara á cobertura de servizos sociais básicos por volume e peso relativo, só convocatorias e convenios 2010-2011 (euros)
**Cadro 26:** Convocatorias públicas de subvencións e axudas a cooperación ao desenvolvemento da Xunta de Galicia, 2010
**Cadro 27:** Convocatorias públicas de subvencións e axudas a cooperación ao desenvolvemento da Xunta de Galicia, 2011
**Cadro 28:** Instrumentos de canalización da AOD da Xunta de Galicia, 2010-2011 (euros)
**Cadro 29:** Instrumentos de canalización da AOD da DXRREE e coa UE, 2010-2011 (euros)
**Cadro 30:** Instrumentos de canalización da AOD da DXRREE e UE, só convocatoria e convenios 2010-2011 (euros)
**Cadro 31:** Instrumentos de canalización da AOD da Xunta de Galicia por número de proxectos e promedio de desembolso anual por instrumento, 2010-2011 (euros)
**Cadro 32:** Instrumentos de canalización da AOD da DXRREE e UE por número de proxectos e promedio de desembolso anual por instrumento, só convocatorias e convenios 2010-2011 (euros)
**Cadro 33:** Promedio de desembolso anual por convocatoria da DXRREE e UE, 2010-2011
**Cadro 34:** Cantidade máxima subvencionable, porcentaxe máxima sobre total do proxecto e porcentaxes das anualidades das axudas nos proxectos plurianuais, 2010-2012
**Cadro 35:** Vía de canalización da AOD desembolsada da Xunta de Galicia, 2010-2011 (euros)
**Cadro 36:** Clasificación de entidades canalizadoras da AOD da Xunta de Galicia e da DXRREE e UE por volume e porcentaxe, 2010-2011 (euros)

**Cadro 37:** Agrupacións de entidades por volume, instrumento e convocatoria, 2010-2011
**Cadro 38:** Agrupacións de entidades por convocatoria, proxectos, volume e porcentaxe, 2010-2011
**Cadro 39:** Proxectos en agrupación por volume total, entidade, número de proxectos e convocatoria e liderado, 2010-2011
**Cadro 40:** Os principios transversais da cooperación galega nas convocatorias de proxectos no exterior e formularios, 2010-2012
**Cadro 41:** Recursos humanos da cooperación galega (Subdirección Xeral de Cooperación Exterior e Fundación Axencia Humanitaria de Galicia, 2010-2011
**Cadro 42:** Destinos das persoas beneficiarias das bolsas de formación de expertos/as, 2010-2011
**Cadro 43:** Contratos menores de servizo da SDXCE, 2010-2011
**Cadro 44:** Avaliacións da cooperación galega, 2010-2011
**Cadro 45:** Requisitos das ONGD solicitantes na convocatoria de microproxectos, 2010-2012
**Cadro 46:** Entidades solicitantes das convocatorias de axudas e subvencións e requisitos específicos temáticos, 2010-2012
**Cadro 47:** Modificacións das bases das convocatorias de axudas e subvencións, 2010-2011
**Cadro 48:** Gastos subvencionables en recursos humanos, 2010-2012
**Cadro 49:** Actividades de sensibilización con outros departamentos da Xunta de Galicia, 2010-2011
**Cadro 50:** Actividades de formación e capacitación, 2010-2011
**Cadro 51:** ONGD receptoras de fondos da convocatoria de fortalecemento e consolidación de ONGD, 2010-2011
**Cadro 52:** Actividades de formación financiadas na convocatoria de educación para o desenvolvemento e fortalecemento, 2010-2011
**Cadro 53:** Actividades de formación financiadas na convocatoria de educación para o desenvolvemento e fortalecemento, 2010-2011
**Cadro 54:** Distribución de proxectos de educación para o desenvolvemento por dimensións e número de proxectos, convocatorias 2010-2011

## *Gráficos*

**Gráfico 1:** Evolución da AOD total española, AOD da Administración Xeral do Estado e AOD das Comunidades Autónomas por volume de fondos, 2006-2011 (milleiros de euros)
**Gráfico 2:** Evolución da AOD das Comunidades Autónomas por volume de fondos, 2006-2011 (milleiros de euros)
**Gráfico 3:** Evolución da AOD das Comunidades Autónomas por volume de fondos, 2006-2011 (millóns de euros
**Gráfico 4:** Evolución da AOD das Comunidades Autónomas por volume de fondos, 2010-2011 (millóns de euros)
**Gráfico 5:** Evolución da AOD das principais Comunidades Autónomas e Xunta de Galicia por volume de fondos, 2006-2011 (millóns de euros)
**Gráfico 6:** Peso relativo en porcentaxe da AOD das CCAA sobre a AOD española e da AOD da Xunta de Galicia sobre a AOD das CCAA e a AOD española, 2010-2011
**Gráfico 7:** Evolución da AOD da Xunta de Galicia, 2006-2011
**Gráfico 8:** Fenda de financiamento do II Plan Director da Cooperación Galega, 2010-2011
**Gráfico 9**: Distribución agregada do gasto por tipo de actividade e instrumento, 2010-2011
**Gráfico 10**: Distribución da AOD da Xunta de Galicia desembolsada no exterior por grupo de país receptor, 2010-2011
**Gráfico 11**: Distribución da AOD da Xunta de Galicia desembolsada no exterior por grupo de país receptor, só convocatorias e convenios do bienio 2010-2011
**Gráfico 12**: Distribución da AOD da Xunta de Galicia desembolsada no exterior por área xeográfica en porcentaxe, 2010-2011
**Gráfico 13**: Distribución da AOD da Xunta de Galicia desembolsada no exterior por área xeográfica en porcentaxe, convocatorias e convenios 2010-2011
**Gráfico 14**: Distribución da AOD da Xunta de Galicia desembolsada no exterior por nivel de renda, 2010-2011
**Gráfico 15**: Distribución da AOD da Xunta de Galicia desembolsada no exterior por nivel de renda, só convocatorias e convenios 2010-2011
**Gráfico 16**: Distribución sectorial da AOD da Xunta de Galicia en porcentaxe, 2010-2011
**Gráfico 17**: Distribución sectorial da AOD da DXRREE e UE en porcentaxe, só convocatorias e convenios 2010-2011
**Gráfico 18:** Clasificación dos principais sectores CAD da AOD da Xunta de Galicia en porcentaxe, 2010-2011
**Gráfico 19:** Clasificación dos principais sectores CAD da AOD da DXRREE e UE en porcentaxe, só convocatorias e convenios 2010-2011
**Gráfico 20:** Estado de execución dos indicadores do II Plan Director da Cooperación Galega por ámbitos de actuación, 2010-2011
**Gráfico 21:** Grao de execución total en porcentaxe dos indicadores do II Plan Director da Cooperación Galega por ámbitos de actuación, 2010-2011